



DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

Número 46

VII lexislatura

Serie Pleno

Sesión plenaria 21 de xuño de 2006

Presidencia da Excm. Sra. D.^a Dolores Villarino Santiago

ORDE DO DÍA

(Continuación.)

(Versión electrónica en www.parlamentodegalicia.es)

3. Comparecencias en Pleno

3.4. 07/CPP-0103 (7224)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Do Sr. conselleiro de Traballo, para informar sobre as medidas postas en marcha pola Consellería de Traballo ante os altos índices de sinistralidade laboral

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 137, do 11.05.2006

4. Mocións

4.1. 07/MOC-0029 (9377)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodríguez Miranda, Antonio

Sobre a situación dos funcionarios cesados en postos de libre designación aos que aínda non se lles asignou un posto de traballo (Moción, a consecuencia da Interpelación núm. 8189, publi-

cada no BOPG núm. 147, do 26.05.2006, e debatida no Pleno do 6.6.2006)

4.2. 07/MOC-0030 (9465)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Balseiro Orol, José Manuel

Sobre a autorización aos non profesionais para capturar ourizos de mar determinados días na Mariña luguesa e Ortegal. (Moción, a consecuencia da Interpelación nº 3543, publicada no BOPG nº 111, do 31.03.2006 e debatida no Pleno do 6.6.2006)

5. Proposicións non de lei ante o Pleno

5.1. 07/PNP-0047 (1434)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Blanco Parga, Carlos Fernando

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego respecto do barrio de Recimil, de Ferrol

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 51, do 23.11.2005

5.2. 07/PNP-0048 (1437)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Sestayo Doce, Beatriz

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego respecto do barrio de Recimil, de Ferrol

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 51, do 23.11.2005

5.3. 07/PNP-0104 (3574)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Sobre a constitución e o funcionamento da Comisión non Permanente para o Seguimento e Avaliación do Plan Galicia e do Plan de dinamización económica de Galicia

Publicación iniciativa vía urxencia, BOPG núm. 106, do 23.03.2006

5.4. 07/PNP-0146 (7776)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Núñez Feijóo, Alberto e 2 deputados máis

Sobre a modificación do Real decreto 1612/2005, do 30 de decembro, o restablecemento do sistema de cálculo das pensións non contributivas para os españois residentes no exterior e a xeración de efectos económicos das solicitudes a partir da data da súa presentación

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 145, do 23.05.2006

6. Interpelacións

6.1. 07/INT-0064 (6829)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Bernardo Tahoces, Ángel

Sobre os socios fundadores e as súas achegas ao capital fundacional do metadistrito vigués, as actividades que vai levar a cabo esta fundación e a súa compatibilización e coordinación coa Axencia de Desenvolvemento Industrial

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 137, do 11.05.2006

6.2. 07/INT-0069 (8816)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Castro García, Roberto e 3 deputados máis

Sobre o atraso no pagamento aos agricultores e gandeiros das axudas correspondentes á PAC e as súas causas, as accións levadas a cabo para resolver este problema e os datos ao respecto

Publicación iniciativa carácter urxencia, BOPG núm. 151, do 02.06.2006

7. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta de Galicia

7.1. 07/POPX-0058 (9479)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Aymerich Cano, Carlos Ignacio

Sobre as modificacións previstas para garantir o exercicio do dereito a voto dos emigrantes e mariñeiros galegos

7.2. 07/POPX-0059 (9499)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Núñez Feijóo, Alberto

Sobre o balance do Sr. presidente da Xunta de Galicia respecto da política de vivenda que está a aplicar o Goberno galego

7.3. 07/POPX-0060 (9500)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rego González, Ismael

Sobre a valoración do Sr. presidente da Xunta de Galicia respecto do referendun da reforma do Estatuto de Cataluña

8. Preguntas orais ante o Pleno

8.1. 07/POP-0219 (9083)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodríguez Miranda, Antonio e 3 deputados máis

Sobre as causas do despedimento dos traballadores responsables dos centros comarcais da Xunta de Galicia

Publicación iniciativa vía urxencia, BOPG núm. 155, do 07.06.2006

8.2. 07/POP-0222 (9206)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Riobó Dios, María Modesta

Sobre o protocolo de colaboración para o desenvolvemento da Lei de dependencia asinado entre o Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais e o vicepresidente da Xunta de Galicia

8.3. 07/POP-0224 (9498)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Losada Álvarez, Abel Fermín

Sobre os resultados previstos polo Goberno galego da posta en funcionamento do Xurado de Expropiación de Galicia

8.4. 07/POP-0209 (8185)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pose Mesura, Modesto

Sobre as medidas previstas pola Consellería de Sanidade para corrixir o gasto sanitario aproveitando a capacidade de compra corporativa do Sergas

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 151, do 02.06.2006

8.5. 07/POP-0212 (8318)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Lobeira Domínguez, Bieito e Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre a funcionalidade da rede galega de escolas infantís -galescolas- no proceso de normalización lingüística

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 151, do 02.06.2006

8.6. 07/POP-0213 (8343)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Barreiro Fernández, José Manuel e 3 deputados máis

Sobre a forma prevista polo Goberno galego para primar na contratación de obra pública as empresas constructoras que empre-

guen mulleres e o número de consellarías ás que lles vai afectar este feito

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 151, do 02.06.2006

8.7. 07/POP-0216 (8520)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Acuña do Campo, María del Carmen

Sobre as previsións da Consellería de Sanidade para a área sanitaria de Valdeorras

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 155, do 07.06.2006

8.8. 07/POP-0217 (8815)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Castro García, Roberto e 4 deputados máis

Sobre o criterio do Sr. vicepresidente da Igualdade e do Benestar respecto da concordancia das súas actuacións coa normativa legal vixente en materia de protección do menor

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 155, do 07.06.2006

Reiníciase a sesión ás dez e dous minutos da mañá.

Pregunta dirixida ó Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Carlos Aymerich Cano, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as modificacións previstas para garantir o exercicio do dereito a voto dos emigrantes e mariñeiros galegos. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Aymerich Cano (BNG)*. (Páx. 10.)

Contestación do presidente da Xunta: *Sr. Pérez Touriño*. (Páx. 10.)

Réplica do autor: *Sr. Aymerich Cano (BNG)*. (Páx. 11.)

Réplica do presidente da Xunta: *Sr. Pérez Touriño*. (Páx. 12.)

Pregunta dirixida ó Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Alberto Núñez Feijoo, do G.P. Popular de Galicia, sobre o balance do Sr. presidente da Xunta de Galicia respecto da política de vivenda que está a aplicar o Goberno galego. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Núñez Feijoo (P)*. (Páx. 12.)

Contestación do presidente da Xunta: *Sr. Pérez Touriño*. (Páx. 13.)

Réplica do autor: *Sr. Núñez Feijoo (P)*. (Páx. 14.)

Réplica do presidente da Xunta: *Sr. Pérez Touriño*. (Páx. 15.)

Pregunta dirixida ó Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Ismael Rego González, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre a valoración do Sr. presidente da Xunta de Galicia respecto do referendun da reforma do Estatuto de Cataluña. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Rego González (S)*. (Páx. 16.)

Contestación do presidente da Xunta: *Sr. Pérez Touriño*. (Páx. 17.)

Réplica do autor: *Sr. Rego González (S)*. (Páx. 18.)

Réplica do presidente da Xunta: *Sr. Pérez Touriño*. (Páx. 18.)

Comparecencia do Sr. conselleiro de Traballo, solicitada polo G.P. Popular de Galicia, para informar sobre as medidas postas en marcha pola Consellería de Traballo ante os altos índices de sinistralidade laboral. (Punto terceiro da orde do día.)

Intervención do Goberno: *Sr. conselleiro de Traballo*. (Páx. 19.)

Rolda dos grupos parlamentarios: *Sra. López Abella (P)* (Páx. 24.), *Sr. Blanco Parga (BNG)* (Páx. 26.) e *Sra. Pérez Herraiz (S)* (Páx. 28.)

A señora presidenta abre unha rolda de réplica dos grupos parlamentarios, con dúplica do Goberno. (Páx. 33.) Nesta rolda interveñen a señora López Abella (P) (Páx. 33.), o señor Blanco Parga (BNG) (Páx. 35.), a señora Pérez Herraiz (S) (Páx. 36.) e o señor conselleiro de Traballo. (Páx. 36.)

Moción do G.P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Antonio Rodríguez Miranda, sobre a situación dos funcionarios cesados en postos de libre designación aos que aínda non se lles asignou un posto de traballo. (Punto cuarto da orde do día.)

A señora presidenta comunica que a esta moción non se lle presentaron emendas. (Páx. 38.)

Intervención do autor: *Sr. Rodríguez Miranda (P).* (Páx. 38.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *Sr. González Mariñas (BNG)* (Páx. 40.), *Sra. Sestayo Doce (S)*. (Páx. 42.)

Rolda de peche: *Sr. Rodríguez Miranda (P).* (Páx. 44.)

Moción do G.P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. José Manuel Balseiro Orol, sobre a autorización aos non profesionais para capturar ourizos de mar determinados días na Mariña Luguesa e en Ortegal. (Punto cuarto da orde do día.)

A señora presidenta comunica que a esta moción non se lle presentaron emendas. (Páx. 45.)

Intervención da autora: *Sra. Mato Otero (P).* (Páx. 45.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *Sr. Lobeira Domínguez (BNG)* (Páx. 47.), *Sr. Lage Tuñas (S)*. (Páx. 49.)

Rolda de peche: *Sra. Mato Otero (P).* (Páx. 50.)

A señora presidenta anuncia que se vai proceder á votación das mocións debatidas. (Páx. 51.)

Votación da primeira moción debatida, documento 9377: *rexeitada por 35 votos a favor, 38 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 51.)

Votación da segunda moción debatida, documento 9465: *rexeitada por 35 votos a favor, 38 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 52.)

Proposición non de lei do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Fernando Carlos Blanco Parga, sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego respecto do barrio de Recimil, de Ferrol. (Punto quinto da orde do día.)

Proposición non de lei do G.P. Dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Beatriz Sestayo Doce, sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego respecto do barrio de Recimil, de Ferrol. (Punto quinto da orde do día.)

A señora presidenta comunica que o G.P. do Bloque Nacionalista Galego presentou unha emenda á proposición non de lei do G.P. dos Socialistas de Galicia. (Páx. 52.)

Intervención dos autores: *Sr. Blanco Parga (BNG)* (Páx. 52.) e *señora Sestayo Doce (S)*. (Páx. 54.)

Intervención do grupo parlamentario non emendante: *Sra. Cerdido Pintos (P).* (Páx. 56.)

Na rolda de peche interveñen o señor Blanco Parga (BNG) (Páx. 58.) e *a señora Sestayo Doce (S)* (Páx. 59.), *quen tamén se posiciona sobre a emenda presentada polo BNG.*

A señora presidenta suspende a sesión co fin de que os grupos cheguen a unha transacción. (Páx. 60.)

Suspéndese a sesión.

Retómase a sesión.

A señora Sestayo Doce (S) le o texto transaccionado. (Páx. 60.)

Modificación da orde do día

A señora presidenta informa dunha modificación na orde do día durante a sesión da tarde. A interpelación do G.P. Popular sobre o atraso no pagamento aos agricultores e gandeiros, e a pregunta de D. Antonio Rodríguez Miranda, sobre as causas do despedimento de traballadores dos centros comarcais da Xunta de Galicia, ambas as dúas dirixidas ao conselleiro do Medio Rural, substanciaranse ao finalizar o trámite das preguntas orais ao Goberno debido a problemas insalvables de axenda do señor conselleiro.

Anuncia, así mesmo, que se suspende a sesión e que esta se retomará ás catro e media da tarde. (Páx. 61.)

Suspéndese a sesión ás dúas e vinte minutos da tarde e retómase ás catro e trinta e catro minutos.

Proposición non de lei do G.P. Popular de Galicia sobre a constitución e o funcionamento da Comisión non Permanente para o Seguimento e a Avaliación do Plan Galicia e do Plan de dinamización económica de Galicia. (Punto quinto da orde do día.)

A señora presidenta anuncia que a esta proposición non de lei non se lle presentaron emendas. (Páx. 61.)

Intervención do autor: Sr. Negreira Souto (P). (Páx. 61.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: Sra. Da Silva Méndez (BNG) (Páx. 63.) e Sr. Losada Álvarez (S). (Páx. 65.)

O señor Negreira Souto (P) intervéñ para a rolda de peche. (Páx. 67.)

Proposición non de lei do G.P. Popular de Galicia, sobre a modificación do Real decreto 1612/2005, do 30 de decembro, o restablecemento do sistema de cálculo das pensións non contributivas para os españois residentes no exterior e a xeración de efectos económicos das solicitudes a partir da data da súa presentación. (Punto quinto da orde do día.)

A señora presidenta anuncia que o G.P. dos Socialistas de Galicia e o G.P. do Bloque Nacionalista Galego presentaron unha emenda conxunta a esta proposición non de lei. (Páx. 68.)

Intervención do autor: Sr. Castelao Bragaña (P). (Páx. 68.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: Sr. Tabarés Pérez-Piñeiro (BNG) (Páx. 71.) e Sra. Soneira Tajés (S). (Páx. 72.)

O señor Castelao Bragaña (P) intervéñ para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 74.)

A señora presidenta suspende a sesión co fin de que os grupos cheguen a un acordo. (Páx. 76.)

Suspéndese a sesión.

Retómase a sesión.

O señor Castelao Bragaña (P) informa de que non houbo acordo. (Páx. 76.)

A señora presidenta anuncia que se van votar as proposicións non de lei debatidas. (Páx. 76.)

Votación do texto transaccionado da primeira proposición non de lei debatida, formulada polo G.P. dos Socialistas de Galicia: *aprobado por 72 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención. (Páx. 76.)*

Votación do texto orixinal publicado da segunda proposición non de lei debatida, formulada polo G.P. Popular de Galicia: *rexeitado por 34 votos a favor e 38 en contra. (Páx. 76.)*

Votación do texto orixinal publicado da terceira proposición non de lei debatida, formulada polo G.P. Popular de Galicia: *rexeitado por 34 votos a favor e 38 en contra. (Páx. 76.)*

Interpelación do G.P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Ángel Bernardo Tahoces, sobre os socios fundadores e as súas achegas ao capital fundacional do metadristrito vigués, as actividades que vai levar a cabo esta fundación e a súa compatibilización e coordinación coa Axencia de Desenvolvemento Industrial. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Bernardo Tahoces (P). (Páx. 77.)*

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía e Facenda. (Páx. 78.)*

Rolda dos grupos parlamentarios para fixar posicións: *Sra. Vega Buxán (BNG) (Páx. 80.) e Sr. Fernández Leiceaga (S). (Páx. 81.)*

Réplica do autor: *Sr. Bernardo Tahoces (P). (Páx. 83.)*

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía e Facenda. (Páx. 84.)*

Alteración da orde do día

A señora presidenta anuncia que a continuación se debaterán as preguntas, e que, se non hai inconveniente, se debaterán de xeito continuado as tres dirixidas ao vicepresidente da Xunta. (Páx. 85.) A Cámara amosa o seu asentimento.

Pregunta de D^a Modesta Riobó Dios, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre o protocolo de colaboración para o desenvolvemento da Lei de dependencia asinado entre o Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais e o Vicepresidente da Xunta de Galicia. (Punto oitavo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Riobó Dios (BNG). (Páx. 85.)*

Contestación da Xunta: *Sr. vicepresidente da Igualdade e do Benestar. (Páx. 86.)*

Réplica da autora: *Sra. Riobó Dios (BNG). (Páx. 86.)*

Réplica da Xunta: *Sr. vicepresidente da Igualdade e do Benestar. (Páx. 87.)*

Pregunta de D. Bieito Lobeira Domínguez e D^a Ana Belén Pontón Mondelo, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a funcionalidade da Rede Galega de Escolas Infantís –galescolas– no proceso de normalización lingüística. (Punto oitavo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Lobeira Domínguez (BNG)*. (Páx. 87.)

Contestación da Xunta: *Sr. vicepresidente da Igualdade e do Benestar*. (Páx. 88.)

Réplica do autor: *Sr. Lobeira Domínguez (BNG)*. (Páx. 89.)

Réplica da Xunta: *Sr. vicepresidente da Igualdade e do Benestar*. (Páx. 89.)

Pregunta de D. Roberto Castro García e catro deputados máis, do G.P. Popular de Galicia, sobre o criterio do Sr. vicepresidente da Igualdade e do Benestar respecto da concordancia das súas actuacións coa normativa legal vixente en materia de protección do menor. (Punto oitavo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Castro García (P)*. (Páx. 90.)

Contestación da Xunta: *Sr. vicepresidente da Igualdade e do Benestar*. (Páx. 99.)

Réplica do autor: *Sr. Castro García (P)*. (Páx. 91.)

Réplica da Xunta: *Sr. vicepresidente da Igualdade e do Benestar*. (Páx. 91.)

Pregunta de D. Abel Fermín Losada Álvarez, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre os resultados previstos polo Goberno galego da posta en funcionamento do Xurado de Expropiación de Galicia. (Punto oitavo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Losada Álvarez (S)*. (Páx. 92.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes*. (Páx. 93.)

Réplica do autor: *Sr. Losada Álvarez (S)*. (Páx. 93.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes*. (Páx. 93.)

Pregunta de D. Modesto Pose Mesura, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre as medidas previstas pola Consellería de Sanidade para corrixir o gasto sanitario aproveitando a capacidade de compra corporativa do Sergas. (Punto oitavo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Pose Mesura (S)*. (Páx. 95.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Sanidade*. (Páx. 95.)

Réplica do autor: *Sr. Pose Mesura (S)*. (Páx. 96.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Sanidade*. (Páx. 96.)

Pregunta de D^a María del Carmen Acuña do Campo, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre as previsións da Consellería de Sanidade para a área sanitaria de Valdeorras. (Punto oitavo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Acuña do Campo (S)*. (Páx. 97.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Sanidade*. (Páx. 98.)

Réplica da autora: *Sra. Acuña do Campo (S)*. (Páx. 98.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Sanidade*. (Páx. 99.)

Pregunta de D. Antonio Rodríguez Miranda e tres deputados máis, do G.P. Popular de Galicia, sobre as causas do despedimento dos traballadores responsables dos centros comarcais da Xunta de Galicia. (Punto oitavo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Rodríguez Miranda (P)*. (Páx. 99.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro do Medio Rural*. (Páx. 100.)

Réplica do autor: *Sr. Rodríguez Miranda (P)*. (Páx. 101.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro do Medio Rural*. (Páx. 101.)

Interpelación de D Roberto Castro García e tres deputados máis, do G.P. Popular de Galicia, sobre o atraso no pagamento aos agricultores e gandeiros das axudas correspondentes á PAC e as súas causas, as accións levadas a cabo para resolver este problema e os datos ao respecto. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Castro García (P)*. (Páx. 102.)

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro do Medio Rural*. (Páx. 103.)

Rolda dos grupos parlamentarios para fixar posicións: *Sra. Paz Franco (BNG)* (Páx. 105.) e *Sra. Soneira Tajés (S)*. (Páx. 106.)

Réplica do autor: *Sr. Castro García (P)*. (Páx. 106.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro do Medio Rural*. (Páx. 107.)

Remata a sesión ás oito e corenta e cinco minutos da tarde.

Reiniciase a sesión ás dez e dous minutos da mañá.

A señora PRESIDENTA: Bos días, señoras deputadas e señores deputados.

Reiniciamos a sesión plenaria co punto sete da orde do día, de preguntas para resposta oral do presidente da Xunta de Galicia.

Pregunta dirixida ao Sr. presidente da Xunta de Galicia, de D. Carlos Aymerich Cano, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as modificacións previstas para garantir o exercicio do dereito a voto dos emigrantes e mariñeiros galegos

A señora PRESIDENTA: Para formular a pregunta, ten a palabra o señor Aymerich Cano.

O señor AYMERICH CANO: Moitas grazas, señora presidenta.

Señor presidente, hai un ano, o 21 de xuño de 2005, os galegos aínda non coñeciamos o resultado das eleccións celebradas dous días antes. Aínda houbemos de agardar unha semana máis, até o día 28, para cerciorármolos de que o señor Manel Gallego ía sentar neste hemiciclo e que con el íamos ter tamén un novo goberno que agora está sentado no banco azul. Mais, aínda que penso que isto é agora o que interesa, hai un ano tamén moitos galegos e galegas se decataron, descubriron, atónitos, que mentres un traballador galego en Fuerteventura non ten dereito a votar en Galiza, o neto dun emigrado a Buenos Aires si o ten, e afortunadamente. O problema é que moita xente vota en lugar deste emigrado galego a Buenos Aires. Normalmente non é el quen vota persoalmente.

A prensa galega deu conta naqueles días de xuño da mecánica da fraude. Axentes electorais, cunha copia do censo na man –que, por certo, aínda está a espera de ser depurado– van ao domicilio do elector, recollen a documentación enviada de oficio pola administración electoral e, indo á oficina de correos máis próxima, votan por el. Hai outra versión, aquela na que o Partido Popular inserta un anuncio na empresa que di: “*Gallego del Uruguay ven a votar a la sede del Partido Popular*”; é dicir, que alí quedan os votos. O que pase despois con eles cada un que o imaxine.

Hoxe, un ano despois, descubrimos ademais que en materia electoral a calidade democrática do Estado español é inferior á de Perú, e só me refiro á materia electoral. Hai só quince días todos puidemos ver como os cidadáns de Perú residentes no Estado español votaban en colexios electorais, emitían o seu voto nunha urna con apoderados e interventores designados polas diferentes candidaturas.

E se falamos do voto dos mariñeiros, embarcados en buques de altura –case 10.000 do noso país–, o problema, desde logo, segue sen resolver. Aquí parece que son os Estados Unidos os que nos dan leccións en materia electoral. Alí, nos Estados Unidos, votan até os astronautas, por non falar xa dos militares destacados en Iraq ou en Afganistán. No Estado español os máis de 10.000 mariñeiros galegos da frota de altura non teñen dereito a votar, e fóra de experimentos piloto como o do Novo Laredo –experimentos piloto que logo non teñen ningunha validez–, seguen á espera de ser cumpridas iniciativas aprobadas, por exemplo, a instancias do Bloque Nacionalista Galego no Congreso dos Deputados no ano 2001. Seguimos esperando a que se reforme a Lei orgánica do réxime electoral xeral para que os mariñeiros poidan votar –pensamos que no ano 2006 xa non valen excusas de tipo técnico– e, desde logo, para que os emigrantes galegos poidan tamén votar en condicións de seguridade, de segredo de voto e de liberdade, cuestión que aínda hoxe a Lei orgánica do réxime electoral xeral non garante. Por iso, a pregunta é: ¿que medidas se van adoptar? ¿Que medidas pensa vostede que vai adoptar o Goberno español para que os mariñeiros e os emigrantes galegos poidan votar con seguridade e con liberdade nos próximos procesos electorais?

Moitas grazas.

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Aymerich.

Ten a palabra o señor presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Pérez Touriño): Grazas, presidenta.

Señoría, sen dúbida, as dúas cuestións que trae hoxe aquí teñen unha especial transcendencia para Galicia, afectan ao exercicio dos dereitos cívicos de dous colectivos que teñen un

singular significado: os galegos da emigración e os galegos do mar. En ambos aspectos o Goberno galego conxuntamente coa Administración Central está dando pasos para mellorar de xeito substancial a situación actualmente existente.

Concordo con vostede nas limitacións actuais e na necesidade inequívoca e imperiosa de cambiar o marco regulatorio que permita solucionar ambos os dous problemas. Sen dúbida, todos temos gravado o recordatorio que vostede acaba de facer do último evento electoral e todo o que aconteceu en relación coa participación e o voto dos emigrantes. Iso ten unha resposta inequívoca que se chama voto en urna, que é como se vota en democracia de maneira regular en todo caso.

Neste senso, quero dicirlle, en primeiro lugar, que sobre o marco en que se desenvolveran as accións que tanto o Goberno central como o Goberno galego deben levar a cabo para garantir plenamente a igualdade de dereitos e de deberes dos nosos emigrantes entendo que é o Estatuto dos Cidadáns Españois –polo tanto, galegos–, no Exterior, que actualmente está en fase de tramitación no Congreso dos Deputados con carácter de lei, o que dará a resposta da Administración pública ás demandas dos galegos e dos españois residentes no exterior, recollendo por primeira vez no anteproxecto de lei que está en tramitación os seus dereitos nunha norma, como digo, con ese carácter, comezando, en primeiro lugar, polo dereito a voto en urna, recollido no artigo 4.5 do Estatuto, no que se establece que se promoverán todas as medidas legais tendentes a homoxeneizar os procedementos electorais dos electores residentes ausentes e que se habilitarán os medios materiais e técnicos precisos para posibilitar a votación en urna. Ben, isto é así. Polo tanto, debemos de traballar nesta dirección, sabendo da complexidade que leva consigo esta materia e contando para iso coas achegas dos órganos de representación da emigración. Nesta liña, o propio acordo do Goberno galego marca un compromiso, o compromiso do Goberno da Xunta de Galicia para traballar no asentamento desa normativa e polo tanto garantir o voto dos electores emigrantes. Polo tanto, estamos traballando nese sentido nesta Cámara, e así llo fixemos saber á Comisión de Traballo e Asuntos Sociais do Congreso dos Deputados e ao propio Ministerio de Asuntos Exteriores.

En relación co voto das 6.000 ou 10.000 persoas que veñen reclamando con toda xustiza unha solución, que son os

galegos que basicamente están embarcados nos buques de altura e longa distancia, que chegan a ter imposibilidade material e efectiva de exercer o seu dereito a voto, co cambio do escenario político xurdido despois das pasadas eleccións xerais, o Goberno central, o actual Goberno, constituíu no mes de xullo do 2005 un grupo de traballo para analizar a problemática do exercicio de voto deste tipo de poboación, de mariñeiros, no que estarían especialmente os traballadores do mar, para levar a cabo as correspondentes propostas de modificación normativa que permitan o exercicio de voto. Nesa liña o que lle podó asegurar é que o Goberno galego colabora activamente co Goberno de España para garantir e cumprir o acordo de goberno da Xunta de Galicia, de tal maneira que ese colectivo tan importante para Galicia vexa recoñecido o seu dereito lexítimo ao voto en democracia.

Moitas grazas.

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Rolda de réplica.

Ten a palabra o señor Aymerich Cano.

O señor AYMERICH CANO: Moitas grazas, señora presidenta.

Señor presidente, brevemente. Desde logo é unha boa noticia que o proxecto de Estatuto dos Cidadáns Españois no Exterior, en tramitación no Congreso –xa leva tempo tramitándose–, contemple esta previsión. O que sucede é que deberíamos, penso, dentro do que é o respecto institucional e o ámbito que corresponde ás Cortes Xerais, lembrarlles que corre certa présa, porque, primeiro, haberá que aprobar o Estatuto dos Cidadáns Españois e logo haberá que proceder a modificar a Lei orgánica do réxime electoral xeral. Entón, non sei se imos estar a tempo ou non, por exemplo, de que este problema, no que se refire ao voto emigrante, estea solucionado de aquí ás municipais. Penso que deberíamos poñernos esa meta, e tamén aquí fago votos para que sexa así para o futuro referendo de ratificación do novo estatuto de Galiza

E polo que se refire aos mariñeiros embarcados en buques de altura, un pouco o mesmo; é dicir, vaise cumprir un ano da constitución desa comisión e algunhas das propostas de

modificación normativa foron transcendendo, como o voto electrónico ou converter o capitán, dalgunha forma –tamén pola especial autoridade que lle recoñece a lei marítima–, en garante do proceso, en presidente dunha mesa electoral que se constituiría en cada barco, pero tamén corre prisa para que se poidan substanciar e se poidan facer de dereito positivo a través da Lei orgánica do réxime electoral xeral. Desde logo que nos temos que empregar –e isto si que nos corresponde a nós, e ninguén nos vai facer ese traballo– como Parlamento a que antes das próximas eleccións autonómicas teñamos a Lei de eleccións ao Parlamento de Galicia reformada neste sentido tamén, recoñecendo o dereito a voto dos mariñeiros, recoñecendo a igualdade de condicións cos que residimos no interior do país e o procedemento de votación limpo, seguro e garantista para os emigrantes galegos.

Máis nada e moitas grazas.

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Aymerich.

Rolda de peche.

Ten a palabra o señor presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Pérez Touriño): Comparto plenamente a necesidade de acelerar o máximo posible toda a tramitación, que sen dúbida é complexa e que necesita desa aprobación do Estatuto dos Cidadáns no Exterior, que, créame, señoría –estou seguro de que coincide tamén–, é un gran paso adiante para afrontar de xeito horizontal, integral, global e decidido os dereitos ata agora moitas veces esquecidos con rango de lei, polo tanto, con rango de dereitos de cidadanía, non de outorgamento desde tal ou cal goberno, dos residentes españois no exterior. E un dereito fundamental é a implantación do dereito a voto en urna; un voto en urna que, evidentemente, ten dificultades de tipo técnico orzamentario pero que é necesario acometer coa urxencia que vostede reclama. Estamos traballando nesa dirección: na dirección de impulsar, de acelerar e de tratar de que esa norma saia adiante o antes posible. Nese sentido quero anunciarlle que desde aquí mesmo, desde o Goberno da Xunta de Galicia, está posta en marcha a creación dun grupo de traballo para estudar as concentracións de poboación inmigrante nas demarcacións consulares, así como a necesidade de garantir tecnicamente o voto en urna desta poboación. Trátase de gañarlle tempo ao tempo e de ir ana-

lizando xa a posta en práctica efectiva do voto en urna alí onde hai unha concentración importante nas demarcacións consulares por parte de poboación galega residente no exterior. Deste xeito estaremos en condicións de gañar tempo, de adiantar e ter o traballo realizado para cando teñamos a modificación, por fin, á que vostede alude, en vigor.

Desde a Secretaría Xeral de Emigración estase traballando nun manual sobre o voto dos galegos e das galegas residentes no exterior para explicar os dereitos, para explicar as modalidades de voto e, en definitiva, para axudar a un labor que debe servir para garantir plenamente a transparencia plena e a independencia plena do exercicio de voto.

E en relación co que ten que ver co voto dos mariñeiros, quero insistir, señoría, en que estamos xustamente traballando nesa dirección, para que ese grupo de traballo ao que me refería anteriormente, formado polo Ministerio de Asuntos Exteriores, Correos, a oficina do Censo Electoral e o Ministerio do Interior, que son basicamente as autoridades responsables e os órganos afectados por esta implantación, insista, reitere e traballe na dirección de que se tome a decisión canto antes.

E para concluír, ao que si me comprometo con toda claridade é a que esta Cámara, desde a maioría parlamentaria que sustenta a acción do Goberno, e estou seguro de que co –...– da oposición, terá feitos os deberes para os comicios autonómicos e teremos modificada a nosa propia Lei de réxime electoral.

Moitas grazas.

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor presidente.

Pregunta dirixida ao Sr. presidente da Xunta de Galicia, de D. Alberto Núñez Feijoo, do G.P. Popular de Galicia, sobre o balance do Sr. presidente da Xunta de Galicia respecto da política de vivenda que está a aplicar o Goberno galego

A señora PRESIDENTA: Para formular a pregunta, ten a palabra o señor Núñez Feijoo.

O señor NÚÑEZ FEIJOO: Moitas grazas, señora presidenta.

Señor presidente, eu empezo recoñecendo a gran expectación que levantou a política de vivenda deste Goberno,

igual que a gran expectación que supoño que levantarán as manifestacións do portavoz do BNG en relación coa posible fraude nas eleccións de xuño no voto do emigrante; supoño que a mesma expectación.

Pero, en fin, avaliemos as medidas tomadas antes de tomar posesión –valla a redundancia– o seu Goberno en relación coa vivenda. En primeiro lugar: pacto de goberno. Unha liña exactamente: Construiremos 25.000 vivendas, das cales 7.000 serán en aluguer –conciso–. Segunda medida: creación da Consellería de Vivenda, señoría, anteriormente había un alto directivo que se encargaba da vivenda. Neste momento hai unha conselleira, un secretario xeral e dous directores xerais. Multiplicáronse o número de altos cargos. Os gastos de persoal –parecía suficiente o número de altos cargos– incrementáronse nun 54%; de seis millóns de euros a dez millóns de euros. E, por último, os gastos de vivenda incrementáronse no IPC máis tres puntos. Polo tanto, señoría, esta consellería significa máis administración pero menos vivenda. Pero o que é máis preocupante: é unha consellería mutilada, señoría. ¿Por que? Porque probablemente unha consellería que queira facer vivendas debe ter competencias en materia de urbanismo. Eu comprendo, señoría, que vostede quería as competencias en materia de urbanismo, pero non llas deron. Parece que alguén quere que a consellería non funcione. E creo, señoría, que se está conseguindo.

Imos avaliar, se lle parece, o que fixo esta consellería un ano despois. Creo de verdade, señoría, que hai un caos na xestión da consellería. Mire, é a única consellería que non ten organigrama, relación de postos de traballo. É a única consellería, ou unha das consellerías, onde houbo un conflito importante dos directivos. De feito o secretario xeral non aguantou nin seis meses no seu posto. E ollo a este dato, señoría: esta consellería deixou sen executar o 40% do presuposto; 10.000 millóns de pesetas, 60 millóns de euros, quedaron sen executar o pasado exercicio, señoría.

Segunda cuestión: a paralización da consellería. Créame, señoría, houbo paralización durante catro meses de todas as axudas do plan estatal; non se puideron pedir porque non se aprobou o decreto. Paralización ao día de hoxe: ningunha axuda se pode pedir para a rehabilitación de cascos históricos, ningunha se pode pedir para a rehabilitación de vivendas no medio rural. E outro dato importante, señoría: nun

ano o *Diario Oficial de Galicia* non sacou unha soa obra de vivenda de promoción pública. Neste primeiro ano, a Xunta de Galicia non licitou unha soa obra de protección pública, señoría. Este creo que é un dato que o debe facer reflexionar.

Balance, señoría: os indicadores empeoraron. Hai un maior incremento de prezos, señoría. ¿Sabe vostede que Galicia en marzo de 2006 era a primeira comunidade autónoma do Estado en incremento de prezos co 15%? ¿Sabe vostede –como lle acabo de dicir– que deixou o seu Goberno de investir 60 millóns de euros en vivenda? ¿Sabe vostede que o seu Goberno non licitou unha soa vivenda de promoción pública durante o seu mandato?

Señoría, por último, non hai ideas, e ese é o problema. O problema dun goberno é cando non ten ideas. Agora ben, quero dicir que en vivenda si houbo dúas ideas, quero ser franco: os minipisos de 40 metros para maiores e mozos, con salas conxuntas de lecer. Eu espero que na fin de semana a eses mozos non se lles ocorra facer botellón diante dos maiores, señoría, (*Aplausos.*) porque ese sería un pequeno escándalo. E, por último, señoría, as casas contedor. Esa tamén é unha gran proposta, sen dúbida. A verdade é que veu da Consellería de Vivenda, pero supoño que sería probablemente porque estivera pactado. A Xunta apoia converter contedores en pisos asequibles. Pero, señoría, ¿sabe o problema?, que se trata de contedores usados. Señoría, con todos os respectos, este é o noso balance, e agora esperamos o seu.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Núñez Feijoo.

Para o turno de resposta ten a palabra o señor presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA (Pérez Touriño): Señor Feijoo, efectivamente, este Goberno está en condicións, apenas un ano despois da súa andadura, de facer, como pide, un balance da súa política en materia de vivenda; pero un balance sobre a base de feitos non sobre a base de retórica e declaracións no papel. Voulle dar feitos, señoría.

O pasado 26 de xaneiro aprobamos o Plan de vivenda 2005-2008, no que, por certo, se introducen importantes

novidades sobre o plan elaborado polo Goberno anterior. Equiparamos fiscalmente a vivenda protexida que se constrúe en Galicia coa do resto do Estado –anteriormente non estaba–, de tal xeito que tanto promotores como compradores quedan exentos do pago do imposto de transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, e terán unha bonificación do 50% no IBI. Algo que vostedes non fixeran e que estaba penalizando *de facto* tanto aos compradores como aos promotores de vivenda protexida. Ao mesmo tempo –señor Feijoo, datos–, con cargo a este novo plan xa se teñen cualificadas 2.626 vivendas protexidas feitas polo sector privado, ás que hai que sumar neste momento 1.489 vivendas protexidas promovidas directamente pola Consellería de Vivenda e Solo e 681 máis, tamén do mesmo tipo de vivendas protexidas, promovidas pola consellería; o que fai un total de 4.796 actuacións de vivenda protexida no día de hoxe en once meses de actuación.

Do mesmo xeito creamos un rexistro único de demandantes de vivenda protexida, que anteriormente non existía, e estará funcionando a finais de ano. Un rexistro que permitirá, en primeiro lugar, planificar mellor a oferta en función da demanda, e dará, sobre todo, transparencia, señor Feijoo, aos procesos de adjudicación de vivenda protexida. Habilítase por primeira vez unha axuda para as vítimas de violencia de xénero; para as familias con un ou con dous fillos que, pese a ser as máis numerosas, ata agora carecían dunha subvención específica para esta circunstancia; e establécese, ademais, unha axuda específica, acumulable ás outras, para os mozos e as mozas de ata 35 anos e para os maiores de 65 anos pola adquisición de vivendas de entre 40 e 45 metros cadrados útiles e dun só dormitorio. Por certo, cáusanme bastante estrañeza os seus comentarios cando o Decreto de habitabilidade, aprobado por vostedes, permitía vivendas dun só dormitorio de 26 metros cadrados, señor Núñez Feijoo.

Ademais, o Goberno xa está no desenvolvemento do pacto local –que vostedes foron incapaces de facer en deza seis anos–, para establecer coa Fegamp un pacto polo solo coa finalidade de liberar solo con máis rapidez destinado á construción de vivenda protexida, que é o pilar fundamental da política deste Goberno. E temos neste momento en marcha importantes actuacións de solo residencial para albergar máis de 7.000 vivendas protexidas. Pódolle dar os datos exactos de onde están e do número de vivendas protexidas que se liberan a partir dese solo.

Estamos pondo en marcha un programa potente de políticas de rehabilitación conxuntamente co Ministerio de Vivenda. Están en marcha máis de 1.407 actuacións de rehabilitación en distintos concellos do país, non só nos cascos vellos das cidades senón tamén de renovación urbana en zonas onde predominou ata o de agora un urbanismo literalmente salvaxe e especulativo. E estamos –como sabe ben a súa señoría– a promover unha política activa de respecto á paisaxe, nunha loita contra o feísmo, na que está comprometido non só a Consellería de Vivenda senón o conxunto do Goberno que presido.

E, por último, para concluír, señor Feijoo, si, puxemos en marcha un novo programa de vivendas en aluguer, porque queremos, xunto coa vivenda protexida e xunto coa rehabilitación, promover vivenda en aluguer especialmente para a xente que ten máis necesidade dese aluguer, cun carácter eminentemente social, non como era antes; despois de ter que suspender a antiga bolsa de aluguer, señor Núñez Feijoo, da que vostede foi responsable directo politicamente, polas numerosas irregularidades detectadas e por terse convertido nun auténtico fiasco de descontrol e de desviación presupostaria a súa política, señor Feijoo. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor presidente.

Ten a palabra o señor Núñez Feijoo para a rolda de réplica.

O señor NÚÑEZ FEIJOO: Eu creo que está claro, señoría, a súa política de vivenda consiste en protexer a paisaxe.

Señoría, vostede non contesta. Tampouco lle contestou ao señor Aymerich, que lle dixo claramente que nestas eleccións en xuño se puido cometer unha fraude no voto emigrante. Supoño que vostede estará pensando realmente se a súa presidencia ou o seu Goberno están afectados por esta fraude. *(Interrupcións.) (Aplausos.)*

Señoría, evidentemente, vostede contéstame cun plan, pero os galegos están fartos de plans e queren vivendas. Señoría, cero vivendas de promoción pública. Vivendas sociais: non engane a ninguén, non fale vostede de vivendas protexidas, fale vostede das rendas baixas, fale vostede de vivendas sociais. ¡Cero; vostede cero, señoría! E devolveu 60 millóns de euros, 10.000 millóns de pesetas, señoría. Iso é o que hai.

E fala vostede de que descubriu a violencia de xénero. ¡Pero se había pisos dedicados ás mulleres con estes problemas, señoría, (*Interrupcións.*) feitos pola Xunta de Galicia! Fala vostede de vivendas en aluguer. Eu xa sei, señoría, que na réplica vai falar vostede da vivenda en aluguer. Mire, señoría, voulle dar os datos do Instituto Nacional de Estatística. Non crea que porque vostede vexa na súa televisión algunhas noticias son verdade... (*Interrupcións.*) –grazas, presidenta, por deixarme falar, moitas grazas–. Mire, Instituto Nacional de Estatística –supoño que neste cre–: “O incremento do prezo das vivendas en aluguer en España, o 4,3; e en Galicia, o 3,6 no ano 2005”. Non se deixe vostede embaucar por cifras falsas, señoría. As vivendas en aluguer non subiron en Galicia por riba da media do Estado, baixaron en relación coa media do Estado un 16%.

Señoría, a súa prioridade, ¿cal é? Eu voulo dicir, señoría: a súa prioridade, probablemente, en política de vivenda é facer beirarrúas. Catro millóns de euros a un concello para facer beirarrúas. ¿Sabe cantas subvencións en aluguer se farían con estes 4 millóns de euros? Pois 1.800 familias poderían ter unha subvención en aluguer cos 4 millóns de euros. (*Aplausos.*)

Señoría, eu non lle vou dicir que tome unha decisión drástica na Consellería de Vivenda, porque nunca lle pedirei unha cousa que non pode facer. (*Risos.*) Tampouco lle vou pedir, señoría, que fale coa conselleira de Vivenda para que o seu equipo empece a funcionar, porque sei que iso tampouco o pode facer. Pero si lle pido unha cousa, señoría, fale vostede co señor vicepresidente –el si o pode facer– e pído-lle que poñan orde na Consellería de Vivenda.

Moitas grazas, señoría. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Grazas, señor Feijoo.

Para a rolda de peche ten a palabra o señor presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA (Pérez Touriño): Grazas.

Señoría, a súa actitude a verdade é que ás veces –refírome de entrada a aquilo da fraude electoral sobre a que está constituído este Goberno– raia nunha especie de desafío, como mínimo, á intelixencia política, e o seu comportamen-

to –logo falarei diso–, probablemente á ética política. Porque, en fin, creo que é bastante groso o que acaba de dicir aquí, e vostede... Esta Cámara está para dicir o que un queira. Vostede non pode, a estas alturas da vida... Sei que tiveron a tentación, que viven na tentación permanente, de deslexitimar os procesos democráticos. (*Interrupcións.*) (*Aplausos.*) E o 29 de xuño votaron os cidadáns, señor Núñez Feijoo. Cálmese. Sei ben que estar na oposición probablemente é duro, pero vostede ten que construír ese traballo porque foi o que lle encargaron os cidadáns; polo tanto, asuma a súa responsabilidade dunha vez, señor Núñez Feijoo.

Mire, en relación coa política de vivenda creo que dei aquí unha información clara, nítida e contundente dos piores, do exercicio e do balance extraordinariamente positivo que o Goberno presenta tamén nesta materia, en relación coa vivenda protexida, en relación coa rehabilitación e en relación co aluguer. E, sinceramente, sabe ben toda a Cámara que eu como presidente non teño un talante caracterizado por construír a axenda política sobre a revisión do pasado senón sobre o compromiso de construír –a ser posible xuntos e dialogadamente– o futuro deste país. Pero dado que vostede fai un permanente desafío á intelixencia política e vén aquí xustamente a escoller a materia de vivenda, téño-lle que dicir cinco ou seis cousas, señor Núñez Feijoo, con contundencia, con claridade e con responsabilidade. A continuación vostede terá a oportunidade e o tempo, todo o do mundo, para clarificar a súa actuación diante desta Cámara. Porque, señoría, vostede é responsable político directo dunha transgresión grave e esencial do decreto da Xunta regulador da bolsa de aluguer, dunha reiterada e sistemática vulneración do seu artigo 44, que estipulaba a obrigatoriedade de vincular os alugueres a un tope de renda mensual subvencionable polo decreto –vinculábao obrigatoriamente–, permitindo que fose unilateralmente fixada polos propietarios, con máis de 1.500 expedientes irregulares.

Señor Núñez Feijoo, vostede é responsable político directo de que mediante este sistema os prezos de aluguer sobardaran en moitas ocasións o 100% estipulado legalmente e chegaran ao 300% en boa parte dos casos. Vostede é responsable político directo, señor Núñez Feijoo, dun grave quebranto á facenda pública de Galicia (*Aplausos.*) por un valor de 892.000 euros no último ano, un exceso de gasto inxustificable e unha desviación presupostaria sobre do previsto. Vostede, señor Núñez Feijoo, é responsable directo

politicamente de montar un tenderete de asistencia técnicas fóra do control real do sistema público deste país. Vostede, por certo, non lle ten dado a esta Cámara –e sábeo– toda a información que vostede ten sobre esas asistencia técnicas, algo que, por certo, esta Cámara merece coñecer. Vostede converteu nunha auténtica fraude política e nun auténtico engano masivo social a súa política de vivenda. Esa é a realidade, señor Núñez Feijoo. Esa é a herdanza que recibimos. E nese contexto, baseados no informe da Asesoría Xurídica, baseados na auditoría correspondente –está a información á disposición da Cámara–, baseados en todo iso, tivemos que suspender o programa de aluguer para poñer en marcha un novo programa de vivenda que agora si ten un eminente carácter social, deseñado para favorecer o acceso á vivenda das rendas con máis dificultades, controlado publicamente e transparente. Porque transparencia e política social son os signos claros da política de vivenda deste Goberno.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Grazas, señor presidente.

Pasamos agora á seguinte pregunta.

Voulles pedir un pouco de silencio, pídlolles un pouco de silencio, por favor.

Grazas.

Pregunta dirixida ao Sr. Presidente da Xunta de Galicia, de D. Ismael Rego González, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a valoración do Sr. presidente da Xunta de Galicia respecto do referéndum da reforma do Estatuto de Cataluña

A señora PRESIDENTA: Para formular a pregunta ten a palabra o señor Rego González.

O señor REGO GONZÁLEZ: Moitas grazas, señora presidenta.

Señorías.

Señor presidente da Xunta de Galicia, o cambio impulsado polos cidadáns nas eleccións xerais do ano 2004 abriu o debate sobre o modelo territorial de España, proposto polo

Partido dos Socialistas de Galicia e dos socialistas españois nas pasadas eleccións xerais. Ao amparo deste cambio e ao amparo deste debate téñense producido importantes avances no que ten que ver coa reforma territorial en todo o Estado español.

Distintas comunidades autónomas iniciaron procesos de reformas. Unha delas foi a Comunidade Autónoma de Cataluña, que ten hoxe en día xa aprobado en referéndum o seu Estatuto de autonomía. Situación na que, segundo vostede tiña proposto, podía estar xa o propio Estatuto de autonomía de Galicia. Se cando vostede fai a primeira proposta neste Parlamento non houbera un atranco infranqueable, que era a maioría absoluta do Partido Popular, hoxe os galegos podiamos estar nunha situación similar á que están os cidadáns e cidadás de Cataluña. Polo tanto, señor presidente, a normalidade que presidiu as reformas que se veñen producindo en España é a mesma que queremos os socialistas galegos para o noso país.

É verdade que o debate sobre a reforma do Estatuto de autonomía de Cataluña supuxo tamén abrir un debate en Galicia sobre ese estatuto; entre outras cousas porque había forzas políticas que para tapar a súa falla de compromiso coa reforma do Estatuto de autonomía de Galicia introduciron aquí o debate sobre a reforma do Estatuto de autonomía de Cataluña, coma se tivera máis interese para Galicia a reforma do Estatuto catalán que a propia reforma do Estatuto galego.

Señor presidente, os socialistas galegos non quixemos introducir este debate neste Parlamento ata que funcionaran con normalidade todos os instrumentos constitucionais: que o Parlamento de Cataluña aprobara inicialmente o seu estatuto, que fora aprobado polas Cortes Xerais e polo Senado, e que posteriormente os cidadáns desa comunidade decidiran sobre el en referéndum. Agora si entendemos nós que é o momento, e, sobre todo, porque se ten interiorizado aquí este debate e houbo líderes políticos que atenderon moito a el, primeiro explicando en Galicia que ese estatuto era tremendamente lesivo para os intereses de Galicia e despois explicando en Cataluña que era tremendamente lesivo para os intereses dos cataláns; ou sexa, en Galicia era moi bo para Cataluña e insolidario con Galicia, e en Cataluña era tremendamente malo para os cataláns. Houbo líderes políticos que foron capaces de facer compatibles estes dous discursos.

É certo que na súa campaña a favor do “non” en Cataluña colleitaron importantísimos éxitos, sen dúbida. Foron capaces de conseguir para as súas propostas en contra do estatuto o aval de un de cada vinte e cinco cidadáns dese país. Grande éxito, sen dúbida, que hai que aplaudirle.

Pero, señor presidente, como desde Galicia non queremos que quede ningunha dúbida sobre as interferencias das reformas doutros estatutos senón que queremos que se respecten as deses estatutos igual que as do noso, igual que nosoutros respectamos as deses, cremos que é o momento de que vostede, desde a institución parlamentaria, fixe a posición da Presidencia da Xunta de Galicia sobre a valoración que fai como presidente do referéndum do Estatuto de Cataluña.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Señores do Grupo Parlamentario Popular e señores do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, do BNG, voulles reiterar que esta presidenta vai permitir aplausos, ningunha outra manifestación nin a favor nin en contra. Polo tanto, os gritos de *abucheo* e cousas desta natureza que non se volvan repetir. Teño perfectamente identificados aos que o fixeron, e serían advertidos. (*Risos e murmurios.*)

Si, si, rían, porque iso reflicte o respecto que algúns teñen pola Cámara de representación da cidadanía de Galicia. Estou convencida de que vostedes van reflexionar noutra dirección.

Pido silencio. Señor Castro, para vostede tamén está esta petición, que leva vostede falando todo o tempo, incluído cando falaba o seu portavoz.

Para responder a pregunta ten a palabra o señor presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Pérez Touriño): Señorías, creo que as miñas primeiras palabras en relación co referéndum de Cataluña, despois da súa celebración, deben ser –e creo que reflicte o sentir da inmensa maioría dos cidadáns, desde logo da maioría parlamentaria desta Cámara– de felicitación aos cidadáns de Cataluña, de felicitación ao pobo de Cataluña, porque acaba, en referéndum

–polo tanto, en democracia– de aprobar o novo Estatuto de autonomía para Cataluña. Sen dúbida é un día importante para a democracia, porque é o final dun proceso que consolida, reforza e ratifica a capacidade e a grandeza da democracia nun país, e a capacidade dun pobo –o catalán e o español– para concertar, para dialogar e, finalmente, para aprobar en referéndum ese estatuto de autonomía. Creo que debemos de felicitarnos, que debemos felicitar os cidadáns de Cataluña, as súas institucións no seu conxunto e a todas as súas forzas políticas polo traballo desenvolto, máis alá probablemente das diferenzas que poidamos ter uns e outros e que, loxicamente en democracia, se poñen de manifesto en cada debate ao longo dun proceso. Pero máis alá do proceso, creo que ao final é extraordinariamente positivo. Cataluña hoxe conta con maior autonomía, con maior capacidade e cunha posición máis cómoda, máis integrada, máis forte, dentro dunha España que reforza os seus vínculos de solidariedade e de cohesión no marco da Constitución. E creo que isto é importante que o digamos, e que o digamos xustamente hoxe, e por iso agradezo a pregunta do responsable político do Grupo Parlamentario Socialista.

A frivolidade non ten límites, a frivolidade non ten límites por parte da dereita en España e en Galicia segundo se ve e acaba de dicir anteriormente o señor Núñez Feijoo na anterior pregunta. Non quero reabrir ese debate, pero claramente o domingo os cidadáns de Cataluña lle deron unha vitoria rotunda e inapelable e ao “si”. Isto temos que aceptalo en democracia. Unha vitoria contundente, inapelable, do si ao estatuto reflectido nese 73,9% de votos positivos, mentres o voto negativo tan só alcanzou o 20,7%. En definitiva, unha proporción a favor do “si” de catro a un. Hai quen, cando acaba o partido, xa antes lle custa traballo aceptar as regras de xogo; pero hai quen cando acaba o partido de fútbol e saen perdendo catro a un, queren darlle a volta fóra do campo e dicir que gañaron o partido. E, señores, iso non é a democracia. Por iso lles digo que a responsabilidade debe exercerse en democracia e que a frivolidade ten límites.

Non poden estenderse nin xustificarse actitudes como a de algún partido político, que, despois de facer lexitimamente unha campaña intensa a favor do “non” en Cataluña, de ter votado “non” no Parlamento de España, de ter votado “non” en Cataluña, de facer unha campaña intensa, activa, que os debería de enorgullecer, a favor do “non”, cando o “si” gana a catro un non aceptan o resultado e pretenden

invalidalo. Creo que este é un mal camiño, pero non quero insistir nel.

Eu quero dicir, sobre todo, hoxe aquí, que o estatuto catalán hoxe non debe ser patrimonio de ningunha forza política, que é o patrimonio dunha colectividade e dunha cidadanía, e espero e desexo desde Galicia que os cidadáns de Cataluña e as súas institucións –estou seguro de que así o van facer– sexan quen de desenvolver polo seu propio camiño e lexitimamente o estatuto que se deron e que aprobaron en referéndum.

O estatuto é unha peza capital da España plural, na que estamos a vivir un proceso fundamente modernizador e reformador, unha posta ao día, do Estado das autonomías no marco da Constitución.

Espero e desexo, señoría, para acabar, que en Galicia esteamos á altura das circunstancias, que este país non quede atrás, e igual que están facendo outras comunidades autónomas –non só Cataluña–, como Valencia, Andalucía, Canarias ou Baleares, tamén aquí sexamos entre todos capaces de construír a obra colectiva e a tarefa común de elaborar o novo Estatuto de autonomía de Galicia.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor presidente.

Rolda de réplica para o señor Rego González.

Ten vostede a palabra.

O señor REGO GONZÁLEZ: Moitas grazas, señora presidenta, aínda que non sexa nada máis que para agradecer sinceramente os aplausos dos deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular, que debo recoñecer que me serven de estímulo para seguir facendo preguntas deste tipo, e doutro; non teñan vostedes dúbida de que o portavoz do Grupo Parlamentario Socialista non vai renunciar ao seu dereito, senón todo contrario. Os seus aplausos son un estímulo para todos nós; e non me estrañan nada, teño que dicilo. Vostedes forman parte dun partido político que empezou deslexitimando os resultados –tentando facelo– das pasadas eleccións xerais. Deslexitimaron, tentaron facelo –o señor Núñez Feijoo agora, por primeira vez,

como herdeiro da confianza que os galegos lle deron ao señor Fraga Iribarne, que vostede é o que é–, os resultados das pasadas eleccións autonómicas. Pero tamén deslexitimaron, ou tentaron facelo, o resultado do Estatuto de Cataluña, nada menos, señor presidente da Xunta de Galicia. Por iso consideramos da máxima relevancia as súas afirmacións en resposta á pregunta que lle fixemos, para que para fóra de Galicia quede unha mensaxe de normalidade de cómo os galegos vemos e sentimos que o Estatuto de Cataluña non soamente é bo para Cataluña e para os cataláns, senón que é bo para España e tamén para Galicia e para os galegos, pola normalidade coa que foi aprobado en referéndum.

Parécenos moi positivo que desde a máxima institución do noso pobo saia esa mensaxe cara a Cataluña e cara ao resto de España, señor presidente. Porque escoitamos outros, e escoitamos a un aspirante a líder político galego nun titular nun medio de comunicación de Galicia no día de onte que afirmaba con rotundidade que o Estatuto de Cataluña fora o que menos apoio tivera de toda España. ¿Onde estaría este señor, señor presidente, cando se aprobou o actual Estatuto que temos en Galicia?

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Rego.

Rolda de peche.

Ten a palabra o señor presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Pérez Touriño): Gustaríame que nos aproximáramos a abrir un camiño nesta materia de diálogo e de concertación, porque é decisivo para este país. Eu quero empezar por dicir nesta parte última, na reflexión final, que teño a firme convicción –e vouna soste mentres sexa presidente da Xunta de Galicia e mentres sexa dirixente político– de que o estatuto aprobado en referéndum polo pobo de Cataluña é bo para Cataluña, para España e para Galicia. Significa unha Cataluña máis forte nunha España mellor, e iso sempre será bo para Galicia e para os galegos. Abre e consolida un camiño en positivo para as demais reformas dos estatutos de autonomía ao tempo que reforza o papel do Estado como instrumento garante de cohesión e de solidariedade.

Dito isto, creo que é importante que concordemos desde hoxe na necesidade de impulsar e abrir unha vía propia, específica, singular, a nosa, a dos galegos e das galegas, para a reforma estatutaria en Galicia. Temos un estatuto cun cuarto de século que cómpre poñer ao día, e queremos facelo, señorías, co acordo e co consenso de todos e de todas. Por iso as forzas políticas que apoian a maioría parlamentaria, que apoian o Goberno, desde o compromiso acordado coa cidadanía o 19 de xuño hai un ano, acabamos de presentar unha proposta conxunta sobre criterios esenciais, sobre as vértebras desa reforma estatutaria. E quixémolo facer, e fíxémolo, desde a responsabilidade, cun carácter plenamente aberto, señorías, cun carácter que ten a vocación de propiciar por riba de todo un punto de encontro co Partido Popular, un punto de encontro ao que aspiramos e que desexamos. E por iso poño enriba da mesa ese acordo e esa proposta, que é unha convocatoria a ese diálogo, a esa concertación e a ese necesario consenso.

Queremos que Galicia teña o mellor estatuto posible, un estatuto ambicioso que nos permita mellorar o noso teito competencial e o financiamento, fortalecer a nosa identidade, apoiar e defender a nosa lingua e mesmo potenciar as nosas relacións con España e con Europa. Creo sinceramente que nestes aspectos a maioría da cidadanía galega está plenamente de acordo e quere vernos de acordo aos tres grupos parlamentarios desta Cámara. Desexo firmemente que nos poñamos a traballar nesa dirección e espero que o pleno do próximo día 29 sexa unha oportunidade para sentar as bases dese gran acordo nacional que necesitamos, que ansiamos e queremos. E dígolles máis: se somos capaces de facelo así, Galicia si será un referente para España e a vía galega será un triunfo de Galicia, de España e tamén de Cataluña.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor presidente.

Comparecencia do Sr. conselleiro de Traballo, solicitada polo G. P. Popular de Galicia, para explicar as medidas postas en marcha pola Consellería de Traballo ante os altos índices de sinistralidade laboral

A señora PRESIDENTA: Ten a palabra o señor conselleiro de Traballo.

O señor CONSELLEIRO DE TRABALLO (Varela Sánchez):
Señora presidenta.

Señorías, efectivamente comparecemos hoxe o Goberno e este conselleiro para tratar de poñer en común, de trasladar á Cámara, cal é a nosa visión e cales son as nosas propostas e as nosas actuacións en relación cun problema que preocupa moito a este Goberno e que preocupa aos cidadáns. É un problema dificultoso, que non é novo, un problema que existe en Galicia, no resto de España e no mundo hai moito tempo, tanto como a propia actividade laboral, pero que nos últimos tempos produce quizais unha maior frustración con respecto aos responsables políticos, aos empresarios e aos traballadores, xa que a posta en marcha da Lei de prevención de riscos do traballo parecía indicar, ou debería de indicar, que se debería de producir un punto de inflexión na evolución dos accidentes laborais e, polo tanto, unha mellora substancial en canto aos resultados obtidos en materia de prevención.

Con todo, non foi así. Non foi así no conxunto do Estado e non foi así, dun xeito especial, en Galicia. Atopamos que nos últimos dez anos practicamente se duplicou o número de accidentes de traballo, o número de sinistros laborais, e iso vén indicar que se produciu, en calquera caso, unha ineficiente aplicación da lexislación en materia laboral e, en concreto, da propia Lei de prevención de riscos laborais.

Atopámonos cun grave problema que poderíamos definir, nas súas principais características de preocupación, como que se están producindo en Galicia —ou hai en Galicia con respecto a algúns accidentes de traballo— algunhas características que hai que sinalar. En principio, unha escasa cultura da prevención, escasamente implantada e absolutamente necesaria. Unha insuficiente —como dicía— aplicación da Lei de prevención de riscos de traballo. Logo da transposición da directiva europea, xa hai tempo suficiente como para que se producira unha aplicación máis práctica e máis útil da propia norma, unha insuficiencia de medios de control e vixilancia. Unha clara insuficiencia, unha clara deficiencia, en materia de medios de control e de vixilancia. Unha deficiente participación dun ámbito moi importante nesta materia, o ámbito xurisdiccional, na persoa da fiscalía. E unha escasa promoción da divulgación da seguridade, é dicir, da sensibilización con respecto a esta materia.

Son resultados, pois, insatisfactorios e preocupantes da evolución dos últimos anos en materia de prevención de riscos de traballo. Ante isto, a consellería, o novo Goberno, consciente desta realidade, consciente de que é absolutamente necesario que esta realidade sexa asumida para poder pór enriba da mesa as medidas e os acordos necesarios para tratar de modificar a situación, puxo en marcha distintas medidas, unhas de acción directa do propio Goberno e outras derivadas das políticas de diálogo social nas que queremos asentar os acordos principais en materia de seguridade laboral.

Neste momento, a través dunha das mesas do propio diálogo social, estanse a discutir dúas cuestións que a nós nos parecen fundamentais: por unha banda, a posta en marcha do Instituto da Seguridade de Galicia, instituto que debe de ser o corazón e o cerebro que deseñe as políticas en materia de seguridade do noso país. E, por outra banda, para aplicalo coa máxima inmediatez posible, un plan estratéxico en materia de seguridade laboral.

Ámbalas dúas liñas de traballo, ámbolos dous documentos, están discutíndose xa dun xeito amplo nas propias mesas de traballo, e quero dicir que teño unha percepción moi positiva, unha ampla satisfacción, polo xeito en que se están abordando estas materias. Creo que están avanzando con rapidez e que, efectivamente, as mesas de diálogo social poderán acadar brevemente acordos en materia de seguridade no que se refire ao Plan estratéxico e á posta en marcha dese instituto, tan necesario, consensuado e compartido por administracións, traballadores e empresarios en materia de seguridade e saúde laboral.

Pero mentres non se chegue a ese acordo con respecto ao plan, é certo que a Consellería de Traballo, este conselleiro, manifestou ante a Cámara que a gravidade do problema non permitía atrasos, non permitía dilacións. E por iso se comprometeu con vostedes, ante Galicia, á posta en marcha de medidas inmediatas para frear esta grave situación.

A comparecencia solicitada pola señora deputada ten este fin: explicarlle ao Parlamento cales son as medidas que ten posto en marcha a consellería ante os altos índices de sinistralidade, e diso queremos facer un pequeno repaso; medidas que van acompañar –e nas que estamos traballando paralelamente– a discusión das dúas grandes columnas que

deben de sustentar no futuro a nosa seguridade, como son o Instituto e o Plan estratéxico.

Como xa teño manifestado, é imprescindible que a cultura da seguridade laboral se implante na sociedade. Con tal fin, estamos a desenvolver campañas divulgativas de sensibilización sobre os accidentes de traballo, as súas secuelas e os seus custos humanos e económicos. É preciso abordar campañas de sensibilización destinadas tanto á poboación xeral como específicas, centradas en sectores e riscos concretos ou en colectivos especialmente afectados. Neste punto, puxemos en marcha a campaña “Seguridade laboral, por ti, por todos”, como xeito de concienciar os traballadores, os empresarios e a sociedade en xeral das consecuencias humanas e económicas dos accidentes laborais. A campaña veuse desenvolvendo nos últimos tempos, e consistiu na inserción en medios de comunicación e na televisión de distintos anuncios sobre a materia de seguridade laboral e tratando de concienciar sobre a gravidade e os efectos dos accidentes de traballo. Tamén se está a emitir a campaña “Vixía”, referida ao Plan de prevención de riscos laborais no sector pesqueiro, con igual finalidade de concienciar e sensibilizar a xente do mar ante os riscos propios da súa actividade.

Consideramos imprescindible perfeccionar a información cumprida ao respecto na páxina web da consellería, colgándoa nun soporte específico sobre información de prevención.

Estenderemos a información á poboación máis cativa, aos nenos, a través de campañas como a posta en marcha baixo o slogan “Moito ollo”, que trata de concienciar de xeito ameno e divertido a nenos e nenas sobre a importancia de estar atentos e previr estas situacións de risco. Esperemos que as campañas de hoxe poidan evitar o día de mañá accidentes laborais e perda de vida das persoas que hoxe son eses nenos aos que vai dedicada esta campaña.

Unha segunda liña de actuación que a consellería puxo en marcha é a da mellora das capacidades de resposta dos órganos técnicos da comunidade, procedendo á ampliación de medios técnicos e humanos. Era imprescindible reforzar e ampliar os medios humanos dispoñibles, polo que se publicou o decreto de habilitación de técnicos de prevención de riscos laborais, que permitirá, coordinadamente coa Inspección de Traballo, ampliar os seus recursos destinados á vixi-

lancia e ao control do cumprimento da normativa en prevención de riscos. Hai que sinalar que, no que levamos andado, concluíu a etapa formativa destes profesionais e procedeuse a instar a modificación das correspondentes relacións de postos de traballo para incluír a nova catalogación e clasificación destes profesionais.

Xunto co anterior, procedemos a reforzar e ampliar o plantel de inspectores de traballo en Galicia; así, nas próximas datas, incorporaranse de xeito efectivo sete novos inspectores de traballo na nosa comunidade: cinco para a provincia de Pontevedra, que é a de maior escaseza de efectivos en materia de control de seguridade, a través das inspeccións, e dous para a provincia de Ourense, para colmar unha necesidade longamente demandada, coa que a nosa comunidade contará cun efectivo de 46 inspectores, é dicir, un incremento neste ano do 18% dos efectivos.

No eido da acción propiamente dita, puxemos en marcha varios programas e plans de acción para a redución dos riscos laborais en empresas galegas, coa participación da Inspección de Traballo, as autoridades laborais, sanitarias e industriais. Cremos que estes plans deben de ser sectorializados e mensurables en canto á avaliación dos seus resultados, para poder, en consecuencia, corrixilos se consideramos que non se están desenvolvendo de xeito oportuno. Trataremos de enumerar estes plans postos en marcha de carácter sectorial.

En principio, en relación co sector da construción, pódolles anunciar as seguintes actuacións. Temos posto en marcha un plan de actuacións para caídas a distinto nivel. Ante a frecuencia e gravidade con que se producen accidentes derivados de caídas en altura, sobre todo na construción, consideramos necesario establecer un plan para intensificar o control do cumprimento das obrigas legais, sobre todo nun momento en que as condicións climatolóxicas permiten un crecemento deste tipo de actividades e, polo tanto, o crecemento dos accidentes.

Preténdese sensibilizar os empresarios e traballadores dos especiais riscos do traballo en alturas, e é absolutamente necesario adoptar todas as medidas de seguridade, tanto obxectivas coma persoais, ao tempo que é preciso aplicar a normativa sancionadora en caso de incumprimentos que poñan en perigo a vida dos traballadores.

Terá por obxecto o exame e corrección da realización dos traballos en altura na construción con perigo de caída, e articularase a través de visitas programadas aos centros de traballo conxuntamente por un inspector de traballo e un técnico dos nosos gabinetes. Tense programada neste mes a realización de máis de duascenas visitas nas catro provincias, establecéndose un sistema de control e seguimento dos resultados.

En segundo lugar, un plan de actuación especial en grandes obras de construción coa intención de facer un seguimento continuado e conxunto das grandes obras que se están a realizar en Galicia, co obxectivo de minimizar a posibilidade de que se produzan accidentes e, sobre todo, de velar pola obriga de coordinación cando en tales obras de grande envergadura converxen distintas empresas. Constituíronse en cada unha das catro provincias equipos de traballo formados por persoal da inspección e dos centros provinciais de seguridade e saúde laboral, co obxecto de realizar unha acción especial de vixilancia e seguimento neste tipo de obras.

A modo de exemplo, na provincia da Coruña hai catro equipos funcionando dedicados ás obras do porto exterior da Coruña, da Cidade da Cultura en Santiago, da obra do AVE no tramo Osebe-Padrón e das obras do AVE no tramo Santiago-Ordes –parece que hai obras no AVE, debe de habelas porque hai mecanismos de control–; e no caso de Lugo hai un equipo dedicado ao seguimento das obras singulares, como é o caso do Hospital de Lugo.

En terceiro lugar, tamén no sector da construción se asinaron convenios de colaboración coas asociacións provinciais de empresarios da construción de Lugo e da Coruña para colaborar no ámbito da prevención de riscos que afectan ás súas empresas asociadas. Nós próximos días asinaremos un convenio similar coa Asociación de Empresarios de Pontevedra e coa de Ourense. Quero engadir aquí que, ademais, están xa publicadas as ordes para incorporar no sector da construción, fundamentalmente –no conxunto dos sectores, pero dedicado fundamentalmente á construción–, arredor de 150 técnicos en seguridade para asesorar e controlar as obras en Galicia. Imos dedicar a esta partida 3 millóns de euros, porque consideramos que hai que poñer en marcha un plan de choque no sector da construción, onde se produce, como ben sabe vostede, o 37% dos accidentes de carácter mortal en Galicia.

Hai actuacións específicas tamén no sector agrogandeiro e forestal, porque estamos detectando nos últimos tempos unha proliferación de accidentes que teñen relación fundamentalmente co manexo de maquinaria agrícola, e singularmente co manexo dos tractores. Ppor iso imos firmar un convenio cos sindicatos agrarios, para trasladar a necesidade de pór en marcha campañas de sensibilización e de atención á materia do manexo de maquinaria agrícola.

Outra liña de traballo é o plan de prevención de riscos laborais no sector pesqueiro. Entre todas as actividades laborais consideradas como de alto risco, o traballo nos buques pesqueiros deixa a taxa de accidentalidade máis alta de todos os sectores da actividade laboral, debido, por unha banda, a que o barco é unha plataforma móbil, o que se traduce nunha situación de equilibrio inestable permanente, aumentando a inseguridade dun traballo que supón en si mesmo unha carga de risco elevada. Por outra banda, o horario de traballo é inexistente, xa que o ritmo o marca o mar e as súas capturas; e a isto hai que engadir os riscos inherentes á propia navegación, como o afundimento, vías de auga, naufraxios, incendios e outros. Na campaña que se vai iniciar no sector pesqueiro preténdense impulsar actividades de prevención mediante a coordinación de actuacións entre os inspectores de traballo e os técnicos de prevención de riscos laborais da Consellería de Traballo. O obxecto é proceder ao exame e corrección das condicións de realización de traballo nos buques pesqueiros, e articularase a través das seguintes medidas:

Un plan de visitas de inspección. As visitas dos buques de pesca serán realizadas polos equipos de inspección e control, que estarán constituídos, como digo, por Inspección de Traballo e gabinetes de seguridade. As visitas realizaranse nos buques atracados e utilizaranse para isto os medios técnicos pertencentes á consellería. Faranse coa perioricidade acordada. Os equipos deberán facer visitas nos horarios de chegada habitual de determinadas embarcacións ao porto, fundamentalmente pola tarde ou pola noite. O técnico de prevención de riscos laborais fará, en todo caso, un informe de visita efectuada na que reflectirá as deficiencias técnicas atopadas e enviaralle unha copia ao inspector de traballo e outra ao armador do buque visitado.

A través da investigación de accidentes do sector pesqueiro, farase outra liña de traballo. Cando se elaboren os

informes correspondentes ás visitas realizadas, teranse en conta as seguintes indicacións. Os partes de accidente grave, moi grave ou mortais que se produzan no sector pesqueiro serán realizados preferentemente polo inspector que forma parte do equipo de inspección e control do Plan de pesca. O técnico fará un informe do que se dará traslado á delegación provincial da Consellería de Traballo e á Inspección de Traballo. En todo caso, señorías, para dar a coñecer este plan, e como foro de encontro de todos os axentes implicados neste proceso –administracións, confrarías, sindicatos, armadores, estaleiros, distintas consellerías afectadas–, os vindeiros 22 e 23 de xullo en Vigo celebrarase un congreso galego de prevención de riscos laborais do sector da pesca no que será presentado o plan de traballo.

Unha cuarta liña de traballo serán as actuacións específicas da promoción da prevención no sector das industrias mineiro-metalúrxicas. Verán vostedes que estou facendo neste relato a relación dos sectores de traballo –independentemente doutras actividades da consellería– que están sendo máis afectados pola sinistralidade laboral, é dicir, o sector da construción, o sector da pesca, e esta atención específica á promoción da prevención no sector das industrias siderometalúrxicas. Neste sector, onde o índice de sinistralidade é tamén preocupante, estanse a acometer actuacións coa estreita colaboración das asociacións e industrias máis representativas. Así, tense asinado un convenio coa Asociación de Industrias Siderometalúrxicas de Galicia, Asime, para a implantación de plans de prevención de riscos laborais. A finalidade do convenio asinado é a mellora das condicións de seguridade e saúde laboral nas empresas agrupadas en Asime, dedicadas ás actividades auxiliares do sector de automoción, construción naval, industria auxiliar de forxastampación, industrias metálicas non férricas e artigos metálicos en xeral.

Conforme ao convenio asinado, as actividades para realizar por Asime van desde o asesoramento individual ás empresas asociadas por técnicos prevenciónistas ou a posta en marcha do proxecto de coordinación entre os axentes implicados no proceso produtivo ata a participación na formación específica dirixida a traballadores de alto risco.

Coa mesma finalidade de formar, informar e asesorar os traballadores en empresas do sector, tamén se está a ultimar un convenio de colaboración entre a Consellería de Traballo

e a Fundación Galega do Metal para a Formación, Cualificación e Emprego, Formega.

No que respecta a actuacións no ámbito das administracións locais, asinaremos un convenio de colaboración entre a Consellería de Traballo e a Federación Galega de Municipios e Provincias, Fegamp, xa ultimado, para o establecemento de colaboración en materia de prevención de riscos de traballo. O obxecto deste convenio é o establecemento dunha colaboración en materia de impulso da actividade de prevención de riscos laborais nas entidades locais asociadas á Fegamp, que se concretará na impartición de cursos de formación relacionados con esta materia.

Esta colaboración desenvolverase en tres niveis: organización e desenvolvemento da prevención dos riscos laborais no propio concello, en relación cos seus propios traballadores; garantir o cumprimento por parte do concello do obrigatorio control dos traballos que se realicen nas súas empresas contratadas –con especial atención a obras de construción– e en relación á seguridade e saúde das citadas empresas; e elaboración de protocolos e métodos de actuación preventiva de aplicación por parte dos concellos. Será a Consellería de Traballo, a través dos seus centros provinciais de seguridade e saúde a encargada de impartir as accións formativas para o persoal directivo dos concellos asociados á Fegamp. Esta formación levarase a cabo nos locais destes centros.

En quinto lugar, actuacións en relación cos axentes sociais. Os obxectivos de redución de riscos son o fundamento das accións, polo que a fase informativa e de asesoramento das accións ten que ser o primeiro paso que hai que dar en calquera caso, e así acabamos de asinar o convenio de colaboración cos axentes sociais, sindicatos e Confederación de Empresarios de Galicia, co obxectivo de que estas entidades asinantes realicen accións de información e formación en prevención de riscos dirixidas aos delegados de prevención, membros de comités de seguridade e saúde, e dirixidas tamén aos empresarios que asumen persoalmente as actuacións preventivas, aos traballadores designados e, en xeral, a todos os traballadores e empresarios de Galicia. No convenio asinado entre a consellería e os sindicatos UGT-Galicia, Comisións Obreiras de Galicia, Confederación Intersindical Galega e Confederación de Empresarios de Galicia, comprométense á realización por parte dos citados asinantes dun

total de 4.000 horas de formación dirixidas a 3.500 traballadores e empresarios.

En sexto lugar, quereda falar dos plans de actuación en relación cos parques empresariais. O primeiro de marzo deste ano asinamos un convenio de colaboración coa Asociación de Empresarios do Parque Empresarial de San Cibrao, onde radican 215 empresas, para análise e revisión dos plans de prevención de cada empresa e para determinar o alcance da actuación da brigada contraincendios deste parque. Estes convenios iranse estendendo ao maior número posible de parques empresariais de Galicia que estean en disposición de firmar convenios similares coa Consellería de Traballo.

En sétimo lugar, un plan de choque nas empresas que rexistran un maior índice de sinistralidade. Está en marcha un plan de choque para a redución da sinistralidade laboral co obxecto de reducir os accidentes mediante a realización de actuacións directas nas empresas nas que se concentra unha maior taxa de sinistralidade laboral. Nas súas distintas fases de estudo, planificación, execución e avaliación, conclúese que se produciu unha diminución dos accidentes laborais nas empresas sometidas a este plan; é dicir, aquelas empresas que tiñan uns maiores índices de sinistralidade. Esta redución foi do 25% nas empresas en xeral e dun 380% nas empresas do sector da construción ás que diriximos as nosas actuacións. Dado o resultado, é aconsellable o mantemento do plan.

Pretendía, señorías, expoñer sinteticamente e de modo xeral todas aquelas accións que xa puxo en marcha a consellería, deixando á marxe outras actuacións que non por deixar de ser enunciadas nesta intervención son de menos importancia.

Lémbrolles que no último pleno dei conta do protocolo de coordinación entre a Consellería de Traballo e a Fiscalía de Galicia para a investigación eficaz e rápida dos delitos contra a vida, a saúde e a integridade física dos traballadores, así como para a execución efectiva das sentenzas condenatorias, asinado o pasado día 15 de maio e que establece unhas canles de actuación nas que está implicada a autoridade sanitaria, a autoridade laboral, a Inspección de Traballo e o propio Ministerio Fiscal, co obxectivo de optimizar os recursos destinados á persecución dos delitos e infraccións administrati-

vas de risco por infraccións da normativa de prevención de riscos laborais, así como para lograr o efectivo cumprimento das sentenzas condenatorias. Estou convencido de que estamos no camiño e de que todas estas medidas que puxemos en marcha ou que estamos ultimando han de contribuír a reducir no futuro os altos índices de sinistralidade que sofre Galicia, que sofren os nosos traballadores. Todas estas medidas, sumadas ou acopladas aos froitos do diálogo social, deben producir unha transformación no escuro panorama existente. Buscamos, señorías, a través do diálogo e a concertación, nos acordos e convenios asinados, que todos os empresarios e traballadores tomen conciencia dun grave problema que temos, que nós non ocultamos nin evitamos, senón que o enfrontamos para tratar de darlle solución.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor conselleiro.

Rolda dos grupos parlamentarios.

En primeiro lugar, o grupo autor da iniciativa, polo que ten a palabra a señora López Abella.

A señora LÓPEZ ABELLA: Moi bos días.

Moitas grazas, señora presidenta, por estes quince minutos.

Señorías, señor conselleiro, bos días. En primeiro lugar, felicítamolo por aceptar comparecer por petición do Grupo Popular para falar dun auténtico problema, da lacra social que representa a elevada taxa de sinistralidade laboral. Temos insistido na necesidade desta comparecencia, e antes, hai varias semanas, tamén solicitamos a súa presenza no Parlamento para informar do Plan estratéxico de prevención de riscos laborais, varias veces vendido polo presidente e por vostede mesmo, por suposto, a través dos medios de comunicación, nesa carreira na que están do “vou facer”, non do “bo facer”, como di o clásico Ruíz Rivas. Pero con esa petición non tivemos sorte, e ata o de agora nada sabemos de xeito directo nin indirecto. Acábanos de falar vostede sobre unha das liñas estratéxicas, que é precisamente ese Plan de prevención de riscos laborais. Gustaríanos ter maior coñecemento sobre el.

A sinistralidade laboral tense convertido, como dicíamos, nunha lacra silenciosa, cun enorme custo humano e

económico, e nun auténtico drama social. Cada día prodúcese case 250 accidentes laborais en Galicia. Entre xaneiro e abril, segundo fontes sindicais, producíronse na nosa comunidade 15.821 accidentes laborais, cun repunte do 6,48% máis de accidentes leves e un 7,97% de accidentes graves. Pontevedra é a provincia onde se produce un maior incremento, o 9,75%, seguida da Coruña, Lugo e Ourense. O sector da construción, como vostede mesmo dicía e por poñer o exemplo máis grave, sufriu o incremento do 40% de accidentes mortais nos últimos catro meses deste ano; aínda que houbo un descenso, efectivamente, noutros sectores. Era necesario, pois, señor conselleiro, traer este debate ao Parlamento.

Señor Varela, a súa consellería, a Consellería de Traballo, ten atribuída a dirección, coordinación, control e execución das competencias da Comunidade Autónoma de Galicia en seguridade e saúde laboral. Así, especificamente, realízanse, entre outras, as funcións de promoción da prevención, que o artigo 7 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, directamente lle atribúe á administración competente.

As actuacións das administracións públicas en materia de prevención de riscos laborais realízanse, por unha parte, con recursos e persoal propio, e a través tamén de acordos e programas de actuación nos que participan os axentes sociais e institucións públicas e privadas. Así o define o artigo 7 da mencionada lei. Dentro desta obriga de promover a prevención de riscos no traballo, a consellería recorre á figura do convenio de colaboración para poder incidir dun xeito máis directo nas accións de fomento, formación e divulgación informativa de prevención naqueles sectores de actividades ou con aquelas institucións, asociacións ou entidades que están chamadas a desenvolver un papel esencial dada a súa proximidade cos beneficiarios das accións na consecución dos resultados, duns resultados óptimos, na tarefa común da loita contra a sinistralidade.

Así, ademais das accións directas de promoción da prevención de riscos laborais que a Xunta de Galicia realiza, hai que dicir que cobra relevancia unha segunda vía de actuación: a colaboración cos axentes sociais e económicos galegos que teñen recoñecido durante anos un papel esencial na promoción, na organización e implantación das actividades de prevención de riscos laborais, tanto no que se refire á for-

mación de empresarios, traballadores e delegados de prevención como ao establecemento de mecanismos de prevención e mellora das condicións de seguridade e saúde no marco da negociación colectiva e de asociacións actuantes en sectores de alto risco, no sector da pesca, da construción, *pizarras* ou siderometal, ou ben en actividades económicas nas que se considera necesaria a implantación da idea da integración preventiva.

Na organización do traballo no sector de servizos esta filosofía tamén impregnou, señor conselleiro, o traballo, na anterior lexislatura, da Dirección Xeral de Relacións Laborais. Por esa razón foi creado, por exemplo, o Igasel, derrogado por vostedes.

Por certo, hai que dicir que en Galicia temos un problema engadido, cerca do 95% das empresas son PEME, son pequenas empresas. A lei non considera a existencia de delegados en prevención de riscos en negocios con menos de seis traballadores. Por iso no Partido Popular de Galicia, no Grupo Parlamentario Popular, avogamos polo establecemento e pola consolidación dunha cultura da prevención –aí estamos absolutamente de acordo, señor conselleiro–. Esta cultura só se acadará coa posta en común de esforzos e coa concienciación de que a seguridade e a saúde no traballo son unha tarefa na que debemos involucrarnos os diferentes actores con responsabilidades neste eido: os empresarios, os traballadores, os seus representantes, as diversas administracións e a sociedade no seu conxunto.

A cultura preventiva é fundamental para avanzar na seguridade e na saúde no traballo. Neste senso é preciso concienciar a sociedade, seguir concienciando a sociedade, de que a seguridade e a saúde no traballo continúen, primeiramente como un elemento fundamental para garantir os dereitos dos cidadáns, pero resulta ademais un factor de desenvolvemento, de tal xeito que existe unha correlación segundo a cal os países con maior e máis seguridade no traballo, con menores índices de sinistralidade, son tamén os máis desenvolvidos. Así mesmo, resultan especialmente positivas as accións orientadas a incidir en actividades de alto risco, como é o caso do sector pesqueiro –do que vostede nos falou aquí–, da construción –da que vostede nos falou aquí–, do siderometal –do que nos falou vostede aquí–, ou da lousa, a través de plans sectoriais específicos como os impulsados durante a pasada lexislatura. Polo tanto, señor conselleiro, vostede con-

tinúa cunha clarísima liña de actuación similar á anterior, non en van ten no seu equipo parte do equipo da anterior consellería. Son actuacións que se completan con accións de promoción e información en materia de prevención, incentivando e apoiando a creación de servizos de prevención mancomunados en polígonos industriais, dos que nos falou aquí, e máis amplamente desenvolvendo tamén campañas de control das condicións de acreditación dos servizos de prevención e de impulso á súa acreditación voluntaria en calidade. Insisto, está seguindo coa política de accións, en canto a plans sectoriais, levadas a cabo pola anterior consellería, e, se non, mire a memoria da área da seguridade e saúde laboral, por exemplo, do pasado exercicio.

Por outra banda, os mecanismos de coordinación entre as administracións en materia de seguridade e saúde laboral, como o convenio asinado entre a Xunta de Galicia, a Fiscalía Xeral do Estado e a especialización dos fiscais con destino na nosa terra nesta materia, cremos que son ferramentas clave cara á redución da sinistralidade. O fiscal xeral do Estado, Conde Pumpido, o 18 de maio, nunha reunión cos sindicatos en Madrid, informou sobre a rede de fiscais especialistas que aínda non está implantada en todas as comunidades; en Galicia, si. E, como se dixo esta mañá e no día de onte, haberá que repetir e reiterar as cousas para que queden, para que persistan na memoria, porque ás veces se pretende modificar a realidade.

Vostede falábanos dun convenio firmado coa fiscalía en certa materia hai poucos días, semanas, o 18 de maio, pero eu estou a falar do convenio firmado en abril de 2005 entre a Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais e a Fiscalía Xeral do Estado para mellorar a eficacia das actuacións da fiscalía en materia de prevención de riscos laborais, articular a cooperación técnica e os mecanismos de información entre ambas institucións e mellorar a especialización dos membros do ministerio fiscal da Comunidade Autónoma en determinados delitos de carácter laboral. Así, acordábase a asignación a cada unha das catro provincias –e mais a Vigo, por razóns obvias– dun fiscal especializado na investigación de delitos relacionados coa seguridade e a saúde laboral. Este acordo entre as dúas partes ten unha duración de dous anos –teño que recordarllo á Cámara– a partir da firma, que foi en abril. E durante a vixencia do convenio a Xunta deberá proporcionarlle á Fiscalía Xeral toda a información que lle sexa solicitada acerca

da sinistralidade laboral en Galicia. Ademais, a fiscalía deberá ser invitada a todas as reunións que manteñan os comités provinciais de seguridade e saúde laboral e deberá ter acceso aos informes que sobre esta materia realice a Dirección Xeral de Relacións Laborais. En liñas xerais, ese –reitero–, señorías, señor conselleiro, era o acordo firmado en abril de 2005.

Por certo, hai poucos días que a fiscalía, señor conselleiro, denunciaba que se informaba dos sinistros polos periódicos. Os fiscais e o fiscal xefe pedían a máxima colaboración da Inspección de Traballo e da Xunta para facilitar informes das inspeccións realizadas e datos daquelas empresas sobre as que recae unha proposta de sanción. Gustaríame que nos falase sobre este particular.

A especialización dos fiscais con destino en Galicia nesta materia son, a xuízo do Grupo Parlamentario Popular, ferramentas clave cara á redución da sinistralidade. Os propios fiscais consideran que é necesaria incluso unha policía específica, un corpo especializado, unha unidade de intervención rápida, para profundar na loita contra a sinistralidade laboral a través posiblemente da Policía autonómica.

En canto á Inspección de Traballo, se ben é certo que vostede anunciou –acábao de dicir agora e anunciouno repetidas veces– o incremento de sete efectivos máis para Galicia –cinco en Pontevedra, como dicía, e dous para Ourense–, hai que dicir, señor conselleiro, que a reforma do marco normativo de prevención de riscos laborais operada pola Lei 54/2003 supoñía un incremento xa de forma significativa da cifra de inspectores destinados na nosa Comunidade Autónoma, así como da dotación aos técnicos de prevención dos centros provinciais do Instituto de Funcións Comprobatorias para maior eficacia do seu labor. O certo é que Galicia segue a ter un inspector para cada 25.000 traballadores, mentres que a media da Unión Europea é de un para cada 10.000, polo que aínda estamos moi lonxe. Para o Grupo Popular é fundamental –e así se vén reclamando– a transferencia das competencias en materia de inspección de traballo na nosa comunidade. Vostede dábanos o dato do 18% máis como un logro, e está claro, señor conselleiro, que fan falta máis efectivos en materia de inspección de traballo.

Preguntámonos, ademais, señor conselleiro, cando se van incorporar estes novos efectivos que xa tiñan que estar...

A señora PRESIDENTA: Señora López Abella, pediríalle que fora rematando.

A señora LÓPEZ ABELLA: Si, vou rematando, señora presidenta.

Gustaríanos saber cando se van incorporar estes efectivos, que xa deberían estar operando hai tempo en Galicia. O equipo de inspectores terá que velar pola seguridade de 1.142.500 ocupados que existen actualmente na nosa comunidade, unha media de case 25.000 empregados por inspector. Máis da metade dos 39 inspectores de traballo no día de hoxe repátese entre A Coruña e Pontevedra, con 18 e 12 profesionais respectivamente; Lugo conta con 6 e Ourense con 3, aos que se lles sumarán eses 2 que dicía vostede. E un reparto parecido na categoría de subinspectores, cun total de 25.

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señora López Abella.

A señora LÓPEZ ABELLA: Reiteramos que nos parecen fundamentais todos os esforzos en materia de sinistralidade laboral, e espero poder ampliar máis a miña intervención na segunda rolda.

Moitas grazas, señora presidenta. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señora López Abella.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, ten a palabra o señor Blanco Parga.

O señor BLANCO PARGA: Bos días, señora presidenta.

Bos días, señoras deputadas, señores deputados.

No ano 2005 en Galiza seis de cada cen traballadores tiveron un accidente laboral; foron 48.040 accidentes de traballo, dos cales 103 foron mortes. Os accidentes leves de Galiza representan o 5,2% do Estado; os graves o 10,2%; e as mortes, o 10,4%. A poboación ocupada de Galicia é aproximadamente o 5,5% do Estado, e os accidentes con mortes o 10,4%.

Desde a publicación da Lei 31/1995, de prevención de riscos laborais –van alá once anos–, na Galiza morreron en accidentes laborais 1.148 traballadores até decembro de

2005. Até abril de 2006, 1.166 traballadores e traballadoras morreron en Galiza desde a publicación da Lei de prevención de riscos laborais. Pero para comparar a realidade da gravidade do problema hai o índice de incidencia, que ás veces se confunde coa porcentaxe –que non é así–, que é o número de mortos dividido pola poboación ocupada e multiplicado por 100.000. Pois na referencia que teño pechada dun ano calquera, por exemplo do 2003, o índice de incidencia na Galiza foi do 12,33%; no mesmo ano 2003, no Estado foi do 7,59%, e en Alemaña do 1,74%. ¿Estamos pois ante unha desgraza casual? E digo isto porque, a teor sobre todo da última intervención que acabo de escoitar, paréceme que facemos moito fincapé en curar a ferida, pero non o enfermo. A ver se me explico.

É certo que hai que ver o tema da prevención, da inspección, pero, ¿cales son as causas estruturais deste diferencial, de que o índice de incidencia na Galiza sexa o 12,33% e o 1,74% en Alemaña? ¿Cales son as causas estruturais? Porque non é casualidade, e esa para min é a raíz do problema. É dicir, temos unha altísima precariedade laboral e unha altísima taxa de temporalidade. Non é casual que o número de accidentes dos traballadores e traballadoras temporais sexa moito máis alto que o dos traballadores fixos e o das traballadoras fixas.

A probabilidade que ten un traballador ou traballadora temporal de ter un accidente é dun accidente cada once anos; un traballador ou traballadora fixo, un cada vinte e cinco anos. Este para min é o problema, e tamén a precariedade. E temos os salarios máis baixos do Estado. O outro día, a semana pasada, nunha visita que houbo aquí na que viñan traballadoras e traballadores dunha residencia privada da Coruña, dicían que o seu salario era de 619 euros netos ao mes. Ese é un problema tamén que afecta aos accidentes laborais, porque con eses salarios, ¿alguén pensa que pode ter a cabeza posta no traballo oito horas, tendo que atender outras cuestións fundamentais para a súa vida? Diso non se fala, e iso é o que teñen que atallar as mesas de diálogo social.

Nós, segundo o Instituto Galego de Estatística, temos que o 33% das familias galegas ingresan menos de 1.000 euros ao mes; o 33% do noso país ingresa menos de 1.000 euros ao mes; e o 60% chega con dificultades a final de mes. Iso é o que ten que atallarse, porque estamos, señorías, dian-

te dun problema estrutural. Dei a referencia de accidentes laborais na Galiza logo de once anos desde a Lei de prevención de riscos laborais –que é unha referencia no mundo do traballo–: 1.166 mortos e mortas. A media do índice de incidencia é o quince coma algo –altísimo–, e o problema da precariedade laboral que padece o noso país é estrutural, non é produto dun ano, é produto de políticas de atrás e das altísimas taxas de temporalidade. E a confianza que ten o Grupo Parlamentario do BNG está nas mesas de diálogo social. É certo que non podemos estar á espera dos resultados deses mesas, que son complexas, pero tamén é certo que co resultado positivo desas mesas é como poderemos mudar a situación actual. E é ben certo que a consellería está actuando no inmediato, porque tamén é a súa responsabilidade, non pode ser espectadora do que está a pasar. E nese actuar no inmediato, nós debemos destacar cuestións que entendemos que son importantes e non menores.

Falouse noutra comparecencia, e repetiuse hoxe, do acordo coa fiscalía, que cremos que é importante, con tres piares fundamentais: información ao fiscal de accidentes; partes médicos que especifican cando se trata dun accidente laboral, que hai que trasladalos á fiscalía; indagación de delitos de risco para previr accidentes; e mesmo garantir a execución de sentenzas condenatorias, que ata o de agora non se cumpren. Temos casos e falaremos nesta Cámara –non en Pleno, en Comisión, esta mesma semana– dunha traballadora con 33 sentenzas a favor, ¡trinta e tres!, e estou falando dunha Administración pública, dun concello do PP, ¡trinta e tres sentenzas a favor, e non se cumpren!

Aumento da inspección de traballo... Señora López Abe-lla, eu creo que, aínda que non podemos coincidir exactamente nas cifras, si é certo que estamos moi lonxe do obxectivo dun inspector/inspectora por número de traballadores ou traballadoras. Estamos moi lonxe, pero é certo que pasamos de 39 a 46 este ano. Cremos que é un éxito e cremos, efectivamente, que a Inspección de Traballo ten que ser transferida á Xunta de Galicia. Niso podemos coincidir, é certo que hai que aumentar o número de inspectores/inspectoras de traballo; agora, non podemos desvalorizar que pasemos de 39 a 46.

Actuacións en sectores produtivos. No sector pesqueiro, o ano pasado, 2005, 17 mortos. Todos teremos na cabeza o *Sempre Casina*. Mañá e pasadomañá hai un congreso en

Vigo: a situación do Plan “Vixía” da consellería. Convenio entre a Consellería de Traballo e os sindicatos agrarios. Hai que dicir que neste sector –no que semella que hai poucos accidentes laborais–, por desgraza, moitos dos accidentes que se producen contabilízanse como accidentes de tráfico, e iso tamén hai que corrixilo. E un parque vello, un parque de maquinaria agrícola envellecido, e iso tamén haberá que corrixilo. E temos o 12% da poboación neste sector.

O tema da construción explicouse aquí. O 53% dos accidentes laborais mortais na construción son caídas de altura. Un plan de choque específico que se acaba de expor aquí.

Un protocolo de colaboración asinado pola consellería coas tres organizacións sindicais galegas máis representativas –a CIG, UXT e Comisións– e coa patronal para formar a máis de 3.400 traballadores e traballadoras, preferentemente delegados de prevención, este ano.

Efectivamente, no tema dos parques empresariais, Galicia ten só 67 empresas que pasen de 500 traballadores e traballadoras. O panorama empresarial galego é dunha altísima dispersión: pequenas empresas, Peme, efectivamente; son empresas que, incluso, efectivamente, ao ter menos deses traballadores, non teñen dereito a ter delegados de persoal, e ese é un problema. Nese sentido é fundamental que nos parques empresariais haxa os SPM, os servizos de prevención mancomunados, para corrixir esta fragmentación empresarial, porque hai que dotar estas pequenas empresas dos mecanismos que non teñen e que as grandes empresas si poden ter. Ese papel é fundamental.

En calquera caso, estamos ante medidas que intentan curar a ferida, e hai que tomalas. E hai que aumentar o número de inspectores e de inspectoras. Pero a gran medida é que os traballadores e as traballadoras do noso país teñan o nivel de vida doutras economías máis avanzadas; porque, se non atallamos altas taxas de temporalidade e de precariedade, seguiremos curando a ferida. E ese non debe ser o obxectivo nin é o obxectivo estratéxico deste Goberno nin desta consellería. As mesas de diálogo social, algo non realizado polo Goberno do PP en dezaseis anos, teñen ao final, todas elas no seu conxunto, ese deseño estratéxico: cambiar a situación laboral do noso país. Efectivamente, se iso o cambiamos, estaremos incidindo nestas altísimas taxas de sinistralidade laboral, que son das máis altas –nisto si que

somos cabeza– do Estado, que eu manteño que non é ningunha sorte nin desgraza divina senón o resultado de malísimas políticas laborais feitas durante moitos anos.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Paz Franco): Moitas grazas, señor Blanco Parga.

Ten agora a palabra, polo Grupo Parlamentario dos Socialistas, a señora Pérez Herraiz.

A señora PÉREZ HERRAIZ: Grazas, señora presidenta.

Grazas, señor conselleiro, pola súa información.

Señora López Abella, nesta ocasión moi claramente –en xeral, pero nesta ocasión moi claramente– o señor conselleiro non falou para nada de “imos facer”, falou de feitos, falou de realidades, falou de accións concretas, con recursos e con compromisos de avaliación. Polo tanto, non hai esa continuidade da que vostede fala. Evidentemente, hai unha mínima continuidade que requiren as propias institucións, pero a forma de traballar asegúrolle que é completamente diferente.

O Goberno anterior, ata o de agora –e pode vostede comprobalo no *Diario de Sesións*–, este problema que é tan grave e que afecta tan directamente á vida, porque afecta á mesma vida das persoas, como calquera outro problema, tentou minimizalo. Recomendolle que revise o *Diario de Sesións* e pode comprobalo. Unha primeira diferenza, e unha diferenza –na miña opinión– moi importante, é esa: que o Goberno actual reconece que estamos a falar dun problema moi grave e que, polo tanto, hai que afrontalo con todo o rigor, seriedade e esforzo que sexa necesario.

Hai moitas causas relacionadas coa sinistralidade. En sectores de especial incidencia para os que hai accións concretas, como detallou o señor conselleiro, como poden ser pesca ou construción, o modelo de relacións laborais que se promoveu ata o de agora e ao que se refería tamén o anterior interviniente é redución de custos, falta de formación, subcontratacións sucesivas. Estamos seguros de que o diálogo social aberto no Estado e en Galicia, aínda que é certo que require un tempo, vai obter os recursos, a estabilidade e as garantías que non tiña ata agora.

Outro problema relacionado coa sinistralidade é a temporalidade. Como vostede sabe, e xa falamos noutros plenos, este Goberno, non os anteriores, ten accións concretas para mellorar a temporalidade, vencellando as subvencións a que se acaden unhas taxas mínimas de estabilidade.

Outro problema que destacaba a fiscal coordinadora de Sinistralidade Laboral na Coruña, por exemplo, é que o 30% dos accidentes se produciron por infraccións graves da Lei de prevención de riscos, que, como se ten falado ata agora, é unha lei que xa ten moito tempo, e ten que haber algo que falla na súa implicación.

A Lei de prevención, como dicimos, é do ano 1995. Vou-lles ler algo que figura na exposición de motivos; unha modificación que tivo esta lei xa no ano 2003. A análise destes problemas, a subsistencia de índices de sinistralidade laboral non desexados, pon de manifesto, entre outras cuestións, unha deficiente incorporación do novo modelo de prevención e unha falta de integración da prevención na empresa que se evidencia en moitas ocasións no cumprimento máis formal que eficiente da normativa.

Nun plan de acción desenvolto polo Goberno central no ano 1998 dicía: “Esta sinistralidade que se padece nos diversos sectores non obedece só a unha maior actividade económica e a un maior nivel de ocupación, senón que, entre outras cousas obedece á falla dunha verdadeira cultura da prevención xeneralizada en todos os ámbitos da sociedade, ao insatisfactorio do cumprimento da nova normativa de prevención de riscos e ao descoñecemento das vantaxes que supón unha axeitada prevención de riscos laborais. Porén, mentres tanto, o Goberno galego daquela centraba o problema na actividade económica e na maior ocupación; aínda que, por certo, tampouco se daba a dita maior ocupación.

Derivado deste plan estatal, houbo en Galicia un plan con accións teóricas para o ano 1999-2000, do que lle podó recordar algunhas cuestións que se tiñan que ter feito, e así lle destaco outra diferenza e, polo tanto, non continuidade entre estes dous gobernos. Por exemplo, nese plan figuraba: “Ampliar e dotar de maior cualificación os recursos do Instituto Nacional de Seguridade e Hixiene dos órganos técnicos das comunidades autónomas”. Non se fixo. “Impulsar, intensificar e mellorar a actuación preventiva no ámbito das administracións públicas, especialmente mediante a crea-

ción de servizos de prevención de unidades para as auditorías do sistema de prevención e un plan de formación específico para directivos e funcionarios”. Non se fixo. “Establecer un convenio marco entre as administracións laborais e educativas para o impulso da cultura preventiva”. O dito convenio non se fixo. “Estudar e adoptar medidas para o fomento dos investimentos destinados a promover a mellora do medio de traballo e o perfeccionamento dos niveis de protección a través de subvencións e concesións de axudas para a mellora das condicións de traballo con aplicación dos principios establecidos no artigo 15 da Lei de prevención de riscos”. Non se fixo. “Promover a coordinación entre a Fiscalía Xeral do Estado, a Inspección de Traballo e Seguridade Social e as autoridades laborais das comunidades autónomas”. Agora, no 2006. Estoulle a falar dun plan do ano 1999-2000. Fíxoo o novo Goberno.

O Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral, derivado deste plan do ano 1999, púxose en funcionamento no ano 2004. ¡Fíxese vostede, algo tan importante con canto atraso. Pero, por exemplo, no ámbito estatal, na Comisión Nacional de Seguridade e Saúde estatal, os axentes sociais participan no equipo directivo; no Consello galego, non. E este, entre outros, foi un dos moitos motivos que obrigaron a este Goberno a derrogalo, porque estaba rexeitado fortemente polos axentes sociais. Polo tanto, é preciso modificalo, e niso se está, e agora vaise modificar de verdade.

Polo tanto, quero insistir, antes había o recoñecemento do problema con pouca forza, sen repercutir en accións, mesmo con rexeitamento de moitas iniciativas nas que se propoñían accións concretas. Agora recoñécese con claridade o problema, deséñanse accións con diálogo e con compromiso da súa revisión, e con outra cuestión moi importante, con orzamento para desenvolvelas.

Falounos o conselleiro de moitas accións, penso que todas elas moi importantes, como sensibilizacións, formación, control e vixilancia, e desenvolvemento. Falaba vostede do convenio coa Fiscalía —o que se firmara o ano anterior—, pero faltáballe unha ferramenta moi importante, que foi o protocolo que se firmou hai pouco e do que falamos na anterior sesión plenaria.

Polo tanto, o Grupo Socialista destaca este cambio, destaca esta distinta forma de afrontar un problema que, evi-

dentemente, é moi grave, pero queremos de todos modos trasladarlle algunhas peticións, señor conselleiro. Pensamos que é posible mellorar os datos estatísticos sobre este problema, que sexan trimestrais, por concellos, por comarcas e por sectores de actividade. Consideramos que é urxente a posta en funcionamento do novo Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral como órgano tripartito e de participación real e que asuma as competencias que hoxe están espalladas en varias consellerías, como Traballo, Sanidade e Industria, etc. Consideramos que pode ser tamén de utilidade dar publicidade ás accións firmes por infraccións moi graves; que valore a súa consellería a posibilidade de que haxa un delegado territorial para os centros que individualmente carezan de delegado de prevención polo seu tamaño, por se isto puidera repercutir en máis seguridade, ou que se busque a forma para que nestes centros máis pequenos, nos que a aplicación da lei estritamente é máis difícil, se garanta a maior seguridade. E que se busque solución para o problema que destacaba hai uns días tamén na prensa esta fiscal, da convivencia das empresas con distintos plans de prevención, pero que traballan simultaneamente nas grandes obras, o que ás veces fai que estes plans, por incompatibilidade entre si, perdan eficacia. Non sei cal é a mellor forma, se un plan conxunto, medidas de coordinación, unha solución que mellore esta situación. E, por último, que se traballe cunha revisión permanente das accións, por se fora necesario modificalas, posto que o que é realmente preciso é conseguir reducir todo o que se poida a actual sinistralidade laboral.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Paz Franco): Moitas grazas, señora Pérez Herraiz.

Ten agora a palabra, para a súa rolda de réplica, o señor conselleiro don Ricardo Varela Sánchez.

O señor CONSELLEIRO DE TRABALLO (Varela Sánchez): Moitas grazas, señora presidente.

Efectivamente, quero agradecer a intervención dos grupos e tamén, ademais, as suxestións; algunhas delas están, efectivamente, poñéndose en marcha, como a coordinación clara das grandes obras, a través precisamente destes equipos especiais para traballos sobre estas grandes obras, que o

que tratan é de coordinar todas as actividades que en materia de protección as distintas empresas poñen en marcha. Pero, en calquera caso, parecen todas de gran interese e serán, sen dúbida, tidas en conta.

E digo que quero agradecer as intervencións dos voceiros porque nesta materia –como dicía ao principio da miña intervención–, delicada, moi sensible, que afecta á economía, como se dixo no seu momento, pero que afecta fundamentalmente ás persoas e ás familias, debemos ser todos moi coidadosos. Por iso tamén agradezo especialmente a intervención e o ton da representante da oposición, porque, efectivamente, este é un ámbito onde todos temos unha determinada responsabilidade. Indubidablemente, o Goberno ten maior responsabilidade que ninguén nesta materia, pero hai cuestións de ámbito estrutural, como as que comentaba aquí o señor Blanco, nas que hai que traballar seriamente para tratar de reducir esta situación. Se analiza vostede con calma as actas deste Parlamento, verá que a oposición nesta materia sempre tentou de ter unha posición construtiva; quizais a única crítica aceirada –que se poida considerar– no tempo en que gobernaba o Partido Popular e tiña responsabilidades nesta materia fose sobre o feito de que non se puxera enriba da mesa con toda a súa crueza a realidade da situación, porque, como digo, falaba o responsable, o portavoz do BNG, sobre as causas, non sobre a ferida, que xeraban esta situación.

Eu teño unha especial preocupación, unha considerable inquietude, sobre a determinación que fai diferenciar a evolución e a situación da sinistralidade en Galicia con respecto ao conxunto do Estado. Temos todos unha preocupación común, no Estado e en Galicia, xunto coa Unión Europea, por reducir os índices de sinistralidade, pero temos unha preocupación singular e diferenciada en Galicia sobre o resultado da evolución dos datos que temos enriba da mesa con respecto á accidentabilidade. ¿Por que razón? ¿Cal é a razón pola que tendo, como se comentou aquí, un 5,5% de porcentaxe de poboación ocupada na actividade laboral no noso país temos en relación coa sinistralidade de carácter mortal uns índices que dobran exactamente esa participación que temos na actividade e no mercado de traballo en España e na ocupación? ¿Por que dobran os sinistros de carácter mortal os de carácter grave ou leve? ¿Cales son as razóns que producen que estes accidentes, os máis preocupantes –todos os son–, os que supoñen a perda de vidas,

dobren exactamente o noso peso en ocupación? Hai moitas razóns e hai que traballar unha por unha en todas elas se queremos tratar de reducir eses índices. A temporalidade é unha delas, pero non xustifica, como ningunha das outras, que se dobren exactamente os niveis de sinistralidade mortal. Temos uns índices de temporalidade por riba da media nacional. Está perfectamente constatado que a temporalidade é un elemento que provoca unha maior sinistralidade. Os traballadores que teñen un contrato temporal asumen unha carga de accidentes laborais moi superior á porcentaxe de ocupación que teñen no mercado laboral; polo tanto, é un elemento diferenciador que seguramente axuda a explicar esta situación.

Temos máis pequenas empresas que no conxunto do Estado. A fragmentación do tecido empresarial de Galicia é moito maior. As pequenas empresas ocupan a gran porcentaxe de actividades no noso país. E tamén sabemos –temos constatado, temos estudado– que nas pequenas empresas se produce máis accidentabilidade. Ese é outro factor.

Temos un importante peso no sector pesqueiro en Galicia, que, loxicamente, non existe noutras comunidades, e sabemos tamén que o sector pesqueiro é un sector afectado polos sinistros laborais, e especialmente afectado por sinistros laborais de carácter grave, porque, efectivamente, é unha actividade dura, complicada, onde se producen accidentes neste sentido.

Estes son algúns dos elementos. Hai outro elemento que ten relación con algún tipo de accidente laboral: os accidentes *in itinere* e en horario de traballo en relación co sector do transporte. Galicia ten unha maior sinistralidade nas estradas, e iso tamén se reproduce nos sinistros de carácter laboral.

Polo tanto, hai uns cantos elementos estruturais sobre os que temos que traballar se queremos reducir de xeito importante, considerable, os sinistros en Galicia, e os sinistros de carácter mortal especialmente. Logo temos que facer actuacións puntuais en sectores, en actividades e en territorios para completar o abano de actividades que ten a Administración, que teñen os empresarios, que teñen os traballadores nesta materia; actividades das que lle falaba na miña intervención con respecto a aqueles sectores que teñen un máis alto risco, con respecto a aquelas empresas que están por enriba da media de accidentes do seu sector, con respecto, en

fin, a todas aquelas actuacións que poden colaborar para que teñamos unha maior eficacia nas nosas actuacións.

Falou aquí vostede dalgunhas cousas nas que nós estamos traballando porque consideramos que poden achegar resultados de interese para tratar de minorar os accidentes e a sinistralidade laboral. Falaba vostede do convenio da fiscalía, e dicía que é un convenio firmado no ano 2005. Iso é certo. Tamén é certo –e é bo recordalo– que ese convenio que firma o Goberno de Galicia no seu momento é un convenio derivado dun acordo deste Parlamento, dunha iniciativa presentada por este deputado, porque nós xa tiñamos naquel momento a sensación de que era unha peza imprescindible a colaboración da fiscalía, a participación da fiscalía, nesta materia, para que puideramos mellorar os nosos resultados. Por iso presentamos aquela iniciativa, con certa resistencia, por certo –hai que dicilo–, por parte do Goberno, pero finalmente conseguimos que fose aprobada, e, froito diso, chegouse a ese acordo –a verdade é que bastantes meses máis tarde– para que as fiscalías dispuxeran dun fiscal que se fora especializando en materia laboral e que permitira unha maior eficacia con respecto ao seu funcionamento.

Lembraba vostede na súa intervención a declaración dunha fiscal na que dicía –díxoo vostede textualmente, e é a realidade– que sabían de moitos accidentes laborais pola prensa. E está ben utilizado o tempo verbal “sabían”, porque precisamente o convenio que firmamos o outro día é para evitar que se informaran a través dos medios de comunicación do que estaba pasando, porque se firmara o acordo con respecto á incorporación nas fiscalías, de fiscais especializados nesa materia, pero non se puxera en marcha un mecanismo de coordinación –ao que nos obriga, por certo, a Lei de prevención de riscos laborais a todos– necesario para que ese funcionamento fora adecuado. E ese mecanismo firmado o outro día posibilita que a conexión entre a autoridade laboral, as inspeccións de traballo, a fiscalía e os responsables de sanidade sexa efectiva e poida facer que todos poidamos cumprir coas nosas obrigas. Di o propio acordo que resulta necesario salientar a necesidade de que a Inspección de Traballo acuda con inmediatez ao lugar do accidente, elabore o informe correspondente e llo remita ao Ministerio Fiscal e ao xulgado. Para garantir esa inmediatez establece un sistema de comunicación directo entre a Policía xudicial e a Inspección de Traballo, para que esta se desprace acompañada, se é o caso, polos órganos técnicos de seguridade e

saúde laboral da Consellería de Traballo ao lugar do suceso, coa finalidade de valorar os medios de protección colectiva e individual, o conxunto das circunstancias concorrentes no momento do accidente e mais a súa relación coa normativa preventiva, se fose de aplicación. En definitiva, que a coordinación precisa dea os seus froitos para a represión das condutas delictuosas con respecto ao dereito penal, ademais de castigar ao incumpridor, para que sexa eficaz o labor que ten que facer a autoridade laboral e a fiscalía.

Polo tanto, temos enriba da mesa dous elementos en relación coa fiscalía que deben de operar positivamente: en principio, que haxa especialización, e, en segundo lugar, que haxa coordinación entre as distintas administracións que teñen responsabilidades nesta materia.

Outro elemento que nos parece a nós que é moi importante para tratar de reducir os altos índices cos que estamos castigados en materia de sinistralidade laboral é o que fai referencia aos mecanismos de inspección, de control e de vixilancia. Efectivamente, dicía vostede na súa intervención –e falaba da insuficiencia das inspeccións e do incremento que se vai producir– que era un incremento insuficiente. Creo que na súa intervención dicía exactamente algo así coma se fose absolutamente insuficiente e moi tarde, que se tardara moito. É certo. Tardouse moito, esa é a realidade. E moi lonxe. Porque eu penso que a posición de reclamación con respecto a uns maiores efectivos en materia de inspección se tiña que facer hai tempo, e é absolutamente certo que, aínda co incremento destes sete inspectores –que se incorporarán proximamente en canto se resolva o proceso de selección deles–, nós consideramos que a inspección en Galicia segue sendo insuficiente. Imos seguir traballando exactamente igual que o fixemos desde que chegamos á consellería para que se produza un incremento da inspección nos próximos anos porque consideramos que é insuficiente. E, efectivamente, ten vostede razón, é moi tarde, porque isto se tiña que facer hai moito tempo, ou polo menos reclamalo.

Polo menos tivo que haber unha posición belixerante –permítame que utilice ese termo– con respecto á Administración do Estado, ao Ministerio de Traballo, sobre a necesidade de que en Galicia houbera máis inspección. Porque hai algunhas provincias especialmente deficitarias en materia de inspección, e coincide ademais que na provincia onde temos menos efectivos e máis necesidades en materia de inspec-

ción, que é a de Pontevedra, é onde temos maior sinistralidade. Non quero facer unha relación inmediata entre ambas as dúas cuestións, pero si que é certo que se produce esa circunstancia. Polo tanto, nós necesitamos incrementar esa inspección, ímolo facer dun xeito inmediato e imos seguir traballando co ministerio porque consideramos aínda insuficiente a inspección. Como ben dicía vostede, temos que chegar a unha ratio moito menor entre o número de traballadores e o inspector asinado para o control da seguridade.

E como consideramos tamén que é necesario que os nosos propios efectivos –que estaban un pouco ou bastante infrautilizados– dos gabinetes de Seguridade e Saúde Laboral teñan unha posición máis activa, máis eficaz e, polo tanto, máis fructífera nesta materia, queremos proceder á homologación. Que se podía decidir ou non desde a Administración dar ese paso, pero queremos proceder á homologación dos técnicos dos nosos gabinetes para que, efectivamente, teñamos na rúa traballando en materia de seguridade moitos máis efectivos de vixilancia, control e inspección que nos axuden a ter un resultado máis positivo sobre esta materia.

E falaba vostede tamén do Igasel, do instituto. A verdade é que non entrou moito en detalle e eu tampouco vou entrar. Simplemente lle direi que a decisión que se toma no seu momento é porque nós percibimos desde as partes implicadas no desenvolvemento, en materia de seguridade, unha insatisfacción –imos deixalo aí– sobre o deseño que tiña o instituto, e, polo tanto, consideramos necesario que ese deseño fora plenamente compartido con aqueles que son os destinatarios finais das medidas en materia de seguridade laboral, é dicir, os empresarios e os traballadores, coa participación obrigada, pola responsabilidade que temos nesa materia, da Administración, pero, en calquera caso, que fora plenamente compartido, asumido, porque pensamos que é a condición necesaria para que fose plenamente eficaz tamén.

Deixémolo aí. Detectamos insatisfacción e corriximos o modelo para que se poida, a través desas mesas de diálogo, deseñar un modelo compartido. E teño que dicirlle que sobre o proxecto presentado pola consellería nesa mesa de diálogo para discusión, modificación, cos axentes sociais, hai un avance moi considerable, moi positivo, e creo que xa hai un compartimento bastante común por todas as partes sobre o que debe de ser o deseño final dese instituto de seguridade para Galicia.

Falaba vostede dalgunhas cuestións que, loxicamente, compartimos e nas que estamos traballando. A cultura da prevención e as políticas de sensibilización con respecto á seguridade son fundamentais. Eu penso que hai unha insuficiente cultura, unha insuficiente sensibilización no noso país con respecto á necesidade de protexerse, de coidarse, no ámbito do traballo, e iso é algo que temos que facer entre todos. Indubidablemente, os efectos das políticas de sensibilización, das campañas de culturización con respecto á seguridade, dan resultado a medio ou longo prazo. Pero temos a obriga de estar permanentemente traballando nesta materia, porque se somos capaces de que os tres elementos fundamentais que operan sobre a seguridade, é dicir, se a cultura e a sensibilización, a información e a formación, e o control e a vixilancia funcionan de xeito aceptable, e se somos capaces de controlar e modificar eses elementos estruturais que inciden de xeito negativo en incrementar as nosas taxas de sinistralidade dos que falaba ao principio da miña intervención, estou seguro de que a medio prazo poderemos estar constatando que hai unha redución salientable en materia de seguridade.

Quero dicirlle que os datos que temos ata hoxe enriba da mesa nos primeiros meses do ano nos indican algo que en principio nos debe producir certa satisfacción: hai un incremento, efectivamente, como comentaba a súa señoría, no que se refire aos índices de incidencia de accidentes en xornada laboral do 2,6%, pero tamén é certo que en termos absolutos temos unha redución do 44% en accidentes mortais, e do 38% se falamos do índice de incidencia. Tocamos madeira e, en calquera caso, dicimos que calquera das dúas táboas que analicemos destes cinco primeiros meses, a do ano 2005 ou a do ano 2006, son, desde o punto de vista da consellería, insuficientes, pero, en calquera caso, se temos que quedar con algunha, quedamos coas táboas deste ano, nas que a redución salientable onde temos o principal problema é nos accidentes mortais, como lles dicía ao principio da miña intervención.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor conselleiro.

Rolda de réplica dos grupos parlamentarios.

Polo Grupo Parlamentario Popular ten a palabra a señora López Abella.

A señora LÓPEZ ABELLA: Moitas grazas, señora presidenta.

Efectivamente, estamos de acordo, señor Parga, en que unha das consecuencias máis graves da alta temporalidade laboral é a sinistralidade laboral. A verdade é que os datos nos din –concretamente fago referencia a un estudo elaborado pola consultora Adeco– que a temporalidade laboral en Galicia seguirá crecendo durante os próximos meses. Este informe de Adeco augura que aumentará de en torno ao 23 ao 37% até setembro. Haberá que estar vixiante, señor conselleiro, sobre este dato, porque, efectivamente, unha das consecuencias máis graves, insisto, da alta temporalidade laboral é a sinistralidade laboral.

A consellería, señor Varela, non pode esperar a resolver, ou derivar ás mesas sectoriais, que van lentas, que foron moi lentas na súa constitución e que seguen indo moi lentas, cuestións tan graves como a sinistralidade laboral. Vostede falaba de que cando era oposición non facía críticas aceiradas respecto destas cuestións. Nós tampouco queremos facer críticas aceiradas desta cuestión, pero si estamos realmente preocupados, por iso solicitamos xa hai varios meses a súa comparecencia para que nos falase, por exemplo, do Plan galego contra a sinistralidade laboral, porque o grupo maioritario desta Cámara, señorías, ten que decatarse polos periódicos do que vai facer a Consellería de Traballo, e, iso si, decatámonos ben, teño que recoñecer que nos decatamos moi ben, porque vostedes son capaces de vender a mesma noticia tres, catro ou cinco veces. Teño que recoñecer, señor conselleiro, señor Varela, que vostede é todo un campión nisto do “vou facer”, e tamén en seleccionar e en fichar. Pero iso é outra cousa, outra cuestión, aínda que ás veces as mesture. Vostede xa me entende.

Mire, pónolle exemplos prácticos á Cámara para explicar mellor a que me refería. O 30 de decembro concretamente do 2005 díciase: *“La Xunta de Galicia presentará durante el primer semestre de este año un plan estratégico de prevención de riesgos laborales, dividido en siete ejes de actuación, con la intención de frenar la siniestralidad laboral. El presidente de la Xunta, Emilio Pérez Touriño, ha anunciado etc.”*. Salto varios titulares máis para non alongarme e chego ao 26 de abril. *“Otra das medidas que se están a levar a cabo na loita contra a sinistralidade é a elaboración do Plan estratéxico para a prevención dos riscos laborais en Galicia”,* que

di o señor conselleiro que se presentará como proposta, etc. ¿U-lo Plan estratéxico de prevención, señor conselleiro? E o mesmo pasa co Instituto de Seguridade e Saúde Laboral. Desde que o derrogaron, o 28 de outubro de 2005, empezaron a anunciar a creación dun novo instituto. O 25 de novembro, Pilar Cancela, directora xeral de Relacións Laborais, anunciou en Silleda a presentación da pretensión de axilizar un órgano autonómico de control. *“Pilar Cancela considero que el Igasel no permitía articular planes por lo que esperaba crear a corto plazo”* –non sei que entenden por curto prazo: un ano, dous...– *“un ente, un organismo autónomo, dependiente de la consellería que permita articular programas de prevención de los accidentes de trabajo”*.

O 25 de abril, Vigo: “O anteproxecto de lei do organismo institucional de seguridade e saúde laboral estará listo antes do verán. O titular de Traballo fixo estas declaracións no acto de conmemoración, etc.”. O 28 de abril, Pontevedra: “A Xunta creará o próximo ano 2007 o Instituto Galego de Seguridade Laboral”. *“El conselleiro de Trabajo anunció en Pontevedra la próxima creación del Instituto Galego e Seguridade Laboral para luchar contra la siniestralidad”*.

Titulares, titulares señor conselleiro. Pero, polo menos, póñanse de acordo: ¿no primeiro semestre, a curto prazo, a prazo curto, para o 2007? ¿Para cando, señor conselleiro? ¿Para cando o novo instituto, nun momento en que estamos nunha situación realmente complicada? O que non entendo, señor Varela –e voulo reiterar unha vez máis–, sendo o problema da siniestralidade tan grave, é como foron capaces, sen ter unha alternativa, de acabar cun instituto galego de seguridade e saúde laboral, porque foi o primeiro que fixeron ao chegar. Vostede dicíao hai uns instantes na súa intervención, tendo en conta ademais que foi froito do máximo consenso posible. E antes da súa creación os axentes sociais fixeron achegas que na maior parte foron integradas no decreto de creación, que ademais se someteu ao consenso do Consello Galego de Seguridade e Saúde Laboral e ao ditame do pleno do Consello Galego de Relacións Laborais.

O Igasel supoñía, entre outras cuestións, contar cunha estrutura funcional que permitise dar resposta máis eficaz á problemática da prevención dos riscos laborais en Galicia; traballar desde unha perspectiva máis globalizadora, tratando de superar tratamentos parciais sobre a seguridade e a saúde no traballo a través da debida coordinación; e darlles

maior relevancia á participación e ao asesoramento na política de prevención de riscos laborais da nosa comunidade aos axentes sociais, coa súa intervención máis fluída e continua na programación e planificación no eido da seguridade e saúde laboral de Galicia, acadando a súa maior implicación na política preventiva da Xunta de Galicia.

Polo tanto, señor conselleiro, o Grupo Popular non ten máis remedio que non estar de acordo con vostede e co seu nivel de satisfacción porque leva un ano co “vou facer”. Vostede falaba dunha serie de plans que xa estaban artellados por parte da anterior consellería, que aparecen recollidos na memoria do 2005. E, tendo un instrumento como o Instituto Galego de Seguridade Laboral, o primeiro que fai é suprimilo. Entendo que teña que aplicar os seus propios criterios, pero que non pase un ano sen criterios que aplicar, señor conselleiro...

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando, señora López Abella.

A señora LÓPEZ ABELLA: Que non pase un ano sen criterios que aplicar.

O Grupo Parlamentario Popular –e vou rematando, señora presidenta– é consciente da enorme transcendencia do tema do que estamos a falar, por iso solicitamos esta comparecencia, señorías; e queremos darlle ao Goberno, como non pode ser doutro xeito, a lexítima oportunidade de ofrecer as súas solucións para esta problemática. Pero precisamente reclamamos iso: que vostedes propoñan algo que saia das medidas propagandísticas e comecen a facer políticas en maiúsculas nun tema que así o require.

Máis nada e moitas grazas.

Esperamos a súa contestación a respecto do Plan estratéxico de riscos laborais e de cando estará ese instituto en funcionamento, porque de verdade cremos que é un instrumento que é necesario poñer a funcionar, e non sabemos se será no 2007, se será neste primeiro semestre, que xa non queda ano, ou se será a finais de ano ou a curto prazo.

Grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señora López Abella.

O señor Blanco Parga, polo Bloque Nacionalista Galego, ten a palabra.

O señor BLANCO PARGA: Moitas grazas, señora presidenta.

Eu quero felicitar –e que non sirva de precedente– ao Partido Popular por traer este tema á Cámara, porque eu, que veño do mundo do traballo, constato que o tema da sinistralidade laboral moitas veces é unha desgraza humana e familiar e moitas veces pasa cun certo silencio social. Entón, que poidamos falar na Cámara, coas referencias que se deron e con certo rigor –aínda que eu ao final me permitirei, coma sempre, algunha liberdade dialéctica, xa que, desde a Lei de riscos laborais, de novembro de 1995, na Galiza morreron 1.166 traballadores e traballadoras–, eu creo que é importante e que serve, machuconamente na cabeza, para evitar que isto se manteña. Eu manteño, valla a redundancia, que son causas estruturais; e para que os nosos traballadores e traballadoras non vaian ao traballo a sufrir un accidente, debemos atallar as causas estruturais.

En calquera caso, insisto en que hai medidas que ás veces non se valoran, como o tema –e aquí acaba de comentarse– da homologación dos técnicos dos gabinetes de saúde laboral, que é unha proposta que os sindicatos lle fixeron ao anterior Goberno da Xunta e que non se levou a cabo, efectivamente, para aumentar os controis e as inspeccións nas fábricas e nos postos de traballo. Os pactos de estabilidade foron motivo de comparecencia no pleno anterior, pero, efectivamente, para evitar a temporalidade en determinados sectores –a temporalidade, que é un dos motivos que incrementa as posibilidades dun sinistro laboral, para nós tamén é importante, e incluso agradezo tamén o ton non triunfalista, porque un político sempre tende a porse medallas–, sería fácil hoxe aquí, e non ético –pero sería fácil–, dicir que, efectivamente, desde xaneiro a abril deste ano morreron 18 traballadores e traballadoras aquí na Galiza, pero que morreron dez menos que no mesmo período do ano 2005. E un podería, a partir de aí, emitir un discurso. Eu agradezo que non se fixese, porque morreron 18, e son moitísimos. É certo que son dez menos que no mesmo período anterior, pero é certo que poden ser cuestións casuais, non simplemente de medias, ou en parte de medias e en parte casuais. Entón, eu tamén agradezo que isto non se tome incluso na política a curto prazo, que moitas veces tan dado é o noso país, por desgraza, a facer, e que non se utilice isto para dicir

que as cousas van ben. As cousas, aínda morrendo menos traballadores neste período, de xaneiro a abril, van mal e hai que corrixilas, e niso estamos, e niso está o Goberno.

Eu creo que o pacto coa fiscalía é importante. O Partido Popular di que se informa polo periódico. Eu non lles quero quitar os cartos aos medios de comunicación, pero usen a páxina *web*, que é gratis, e informaranse vostedes. É mais barata e é máis instantánea, se me permiten, aínda que hoxe os xornais teñen tamén páxinas informáticas e poden informarse no momento. Aquí, quen quere, pode facelo. E aquí, nesta Cámara, señora López Abella, levamos falado de accidentes laborais en comisión e en pleno; e na primeira comparecencia, cando o Goberno colleu as rendas, alá no mes de setembro, falou de accidentes laborais. Eu alégrome, e por iso felicito ao seu grupo por traer este tema, sen ánimo de crear precedentes, que non teño eu tendencia a cometer estes erros políticos. Pero non é un tema que estivese alleo á vida parlamentaria no que levamos de lexislatura, e eu creo que así debe seguir porque é un tema gravísimo, de enormes custos sociais.

E hai un tema que aínda non tratamos, do cal hoxe tamén quero verter polo menos unha certa referencia: enfermidades profesionais. Non só a sinistralidade, senón as enfermidades profesionais. Temos en determinados sectores enfermidades profesionais que non están suficientemente detectadas ou controladas: tema –...–, tema canteiras, etc. Xa vexo que tomou nota. É un tema do que xa se falou algo nesta Cámara, pero haberá que volver a el.

E como eu son, xa llo dixen algún día, señora López Abella, simple, e vostede poñía exemplos prácticos, pois permítame un exemplo práctico: eu non sei se sabe vostede onde queda Chantada, en Lugo. Pois, claro, falando de precariedade, alí a bibliotecaria municipal, de oitenta e pico anos, non se podía xubilar porque non tiña cotización. Ese é un exemplo práctico: precariedade, oitenta e pico anos e non se podía xubilar porque non tiña cotizacións. Concello de Chantada, Lugo.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Blanco.

Polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia ten a palabra a señora Pérez Herraiz.

A señora PÉREZ HERRAIZ: Grazas, señora presidenta.

Señora López, vostede quere que se fale aquí dos problemas. Revise a cantas comparecencias e peticións nosas respondeu o Goberno anterior. E esta comparecencia é a petición súa. Estase a falar aquí dun problema, evidentemente, moi importante e moi grave, a petición súa. Iso non lle aseguro que non pasara nunca, pero si lle podó asegurar que era moi moi excepcional.

Falou vostede tamén da repercusión da temporalidade. Esta é a primeira vez que se está a traballar con rigor para evitar a temporalidade. É a primeira vez que se vencellan as subvencións ás empresas condicionadas a que acaden obxectivos en estabilidade de emprego. Polo tanto, estase a traballar tamén dunha forma moi diferente. Eu penso que a colleu a vostede o conselleiro un pouco co pé cambiado, porque está vostede empeñada en reclamarlle o bo facer cando el non falou do bo facer. El falou de feitos, de accións concretas, que precisamente pola gravidade do problema e pola urxencia era preciso poñer en marcha antes dos resultados do diálogo. Evidentemente, as cuestións decididas e acordadas por consenso teñen moita máis estabilidade; polo tanto, é moito máis probable que os resultados desas accións sexan bos. Pero precisamente, como hai cuestións urxentes que non poden esperar, a consellería desenvolveu unha serie de accións; polo tanto, non lle falou para nada do bo facer.

Con respecto ao plan, aínda que non sexa moito, aínda non rematou o primeiro semestre, señora López. Ao mellor o plan apróbase cun certo atraso, ao mellor cun atraso mínimo, pero, de todos modos, aínda non rematou o primeiro semestre; e aínda que haxa un pouco de atraso, uns días, un mes, na aprobación dese plan, o feito de que se aprobe con diálogo e con consenso, igual que o novo instituto, daralle maior estabilidade e funcionará moito mellor.

Non sei tamén por que insiste vostede na continuidade, porque quedou evidente que a forma de afrontar este problema é completamente diferente, e moitos compromisos postos enriba da mesa polo propio Goberno anterior –eu penso que llo dixen con toda claridade– non os desenvolveron. Por exemplo, o da fiscalía, a coordinación coa fiscalía, que estaba prevista nun plan do ano 1998 para o ano 1999 e 2000. Empezáronse a dar os pasos no ano 2005 e remataron no ano 2006. Polo tanto, a diferenza paréceme substancial.

A nosa conclusión, a do Grupo Parlamentario Socialista, sobre esta comparecencia, sobre o traballo que se está a facer para minimizar, para diminuír un pouco, a sinistralidade, á parte de coincidir co señor Blanco na importancia e na diferente forma de abordar o problema –unha das diferenzas máis importantes é que o Goberno anterior o que non facía era recoñecer a gravidade dos problemas, e o primeiro que hai que facer para mellorar unha situación é recoñecer a situación na que se está–, é que se está a traballar, na nosa opinión, para mellorar o modelo de relacións laborais vixente, que é, como vimos, unha das cuestións que repercute na sinistralidade; estase a traballar para rebaixar as taxas de temporalidade, para mellorar a estabilidade laboral; estase a traballar para mellorar a aplicación da normativa con máis vixilancia, con máis control e mesmo con sancións; e estase a traballar para mellorar a cultura da prevención, a conciencia e a sensibilidade da poboación xeral sobre este problema.

O Grupo Socialista quere unicamente insistirle na necesidade da revisión permanente das accións para garantir a súa efectividade.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señora Pérez Herraiz.

Para a rolda de peche ten a palabra o señor conselleiro de Traballo.

O señor CONSELLEIRO DE TRABALLO (Varela Sánchez): Grazas, señora presidenta.

Señorías, comparto plenamente a intervención dos voceiros, tanto do PSdG como do BNG, como non podía ser doutro xeito, porque, ademais, temos coincidido sempre nesta materia cando estabamos sentados nos bancos da oposición. E loxicamente esa coincidencia se produce tamén no momento en que temos que levar á práctica as políticas que nós defendemos desde a oposición.

Señora Abella, le vostede moita prensa, está moi atenta á lectura da prensa e ás cousas que se din. Eu non sei se é que eu estou efectivamente trasladando en moitas ocasións as políticas da consellería desde a prensa ou é que le vostede demasiado e lle presta máis atención que o común dos cida-

dáns. En calquera caso, está ben. Pero se fixera vostede, ademais, un exercicio máis con respecto á prensa –que eu llo pido– e fora ás hemerotecas e lera a prensa dos últimos catro anos, antes da chegada deste Goberno, chegaría seguramente vostede á mesma conclusión á que cheguei eu no seu momento e boa parte dos cidadáns deste país. E é que o problema da sinistralidade laboral, desde a perspectiva do Goberno, nos últimos anos non existía. Non atopará vostede nin unha soa declaración neste Parlamento, nin unha soa declaración nun ámbito público, nin unha soa declaración do Goberno de Galicia nos últimos anos nos que gobernaban vostedes que puxera enriba da mesa que tiñamos un problema en materia de sinistralidade. Non atopará vostede ningunha declaración onde se recoñecese que temos exactamente o dobre de índice de sinistralidade de carácter mortal que ten o resto do país. En ningún momento ese problema estivo enriba da mesa. Por iso, se hai algunha actuación en materia de sinistralidade da que este conselleiro poida estar orgulloso, é precisamente ter recoñecido ese problema, poñelo enriba da mesa, sendo conscientes, como somos perfectamente conscientes, de que iso ten un alto custo político, porque é un problema que temos que resolver. Pero estamos absolutamente persuadidos de que é absolutamente imposible que, sen a participación da sociedade, sen o coñecemento pleno da sociedade de que temos un problema, sexamos capaces de poñer as medidas para resolvelo.

Temos que ter persuadidos a empresarios e a sindicatos da necesaria implicación nesta materia para poñer as pezas que poidan resolver este problema. E iso é o que fixo fundamentalmente esta consellería e este Goberno. Por iso –como dicía o señor Blanco– se discute nesta Cámara desta materia, porque antes non se discutía desta materia, señoría. Porque antes non se quería falar desta materia neste Parlamento. E eu díxenlle que consideraba que as posicións máis razoables con respecto ao que afecta á sinistralidade laboral, e, por tanto, á vida das persoas, á súa integridade física, é algo que temos que tratar con moito coidado, con moita delicadeza. Por iso eu, cando subín aquí, non quixen facer especial fincapé no feito que vostede esquece cando fai a súa intervención que nos últimos anos –durante os gobernos que tiveron vostedes a responsabilidade de dirixir nos últimos anos– en Galicia se duplicara exactamente o número de sinistros laborais, pasando de vinte e pico mil a corenta e pico mil. Esa é a realidade e ese é un problema ao que vai custar moito traballo darlle a volta, moito esforzo. O primeiro dos esforzos

–como lle dicía na miña intervención, nas miñas primeiras palabras– é poñer enriba da mesa o problema; iso é o primeiro. E a partir de aí, as medidas para tratar entre todos de modificar esa situación.

Mire, señoría, nós derogamos o Igasel porque nunca funcionou. Porque, se fora un instrumento eficaz e útil para a loita contra a sinistralidade deste país, pode vostede ter absoluta seguridade de que nós non derogariamos ese instrumento. Pero é que, sinxelamente, nunca chegou a funcionar, non tivo este organismo nin a primeira reunión, porque non crían nel, porque non crían nese organismo aqueles que tiñan que pilotalo –coa excepción, loxicamente, da Administración que o puxera en marcha–. Por iso decidimos que había que facer un organismo consensuado, compartido entre todos. Por iso, señoría, está nesa mesa de diálogo social a discusión do proxecto que lles presentamos a empresarios e sindicatos sobre o que debe ser o Igasel. Por iso, señoría, está tamén nesa mesa o Plan estratéxico para a seguridade no noso país.

E cando fala vostede de datas e cando as mestura, debería de facelo con certo rigor. Cando nós falamos do primeiro semestre deste ano estamos falando do período de discusión sobre o que debe ser o Igasel e o plan estratéxico. E cando falamos do 2007 falamos da aspiración que temos de que nese ano, nos presupostos do 2007, poida estar contemplado ese Instituto de Seguridade de Galicia e poida estar contemplado e ser efectivo o plan estratéxico que estamos discutindo con empresarios e sindicatos.

Eu sei ben, señoría, que a tentación dun goberno pode ser a de pasar de lado desas pretensións que teñen as partes de participar coa súa opinión na elaboración do instituto, ou na elaboración do plan, e tirar en solitario e poñer en marcha políticas que despois non teñen efecto. Esa foi a tentación á que vostedes sucumbiron, iso foi o que fixeron nos últimos anos, precisamente poñer enriba da mesa medidas de carácter laboral que non estaban pactadas nin consensuadas nin participadas polos axentes económicos e sociais deste país. E nós, aínda co risco de que poida supoñer un determinado atraso pór en marcha estas medidas, queremos que se fagan con consenso, con discusión e con diálogo. Por iso no primeiro semestre deste ano temos a discusión desta materia nas mesas e queremos que no ano que vén estean acordadas e sexan efectivas, e esperamos que así sexa nos

presupostos do ano que vén. Esa é, señorías, a secuencia temporal, e é a secuencia temporal lóxica, ademais, a que se debe de producir.

Di vostede que non traemos aquí medidas concretas. Eu fixenlle un relatorio –que non quixo ser moi prolixo– das medidas que se están poñendo en marcha por parte da consellería á espera destas dúas columnas que deben de sustentar a nosa seguridade laboral: medidas en relación co incremento dos efectivos para o control e a vixilancia, medidas en relación coa cultura da seguridade, medidas en relación coa sensibilización da seguridade, medidas concretas en sectores e empresas que están por riba da sinistralidade laboral, campañas informativas, campañas divulgativas... Todo iso fíxoo esta consellería. Pero, ademais, señoría, é que estamos traballando sobre as estruturas básicas que determinan un maior nivel de sinistralidade no noso país; na temporalidade, por exemplo. Estamos traballando e temos acordos que poden ser efectivos, e deben de ser efectivos no futuro, para a redución da temporalidade no noso país. Por exemplo –e fállese aquí–, os cinco acordos sectoriais para a estabilidade no emprego firmados coa hostalería, firmados coa industria agroforestal, firmados co comercio, firmados coa construción ou firmados co metal. Convenios, señoría –pioneiros, por certo, no conxunto do Estado–, firmados pola Administración con sectores produtivos que se comprometen a acadar unhas taxas determinadas de estabilidade laboral. Esperamos que esas taxas nos permitan neses sectores reducir a sinistralidade laboral. E iso é traballar sobre a estrutura. Como é traballar sobre a estrutura pór en marcha medidas de subvención para as empresas, para a contratación, que teñan unha relación directa e inmediata co nivel de estabilidade que teñen esas empresas, directa e inmediata. E se non hai estabilidade, non pode haber subvención ou axuda para a estabilidade, como ocorría no pasado. E, polo tanto, estamos tamén a tratar de modificar esas estruturas.

Estamos tamén tratando de modificar, señoría, un elemento que é moi importante no incremento da sinistralidade laboral: a subcontratación, no ámbito estatal e no ámbito galego. Porque pensamos nós que, se non somos capaces de atallar aqueles elementos que condicionan, desde o punto de vista das grandes estruturas do mercado de traballo, que Galicia estea nesa situación anómala e estraña, cun nivel que duplica os sinistros laborais do resto de España, dificilmente poderemos atallar isto no futuro.

Vai levar tempo, señoría, porque o que non se fixo durante moitos anos hai que facelo agora. E esa dramática curva crecente dos últimos anos que chegou duplicar a sinistralidade laboral deste país nun curto período de tempo ten moito traballo por diante para tratar de freala e tratar de reconducila en sentido inverso. Pero estou seguro de que o imos facer entre todos e estou seguro, ademais, da sensibilidade da súa señoría, que nisto vai contribuír na medida das súas posibilidades.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor conselleiro.

Pasamos agora a substanciar o punto cuarto da orde do día, de mocións.

Moción do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Antonio Rodríguez Miranda, sobre a situación dos funcionarios cesados en postos de libre designación aos que aínda non se lles asignou un posto de traballo

A señora PRESIDENTA: A esta moción non se lle presentaron emendas.

Ten a palabra o señor Rodríguez Miranda.

O señor RODRÍGUEZ MIRANDA: Moitas grazas, señora presidenta.

Despois de falar deste tema que nos ocupou ata agora, de tanta transcendencia e de tanto calado a nivel laboral e incluso social, este outro tema pode parecer menor. Pero, en todo caso, imos seguir falando dun tema relacionado cos problemas dos traballadores, neste caso cos problemas dos traballadores na Administración. E como de todos é coñecido, esta moción de hoxe vén a colación en relación coa interpección presentada precisamente no último pleno, nese pleno no que chegamos a falar de matemáticas no sentido de que recordabamos cómo se producira un cambio de goberno en Galicia e que quen ostenta ese Goberno non é precisamente o grupo maioritario desta Cámara, o que era un feito, aínda que alguén o discutía. Apuntabamos como, cando se producía un cambio de goberno, habitualmente había cambios nas consellerías, reestruturacións, e iso implicaba tamén cambios que afectaban directamente aos propios traballadores da

Administración. Eses cambios provocaban que traballadores, que funcionarios de carreira que estaban ocupando lexitimamente os seus postos de traballo, fosen cesados; e se son traballadores que ocupan postos de libre designación poden ser cesados lexitimamente e de forma discrecional porque a lei así o permite. Neste caso dicimos que o cese afectaba a un número importante, que eu naquel intre cualificaba de masivo, aínda que ao señor conselleiro non lle gustou, entón recualifícoo e digo que é un número importante. Concretamente, segundo os datos da propia consellería, trescentos traballadores foron cesados nos seus postos obtidos por libre designación. Tamén comentabamos que cando un funcionario é cesado nun posto de libre designación, responsabilidade que lle corresponde ao titular da consellería onde estea situado o posto que está ocupando, debíase ter en conta que ese conselleiro que o cesa debe asumir unha nova responsabilidade: volver cubrir ese posto –evidentemente, entendemos que con outro traballador que el considere máis axeitado–, pero tamén debe responsabilizarse de recolocar a ese traballador que cesou. Ese é o feito, e é aí onde está a problemática, porque hai unha falta de responsabilidade por parte das consellerías para volver recolocar a eses traballadores cesados en postos de libre designación. E esa falta de responsabilidade recae precisamente, sobre todo, no responsable máximo en materia de función pública, que é o señor conselleiro de Presidencia. Pasaron nove meses desde que chegou este Goberno, cesaron eses trescentos traballadores en postos de libre designación, e aínda hoxe temos esperando cerca de cen traballadores.

Diciamos aquí o outro día o señor conselleiro que non había hoxe ningún traballador que estivera sen posto de traballo. Eu teño que dicir, señor conselleiro, que vostede faltou á verdade ante este Parlamento. Dixo que non había ningún traballador en posto que cualificaba como “cero cero” das RPT, e iso é faltar á verdade. Hoxe segue habendo traballadores que están no corredor, que están sen un posto de traballo perfectamente definido nas RPT; que non están nin tan sequera en adscrición provisional, como vostede pretendía confundir mesturando dous conceptos completamente distintos. Eses cerca de cen traballadores están aí aparcados, esquecidos, illados, e hoxe xa lle poderemos sumar, ou se non en breve, outros cen máis, porque tamén sabemos que hai cen traballadores que novamente van quedar sen posto de traballo xa que os seus van ser ocupados por outras persoas que os obtiveron en concurso. A ver se, efectivamente, eses novos

100 traballadores tamén van ter que esperar outros nove meses máis para ser recolocados de xeito definitivo.

A consellería competente en materia de función pública é a responsable de velar para que os funcionarios cesados nas diferentes consellerías sexan novamente recolocados coa garantía dos seus dereitos. Con todo, desde o Grupo Popular estamos a ver como se descoida o cumprimento destas obrigas cos traballadores da Xunta e que non se respecta o principio de eficacia na xestión dos fondos públicos.

Podémoslle escoitar a cotío ao Goberno declaracións dos responsables de función pública sinalando que se van reducir os postos de libre designación ata un 63%, pero os feitos non van polo mesmo camiño. Os feitos dinnos que en menos dun ano levan feitas máis de 450 convocatorias de libre designación, que seguen existindo –como o señor conselleiro confirmaba aquí no último pleno–, entre funcionarios e laborais, 1.500 postos de libre designación, pois ata o día de hoxe non se reduciu nin un só posto de libre designación, senón que, ao contrario, se suprimiron numerosos postos, concretamente de xefes de sección, por exemplo, e no seu lugar creáronse postos de xefe de servizo. Os xefes de sección cóbrense por concurso, os xefes de servizo cóbrense por libre designación, e ademais a súa cobertura estase realizando sen respectar en absoluto o seu currículo profesional; o que importa é poñer aí un funcionario que teña os requisitos técnicos, pero non importa que sexa máis ou menos experto no posto que se lle vai asignar.

Por certo –vólvollo recordar–, aínda non se suprimiron eses mil altos cargos prometidos; a ver cando van empezar. Pola contra, vemos con que falla de sensibilidade se trata os funcionarios cesados, dándose unha situación de auténtico *mobing* –podíamos falar do *mobing* do esquecemento–, e con que falta de responsabilidade, ademais, se gastan recursos públicos, tendo funcionarios ociosos por desidia e por abandono. Por isto temos que traer esta moción á Cámara. Unha moción que pretende precisamente que se aprobe un regulamento no que se precisen de forma clara unha serie de aspectos. Non dicimos que tipo de regulamento; pode se un decreto, pode ser unha orde, pode ser unha instrución, unha resolución, a forma que vostedes queiran adoptar.

¿E que debe regular? Primeiro, debe regular un procedemento para que no caso daqueles funcionarios que volven á

Administración despois dun tempo ausentes, dunha excedencia, da situación de servizos especiais, de calquera situación administrativa, e a Administración lles asigna un posto novamente, ambas as partes saiban como se debe facer. Iso será unha garantía para o funcionario, unha garantía para o traballador, e será un límite e un deber para a Administración. ¿Deste xeito que tratamos? Tratamos de eliminar ao máximo a discrecionalidade ou incluso a arbitrariedade nesta asignación de postos.

En segundo lugar, pedimos tamén que se regule un procedemento específico para recolocar novamente aqueles funcionarios que ocupando un posto teñen que deixalo de xeito forzoso –ben sexa un posto obtido por concurso, ben sexa un posto obtido por libre designación–, para que se garanta a súa rápida recolocación, e por iso pedimos que se fixe unha demora non superior a tres meses. É dicir, que un funcionario cesado nun posto non estea máis de tres meses á disposición do conselleiro, sen traballo, aparcado nun rincón, para que non se repita precisamente a situación que se está dando na actualidade, é dicir, para eliminar a discrecionalidade novamente.

E, en terceiro lugar, pedimos nesta moción –plantexamos a necesidade– de que se aprobe tamén unha norma de carácter regulamentario na que se regule a concesión das comisións de servizo. É verdade que vostedes aprobaron unha resolución, pero é unha resolución de concesión de comisións de servizo que para nada recolle criterios obxectivos, simplemente limita tempos, e o problema das comisións de servizo está precisamente no carácter discrecional. Sabemos que é un mecanismo para asignar postos en caso de urxencia e necesidade, non para utilizalo habitualmente, por iso pedimos que nese regulamento se establezan criterios obxectivos para asignar as comisións de servizo e, desde logo, evitar o que ocorreu nos últimos meses, nos que se levan concedidas máis de 800 comisións de servizo.

Polo tanto, parécenos que esta é unha moción seria, que vai na liña de eliminar ao mínimo imprescindible a arbitrariedade e incluso a discrecionalidade dos órganos da Administracións nos reingresos e na recolocación dos funcionarios que perdan o seu posto de traballo. É unha forma de afondar, se cabe, na profesionalidade dos funcionarios públicos, de garantir o seu dereito ao cargo, xa recollido e aínda vixente na Lei de funcionarios civís do Estado do ano 1964,

de protexer os funcionarios de revanchas políticas, para que sigan sendo a garantía da continuidade na Administración cando se producen cambios políticos no Goberno, para que se leve a cabo unha axeitada xestión dos recursos humanos e económicos. É dicir, que a discrecionalidade política en materia de xestión de recursos humanos na Administración se limite ao mínimo imprescindible, de xeito que todo isto redunde en favor do realmente importante, que é...

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Rodríguez Miranda.

O señor RODRÍGUEZ MIRANDA: Xa remato, señora presidenta. Dez segundos.

Digo que para que todo isto redunde no importante, que é, como digo, o artigo 103 da Constitución, segundo o cal a Administración debe servir con obxectividade os intereses xerais, e entre outros cita expresamente a obrigatoriedade de cumprir...

A señora PRESIDENTA: Grazas, señor deputado.

O señor RODRÍGUEZ MIRANDA:... o principio de eficacia.

Espero a súa colaboración para acadar isto. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Intervención dos grupos parlamentarios.

Polo BNG ten a palabra o señor González Mariñas.

O señor GONZÁLEZ MARIÑAS: Grazas, señora presidenta.

En efecto, no pleno do pasado día 7 deste mes xa tratamos esta cuestión. En realidade non se fixo soamente o pasado día 7 no pleno, senón antes en repetidas ocasións, porque, como dicía eu ese día, non sabía como cualificar a interpretación que entón debatemos, se de recorrente, cíclica, epiléptica ou repetitiva, e manifestaba ou expresaba a miña esperanza de que o Grupo Popular non trouxese aquí unha moción sobre esta mesma cuestión. Pero ben, aí está, e realmente as palabras que digo non quero que se tomen nin como descortesía parlamentaria nin sequera como un atisbo de negar todo o dereito que ten o Grupo Popular, como cal-

quera outro grupo parlamentario, a formular as iniciativas que teña por conveniente, ¡faltaría máis!

Pero ¿que é o que pasa? O que pasa é que a posición que ten o Goberno e que teñen os grupos parlamentarios que apoian o Goberno nesta cuestión está máis que clara. Terá que comprender, señor Rodríguez Miranda, que custa traballo estar á altura da súa teimudez en traer aquí esta cuestión unha e outra vez. En calquera caso, intentareino de novo.

Entendo que esta é unha cuestión que está non soamente clara senón ademais fundamentada solidamente e dabondo explicada nesta Cámara. O Goberno anunciou a remisión dun proxecto de lei de reforma da Lei de función pública de Galiza que o conselleiro expuxo, por outra parte, nese pleno do día 7 no seu contido esencial; ademais é unha reforma –como a súa señoría coñece– urxente, que hai que viabilizar por vía de urxencia, porque é preciso introducir canto antes reformas derivadas da necesidade de definir mellor os dereitos e o status do persoal da Administración autonómica e reflectir tamén toda esa lexislación derivada da igualdade, da non discriminación por razón de xénero, mesmo da violencia deste carácter, e de tantas e tantas outras cousas que entendemos que non admiten demora –o noso grupo comparte plenamente esta opinión–, que deben ser incorporadas canto antes á nosa lexislación da función pública tamén en materias de persoal interino e de persoal eventual.

Pois ben, señor deputado, neste texto, e a carón destas cuestións tan importantes como algunhas que acabo de enumerar, tamén terá acollida a solución desta cuestión dos funcionarios de libre designación, e, por suposto, tamén das comisións de servizos; cuestións que parecen menores pero que teñen, indubidablemente, importancia, aínda que teñan unha menor dimensión global. Nese novo marco legal, o sistema de designación e de cesamento destes funcionarios recibirá, como se ten exposto, un tratamento novo, e desde o noso grupo traballaremos para que sexa suficientemente garantido.

Ante todo, o conselleiro ten anunciado que se abandonará ese criterio tradicional –inventado por vostedes por outra parte, ou aplicado por vostedes na Comunidade Autónoma– de trazar, de tracejar, unha liña no organigrama, e aplicar logo automaticamente o sistema de libre designación a todos os postos de traballo que superen un determinado nivel de complemento de destino. Esta é unha forma de proceder,

unha metodoloxía, obsoleta, antiga, non é unha boa metodoloxía, e está previsto –e así se anuncia desde o Goberno– que se mudará ese criterio por outro máis flexible e redutor, realizando unha determinación destes postos, que sempre serán necesarios en calquera administración pública, en razón de factores xustificados, factores ben motivados, e cun efecto redutor importante. É certo que o conselleiro falaba da subsistencia, aproximadamente, da metade dos actuais postos que vostedes posibilitaron no sistema, isto non se debe esquecer, e con isto reducirase cuantitativamente o problema. Mais, á parte disto, a nova lei é unha magnífica oportunidade que non deberíamos en absoluto desbotar para mellorar tamén cualitativamente este réxime nalgúns destes aspectos que vostede formula, na duración da provisionalidade deses funcionarios, na mellor definición do réxime “a disposición de”, e todo isto, señor Rodríguez Miranda, nós entendemos que debe de facerse por norma de rango legal. Mesmo a lei pode –e nós pensamos que sería bo que o fixera–, establecer pautas legais para a determinación polas RPT, polas relacións de postos de traballo, deses outros postos de carácter directivo de especial responsabilidade, que quedarían suxeitos a este procedemento de libre designación.

Pois ben, se a próxima lei vai regular estas cuestións, señor Rodríguez Miranda, ¿ten algún sentido facer agora unha norma regulamentaria, un regulamento, antes da lei que teoricamente debería de desenvolver? Eu non sei se esta é unha moción seria como vostede di, non lle nego a seriedade, pero o que si lle nego é o mínimo rigor e corrección técnico-xurídica. Isto non é razoable, señor Rodríguez Miranda, senón máis ben o mundo ao revés.

Unha nova lei de función pública de Galicia requirirá que se dicten novos regulamentos de desenvolvemento, e entre eles tamén, non o dubide, novos regulamentos de provisión de postos de traballo, promoción profesional e promoción interna, que actualmente fai, como a súa señoría ben coñece, ese Decreto 93 do ano 1991, que lle volto recordar que é un produto da creación lexislativa dos anteriores gobernos do Partido Popular. Aí é onde se regulan esas –parecer ser– atrocidades que vostede agora quere cambiar. Aí régulanse esas cuestións da libre designación, da situación en que os funcionarios quedan.

Isto é así, pero invertido. O procedemento lóxico de creación normativa –que non lle teño que recordar– é primeiro

a lei e logo o regulamento, e inverter ese proceso de creación normativa é un contrasentido. Non teño por que defender a posición concreta do Goberno, pero creo recordar que o conselleiro o que dixo no pleno do día 7 é que non hai ningún funcionario en situacións irregulares, están na situación determinada pola norma que vostedes fixeron. Creo que esas foron as súas palabras, polo menos o sentido global do que dixo o señor Méndez Romeu no anterior pleno. Se subsiste algún problema concreto, señor Rodríguez Miranda, entendo que haberá que acelerar o proceso para resolver esas cuestións, haberá que incrementar os esforzos nese sentido. Pero ¿que se necesita para iso? Actos concretos, resolucións, non normas. Vostede cun regulamento non estaría, nin sequera teoricamente –á parte do que dixer–, acelerando o proceso de resolución. Necesítanse actos singulares, resolucións que se poden tomar perfectamente neste momento e que son nas que se está a traballar; non remitir todo isto, como na súa moción pretende, á emisión extemporánea –entendemos– dun regulamento que, ao mellor, dentro de pouco tempo, se o proceso legislativo vai áxil, quedaría derogado pola nova lei.

Polo tanto, despois destas consideracións, entenda o Grupo Parlamentario Popular que o Grupo do BNG vai votar en contra desta moción.

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor González Mariñas.

Polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ten a palabra a señora Sestayo Doce.

A señora SESTAYO DOCE: Moitas grazas, señora presidenta.

Moi bos días, señoras deputadas e señores deputados.

Señor conselleiro, antes de nada unha aclaración. Como parece que se fixo referencia á cuestión que se discutira no pasado pleno sobre quen era a maioría, do que esta deputada que fala discutíu, e mesmo o volvo dicir, é sobre quen gañara as eleccións, que é o texto exacto da súa interpelación; dicía que o Partido Popular gañara as eleccións. Eu o que lle dicía, señor Rodríguez Miranda, é que, se o Partido Popular gañara as eleccións, seguramente nas primeiras bancadas teríamos un Goberno do Partido Popular, e segura-

mente, ao mellor, se gañaran as eleccións, en vez dun borrador de lei da función pública, ao mellor teríamos un “decreto”. Iso era o que dicía.

Unha vez máis, como dicía ben o representante do Bloque Nacionalista Galego, vimos plantexar un tema que tamén resulta difícil de cualificar. Dicía vostede que non é un tema menor, e, desde logo, creo que non se está tratando como un tema menor porque foi obxecto de resposta en Comisión por parte do director xeral de Función Pública, foi obxecto de cumprida resposta por parte do señor conselleiro neste pleno, foi obxecto de debate en interpelación, e agora, unha vez máis –e custa xa ser orixinal–, en moción. Non sei, comentábame algún compañeiro se queda algún trámite de remoción ou de moción bis, porque seguramente, se existira –e ao mellor para iso queren cambiar o regulamento–, tamén a traeríamos.

En todo caso, a cuestión que o deputado formulante desta moción plantexa está baseada en dúas perspectivas diferentes. Unha está baseada nuns datos, os que ten vostede;, e outra está baseada nunha perspectiva normativa. Tentarei dar resposta ou dar argumentación para as dúas.

Respecto dos datos que vostede se empeceña en manter, creo que aquí quedou acreditado, houbo unha resposta clara, que esas situacións que aparecen denunciadas unicamente por vostede, unicamente polo seu grupo, non existen na realidade. E o certo é que non existe ningunha reclamación sobre ese particular. Entón, por moito que se empeñen en dicir o mesmo, non se vai converter en realidade.

Eu creo que isto xa é unha táctica de oposición que pode ser todo o lícita que vostedes queiran –eu non vou discutir a tarefa de oposición do Partido Popular, ¡faltaría máis!, non estou para iso–, pero parece que o que queren é que a mentira contada cen mil veces se convirta en realidade, e iso non funciona; non funciona en Madrid e non vai funcionar aquí. E logo a outra perspectiva é a normativa que marca na actualidade, e desde hai longo tempo, a función pública en Galicia.

Non necesito lembrarlle cal é a orixe desa normativa. Sabe desde que data aparece marcada a lexislación da función pública en Galicia e sabe que goberno a puxo en vigor, creo que non teño que lembralo. O que descoñecemos é se

co plantexamento desta interpelación, das múltiples preguntas e agora da moción, están –porque isto non quedou aínda moi claro– de acordo ou non cun cambio lexislativo. Ao parecer si, non estou certa disto, pero este cambio lexislativo xa está anunciado tamén ante esta Cámara polo señor conselleiro, que mesmo expuxo aquí as liñas esenciais do novo marco legal. E non só iso, se a vostede lle parece que a información aínda é escasa, pode acudir á lectura dese borrador da lei que está colgado na páxina web da Xunta de Galicia, de acordo cos acordos e compromisos acadados polo novo Goberno, e que mesmo poden ser consultadas por vostede, por calquera membro do grupo e por calquera interesada ou interesado.

É unha lei que prevé unha redución drástica das libres designacións; pode tamén atopar as solucións dos concursos anuais, a introdución da análise de rendemento en función da calidade do servizo, implantación do Plan Labora... Unha lei que busca unha administración profesionalizada –por certo, unha meta que nunca tivo nin sequera tentación de abordar o Partido Popular–, unha administración eficaz, moderna e ao enteiro servizo do interese xeral, unha función pública ligada ao principio da legalidade. A situación que deixaron xa está dabondo explicada nas distintas intervencións, e, desde logo, non vou afondar no que xa falabamos noutro debate do famoso “decretazo”, prefiro non entrar. O que si digo é que, se vostedes falan de cesamento masivo, nós poderíamos falar dunha irresponsabilidade masiva; unha irresponsabilidade masiva cando estaban no goberno, e unha irresponsabilidade masiva, señor Miranda, cando están na oposición.

Traen agora unha moción que pretende que se estableza regulamentariamente... Vostede dixo despois, agora na intervención, que podía ser a través de decisións, de decreto, de lei, de regulamento... Mire, é que non é o mesmo. Non é o mesmo. O que di a moción que hoxe discutimos é que se establezan regulamentariamente, é dicir, mediante regulamento, supoño, de xeito específico, distintos aspectos. Como mínimas críticas que poden facerse está a falta de oportunidade temporal no seu plantexamento, escaseza de ambición política e confusión do plantexado nela. Explícome.

Dicía que había falta de oportunidade temporal, porque resulta que cunha moción que entra –como xa explicabamos– cando está a piques de entrar nesta Cámara o borrador da Lei da función pública, non entendemos moi ben que pre-

tenden. Fala vostede dun regulamento. É dicir, fala vostede dunha norma que está subordinada á lei. Logo, non sabemos se renuncian vostedes, por iso lle preguntaba eu antes se estaban de acordo coa modificación lexislativa, porque, se non están de acordo, ¡vaia ambición política! ¡Vaia ganas de defender a función pública señor Miranda!, ¡Vaia ganas! Ou é que pretenden vostedes dictar un regulamento subordinado á lei vixente. É dicir, unha lei vixente que está ocasionando todos os déficits que xa están vostedes a denunciar, e resulta que vostedes propoñen como solución un regulamento nese mesmo marco, sen cambiar o marco lexislativo.

Se están de acordo coa lei, cun novo cambio lexislativo, entón o que están plantexando aquí é un regulamento que vaia desenvolver a lei que aínda non está aprobada polo Goberno. En fin, en calquera das solucións –non sei cal é a que vostede plantexa, cústame atopala– que están a plantexar estamos fóra de tempo. Ou ben pretenden ficar atrás nun regulamento dunha lexislación que vai ser derogada, e entón quedamos atrás, ou ben pretenden avanzar e falar antes do regulamento que da modificación da lei. Ou sexa, calquera das solucións é absurda e absolutamente falta de rigor, porque do que estou case segura, señor Miranda, é de que non pretende que un regulamento estea por encima dunha lei, porque estou segura de que iso vostede non o contempla, polos seus coñecementos.

¿Cal é a opción, o que nos parece máis sensato? Estamos ante un novo Goberno, convénzase, pronto haberá en debate unha nova Lei da función pública, como estaba anunciado polo señor conselleiro. Unha proposta lexislativa que desde logo terá que cubrir o trámite parlamentario e que contará con achegas, desde a independencia parlamentaria e desde a nosa lealdade, a través do trámite das emendas. Por certo, unhas emendas que serven para mellorar os textos, e mesmo onte tivemos ocasión de ver como se aprobaban por unanimidade tres textos legais que contaban coas melloras introducidas polos tres grupos parlamentarios que integran esta Cámara. Creo que este é o trámite que temos que facer. Creo que esa é a oportunidade que o Grupo Parlamentario Popular terá para mellorar as situacións que consideren que a lei non cumpre. E creo que este é o traballo que con responsabilidade, desde unha e outra posición, nos corresponde facer.

Non sei se ese é o traballo que lle apetece, ou se o que lle apetece ao Partido Popular é seguir cunha posición irrespon-

sable. Desde logo, a esta deputada non lle corresponde esa tarefa de decisión, esa decisión é súa.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señora Sestayo.

Rolda de peche para o señor Rodríguez Miranda.

O señor RODRÍGUEZ MIRANDA: Grazas, señora presidenta.

En primeiro lugar teño que dicir que lean ben a moción, porque a verdade é que eu non deduciría tantas cousas do que aquí se di, cando é un texto completamente aséptico.

¿Que se vai cambiar a lei? Xa lle dixemos o outro día ao señor conselleiro que a traía. Xa coñecemos o proxecto, xa o limos. Xa vimos as novidades, seguramente hai moitas desas novidades que imos compartir ¡non o dubide! Evidentemente tamén haberá cousas nas que imos propoñer modificacións, a ver se efectivamente son tamén receptivos a esas modificacións, ese non é o problema. Nós aquí nesta moción o que pedimos é que se aprobe un regulamento. Primeiro, eu non sei se o leron, o deduciron ou o adiviñaron, pero non puxemos prazos. Nós sabemos perfectamente que a lei agora mesmo está en trámite, por iso non puxemos prazos para cumprir con esta regulamentación. ¿Que tipo de regulamentación? Eu creo que –e non vou entrar en profundidades xurídicas porque tampouco me considero un experto no tema–, cando falamos de regulamento a nivel xeral, podemos falar de calquera norma, ben sexa un decreto, ben sexa unha orde, unha instrución de servizo, etc., e calquera delas é perfectamente válida. ¿Que hai que esperar para aprobar o regulamento a que se aprobe a lei? Non o dubidamos, precisamente por iso non puxemos un prazo aquí. O que pasa é que a vostedes o que lles gusta é facer demagogia con esta historia, nada máis ca iso.

Aquí, enriba da mesa, nós dámoslles a oportunidade de que asuman un compromiso. Se vostedes van aprobar unha lei, ¿por que non asumir ese compromiso? Pero hai aspectos que nunha lei –e todos os coñecemos perfectamente– non se entran a regular con tanta precisión, precisamente para iso están os regulamentos, para precisar aquelas principios xerais que se establecen nas leis. Nós o único que traemos á

Cámara neste momento é o feito de que aquí se creou un compromiso, e no momento en que se aprobe a lei –de aí o propio texto–, ou, se non, que nos regulamentos posteriores, que a nós non nos parece o máis axeitado, cando se aproben en desenvolvemento desa nova lei da función pública, se recolla precisamente a limitación á discrecionalidade nos reingresos, na nova asignación de postos, na asignación das comisións de servizos por criterios obxectivos, e iso creo que é perfectamente lexítimo. Porque mire, nós podemos estar aquí discutindo moito tempo, pero en canto nós discutimos, en canto se aproba unha nova lei, o que está claro é que hai unha serie de traballadores que non teñen posto de traballo, esa é a realidade que temos e esa é a realidade que vostedes non queren ver. E ao mesmo tempo hai unha serie de recursos, que son fondos públicos de todos os galegos, que se están gastando inutilmente, pois lle estamos pagando a alguén por non traballar. Respondan vostedes diso tamén diante dos galegos, iso é o que nós lles pedimos neste momento.

Polo tanto, aquí o que presentamos é un texto puramente técnico, non político, non fagan demagogia. Presentamos un texto para impedir que funcionarios cesados estean nove meses sen posto de traballo, e que ademais teñan perdas importantes dos dereitos económicos aos que teñen dereito. Presentamos un texto para que non se dilapiden fondos públicos. Cerca de dous millóns de euros se poden levar gastados con estas *tonterías* que vostedes din. E pedimos neste texto que non se asignen arbitrariamente os postos en comisión de servizo, porque vostedes levan máis de 850, o que son unhas cen por mes, e o que significa que se autorizan máis de tres diarias. ¡vaia record que están batendo! Polo tanto, se efectivamente teñen compromiso, demóstreno.

Eu creo que non hai moito máis que dicir desta moción, creo que está clara. Repítolles, comprométanse, porque ata agora vostedes son o Goberno do suspender, do revisar, do anular e do vou facer, pero aí quedan. Se vostedes asumen este compromiso, poderemos dicir por unha vez que serán tamén o Goberno do “isto xa está feito”.

Moitas grazas.

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Rodríguez Miranda.

Moción do G.P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. José Manuel Balseiro Orol, sobre a autorización aos non profesionais para capturar ourizos de mar determinados días na Mariña Luguesa e en Ortegal

A señora PRESIDENTA: Non se presentaron emendas.

Para formular a moción, ten a palabra a señora Mato Otero.

A señora MATO OTERO: Moitas grazas, presidenta.

Saúdo aos membros da Mesa.

Bos días, señoras e señores deputados.

Na nosa función de control do Goberno, e facendo a oposición que corresponde, o Grupo Popular trae outra vez á Cámara o tema das mal chamadas xornadas de exaltación do ourizo na Mariña Luguesa nos pasados meses. É claro que é evidente que hai problemas de maior relevancia pesqueira e que preocupan moitísimo máis ao sector pesqueiro, tamén neles estamos e xa os traeremos tamén aquí á Cámara, pero non hoxe. Agora ben, tamén é certo que este tema, que aos ollos dos grupos dos partidos políticos que substentan o Goberno parece pequeno ou sen moita relevancia, tal e como deixaron entrever na súa intervención no pasado pleno, na interpelación, para nós non é un tema sen importancia, non é un tema menor, polo feito de que quen ten a responsabilidade de velar polo estrito cumprimento da normativa vixente en materia pesqueira, neste momento, desde o noso punto de vista, non o está a facer. É máis, aínda por riba, nin eles mesmos a cumpren. Precisamente por isto estamos aquí con esta moción, porque dalgún xeito, e se cabe algunha dúbida, queremos que se esclarezca cun informe xurídico.

Estiven moi atenta ás explicacións dadas pola conselleira, e tamén ás intervencións dos meus compañeiros deputados dos outros grupos políticos, e quedei coa impresión de que un bo fin xustifica todos os medios; ou sexa, que por un bo fin todo vale, e nós pensamos que non, que os fins non xustifican os medios. Decía a conselleira que o obxectivo das mal chamadas xornadas era poñer un valor un produto, o ourizo, que está infraexplotado, e deste xeito querían encontrar, con este recursos, unha fonte de emprego e de riqueza. Fálase de emprego e entón os ollos ábrensenos a todos, por-

que todos queremos que se xere emprego. Ata mesmo o portavoz do Bloque Nacionalista Galego, cando escoitou a intervención da señora conselleira, el, que sei de moi boa tinta que é un arduo defensor da profesionalización do sector, quedou tranquilo, porque escoitou que as medidas que se estaban a facer, que lle sorprendían, eran medidas para conseguir emprego e xerar emprego. El queda tranquilo, pero eu non quedo tranquila, e pódolle non quedar tranquila por dúas cousas. Unha, porque xusto a persoa que estaba falando acababa de cargarse 400 postos de traballo que se ían crear en Touriñán. Entón, claro, quita os postos de traballo que se poden cargar en Touriñán, e quere crear postos de traballo na Mariña Luguesa, pode ser co ourizo, pode ser tamén cunha planta de acuicultura ou pode ser que non se creen en Touriñán, pode que non se creen tampouco na Mariña Luguesa, ou que vaian para Portugal, pero o problema, realmente, é que a xeración de emprego, polo que eu vexo, non cumpría coa normativa vixente, por iso nós dicimos: ¿Queren xerar emprego? Fágano, pero fágano ben.

Vou facer o que non fixo o meu compañeiro portavoz na súa interpelación porque non quería aburrirvos –pero eu penso que é importante que os deputados que están aquí, polo menos, saiban do que estamos a falar–, que é ler os artigos das leis e da normativa que nós entendemos que non se cumpren coa medida que se puxo en marcha na Mariña luguesa. Lei de Pesca 6/1993, artigo 2: “A Administración autonómica, mediante desenvolvemento regulamentario, propiciará que as persoas que accedan a diferentes tipos de explotación posúan a capacitación profesional axeitada”. Artigo 4: “Toda acción de explotación de recursos mariños levarase a cabo de xeito controlado”. Artigo 28.1: “Para pescar, mariscar ou recoller algas necesítase contar co correspondente permiso de explotación expedido pola Consellería de Pesca”. Artigo 31: “No caso do marisqueo a pé” –o ourizo da Mariña luguesa escollíase a pé– “o permiso de explotación terá carácter individual e requirirá da cualificación profesional correspondente”. Artigo 38: “Para acceder á actividade do marisqueo a pé” –insisto, é o mesmo– “requírese estar en posesión do permiso de explotación a pé correspondente, ademais concretaranse as artes” –por certo, os da Mariña luguesa non sei con que artes foron traballar–. Artigo 40: “As zonas de marisqueo a pé nas que non se require autorización ou concesión serán denominadas de libre marisqueo. Para mariscar nas citadas zonas só será preceptiva a posesión do correspondente permiso de explotación”.

Cambiamos de lei, pasamos un decreto tamén en vigor, o decreto 4/2003, artigo 2: “Con independencia do Plan xeral de explotación marisqueira, a extracción de mariscos na Comunidade Autónoma de Galicia só poderá ser exercida polas persoas ou embarcacións que estean en posesión do preceptivo permiso de explotación”. Señoras e señores deputados, branco e en botella. Nin eu nin ninguén dos que estamos aquí nin ninguén da Mariña Luguesa pode extraer nin un peixe nin un marisco, aínda que estea incluído nunha lista, se non ten o permiso correspondente, ben sexa de pesca deportiva ben sexa de pesca profesional; nin unha triste mincha.

Os plans de explotación, se se fixeron, fixéronse para regular o sector. Os plans de explotación é unha maneira máis de profesionalizalos. Nun plan de explotación, que o fai o sector, recóllese quen vai ir traballar, propono a confraría, e é a consellería, ademais, quen o ratifica e o publica no *Diario Oficial de Galicia*. Propono a confraría, figuran as persoas que teñen permiso para traballar, din que días van traballar, din cantos quilos van coller e din onde van pasar ese punto de control. Nada disto nesas xornadas de exaltación se fixo, porque non o fixeron profesionais. Falaba tamén a conselleira de que a xente estaba contenta, que aínda por riba os vixiantes da confraría, e mesmo as mariscadoras, vixiaban que a xente cumprira con ese pacto de extracción de quilos. Pero ¿que pasaría –pregúntome eu– se algunha destas persoas decide levantarlle unha acta de sanción a esta xente? ¿Onde di a lei actual de sancións que calquera desas persoas que foron quedaban eximidas de multa? Non, señores, non, ningunha persoa pode sacar do mar –nin da terra, evidentemente– ningún marisco se non ten o permiso axeitado.

Vexamos, se de algo presumo é de coñecer como traballa o sector e tamén de coñecer como traballa a Consellería de Pesca, sobre todo os servizos de Inspección pesqueira. Eu non quero poñer en dúbida o seu traballo, evidentemente non o vou facer, pero si sei que é moi difícil controlar canta xente estaba nesas pedras, se estaban ou non estaban nesa lista. Non penso que foran pedíndolles o DNI, tampouco creo que comprobaran se levaban os quilos axeitados, e moito menos se a especie daba a talla. O que si dou por sentado é que a conselleira coñece a lexislación, e mailo delegado. Teño que dalo por sentado porque, se non, o contrario sería moi grave. Así que a única conclusión –por moito que queira pensar ben– que teño desta actuación é que se fixo porque si, porque lles petaba ou porque era unha promesa

electoral. E eu o que lle quero recordar é que o feito de ser nomeado conselleiro ou o feito de ser nomeado delegado non lle outorga a ninguén poderes por enriba, ou poderes sobrenaturais, que lle permitan estar por enriba da lei vixente. Todo o mundo, ben sexa o presidente, a conselleira, o delegado ou quen sexa, ten que cumprir, e máis coa lexislación vixente que é da súa competencia. Eu non podo nin sequera imaxinar, por exemplo no Día de exaltación do pan de Carral, que foran os propios veciños os que fixeran o pan e estivesen promocionando o pan de Carral, cando son os panadeiros de Carral os que o fan.

E outra pregunta, xa postos a imaxinar, ¿por que non facemos unha xornada de exaltación do mexillón de rocha, por exemplo, que tamén lle gusta a moita xente? Fagamos unhas xornadas de mexillón en calquera costa, do mexillón de rocha. ¡[...] demonio, por aí non imos, que os bateiros sonche moitos, moitos e moi poderosos, e a estes, se berran, escóitaselles! Pero aos ouriceiros non, os ouriceiros son poucos, non poden berrar tanto.

E outro tema, xa que falamos disto. ¿Pódeme dicir como fixo a conselleira, o delegado ou quen estivese no goberno nese momento, para garantir que os ourizos cumprían coas condicións sanitarias para que estivesen aptos para o consumo? Díganme vostedes como puideron ser tan inconscientes como para levar á rúa algo que non tivo ningún control sanitario, porque todo o produto –e é competencia da conselleira– que pasa por lonxa vai inspeccionado pola Consellería de Pesca e inspeccionado pola Consellería de Medio Ambiente. ¡É unha auténtica inconsciencia! E ademais tamén é facer un agravio comparativo contra os profesionais, porque os profesionais do sector tiveron que pasar por cursos de formación, tiveron que pasar por recoñecemento médico, tiveron que pasar por concursos, pagan a Seguridade Social e todo iso que teñen que facer, e agora, polo simple feito de que alguén diga que vai incluído nunha lista, xa pode coller marisco. Non, señores, non. ¿Vostede que quere, exaltar o ourizo? Pois déalles permiso aos ouriceiros, déalles permiso aos profesionais, e que collan mais topes, que iso si que o poden facer. O que querían realmente era cumprir a famosa promesa electoral. De todos os xeitos, eu penso que esta moción non terá ningún problema en saír adiante, porque, se tal e como defendía o portavoz do Grupo Socialista todo o que fai esta conselleira está moi ben feito, faino moi ben, se está moi ben feito, supoño que non haberá ningún

tipo de problema en que a asesoría xurídica o ratifique, e supoño que esta moción sairá adiante co voto unánime de todos.

Eu, pola miña parte, quero dicir que non cuestiono o feito en si, pero desde o Grupo Popular o que si cuestionamos son as formas. Cremos que non cumpriron a normativa vixente, e por iso pedimos con esta moción que se esclareza o tema.

Moitas grazas.

A señora PRESIDENTA (Paz Franco): Moitas grazas, señora Mato Otero.

Queríalles comunicar aos señores deputados e ás señoras deputadas tertulianos que por momentos se lles escoita máis a vostedes que á persoa que está intervindo. Sobre todo refírome aos do fondo sur, que son aos que habitualmente se lles oe máis desde aquí enriba, incluso cando fala a súa compañeira. Gustaríame non ter que interromper os oradores cando están intervindo, por iso lles pido agora, se poden, que cando menos reduzan un pouco os decibelios da súa actuación tertuliana.

E agora ten a palabra, para posicionarse a respecto desta moción, o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Ten a palabra, para posicionarse respecto desta moción, o señor Lobeira Domínguez, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

O señor LOBEIRA DOMÍNGUEZ: Grazas, señora presidenta.

Señoras deputadas, señores deputados, obviamente o Bloque Nacionalista Galego vai votar en contra desta moción. Obviamente e por razóns ben evidentes. Fundamentalmente por unha: porque o Partido Popular con esta moción demostra que o sector non lle importa absolutamente nada. Esta non é unha moción encamiñada a mellorar ou a incrementar a produción de ourizo na comarca da Mariña, non é unha moción orientada a mellorar as condicións socio-laborais dos traballadores e das traballadoras do sector, non é unha moción vinculada, curiosamente —como nós imaxinabamos—, a regular e ordenar esta actividade, senón que o único que persegue esta moción é abrir unha investigación

de carácter xurídica, ou elaborar un informe xurídico, que sirva como base eventualmente para destituir o delegado de Pesca da provincia de Lugo. Por tanto, é unha cuestión exclusivamente de desgaste político.

Aquí non se pretende mellorar as condicións de traballo, da produción, dos prezos ou da regulamentación da extracción dese simpático equinodermo chamado “ourizo de mar”, señora Mato, senón que o que se pretende é exclusivamente desgastar politicamente a un goberno. Por iso nós isto non podemos apoialo, porque non aparece nin unha soa palabra na moción destinada —insistimos— a mellorar este sector produtivo, senón que o que se reproduce é unha dinámica obsesiva por parte do Partido Popular, vinculada á visión que teñen da política pesqueira, de instrumentalizar o sector en beneficio político partidario. Cadaquén ten o seu proxecto político, nós temos o noso. Teoricamente os que aquí e as que aquí estamos debémonos ao sector, ¿verdade? E a partir de aí cadaquén defenderá as súas lexítimas posicións.

Porén, señora Mato —e advertiuse tamén no debate da interpelación— o Partido Popular mantén neste tema unha posición covarde. ¿E sabe por que llo digo? Porque vostedes en ningún momento dixeron se lles parecía ben ou mal a posta en marcha desas xornadas de exaltación do ourizo, porque son perfectamente conscientes de que hai opinións diversas nesa comarca da Mariña. Vostedes o único que din é se iso é legal ou ilegal, mais non manteñen unha posición e non se mantivo na interpelación en relación con se están a favor ou en contra desa medida. Velaí o conto. E iso en termos políticos é covardía. Isto é retórica, e retórica torpe, porque o que non se pretende, insistimos, é mellorar a situación do sector. Polo tanto, falemos de legalidade, de legalidades e de ilegalidades, se ese é o terreo no que temos que entrar. Vaíamos ás legalidades e ilegalidades.

Estiven tentado a presentar unha emenda para acrecentar este texto, xa que o que se propón por parte do Partido Popular é elaborar ese informe xurídico que avalíe a situación das decisións adoptadas polo delegado da Consellería de Pesca de Lugo, unha emenda de engádegas que —volvendo ao pasado— avaliara, por exemplo, con outro informe xurídico os coñecidos, reiterados e sistemáticos incumprimentos da legalidade vixente por parte —por exemplo, sen personalizar e con toda cordialidade— da delegada da Consellería de Pesca na provincia da Coruña na anterior lexislatura. É obvio que a delegada

de Pesca da Coruña incumpriu a Lei de Pesca, conculcou a legalidade. A Lei de Pesca supoñemos que debería ser coñecida. Deime conta na última intervención de que a portavoz do Partido Popular non coñece a Lei de Pesca, en concreto no que falou vostede da extracción do mexillón de rocha ou incluso de mexilla. Debe de estar un pouquiño máis informada. A min ponme os pelos realmente de punta saber que houbo xente neste país con capacidade de decisión política que non coñece nin o marco legal. A Lei de Pesca, que incumpriu o Partido Popular e foi aprobada polo Partido Popular no ano 1993, incorpora no seu articulado, por exemplo, a obrigatoriedade de cobro por canon de concesión marisqueira. ¡Nunca se fixo! Incorpora, por exemplo, evitar que se instale no litoral calquera tipo de industria que careza dos suficientes medios de depuración, cousa que non se fixo. Obriga, respecto da produción mexilloeira, a que os refugallos procedentes de residuos das bateas contén cun plano de retirada e de limpeza, cousa que non se fixo en todos estes anos do Partido Popular. Quero dicir que incumprimentos do Partido Popular... Non, cada cinco anos, pero houbo varios quinquenios de gobernos do Partido Popular nos que aproba unha lei e a incumpre. E podemos continuar. Polo tanto, os incumprimentos por parte –e non estou personalizando, con toda cordialidade– da delegada de Pesca da consellería na provincia da Coruña durante a última lexislatura foron continuos, sistemáticos e reiterados. Outra cousa son os resultados, que tamén é o terreo no que nós queremos entrar, nos resultados.

A nós o que nos vale desa experiencia da exaltación do ourizo de mar é termos a convicción neste momento de que esa experiencia, efectivamente, non se vai repetir e que non se vai ampliar a outros lugares do litoral. A nós iso é o que nos vale. Por iso dicíamos que entendíamos as xornadas de exaltación do ourizo como un instrumento ao servizo de popularizar unha alternativa laboral que permitise incrementar planos de explotación, xerar postos de traballo dignos a través da expedición dos correspondentes permisos de explotación, mellorar o prezo dun produto que maioritariamente, aínda que se produce na Galiza, vai ao mercado foráneo, fundamentalmente Asturias, mais tamén Xapón, Francia, etc., e mesmo crear hábitos de consumo aquí na Galiza para permitir pechar xa definitivamente todo o ciclo, desde a produción á comercialización e ao consumo, que sería o que nos falta, do mesmo xeito –creo que o teño contado nalgunha ocasión– que fixeron moi habilmente os noruegueses coa produción de salmón, que acabamos papando nós e

modificando os hábitos de consumo nos últimos vinte anos; de non existir consumo, practicamente, de salmón, agora está absolutamente instalado por unha política determinada do goberno noruegués e de determinados grupos empresariais noruegueses.

Por tanto, efectivamente, nós queremos emprego digno, postos de traballo dignos, xente que poida vivir do seu traballo, con toda dignidade, tamén vinculada ao mundo do mar. Mais para iso fai falta popularizar esta alternativa laboral, a extracción de ourizo de mar, e outras, como a produción de algas, tanto para consumo como para medicina, cosméticos, etc., ou os subprodutos do mexillón, peneira, orella de mar, cantidade de produtos que están saíndo do mar, dun mar privilexiado desde o punto de vista produtivo como ten a nosa nación, e que, porén, logo non teñen saída, nin comercial nin de consumo. Aí está a batalla.

Estariamos en contra, por suposto –e dicímolo con toda claridade desde o Bloque Nacionalista Galego–, de que estas xornadas abrisen a espita para que todo o mundo puidera coller sen permiso de explotación e sen nada en calquera punto do litoral calquera tipo de especie. Por suposto contarían vostedes coa oposición do Bloque Nacionalista Galego á volta á lei da selva no mundo do mar. A actividade no mar ten que estar regulada e ordenada, mais unha cousa é iso e outra cousa, insistimos, é o que propón o Partido Popular. Porque si queremos emprego digno. E falando de emprego digno, é obvio que a curiosa aposta gratuíta –non sei se tan gratuíta, estou convencido de que non era nada gratuíta– que fixeron, na alusión que vostede fixo en relación coa instalación dunha factoría de Pescanova en Touriñán, nin crearía 450 postos de traballo –iso é absolutamente falso–, nin sería capaz tampouco de xerar a cantidade de toneladas que din que pode xerar, polas propias condicións técnicas, xeográficas e físicas dese emprazamento. É falso. Outra cousa é que haxa xente que queira crer e reproducir eses esquemas en función dunha empresa, por certo, reflatada economicamente sen ningún tipo de problema cos cartos públicos de galegos e galegas a través do Partido Popular gobernando na Xunta de Galiza. Alá cadaquén cos seus negocios, como dicía algún, eu así tamén me meto a empresario.

En todo caso, para nós é importante –para o BNG– que esta situación non se vaia volver repetir para o ano que vén, e, en segundo lugar, que non se vaia levar a cabo noutros

puntos do litoral. É certo que este recurso na Mariña está infrautilizado, mesmo a diferenza con outros planos de explotación que existen noutros puntos do litoral, que adquire pouco prezo nos mercados e, desde logo, que se esta acción permite que haxa xente que se incorpore profesionalmente a esta actividade, nós dariámola por boa. Pero iso terémolo que mirar probablemente dentro dun ano coa elaboración do próximo plano de explotación. Mentres tanto, e por motivos obvios, o Bloque Nacionalista Galego vai votar en contra desta moción do Partido Popular, porque non representa ningún incremento, ningunha mellora, para o sector. É exclusivamente a instrumentalización dos intereses dese sector ao servizo dos intereses político-partidarios do Partido Popular. Para iso, con nós nunca van contar.

Grazas.

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Señor Lage Tuñas, ten vostede a palabra polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.

O señor LAGE TUÑAS: Grazas, señora presidenta.

Señora Mato, *excusatio non petita, accusatio manifesta*. Vostede aquí empezou dicindo que lle preocupaban outros temas, que recoñecía que había outros temas relevantes que afectaban moito máis ao noso sector pesqueiro, que esta non era unha cuestión central, que, ben, que xa traerían outras cuestións. Encantados, pero é o recoñecemento explícito de que vostedes están desnortados. Porque vostede aquí acaba de recoñecer que non é un tema que preocupe, que teñen outros, que xa os traerán. E nós dicimos que moi ben, que a ver se se van centrando, porque é bo ter un bo Goberno, pero tamén é bo ter oposición, por empezar por aí. E, claro, empezou e foi unha detrás doutra. Eu entendo que lle meteron un marrón.

O señor Balseiro Orol e o ideólogo desta moción e desta interpelación, o señor López Veiga, como Astérix e Obélix en viaxe a Bruxelas, van ver se resolven algo que xa resolveu a conselleira de Pesca hai un mes. Sen embargo, ese tema tan relevante que preocupa moitísimo, como é a explotación do ourizo de mar, non o veu defender.

A verdade é que eu estaba tentado de pedirlle que retiraran a moción porque non me parecía serio, pero xa vin que

vostede viña con gana de guerra. Empezou a falar do mexillón. ¡Teñen mala conciencia! Si, teño que dicirillo sen acritude ningunha, pero teñen mala conciencia, porque dixo: “Vostedes non se enfrontan aos bateiros porque teñen moita forza”. ¡Se saberán vostedes que teñen moita forza!, e ¡se saberá o país que teñen moita forza!, que puxeron as súas mans e os seus peitos para defender a nosa costa, pero vostedes non lles recoñeceron que eran afectados do *Prestige*, ¿verdade?

¿Quere que falemos do ourizo de mar ou quere que falemos das promesas electorais? Vostede dixo aquí que o Goberno que preside Emilio Pérez Touriño, claro, trataba de cumprir as promesas electorais. Xa descubrimos qué é o que lle preocupa ao Grupo Popular, que cumpramos as promesas electorais, que o Goberno que preside Touriño cumpra as promesas electorais. Señora Mato, é que vostede aquí descubriuse: preocúpanlle os mexillóns, porque hai algún resentido nesta Cámara que non parou ata que tentou prexudicar o sector mexilloeiro de Galicia; preocúpalle que cumpramos as promesas electorais; e preocúpalle que os temas que se traen aquí sexan cuestións de formas. Porque vostede dixo textualmente –porque a estiven escoitando, coma sempre, con moita atención– que non cuestionaban o fondo senón a forma. Pero, entón, ¿considera serio presentar a moción que presenta en termos de legalidade, cando o propio voceiro do BNG que me antecedeu no uso da palabra xa falou dalgunhas cousas das que eu ía facer mención en torno aos incumprimentos da lei no Goberno no que vostede foi delegada, que estiveron non un ano nin dous incumpríndoas, senón todo o tempo que leva vixente a Lei de Pesca? Polo tanto, eu entendo que o tiña difícil, pero a verdade é que o complicou un pouquiño máis. Complicouno un pouco máis, en todo caso, porque foi vostede quen puxo en dúbida os servizos de vixilancia. Si, señora Mato, cando se falou das xornadas de exaltación do ourizo non se estaba a falar dunha explotación do ourizo, estábase a falar dunhas xornadas de exaltación. E vostedes non o queren entender, xa decidiron que non o queren entender.

Pero é máis grave. Vostede puxo en dúbida o traballo dos membros do Servizo de Protección dos Recursos da Conselleira de Pesca; e o que entendo que é máis grave é que poñía en cuestión que vixiaran os topes, as capturas; é dicir, o que levaban, que foran as persoas que estaban inscritas. Díxoo vostede aquí, non o invento eu. Ata o punto de que pon en tea de xuízo

a actuación de funcionarios, que nós nunca imos entrar en se teñen unha ideoloxía ou teñen outra, pero hai algúns que son cargos públicos do seu propio partido; é dicir, cargos públicos que foron os que fixeron o control e que teñen unha responsabilidade, como vostede sabe. Eu, creo que se debe de fuxir de mencionar persoas, creo que non é o correcto e non o vou facer, pero sabe de que estamos a falar, co cal, é un auténtico desatino. É dicir, acaba de poñer en tea de xuízo o servizo de vixilancia; acaba de poñer en tea de xuízo as formas. ¿Pero como as formas? ¿Entón vostedes están de acordo co fondo?

A min a verdade é que me desconcertou moito máis aínda do que me desconcerta o señor Balseiro Ouro, que, claro, como pode comprender, cando o señor Balseiro defendeu aquí toda esta serie de iniciativas que leva presentando na Cámara autonómica, podíamos entender que non era un tema relevante, pero é que vostede aquí chegou a falar de Touriñán. ¡É que vostede chegou aquí a falar de Touriñán! E eu dígolle que con absoluta desvergonza en termos políticos... (*Risos.*), señora Mato. Porque vostedes cando gobernaron non crearon un só emprego no sector pesqueiro, destruírono, destruírono; tiveron oportunidades e oportunidades e destruírono. E vostede vén aquí coa mensaxe que ultimamente está moi de moda no PP, nos últimos anos: o engano, a mentira. ¿A quen queren enganar con ese tema, señora Mato? O engano e a mentira cada vez está máis reflectido nas expresións que vostedes poñen na tribuna.

Non se pode facer a actuación que vostedes hoxe fan aquí, e só lle quero recordar que do ourizo de mar non nos dixo absolutamente nada. Eu tiña pensado contestarlle a algunha cousa, pero teño que contestarlle a respecto do que falou: do mexillón, do servizo de vixilancia, de Touriñán...

En fin, señora Mato, non vou esgotar o tempo. Xa lle digo que *excusatio non petita, accusatio manifesta*. Creo –así o cre o Grupo Parlamentario Socialista– que a Consellería de Pesca, o Goberno de Galicia, está traballando na boa dirección; estase traballando na dirección de crear emprego, e nós apostamos, loxicamente, por que...

A señora PRESIDENTA: Perdoe un segundo, señor Lage.

Voulles pedir, por favor, que garden silencio, porque, literalmente, non se pode escoitar ao señor Lage nin sequer coa megafonía.

Grazas.

Siga vostede.

O señor LAGE TUÑAS: Xa remato, señora presidenta.

Eu entendo que ás veces é difícil escoitar o que a un non lle gusta, pero creo que quedou sobradamente demostrado que a preocupación que teñen vostedes non é nin polo ourizo do mar nin pola pesca de Galicia, o problema que teñen vostedes é con que este Goberno cumpra as súas promesas electorais. Así o dixo vostede, señora Mato. Si, esa é a diferenza entre este Goberno e o anterior; un goberno que mira cara adiante, uns grupos parlamentarios que cren no impulso da acción do Goberno, ¡e a vostedes que lles preocupa o ourizo de mar! Agora nin iso, agora preocúpanlle outro tipo de cousas. Eu, desde logo, creo que deberían de retirar a moción se lle tiveran un pouco de respecto a esta Cámara.

Supoño que, como vostede dixo, hai outros temas importantes na pesca e eu agradézolle que o recoñeza no seguinte período de sesións, pois os traerán aquí, porque de momento hai goberno, oposición non hai.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Señora Mato Otero, ten vostede a palabra para a rolda de peche.

A señora MATO OTERO: Primeiro de todo vou empezar por responder a algunhas das cousas que se dixeron aquí.

O primeiro que quero dicir é que eu persoalmente teño a conciencia moi tranquila –non un pouco, moi tranquila–, e coma min, todos os deputados desta bancada. Desa non sei, pero desta, todos os que pertencemos ao Goberno. (*Aplausos.*)

Segundo. Sobre a pregunta ou acto... porque, en teoría, o portavoz do Bloque Nacionalista Galego falaba dun acto de covardía. A resposta á súa pregunta é: ¿quere o Partido Popular que se fagan xornadas de exaltación do ourizo? Si, señor, queremos que se fagan, pero que se fagan ben, que se fagan de acordo coa lexislación que temos vixente e que se faga a xornada de exaltación do ourizo, se hai tanto, coa

xente que xa ten o permiso. E se non hai xente suficiente porque hai tantísimo ourizo, o que se ten que facer –deberíao saber xa o Goberno– son cursos de formación; hai que facer concursos e dar permisos. Se é unha realidade tan palpable, ¿que se está a facer con estas xornadas? Se é tan palpable que hai tanto ourizo, fágase o que se ten que facer, que son os cursos, os concursos, e dean emprego.

Outra cousa que non me quedou nada clara, pero nada clara, por parte do portavoz do Bloque Nacionalista Galego é se o que se fixo con esas xornadas se fixo ben ou non. Non acabei de entender se estaba a favor ou non estaba a favor da medida que se tomou. Eu a verdade é que non entendo, porque se di que vai votar en contra desta moción porque non contribúe a mellorar o traballo da xente, ou a xerar postos de traballo, era moi fácil, fixera vostede unha emenda. Pero aínda era máis fácil, fágao, porque non temos que recordalo, xa que son vostedes os que están gobernando. Se o ten tan claro, vostede é socio, está xunto con ela. Fágao e faga as cousas como as ten que facer, non veña aquí a dicir o que se podía facer ou non. Nin presentou tampouco unha emenda.

Eu sinceramente o que penso é que, se esta moción non vai saír adiante, tal e como anunciaban os seus portavoces, é que non cren que as cousas estean ben feitas. ¿Por que teñen medo a que un informe da Asesoría Xurídica ratifique o que se supón que está ben feito por esta Consellería de Pesca? ¿Por que teñen medo? ¿Por que non o pode ratificar a Asesoría Xurídica da Xunta de Galicia? ¿Que é o que pode dicir ese informe que non queren vostedes que se faga? ¿Por que? É que non entendo. Realmente eu o que penso é que se lles *ve o plumeiro*. Votando que non a esta moción, estáselles *vendo o plumeiro*.

E mire, o Grupo Popular o que ten moi claro é que sempre que atope algo que sexa unha irregularidade –segundo o que nós entendemos que é unha irregularidade– ou algo que está mal feito, sexa pequeno, de pouca relevancia ou de moita relevancia, señor Lage, todo o que sexa ímolo denunciar, ímolo traer aquí a esta Cámara, e aínda que esta moción non saia adiante, xa lles anuncio e xa lles adianto que utilizaremos todos os *aparatos* e todos os medios legais que nos amparan para esclarecer se este tema foi ou non foi ben feito; todos os *aparatos* que poidamos levar adiante. Porque, mire, unha de dúas, se isto se fixo, ou ben foi polo autoritarismo propio do Goberno acabado de chegar que dalgunha manei-

ra tiña que expresar que estaba por riba do ben e do mal, ou ben porque había unha ignorancia e un descoñecemento total da lexislación vixente nesta materia. E, desde logo, iso é moi grave. E non falo por falar, porque non é esta a primeira vez que desde o noso punto de vista se está a cometer unha irregularidade; non é a primeira vez. Están saíndo ordes de axudas publicadas sen ter o visto e prace de Bruxelas. E non é por nada, os cartos sonche de Bruxelas e hai que darlle conta a Bruxelas. E se Bruxelas non dá o visto e prace, non se poden publicar ordes de axudas. Esa, unha. E outra: ¿como é posible que se incremente o esforzo sobre un banco marisqueiro con máis de 34 permisos cun informe, que eu saiba, desfavorable do biólogo desa explotación? E de repente, en teoría, faise un concurso. ¿E o dos 34 furtivos con nomes e apelidos vai resolverse agora que teñen o Permex xa?

Hai cousas que non soan ben, e sempre que poidamos ímolos defender aquí. Anúncioo, se esta moción non sae adiante, que xa parece que non vai saír adiante pola súa intervención, imos tomar as medidas que teñamos na nosa man. E, por certo, si que me preocupa –e agora máis– o cumprimento das promesas electorais...

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señora Mato Otero.

A señora MATO OTERO: Remato xa, presidenta.

Preocúpame moito, e máis desde que hoxe na *Opinión* –no periódico– aparece un titular do noso presidente, Emilio Pérez Touriño: “O calendario de reformas que prometemos é irrealizable”. ¡Como para non estar preocupada! (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Pasamos a someter a votación as mocións.

Empezamos polo documento 9377, ao que non se lle presentaron emendas. Polo tanto, votamos o texto literal publicado.

(*Votación.*) (*Pausa.*)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 35; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.

Votamos agora o documento 9465, ao que tampouco se lle presentaron emendas. Votamos, por tanto, o texto literal.

(Votación.) (Pausa.)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 35; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.

Abordamos agora o punto número 5 da orde do día, de proposicións non de lei.

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Fernando Carlos Blanco Parga, sobre a actuación que debe de levar a cabo o Goberno galego respecto do barrio de Recimil, de Ferrol

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D.^a Beatriz Sestayo Doce, sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego respecto do barrio de Recimil, de Ferrol

A señora PRESIDENTA: O Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego presentou unha emenda á proposición non de lei presentada polos Socialistas de Galicia, documento 9765.

O Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa do deputado Fernando Blanco Parga e ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda de modificación a esta proposición non de lei:

“Emenda de modificación

Débensse substituír na parte resolutiva os puntos 1 e 2 por un único punto:

‘Instar á Xunta de Galiza a propiciar, xunto co concello de Ferrol, unha intervención rehabilitadora e de renovación

urbana do barrio de Recimil, con aportación de recursos públicos.’”

A señora PRESIDENTA: Para formular a proposición non de lei ten, en primeiro lugar, a palabra o señor Blanco Parga.

O señor BLANCO PARGA: Bos días de novo, señora presidenta.

Señoras deputadas, señores deputados, no ano 1929 o Concello de Ferrol convocou un concurso de ideas para trazar un novo Plano de ordenación urbana, que foi gañado polo arquitecto Santiago Rey Pedreira. Tratábase de facer a expansión da cidade de Ferrol despois de ser colmatados os barrios da Magdalena e Ferrol Vello. Este barrio, coñecido en Ferrol como “As Casas Baratas”, este barrio obreiro –que é un barrio obreiro–, foi construído nos anos corenta do pasado século, e no ano 1954 tivo unha ampliación volumétrica deseñada e executada polos arquitectos Nemesio Pérez e Rodolfo Ucha.

O barrio de Recimil constitúe un importante expoñente desde a perspectiva de actuación urbanística en materia social. Ten 1.043 vivendas, ten igrexa, ten mercado, son casas de tres alturas, ten grupo escolar, e o seu deseño –debemos lembrar que falamos de finais dos anos trinta– fíxose para evitar contaxios de enfermidades. De aí veñen as distancias entre as casas e mesmo que as vivendas dean a dúas fachadas opostas, que é unha cousa singular da época.

Este núcleo de vivendas forman un conxunto unitario de límites claros e características ben diferenciadas do seu contorno. Mesmo este barrio no ano 1984 foi catalogado no Plan xeral de ordenación urbana polo Concello de Ferrol. Por iso, conforme á disposición adicional segunda da Lei 8/1985, do patrimonio cultural de Galiza, o barrio de Recimil foi incluído no inventario xeral de patrimonio cultural de Galiza.

Dez anos despois desta lei, da Lei 8/1995, no ano 2005, o Pleno do Concello de Ferrol aprobou por maioría do equipo gobernante solicitar da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural a descatalogación do barrio co obxectivo publicado e manifestado de derribalo e de impulsar un novo proxecto urbanístico. A esta solicitude do Pleno do Concello de Ferrol, do equipo gobernante actual, a Dirección Xeral de Patrimonio contestou o 1 de abril aceptando a descataloga-

ción do barrio. Contra esta resolución, o grupo municipal do BNG de Ferrol, asumindo a súa responsabilidade coa cidade e coa historia de Ferrol, foi o único que interpuxo un recurso de alzada que non foi contestado polo anterior Goberno da Xunta de Galiza e si foi estimado xa polo novo Goberno da Xunta, o 25 de novembro pola Dirección Xeral de Patrimonio. A estimación baseouse en dous fundamentos básicos. Un, a falla de motivación técnica da descatalogación; non existía o preceptivo informe da Comisión Territorial de Patrimonio Histórico da Coruña. E outro, porque non houbera prazos de información pública. De feito, a Comisión Territorial de Patrimonio Histórico da Coruña, o 16 de marzo do ano en curso, deste ano 2006, acordou por unanimidade non permitir a descatalogación do barrio de Recimil. Debemos lembrar que na Comisión Territorial de Patrimonio Histórico da Coruña, ademais de cargos políticos, existen representantes profesionais independentes, e a aprobación foi por unanimidade. O mesmo Colexio de Arquitectos de Ferrol opúxose publicamente á pretendida derriba e á actuación urbanística que se pretendía para o barrio de Recimil. Contra esta resolución da Comisión Territorial de Patrimonio Histórico da Coruña que volvía protexer o barrio de Recimil, o actual equipo de goberno do Concello de Ferrol presentou alegacións, que foron o 7 de xuño deste ano de novo rexeitadas; e hoxe, grazas ao recurso de alzada presentado no seu día polo grupo municipal do BNG de Ferrol, Recimil volve estar de novo baixo protección de Patrimonio.

Recimil, sen dúbida, forma parte da historia de Ferrol e da súa memoria patrimonial. Calquera ten memoria, lembranzas, do seu barrio, onde se criou e medrou, mais Recimil forma parte tamén desa historia que vai máis alá do propio barrio e mesmo da propia cidade de Ferrol. A pé de Recimil foron asasinados no ano 1972 dous traballadores da Bazán e hoxe alí está o monumento que deu pé ao Día da clase obreira galega; transcendeu mesmo niso máis alá da historia do propio barrio e da cidade de Ferrol.

Barrios como o de Recimil, lonxe de derribarse, noutros estados da Unión Europea, en Alemaña ou en Italia, estanse a rehabilitar e a recuperar. Existen nas escolas de arquitectura especialistas en poboados industriais e en vivendas sociais. Máis tamén é certo que Recimil, para a súa desgraza, co medre urbanístico que tivo Ferrol –como tiveron outras vilas– pasou a estar nunha zona privilexiada, no centro. Noventa mil metros cadrados no centro de Ferrol ocu-

pados polas casas baratas, por un barrio obreiro, por Recimil. Isto, loxicamente, é algo moi apetitoso e moi interesante para intereses especulativos e de construtores.

Pretendía o actual equipo do Goberno municipal de Ferrol derrubar Recimil, levantar doce bloques de vivendas con edificios de entre sete e dezasete plantas, facer máis de 2.200 pisos. Era tal a pretensión edificativa que ata a Dirección Xeral de Urbanismo se opuxo a este proxecto da Concellería de Urbanismo do Concello de Ferrol. A aposta que fai o BNG, e nomeadamente a Consellería de Vivenda e Solo, con Teresa Táboas á cabeza, é acometer en Recimil un proceso de rehabilitación e de renovación urbana.

Xa ninguén discute que hai que actuar en Recimil. Iso, para calquera que pase por alí, é unha necesidade evidente. Hai problemas nas baixantes, nos tellados, nas fachadas. É un barrio que ten sesenta anos, e como en calquera barrio de sesenta anos hai que actuar. Pero o interese e o compromiso político da consellería neste barrio singular –xa catalogado de novo e protexido por Patrimonio– van máis alá de declaracións públicas, mesmo está disposta a consellería a ir máis alá dunha área de rehabilitación integral, cunha actuación encadrada no Plano de vivenda. Está en disposición de artellar mecanismos complementarios para achegas extraordinarias e adicionais ao Plano de vivenda. É unha aposta política en firme nun barrio de 1.043 vivendas, por iso quero aproveitar para facerlle unha solicitude ao Grupo Parlamentario do Partido Popular.

O barrio de Recimil hoxe, teñamos a opinión que teñamos, está protexido por Patrimonio. Alí hai máis de 2.000 persoas vivindo nunhas condicións manifestamente mellorables. Nós entendemos que, por enriba dos criterios partidarios, debémonos tamén aos cidadáns; eles demandan de nós unha actuación, e a consellería está en disposición de acometela, con recursos extraordinarios, máis alá do Plano de vivenda. O Grupo Parlamentario Popular non presentou ningunha emenda, o BNG si, nunha proposición non de lei do PSOE moi semellante á nosa. Non son iguais, son semellantes, e, se non, lea o punto 2º, señora presidenta. Na vida, os matices son importantes; son semellantes. Eu invito ao Partido Popular, aproveitando que nós temos presentada unha emenda, a chegar a un acordo, porque é importante darlles solución ás familias que viven hoxe en Recimil, ás familias que viven nos barrios do contorno.

Hai que dignificar e pór en valor Recimil, e nós estamos dispostos a facelo, por iso creo que é importante que fagamos os esforzos pertinentes para chegar a un acordo, e ofrezco a emenda que ten presentada o BNG para ese debate e ese sumarnos todos, porque, quérase ou non se queira, Recimil está protexido, é un ben patrimonial e non se pode actuar, polo menos tal e como tiña previsto a área de Urbanismo do Concello de Ferrol. E se iso non se pode facer, o que non se pode é deixar podreecer o problema mentres ese barrio está habitado. Nese barrio hai que actuar, creo que sería unha actuación urbanística singular no conxunto do país, e eu tamén defendo –porque eu tamén me criei nun poboado obreiro, de traballadores– que, por moito que medrase urbanisticamente Ferrol, ese barrio foi construído alí, é un barrio de traballadores, e teñen dereito a vivir alí en situación de total dignidade e cos mecanismos e as modernidades que hoxe pode haber en calquera vivenda do contorno, e non deixar podreecer os problemas e que eles sexan os paganos desta situación.

Eu quero convidar encarecidamente hoxe ao Grupo Parlamentario Popular a que faga esforzos, e ofrézolle a nosa emenda para tentar chegar a acordos de todos e de todas.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Blanco Parga.

Polo Grupo Parlamentario Socialista ten a palabra a señora Sestayo Doce.

A señora SESTAYO DOCE: Moitas grazas, señora presidenta.

Señoras deputadas e señores deputados, a iniciativa parlamentaria que hoxe trae aquí o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia e o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego versa non só sobre un coñecido barrio de Ferrol senón que fala tamén dunha parte da historia de Ferrol. Fala das vidas de miles de ferroláns e ferrolás, e mesmo de xentes de fóra que viñeron traballar na industria do naval, un sector profundamente arraigado, como todas as súas señorías coñecen, ao pobo de Ferrol e a unha das grandes cidades de Galicia.

O 30 de setembro de 1939, como xa lembraba o representante do Bloque Nacionalista Galego, o Pleno municipal

da cidade de Ferrol acordou oficializar unha petición ao Instituto Nacional de Vivenda, creado poucos meses atrás, co fin de solicitar unha axuda para o proxecto de construción en Ferrol de 4.000 vivendas agrupadas en barriadas de 1.000. Dous meses despois esta decisión cobra forma, e non pasa moito tempo ata a construción dun primeiro grupo de máis de 1.000 vivendas baseado nun proxecto de Rey Pedreira, que elaborara un plan de reforma –ensanche moi moderno para a época e que é valorado mesmo na actualidade polas distintas escolas de arquitectura de distintos puntos do mundo–. Este proxecto inicial do barrio destacaba con liñas esenciais non só na arquitectura ferrolá senón na galega, na española e na europea. Neste proxecto inicial do barrio é destacable, por exemplo, dentro das primeiras modificacións, a que se fixo na primeira mazá, co fin de que as fachadas que miraban á praza de España estiveran de acordo coa monumentalidade; se as súas señorías coñecen Ferrol, saben que está preto desa zona. Se non o coñecen, permítanme a licenza de que, como ferrolá, os invite a visitar esa fermosa cidade.

A autosuficiencia coa que se concibiu o barrio en canto a servizos evidenciouse coa presenza dun grupo escolar, mercados e baixos comerciais na primeira mazá, características que se repetirán nas construcións de similar índole realizadas na España da posguerra. Este barrio, popularizado como o coñecemos en Ferrol, como o das Casas Baratas –un apelativo que non gusta moito, e ao mellor por iso non lle gusta protexelo, a algúns grupos da dereita–, constitúe un exemplo de modelo social e foi obxecto de pleno recoñecemento polo seu valor histórico, cultural e arquitectónico, de modo que o seu conxunto figura como conxunto de interese arquitectónico dentro do inventario do Patrimonio cultural da provincia da Coruña, sendo catalogado, así mesmo, polo Plano xeral de ordenación municipal de Ferrol.

Resultan innumerábeis as mostras de apoio por parte de importantes autoridades da arquitectura e especialistas en patrimonio que se veñen amosando ao longo dos anos sobre este barrio. Dentro das reflexións que achegan a prol da necesidade urxente de protexer este barrio, citando entre outros, por citar autoridades –non vou citar políticos, tentarei descartar isto do debate político tratando de facer só as achegas técnicas–, por exemplo o Colexio de Arquitectos de Ferrol, ou mesmo especialistas en patrimonio como a doutora en Humanidades Rosa Méndez, que fixo importantes

achegas sobre a valoración de Recimil, podemos valorar as seguintes.

En primeiro lugar, un urbanismo exemplar pola súa traza. A distancia entre edificios ou os enlaces entre bloques mediante túneles, entre outros aspectos urbanísticos. Constituír un exemplo de barrio obreiro da repoboación. Representa un período histórico concreto. Posúe, como sinalaba o Colexio de Arquitectos, o valor da escaseza: non hai moitos coma el. Existen construcións moi semellantes, dentro dos diferentes países europeos, de finais dos anos vinte, fundamentalmente en Alemaña e Holanda. O exemplo de Rotterdam, do ano 1925, que se estuda xunto ao barrio de Recimil en varias escolas de arquitectura, é case das mesmas características que as Casas Baratas de Ferrol. Practicamente todas elas, a de Britz en Berlín ou outros exemplos en Stuttgart ou en Amsterdam, están moi ben conservadas e foron, desde logo, rehabilitadas.

Outras reflexións que fan os especialistas é a importancia do arraigo e do sentido de identidade dos habitantes do barrio, así como o valor da conservación do patrimonio como legado que corresponde manter cara ao futuro, cara á preservación da nosa identidade histórica e do noso pasado.

O pasado ano, o Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia conmemoraba baixo o lema “A cidade, un espazo para compartir” o Día mundial da arquitectura. Con ocasión de tal evento elixían o barrio de Recimil como unha mostra arquitectónica única, que require unha urxente intervención do conxunto, afondando ademais no feito de que existen técnicas de conservación encamiñadas á súa recuperación completa. A pesar de todo o exposto, a pesar de todas as mostras de apoio acadadas polos distintos técnicos en patrimonio, o Concello de Ferrol, actualmente gobernado –como todas as súas señorías coñecen– pola coalición –non sei en que estado de saúde– entre o Partido Popular e Independentes por Ferrol, solicitaban a desprotección do barrio para acometer unha alternativa que en nada parece responder ás inxerencias aquí plantexadas. Unha alternativa que en nada amosa o compromiso coa historia, coa cultura, co patrimonio, senón o compromiso con outras formas de facer política de urbanismo. Por certo, unha área paradigmática en Ferrol e unha área paralizada en Ferrol, mostra do que o novo Goberno non quere facer. Se seguen vostedes a área de urbanismo de Ferrol, os problemas da praza de Armas, da praza de Espa-

ña, os problemas de Recimil, das perdas de fondos, poderán saber de que estamos falando, unha área, desde logo, que non pode ser máis conflitiva.

A alternativa que presentaba a coalición de Goberno, con todos os votos en contra da oposición, era ben simple, fronte a todos estes apoios, a derriba deste barrio e a súa substitución –xa o dixo o representante do Bloque Nacionalista Galego– por un modelo arquitectónico urbanístico que nada ten que ver, pero que seguramente é de moita máis rendibilidade económica. É o plantexamento que facía a Concellería de Urbanismo, a que levaba a área de Urbanismo, que máis nos parece o modelo deseñado para Marbella ou para Nigrán.

Lémbraos modelos onde os intereses que predominan non son precisamente os que está disposto a apoiar o novo Goberno da Xunta de Galicia. O Concello de Ferrol conseguiu no pasado Goberno da Xunta, en períodos máis próximos ás eleccións, a descatalogación do barrio de Recimil a través do procedemento dun expediente que podemos tachar de curioso. É un expediente no que se presentaron unhas memorias baseadas en textos falsos; uns plantexamentos incluso con insultos cara aos habitantes do barrio de Ferrol; unha memoria que facía referencia ao carácter marxinal do barrio de Ferrol. Non sei se ese carácter marxinal se baseaba en que era un barrio obreiro ou é que interesaba esa marginalidade para xustificar a súa derriba; non sei cal eran as verdadeiras razóns ou se as preferiron ocultar. En todo caso, é tamén un trámite que desde o punto de vista procedemental saltaba procedementos como a audiencia dos interesados, que non é que exista de forma irregular, é que simplemente non existe.

Temos que destacar tamén os intentos de *desahucio* de xente que estaba con todos os dereitos de ocupación, cos seus contratos, dentro do barrio de Recimil, fronte ás ocupacións que se permitiron, por parte do concello, de veciños que viñan e que ocupaban as vivendas sen ningún dereito. A ninguén se lle oculta, loxicamente, que o solar que ocupa este barrio reúne características privilexiadas para a realización de diversos proxectos inmobiliarios a grande escala, mais os tempos das demolicións inconscientes ou da ignorancia usada afortunadamente comezan a quedar lonxe. Pola contra, e como exemplo a seguir, leváronse a cabo noutros lugares proxectos de recuperación moi semellantes ao de

Recimil e que poderían estarse acometendo na actualidade. Porque as políticas de vivenda social, como recollen algún especialistas, non pasan só pola construción de macroedificios estandarizados, senón que poden tamén ter en conta a fixación da poboación no seu asentamento e a conservación das arquitecturas singulares, obxectivos que, de seren conqueridos, repercutirían fondamente nos intereses colectivos; entre eles, poden incluírse o recoñecemento e o prestixio do patrimonio arquitectónico desta cidade.

Por todo isto, e desde o Grupo Parlamentario Socialista...

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando.

A señora SESTAYO DOCE: Remato xa, señora presidenta.

En consonancia co traballo desenvolvido polos grupos parlamentarios do Bloque Nacionalista Galego e dos Socialistas galegos, en consonancia co inmenso esforzo plantexado polos grupos municipais Socialista e do Bloque Nacionalista Galego en Ferrol, pero co profundo convencemento de que temos que traballar xuntos, co profundo convencemento de que o principio de colaboración institucional é fundamental, solicitamos o apoio para esta iniciativa.

Moitas grazas.

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Rolda da señora Cerdido Pintos polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia.

A señora CERDIDO PINTOS: Grazas, señora presidenta.

Señores e señoras deputados.

Señor Blanco Parga, non se preocupe, que ao Grupo Popular lle preocupa, e preocúpalle moito, Recimil; non sei se da mesma maneira aos membros do Goberno, que ningún quedou a ver o que tiñamos que dicir con respecto ao noso barrio.

Recimil é un barrio ferrolán de titularidade municipal edificado, como xa se dixo, nos anos cincuenta e que cumpriu no seu momento un fin social moi destacado. É unha barriada que cubriu as necesidades de habitabilidade do seu

momento, pero que desde hai décadas se atopa nun estado de franca deterioración, sen que ningunha corporación municipal –de todas as que pasaron por Ferrol– fose quen de facer nada para evitalo.

Estamos falando dunha barriada de 1.010 vivendas, 119 locais comerciais distribuídos en 170 bloques de entre tres e nove alturas, nunha superficie aproximada de 109.000 metros cadrados. Calquera persoa que coñeza minimamente o barrio de Recimil darase conta de que as condicións de habitabilidade que hoxe ofrece non son as que demanda a cidadanía do século XXI. Por exemplo, as vivendas ofrecen serios problemas para as persoas con mobilidade reducida. Podemos dicir, sen temor a equivocarnos, que ningunha das vivendas do barrio cumpren as condicións mínimas de salubridade e habitabilidade que contempla a normativa vixente. É posible que a traza urbanística do barrio sexa de gran valor desde o punto de vista patrimonial, así o sinalan algúns técnicos, sen embargo non é preciso ter coñecementos en materia de urbanismo para decatarse de que as construcións carecen de valor suficiente como para aconsellar a súa protección patrimonial; máis aínda, se temos en conta a mala calidade dos materiais empregados para a súa construción e o escaso labor de mantemento desenvolvido durante as últimas décadas. Por todo isto, non semella razoable darlle ao barrio de Recimil a mesma protección urbanística que á Catedral de Santiago ou ás Burgas de Ourense, tal e como propuxo o portavoz do BNG, que se atreveu a definir o barrio como unha xoia arquitectónica. Estamos ante unha construción de escaso valor estético, unha construción que incumpre os parámetros máis elementais de calidade de vida. Son vivendas de reducidas dimensións, con grandes problemas de accesibilidade e sen posibilidades de instalar ascensores, na maioría dos casos.

Desde o Concello de Ferrol, e dentro da súa propia autonomía, as diferentes corporacións municipais tentaron ao longo dos anos diversos proxectos de arranxo ou de construción dun novo barrio, sen que ata o momento prosperase ningunha desas iniciativas. Quixera lembrarlle que hai anos un goberno de coalición formado polo PSOE e por Izquierda Unida propuxo tamén a derriba do barrio, sen que finalmente fose capaz de levar adiante ese proxecto. Cómpre recordar, ademais, que as enquisas realizadas desde diversos sectores, mesmo desde algún importante medio de comunicación rexional, salientan que nunha porcentaxe nada

desdeñable a poboación de Ferrol aposta dunha forma decidida pola derriba do barrio e a construción dun barrio novo. Estamos a falar do 80% da poboación de Ferrol, que aposta pola construción de novas vivendas e polo derrubado das actuais. Quixera deixar claro que esta é primeira ocasión en que o Goberno municipal de Ferrol consegue avanzar de forma decidida nun proxecto para atallar a grave problemática de Recimil.

O actual goberno de Ferrol ten un proxecto de derriba do barrio e de construción dunha nova barriada. Apostamos por un barrio moderno, adaptado ás necesidades actuais, conservando os servizos existentes e mellorando e ampliando a calidade de vida da cidadanía que alí reside. Para levar adiante este proxecto, o goberno local de Ferrol iniciou hai dous anos os trámites para proceder á descatalogación do barrio e levantar as proteccións que no seu día solicitara o Goberno municipal anterior. Un goberno que, pese a afirmar que quería rehabilitar Recimil, o certo é que en catro anos non deu ningún paso para acometer tal rehabilitación, e iso sábeno ben os veciños que alí viven.

Este trámite da descatalogación do barrio de Recimil culminou hai un ano, meses antes do cambio de Goberno da Xunta de Galicia. Con ese paso poñíanse as bases para sacar adiante o primeiro proxecto serio para atallar a situación de Recimil. Con todo, desde a Concellería de Cultura admitíronse a trámite diversos recursos presentados –como dixo o señor Blanco Parga– polo Grupo Municipal do BNG de Ferrol, cos que conseguiron paralizar a decisión do anterior Goberno da Xunta e torpedear –penso que torpedear– así o proxecto municipal de construír un novo barrio acorde coas necesidades da cidadanía do século XXI.

Así as cousas, estamos ante unha decisión que cernou dalgún xeito a autonomía local que lle asiste ao Concello de Ferrol, unha decisión que impide a un goberno municipal xestionar os seus propios bens e facelo de acordo co sentir maioritario da cidadanía. Ante esta situación, e co fin de analizar a viabilidade dun proxecto de rehabilitación, iniciáronse conversacións entre o alcalde de Ferrol e a conselleira de Vivenda. Vaia por diante, desde aquí, a gratitude do goberno local de Ferrol polo trato recibido e o respecto dispensado durante todo este proceso. Desde o Concello de Ferrol, e desde a Concellería de Vivenda, acordouse a creación dun grupo de traballo formado por dous arquitectos independentes, de recoñeci-

do prestixio, nomeados por cada unha das administracións, que están a realizar unha análise minuciosa do estado do barrio, visitando as vivendas e as zonas comúns para poder elaborar unha diagnose real da situación de Recimil.

Unha vez coñecida esa diagnose elaborárase un informe, do que se desprenderá que actuacións son máis aconsellables desde o punto de vista urbanístico. Cómpre sinalar que esperamos que dentro de moi pouquiño, dentro dun mes, estea xa esta diagnose terminada. A priori pode dicirlles que non parece razoable o debate destas proposicións sen coñecer o resultado dese estudo previo. Cando se coñezan eses estudos, será o momento no que o Concello e só o Concello, desde a autonomía municipal que lle é propia, poderá decidir se se embarca nun proceso de rehabilitación e, polo tanto, se solicita perante a consellería a declaración da ARI –área de rehabilitación integral– para o barrio de Recimil, tal e como pretenden os textos orixinais das proposicións non de lei.

Neste proceso para recuperar o barrio de Recimil o Concello de Ferrol non se enfronta unicamente a limitacións de tipo técnico senón tamén a limitacións de tipo económico. De todos é coñecida a situación económica do Concello de Ferrol, derivada dunha mala xestión de gobernos anteriores. Así as cousas, vai resultar francamente difícil que o Concello ferrolán poida participar economicamente nunha área de rehabilitación integral, tal e como demandan as proposicións. O Concello de Ferrol dispón nestes intres dun estudo básico sobre os custos dunha hipotética rehabilitación do barrio. Segundo ese estudo, sería un montante de 70 millóns de euros. No caso de aplicarse unha área de rehabilitación integral, a nós corresponderíanos poñer 17 millóns de euros. Penso que son datos suficientemente ilustrativos, datos que expresan a escasa capacidade de manobra económica de que dispón o Concello ferrolán.

En definitiva, por todas estas cuestións o Grupo Popular cre que non é o momento máis axeitado para a presentación a debate destas proposicións non de lei. Non cremos que sexa adecuado, xa que aínda non remataron os traballos dos técnicos. Cremos que, unha vez elaboradas as conclusións, ofrecerán luz suficiente sobre esa problemática, o que nos permitirá a todos facernos unha composición de lugar sobre os problemas de Recimil. Desde o Grupo Popular, e á vista das proposicións iniciais, propoñeríamos a retirada de ambas

as dúas proposicións non de lei, e, se non fose así, o noso voto sería claramente negativo.

Pensamos que é fundamental que esta Cámara manifeste o seu respecto á autonomía municipal e aos traballos que se están facendo de maneira conxunta entre a Consellería de Vivenda e o Concello de Ferrol. Pero, de forma sorprendente, onte recibimos unha emenda de substitución do Grupo Parlamentario do BNG que afecta á parte resolutiva e que cambia de xeito substancial o espírito e a finalidade última de ambas as dúas proposicións non de lei. E aínda que nós non compartimos a meirande parte das cuestións que se recollen na exposición de motivos, podemos dicir que acollemos con moitísima satisfacción os cambios propostos polo BNG. Primeiro, porque retiran un dos puntos, xa que din que está resolto; e segundo, porque renuncian de forma expresa á creación dunha área de rehabilitación integral de Recimil. Renuncian para defender unha fórmula moito máis flexible, que pode satisfacer as aspiracións do Concello de Ferrol abrindo as portas á colaboración económica da Consellería de Vivenda. Desde o Grupo Popular estamos seguros de que da man da colaboración de ambas as dúas administracións poderemos arranxar a problemática de Recimil, unha problemática que só vai atopar unha solución da man do consenso político. Estamos ante unha actuación integral que se prolongará no tempo e que ocupará probablemente a distintos gobernos municipais e tamén a distintos gobernos da Xunta. Por iso, como dicía a señora Sestayo, é imprescindible acadar un acordo político e é imprescindible acadar un consenso que permita levar a bo porto a recuperación do barrio, governe quen governe na Xunta e governe quen governe no Concello de Ferrol.

Que o Goberno de Ferrol quere resolver o problema de Recimil é absolutamente claro, e se nesa tarefa temos do noso lado á Consellería de Vivenda, pois benvida sexa. Se nesa tarefa común imos contar co apoio da Administración autonómica, sentémonos xa a negociar e a solucionar o problema.

Remato xa, reiterando a importancia de que as administracións sexan quen de dar a talla ante a cidadanía para resolver problemas que afectan ao conxunto dos cidadáns. Ferrol precisa que se resolva a problemática dun barrio que está chamado a ser referente da calidade de vida e do benestar. Estamos seguros de que nese camiño imos a atopar a colaboración da Consellería de Vivenda.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señora Cerdido Pintos.

Polo BNG, para a rolda de peche, ten a palabra o señor Blanco Parga.

O señor BLANCO PARGA: Moitas grazas, señora presidenta.

Señora Cerdido Pintos, tenme vostede confundido. Ao principio deu un discurso, logo cambiou, deu así unha larga cambiada; pode ser que si, pode ser que non, xa veremos. Eu voume quedar co último, porque son bastante optimista por cuestión de política, pero necesito facer cando menos algunhas precisións, porque tamén as cousas dependen do cristal co que se mire.

Anteriores gobernos municipais, nomeadamente coa alcaldía do BNG, xa pretenderon actuar en Recimil e falárono daquela co Instituto Galego de Vivenda e Solo, que non aceptou a proposta por ser un barrio de propiedade municipal, e acordouse actuar —que se está a traballar agora niso, do que tamén falaremos— no barrio da Magdalena, no Ferrol Vello, co anterior goberno municipal, do BNG, en Ferrol.

Respecto das finanzas eu non me vou meter nas finanzas do Concello de Ferrol, que cada un aguante do que ten. Pero, en fin, o que un ve ultimamente respecto dos millóns de euros que se perden na área de urbanismo, que é público e notorio, cada un que se aplique o conto polo que é, ou sexa que eu non me vou meter nese tema.

Claro, xa sabe vostede que eu non vou de especialista de nada e menos de arte e patrimonio, entre outras cuestións. Mesturar a catedral de Compostela, o tema das Burgas, un barrio obreiro; claro, efectivamente, parece que devalúa máis, parece que ata ten unha certa visión, permítame, clausista. Ademais creo que hai uns organismos, eu non son profesional, pero a Comisión de Patrimonio da Coruña di unhas cousas, e digo eu que cando están postos algún valor terán. Ou sexa, para vostedes ten valor cando lles dá a razón, e cando lla quita non ten valor. As regras do xogo son as que son, ¿ou xogan vostedes sós ao solitario e fan trampas? Iso non é. Claro, estaban afeitos a iso, pero está mudando a

cousa; entón, afáganse a que os organismos deciden para todos.

A Comisión de Patrimonio di unha cousa e vén aquí unha señora deputada –con todos os respectos– e di ¿que me din vostedes a min? ¡Non me comparen a catedral de Santiago co barrio de Recimil! ¡Home, iso veo calquera! Pero o valor patrimonial decideno eles. Claro, tampouco comparo a catedral de Santiago cunha mámoa que haxa no meu pobo. ¿E que?, ¿non ten valor? É que iso, en fin, señora deputada, eu creo que faría unha reflexión respecto diso. É dicir, non hai ascensores, ¡pois pónense! Tamén me dicía un compañeiro... *(Interrupcións.)* Hai solucións, por fortuna. Non grazas a vostedes, pero por fortuna a tecnoloxía avanza e atópanse bastantes solucións a bastantes problemas habitacionais. É dicir... *(Interrupcións.)* Non, a min gústame que a estas horas nas que todos queremos xantar se me anime o sector *hooligan* do Partido Popular *(Risos.)*, que sabe que sempre me motiva para este debate. Espero que os compañeiros do PSOE me deixen acabar. Pero, claro –como dicía un compañeiro–, a escalinata de Platerías tampouco ten ascensor, non sei se pretenden vostedes algo. As cousas teñen arranxo. En barrios como o de Recimil, nos que hai unha media de dous habitantes por casa, pódese actuar e conseguir unha gran calidade de vida para os habitantes, para o contorno e para Ferrol.

E respecto das PNL, nas que nós mantemos clarísimamente a rehabilitación e a recuperación do barrio, é certo que o primeiro punto sae de prazo, porque son PNL presentadas en novembro e desde aquela Patrimonio falou, por iso o primeiro punto hoxe, en xuño de 2006, non ten sentido mantelo. E é certo que no segundo, o do ARI, incluso o toman vostedes mal, porque nós o do ARI retirámolo pois hai unha declaración da consellería de facer máis esforzo incluso que nun ARI. Tómeno en positivo, non en negativo; máis esforzo que nun ARI. E mesmo na preocupación do Goberno galego respecto deste tema vostede se contradí, porque aquí non hai ningún. Si, cando estaba aquí gobernando o PP tampouco había ningún, nin comparecían, ou sexa que non imos... Pero, sen embargo, recoñecen o mérito da conselleira de Vivenda e Solo, a nacionalista Teresa Táboas, que vostede sabe persoalmente que está preocupada polo tema porque onte tivemos oportunidade de falar del. Non está o Goberno fóra deste tema. Eu falo en nome do Grupo Parlamentario do BNG, pero vostede pode saber perfectamente

que falo tamén en nome de algo máis. Nós sustentamos un goberno, entón hai un compromiso, e aquí o explícito, de actuar por riba dunha área, incluso con máis xenerosidade por parte do Goberno galego.

Emprázoa a negociar a emenda, porque quero quedar coa parte última do seu discurso, quero supoñer que a primeira a tiña vostede preparada, e, claro, como as cousas cambian na vida e o mundo é redondo e vai dando voltas, tivo que facer unha larga cambiada a última hora. Entón, prefiro quedar coa segunda parte.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Blanco Parga.

Señora Sestayo Doce, ten vostede a palabra para unha rolda de posicionamento sobre a emenda, porque a emenda está feita sobre unha iniciativa súa; ben, do seu grupo. Dígo-llo para que non se esqueza de que se ten que posicionar sobre a emenda.

A señora SESTAYO DOCE: Moitas grazas, señora presidenta.

Teño que dicir que a verdade é que nos sorprende o discurso, porque parece que todo ía encamiñado cara a un “non” pero ao final é un “si”. Eu tamén vou quedar co final, porque, desde logo, imos agradecer o apoio á rehabilitación dun barrio que para todas as ferrolás e os ferroláns é ben querido. O que si é certo é que non podemos compartir algúns dos razoamentos, xa que precisamente, como este discurso ía cara ao si, non os podemos compartir. E si comparto absolutamente as posicións do representante do Bloque Nacionalista Galego.

Respecto da emenda presentada polo Bloque Nacionalista Galego non temos máis que compartila e felicitala, pero non porque exista un cambio absoluto de posición, non existe, podemos ler a emenda para que queden as cousas claras. O primeiro punto non temos ningún problema en retiralo, porque é certo que hai novas sensibilidades no novo Goberno galego, tanto por parte da conselleira e da Consellería de Cultura de cara á protección do patrimonio, como a disposición da señora conselleira de Vivenda de

cara a achegar solucións ou a colaboración institucional para a preservación do barrio, e mesmo a postura da Consellería de Política Territorial, que dixo claramente non a un proxecto especulativo, a un proxecto de interese simplemente económico e pecuniario que atenta contra a riqueza patrimonial e a riqueza histórica do noso pobo de Ferrol. Por todas estas situacións se retira ese punto, porque xa está conseguido, e non imos instar a Xunta a facer algo que xa fixo. Pero no segundo punto seguimos falando de rehabilitación e de recuperación, que quede claro, porque, claro, senón, despois do discurso que estaba cara á derriba, parecería que estabamos aquí dicindo que cambiamos porque derribamos. Non, cambiamos porque imos rehabilitar o barrio de Recimil.

Cando falamos aquí de patrimonio, parece que se fala só de patrimonio monumental. Ademais do patrimonio monumental existe o patrimonio da cidadanía, o patrimonio dunha parte da nosa historia, dunha parte do noso pobo, unha parte que está profundamente vencellada á historia de Ferrol, á historia proletaria e obreira de Ferrol. Unha parte de Ferrol que, por moito que se empeñen, non se vai esquecer nin sequera derribando. Está aí e, desde logo, seguirá por moito tempo.

Outro tema, respecto do apoio, da derriba e demais, non quero entrar demasiado niso, pero o que si resulta un pouco chocante –e mesmo as cifras que baralla sempre a Concellería de Urbanismo–, é a relación estraña que teñen agora cos Independentes por Ferrol. Ao mellor non teñen os datos, pero o curioso é que sempre manexan os datos da Asociación de Vecinos del Pilar, como se só existira esa asociación de veciños. Pero resulta que existe outra asociación de veciños, que é a Asociación de Veciños San Fernando, que se postula en contra da derriba das casas baratas de Ferrol. Non sei por que nas enquisas en favor do derribamento do barrio obreiro, que ten todas as características que antes amosabamos por parte dos especialistas, só se recollen os pensamentos da Asociación de Vecinos del Pilar, presidida por un señor que, como non está aquí, imos ser elegantes e non imos facer referencias ás súas inquietantes relacións co señor Juan Fernández; vou deixalo aquí.

En todo caso, desde o Grupo Parlamentario Socialista estámoslle profundamente agradecidos ao Grupo Parlamentario Popular porque ao final do que se trata é de chegar

a solucións. Estou segura de que todos intentamos salvar unha parte importante da nosa historia, do noso patrimonio, e unha parte moi importante dunha zona privilexiada de Ferrol. Espero que dentro de non demasiado tempo todas as súas señorías poidan pasear por Ferrol e contemplar un barrio moi querido, de máis de 1.000 vivendas, completamente rehabilitado e recuperado grazas, en parte, ao esforzo e ao consenso ao que hoxe chegamos aquí.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señora Sestayo Doce.

Señor Blanco Parga, entendín que aceptaba a emenda. *(Interrupcións.)* Entón ten que pedirme tempo para transaccionar, señora Sestayo.

Suspendemos un minuto.

Suspéndese a sesión.

Reiníciase a sesión.

A señora PRESIDENTA: Se me permiten, señora Sestayo e señores deputados, ímoslle dar só a palabra á señora Sestayo, que é a voceira desta proposición non de lei, para que nos diga como remata a cuestión.

A señora SESTAYO DOCE: Moitas grazas, señora presidenta.

Finalmente, como anunciabamos, chegamos a un acordo, polo que o texto da proposición non de lei quedaría: “Instar a Xunta de Galicia a que, xunto co Concello de Ferrol, e tendo en conta as conclusións da análise que están a levar a cabo ambas as dúas administracións, se adopte unha intervención rehabilitadora e de renovación urbana do barrio de Recimil, con achegas de recursos públicos de acordo co resultado do proceso negociador entre ambas as dúas administracións”.

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Prégolle que logo llelo pasen por escrito aos Servizos Xurídicos da Cámara.

Modificación da orde do día.

A señora PRESIDENTA: Antes de suspender a sesión quero anunciarlles que a interpelación do Grupo Parlamentario Popular sobre o atraso nos pagamentos aos agricultores e gandeiros e mais a pregunta de don Antonio Rodríguez Miranda ao conselleiro, ambas as dúas iniciativas interpe-lando o conselleiro do Medio Rural, se substanciarán ao finalizar as preguntas orais ao Goberno, porque o consellei-ro tivo un problema insalvable de axenda no último minuto e están de acordo os portavoces. Polo tanto, saiban que esta vai ser a modificación da orde do día e que se vai substan-ciar pola tarde.

Suspendemos a sesión ata as dezaseis e trinta minutos, ata as catro e media.

Moitas grazas.

Suspéndese a sesión ás dúas e vinte da tarde e retómase ás catro e trinta e catro minutos.

A señora PRESIDENTA: Señoras deputadas e señores deputados, boas tardes.

Retómase a sesión. (*Murmurios.*)

Prégolles que garden silencio. Imos retomar a sesión, se lles parece, que temos aínda unha sesión bastante longa.

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, sobre a constitución e o funcionamento da Comisión non Per-manente para o Seguimento e a Avaliación do Plan Gali-cia e do Plan de dinamización económica de Galicia

A señora PRESIDENTA: A esta proposición non de lei non se lle presentaron emendas.

Para formular a proposición non de lei ten a palabra o señor Negreira Souto.

O señor NEGREIRA SOUTO: Grazas, señora presidenta.

Señorías, moi boas tardes a todos. Trae o Grupo Popular a esta Cámara de novo un tema de infraestruturas no que se reflicte, sen dúbida, a preocupación maioritaria que temos

polo desenvolvemento que no noso país se está a producir no que afecta ás grandes infraestruturas tanto no eido que é res-ponsabilidade da Comunidade Autónoma como no que afec-ta ao Estado central.

E traemos de novo neste sentido unha proposición non de lei que ten como obxectivo que nesta Cámara se consti-túa unha comisión non permanente para o seguimento e a avaliación tanto do Plan Galicia como do Plan de dinamiza-ción económica de Galicia; dous plans ratificados por este Parlamento e polo Congreso dos Deputados e que alcanzan nada máis e nada menos que a cifra de 14.000 millóns de euros. Estamos a falar de conquistar mil quilómetros de AVE, preto de 900 quilómetros de autovías e de mellora de estradas e 13,7 millóns de metros cadrados de solo industrial.

A proposición non de lei para a creación desta comisión non permanente ten claramente un antecedente, refírome ao mes de maio de 2004, cando o Parlamento de Galicia, na anterior lexislatura, aprobou por unanimidade a iniciativa parlamentaria dos grupos nacionalista e socialista de crea-ción dunha comisión para realizar o seguimento e a avalia-ción dos plans aos que nos vimos referindo, tanto o Plan Galicia como o Plan de dinamización económica de Galicia.

Este acordo entendemos que supuxo un grande avance e que foi de gran importancia xa que amosaba o compromiso das tres forzas políticas de traballar conxuntamente na defensa dos intereses de Galicia, máis alá das súas diferen-zas partidarias.

As infraestruturas, un dos principais alicerces do desen-volvemento e vertebración territorial e do progreso dun pobo, serían tratadas como un asunto de país, o que reforza-ba notablemente a posición da nosa Comunidade Autónoma á hora de esixir o cumprimento dos compromisos que o Estado tiña adquiridos con Galicia. A comisión seguiu tra-ballando con eficacia ata o remate da lexislatura, momento no que, de acordo co Regulamento da Cámara, expirou o seu mandato.

O Grupo Popular, entendendo que os obxectivos e os tra-ballos desta comisión seguían a estar plenamente vixentes, propuxo a súa constitución no primeiro pleno vixente desta lexislatura. Porén, as dúas forzas políticas que un ano antes impulsaran a creación deste órgano, votaron en contra da súa

constitución, o cal supuxo, sen dúbida, unha gran sorpresa, pero tamén un motivo de fonda preocupación e decepción. En efecto, con esta decisión pechábanse a porta aos grandes acordos de país en materia de infraestruturas, o cal implicaba un paso atrás –cremos nós que irresponsable– que non tardou en traer as súas consecuencias.

Pasaron xa nove meses e a única noticia é precisamente que non hai noticia de avances reais nas infraestruturas pendentes. Pedíronse nesta Cámara, por parte do Partido Popular, medidas extraordinarias para poder cumprir os prazos que todos os grupos parlamentarios estivemos de acordo en fixar para o conxunto das infraestruturas en Galicia. Fronte a iso, o que temos son tramitacións eternas e recursos orzamentarios escasos, e o que é o peor, o Goberno central non parece estar preocupado por cumprir os seus compromisos nin o Goberno galego por esixilos.

Por este motivo faise máis necesario que nunca retomar o acordo das tres forzas políticas con representación parlamentaria e adoptar unha verdadeira posición de país neste asunto.

O tempo corre na nosa contra; do contrario, Galicia será a última comunidade autónoma que disporá dunha conexión por AVE co resto de España, como xa pasou coas autovías. E, se non nos aplicamos, posiblemente sexa un AVE de segunda categoría.

Cómpre recuperar de novo o instrumento parlamentario que lle permitiu a esta Cámara dispoñer de información actualizada e constante sobre o avance das obras, mantendo un seguimento permanente sobre os traballos da Xunta de Galicia e os traballos do Goberno central. Mellorariamos así a transparencia e a calidade da información que, desde logo, podería recibir a sociedade galega. E lograríamos, ademais, reforzar a posición do noso país neste longo e duro proceso que vai ser o das infraestruturas que nos corresponden.

A proposición non de lei que agora debatemos faise en tempo oportuno, na medida en que na actualidade se está a traballar nos presupostos xerais do Estado, como nos dicía onte na visita o ministro Solbes, e porque supoño que tamén na Comunidade Autónoma se está a traballar nos presupostos de cara ao 2007. De aí, por tanto, a conveniencia de que se puidera fixar unha posición común de todos os grupos

parlamentarios de cara a reparar as necesidades reais de presupostación que as infraestruturas galegas necesitan para o 2007.

Desde logo, esperamos un si de todos que nos axude a que os expedientes administrativos das nosas infraestruturas teñan a mesma velocidade, polo menos, que os das restantes comunidades autónomas. Xa non imos pedir as velocidades de cruceiro de Andalucía ou de Cataluña, pero, polo menos, igual que as do resto das comunidades autónomas. Os nosos expedientes –somos coñecedores todos– parece que están *plomados*; só falta preguntar qué pasa co AVE Vigo-Ourense ou qué pasa co AVE A Coruña-Ferrol para decatarnos de que realmente iso está, sen dúbida, máis que parado.

E así se explica tamén con datos obxectivos a caída do 42% da licitación pública do Estado no ano 2005; un 42% de caída na licitación pública. E nestes meses de xaneiro a abril do 2006, a nosa porcentaxe sobre o licitado polo Estado é do 3,96%, que está moi afastado dese punto que vostedes fixaron no 8%.

Ao que nos pode axudar esta comisión non permanente, ademais, é a que se gaste o que se presuposta. Un auténtico escándalo foi o do ano 2005, no que preto de 300 millóns de euros se deixaron sen executar das arcas do Estado. ¿Onde están eses cartos? ¿Onde están eses 300 millóns de euros? ¿A onde foron? ¿Canto emprego deixaron de crear na nosa Comunidade Autónoma, en Galicia?

Tamén nos pode axudar a dignificar o noso país. Desde logo, non é de recibo que a ministra chegue a este país e diga que non se acorda das datas das grandes infraestruturas de Galicia, de cando se van rematar, cando aos andaluces recentemente lles relatava con concreción e claridade todas e cada unha das datas en que se vai poñer en funcionamento o AVE. O que hai que preguntarse é se o presidente Touriño, que a acompañaba nesa visita, pode resistir iso, porque desde logo, se pode resistir iso, parece que pode resistir calquera cousa. A verdade é que pouco tempo ocupa o noso país nas preocupacións do Goberno do Estado.

Esta comisión tamén pode servir para darlle folgos ao Goberno galego, e en particular ao presidente da Xunta de Galicia, para reivindicar o que nos corresponde. Non hai que conformarse coa vaguidade; non podemos estar no simple

voluntarismo político, non podemos dicir que non pode haber datas de finalización para as infraestruturas en Galicia por cuestións técnicas.

E, finalmente, tamén nos pode servir esta comisión para facer un seguimento do Plan de dinamización económica de Galicia. O garante do Plan Galicia, señor Touriño, o primeiro que fixo nos presupostos xerais da Comunidade Autónoma para 2006 foi borrar toda referencia ao Plan Galicia, non sei se simplemente para que non se puidera facer o seguimento oportuno ou porque probablemente quería atrasar unha serie de obras; como xa puxemos de manifesto, só en estradas se deixaron de presupostar máis de 70 millóns de euros.

Remato xa. Todo isto ten un obxectivo, e ten un obxectivo que é fundamentalmente rectificar. Polo camiño que imos, non imos ben. Probablemente a este ritmo seremos os últimos tamén no AVE, como o fomos nas autovías. Por iso espero, confío e lle pido o voto a favor para esta proposición non de lei.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Rolda dos grupos parlamentarios. *(Pausa.)*

Polo Bloque Nacionalista Galego ten a palabra a señora aa Silva Méndez.

A señora DA SILVA MÉNDEZ: Grazas, señora presidenta.

Señores deputados, señoras deputadas, boas tardes.

¿De que trata esta proposición non de lei, aínda que pola intervención do portavoz do Partido Popular non o pareza? Pretende tratar do Plan Galiza unha vez máis. E desde o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista preguntámonos qué era o Plan Galiza ou o Plano de dinamización económica.

Cando no ano 2002, a finais de 2002 e no 2003, miles de galegos e galegas reclamabamos na rúa xustiza para este país e dabamos unha demostración a todo o mundo, a todo o Estado, a todo o Goberno do Estado e a todo o Goberno da Xunta naquel momento do que é a dignidade dun pobo, naquel momento o Goberno da Xunta e o Goberno do Estado inventaban un artificio para calar as críticas, para intentar

calar a sociedade galega. E reuníanse en consello da Xunta e en consello de ministros na Coruña para aprobar o que denominaron Plan Galiza. A algúns —a min non por idade— iso recórdalles a outros consellos de ministros que se realizaban no Pazo de Meirás.

Ese Plan Galiza que nunca existiu, existiu na radio, na televisión, nos xornais, en campañas publicitarias; *derroche* de fondos públicos para intentar calar, como dicía, a sociedade galega. Pero iso é o que era o Plan Galiza, un intento por parte do Goberno da Xunta, un intento desesperado por parte do Goberno da Xunta e por parte do Goberno do Estado, de que a sociedade galega se resignase cos gobernos que tiña.

Pero hai outra cousa. ¿Que non era o Plan Galiza? Porque diso é do que hai que falar, exactamente do que non era. E o Plan Galiza o que nunca foi foi un plan, o que nunca foi foi serio e o que nunca foi foi un compromiso firme coas infraestruturas galegas nin coas necesidades de Galiza. Un Plan Galiza que nunca tivo datas de inicio, é sorprendente. Puxeron unhas datas de remate ficticias, pero nunca houbo datas de inicio duns compromisos supostamente serios do Goberno do Estado nin prazos de execución nin orzamentos. Era unha simple relación de obras —por outro lado, necesidades demandadas pola sociedade galega durante anos—, e a demostración evidente de que non se ía en serio, de que non era un plan, era que nunca tivo reflexo legal en ningún documento serio aprobado seriamente cos compromisos, cos orzamentos e con todos os pasos necesarios para que tal nome tivera. Porque, mentres isto pasaba, mentres se nos dicía aos galegos e ás galegas con propaganda que existía o tal Plan Galiza, ¿que pasaba?, ¿que facía o Goberno do Estado do Partido Popular en Madrid? ¿Que facía? Pois incluír nos orzamentos do Estado do 2004 apenas menos dun 5% dos orzamentos para Galiza, o que quere dicir que é bastante menos do que só por poboación lle correspondía a Galiza, e iso era a demostración do compromiso que o Goberno do Estado e que o Goberno da Xunta, a través dese suposto plan, adquiriran con Galiza. O seu compromiso supón para eles darnos menos do que en xustiza nos corresponde só por poboación, sen falar doutros factores necesarios como o acumulado atraso das infraestruturas en Galiza.

Pero a realidade é ben teimuda e o PP mantivo esa situación, e como a realidade é ben teimuda, vén demostrar que o Plan Galiza nunca existiu e nunca foi un plan.

Houbo moitos plans, nos últimos vinte anos, por poñer unha data do atraso das infraestruturas en Galicia, aínda que podemos poñer vintecinco ou podemos remontarnos moito máis, houbo dez plans ferroviarios no Estado; dez. En ningún deles se sxeudou nada para Galicia. Houbo que esperar ao ano 2000 para que, por primeira vez, aparecen infraestruturas planificadas necesarias para este país, e foi polo traballo que fixo o Bloque Nacionalista Galego. Recordemos que desde o ano 1995 se leva un traballo insistente na demanda desas infraestruturas en Galicia que deu os seus froitos. E no ano 2006, por primeira vez no Estado, e non grazas ao traballo do Partido Popular, non grazas a esa posición de país á que onte facían referencia do Partido Popular, porque, desde logo, os deputados e deputadas do Partido Popular no Congreso, se teñen algo, desde logo, non é posición galega. Votaron a favor dos orzamentos do 2004 e parecíanlle magníficos para Galiza, e, sen embargo, non apoiaron uns orzamentos que si podían ser mellores para Galiza ou non fixeron nin sequera un esforzo para que se falase de Galiza. E, se non, vaian ao *Diario de Sesións* do Congreso e miren as intervencións nos orzamentos dos representantes do Partido Popular.

Unha vez máis, o Bloque Nacionalista Galego ten que pelexar para que haxa acordos beneficiosos para este país, e temos o compromiso de que no ano 2007 haberá como mínimo uns investimentos do 8% para Galiza. E iso non é a base nin de pedir nin de suplicar, é a base de traballar polas necesidades e polo que é xusto para este país e o que é xusto para a sociedade galega. E ¿que fai o Partido Popular no canto de apoiar estas demandas, de traballar con seriedade por Galiza? Pois no canto diso dedícase a criticar estes acordos, dedícase a dicir que non se van executar. Eu o que lle pediría ao Partido Popular, e pídoallo con absoluta franqueza, é que empecemos a falar deste tema con seriedade, que empecemos a falar con rigor das infraestruturas que Galiza necesita, que deixemos de tirarnos á cara... que o Partido Popular deixe de intentar levantar cortinas de fume para tapar as actuacións que tiveron os seus gobernos anteriores, tanto na Xunta coma no Estado. Non lle vai servir de nada ao Partido Popular para o seu traballo e, desde logo, non lle vai servir para nada á sociedade galega seguir a reclamar, unha e outra vez, que se cumpra un plan que nunca existiu. A sociedade galega merece máis respecto, merece que traballemos para que realmente se cumpran os compromisos que hai con este país; para que se inclúan nos orzamentos do Estado e para que se executen eses orzamentos.

Dez planos ou programas ferroviarios nos últimos quince anos e temos executado, ou en execución, o 40% do Eixo Atlántico, iso é algo que este país, desde logo, non se pode permitir. Pero tamén aí hai moitísima responsabilidade, por non dicir a maioría, do Partido popular. E, desde logo, non vai ser o BNG quen defenda gobernos do Estado, nin uns nin outros, pero si vai seguir facendo o que sempre fixo, reivindicar o que a Galiza lle corresponde. Polo tanto, o Bloque Nacionalista Galego non vai aprobar esta proposición non de lei, porque o Plan Galiza nunca existiu, porque o Partido Popular amosou claramente coas súas decisións nos orzamentos do Estado a ausencia absoluta de compromiso con Galiza, e tamén coa política que desenvolveron os gobernos da Xunta en Galiza.

O BNG non vai apoiar hoxe, nin nunca o fará, que se pretenda seguir cunha política de infraestruturas baseada na falta de rigor, na falta de planificación, na falta de priorización e de compromiso orzamentario, porque iso é o que pide esta proposición non de lei, que sigamos defendendo o que continúa o Plan Galiza, que era falta de compromiso e falta de rigor; e iso, como comprenderán, o Bloque Nacionalista Galego xa lles dixo en debates anteriores que nunca o volverá facer e nunca apoiará propostas deste tipo.

Polo tanto, xa lle dicía que non imos apoiar esta proposición non de lei, e o que lle pedimos, desde o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, é que traballen polo que Galiza necesita, que se comprometan de verdade por este país, que traballen para que Galiza teña o Estatuto de nación que se merece, que traballen para que Galiza obtéña os investimentos que lle corresponden en xustiza, e, neste sentido, traballando así, si terá no apoio para as proposicións do Bloque Nacionalista Galego. Desde logo, no Bloque Nacionalista Galego queremos que este Parlamento faga un seguimento das infraestruturas en Galiza, pero das infraestruturas reais, das infraestruturas que se están executando e das infraestruturas que Galiza necesita, non dunha entelequia como é o Plan Galiza, que nunca existiu.

Queremos que a Xunta de Galiza participe na elaboración das políticas que o Estado desenvolve e que o Estado programa para Galiza, queremos un Goberno galego implicado directamente nas decisións que o Estado toma no que afecta a Galiza, e, desde logo, non foi iso, en absoluto, o que fixeron gobernos anteriores do Partido Popular, non hai máis

que ver a actitude coa que ía a Madrid o anterior presidente da Xunta, a demandar –que non é o termo preciso, senón máis ben a suplicar– que o recibisen na Moncloa para ver se así, polo menos, podía traer un papel no que poñer un anuncio nalgún xornal, porque nunca pasou diso o que desde a Xunta de Galiza se reclamou en Madrid e o que desde a Xunta de Galiza anterior se fixo en Madrid.

Como lle dicía, o Bloque Nacionalista Galego só vai apoiar neste Parlamento proposicións que sirvan para esixir do Goberno do Estado e do Goberno galego que se cumpran os compromisos que hai con este país e que se faga o que Galiza necesita, non para levantar cortinas de fume sobre o actual Goberno da Xunta ou sobre os compromisos que o Estado adquira en Galiza.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señora da Silva.

Polo Grupo Parlamentario Socialista ten a palabra o señor Losada.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Si, moitas grazas, señora presidenta.

Señoras deputadas e señores deputados, interveño aquí para fixar a posición do Grupo Parlamentario Socialista sobre esta proposición non de lei presentada polo Grupo Parlamentario Popular.

Como a propia exposición de motivos do Partido Popular escomeza facendo historia, eu vou seguir facendo historia. Vou falar primeiro do que ocorreu en Galicia nos últimos anos, ata o ano 2005, en temas de infraestruturas. Vou falar desas infraestruturas que aparecían nos xornais que os conselleiros de Política Territorial recorrían de carpa en carpa por toda a xeografía da comunidade autónoma e que, en ningún caso, eran o resultado de estudos serios de planificación, de estudos serios das necesidades obxectivas para o desenvolvemento desta comunidade autónoma. A proba está aí, o 80% da renda media española.

Tratábase de actuacións acumuladas no tempo, sen orde de prioridades, e respondendo a criterios basicamente electoralistas e partidistas, só así se explica o deseño dalgunhas

infraestruturas que remataban na nada e que comezaban moitas veces tamén na nada. Tratábase de dotacións orzamentarias pouco realistas e nas que se carecía de medios materiais e humanos para a súa administración, xestión e control. Hoxe vai haber aquí unha pregunta sobre o xurado de expropiación de Galicia, sobre as débedas da Xunta de Galicia en temas de expropiación. Polo tanto, atrasos e descoordinación, e o resultado era ese, o svultado déficit –que efectivamente aí si concordo co señor Negreira– que existe en infraestruturas en Galicia. Un avultado déficit despois de dezaseis anos de Goberno, e tamén despois de oito anos de Goberno amigo en Madrid, porque tamén vou falar un pouco disto.

Falan na exposición de motivos dos incumprimentos, eu vou falar dun incumprimento como exemplo. Vou falar da autoestrada Santiago-Brión, vou falar de como en novembro do ano 2000 o que nese momento era conselleiro de Política Territorial dixo que se estaba realizando o estudo do trazado. Ese mesmo conselleiro, en marzo de 2002, falou da posibilidade de introducir peaxe ou de introducir o capital privado. En maio de 2002 dixo que esa autoestrada ía comezar proximamente. Un novo conselleiro, despois das 70.000 toneladas de fuel oil, de petróleo, en xullo de 2003, dixo que as obras se iniciarían no primeiro semestre de 2004. En outubro de 2004, é dicir, no segundo semestre dese ano, dixo que se iniciarían a finais dese mesmo ano. En marzo de 2005, ese mesmo conselleiro dixo que a sobras comezarían antes do verán, pero non foi así, a sobras comezaron con ovo Goberno do cambio o 20 de xaneiro de 2006, afortunadamente par aos veciños de Brión. E non son de estrañar estes atrasos, porque nos moviamos nos avances e nas hipóteses, nas hipóteses de desenvolvemento territorial, nos traballos publicados un tras outro dependendo de quen fora nese momento conselleiro ou de cal fora a posición relativa de poder dese conselleiro dentro da Xunta de Galicia, pero a ordenación do territorio en Galicia continuaba sen realizarse.

E tamén quero falar do Goberno central desde o ano 1995, cando o ministro Arias Salgado dixo textualmente: “No saldrá un céntimo de mi bolsillo para Galicia”. Era a época en que Aznar falaba catalán na intimidade e en que eran necesarios os votos de Convergencia e Unió e do Partido Nacionalista Vasco para ter o Goberno en Madrid. *(Aplausos.)* Nese momento, desde logo, estaba clara cal era a posición do Partido Popular en relación cos ferrocarrís en

Galicia, pero seguimos nese tema. Seguimos na solidariedade inversa, señor Negreira. Seguimos vendo como unha Comunidade Autónoma obxectivo 1 cofinanciaba infraestruturas de competencia estatal, como tiña que poñer diñeiro para a modernización da rede ferroviaria do Eixo Atlántico, como puxo 60 millóns de euros para construír a autoestrada entre Santiago e Ourense e ademais con peaxe. Disto si que falamos. Isto non formaba parte aínda do Plan Galicia porque aínda non se afundira o *Prestige* e aínda o Partido Popular non se puxera colorado de vergoña pola súa xestión. Pero a situación chegaba a tal límite que o día 10 de decembro de 2002, cando xa se afundira o *Prestige*, o Partido Popular votou en contra no Congreso unha proposición non del ei do Grupo Parlamentario Socialista sobre a necesidade de elaborar un plan para impulsar o desenvolvemento das infraestruturas; o dez de decembro de 2002. Xa estaba o barco e as 70.000 toneladas –en versión Mariano Rajoy, *hilillos de plastilina*– no fondo do océano.

E vostedes seguían dicindo que non facía falta un plan para impulsar o desenvolvemento das infraestruturas.

¿De onde sae a présa entón? ¿Sae por casualidade de que mentres se afundía o barco alguén estaba de caza? ¿Ou sae por unha nefasta xestión desa catástrofe? ¿Polas cen mil ou dúascentas mil persoas, galegos e galegas, na rúa? ¿De onde sae? ¿Ou de que lles veu a vergoña despois de non tela? Porque, certamente, o cambio de posición foi absolutamente radical.

E ¿que foi ... (*Interrupcións.*)

A señora PRESIDENTA: Perdoe, señor Losada.

Señor Sueiro Pastoriza, vostede sabe o afecto que lle teño, pero véxoo empezando o Pleno con mal pé. Faga o favor de gardar silencio. Faga o favor de gardar silencio.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Vou repetir o *Prestige* as veces que considere necesario repetilo. ¿Só faltaría! (*Aplausos.*) Porque fomos moitos os que tivemos que ir sacar chapote. Así que, volvo repetilo... Si, efectivamente, si.

Aseñora PRESIDENTA: Señor Losada, chámoo á orde. ¿Queren que o faga por orde alfabética ou no conxunto? (*Risos.*) Quero formalmente chamalos á orde, e saben vostedes a quen me estou referindo. Siga vostede, señor Losada.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: ¿Que foi o Plan Galicia? Foi iso, foi corrixir unha xestión absolutamente vergoñenta dunha catástrofe nacional, e foron debuxos en mapas, e foi falta de presupostos, foron obras que non tiñan en absoluto dotacións presupostarias, as que eran de nova creación, e en todo caso as que se estaban realizando seguiron, cando menos, ao mesmo ritmo. Nin sequera trouxeron a esta Cámara un crédito extraordinario nunha situación como a que había nese momento en Galicia.

Tíñase presupostado aproximadamente, no ano 2004, o 2,57% do investimento total programado, polo tanto, estas présas e estes déficits estruturais responden exclusivamente a esas ideas fundamentais, mediáticas e de continuar na prensa de forma machacona, e ademais de forma absolutamente gratuíta, porque o que a cidadanía ve é que o que son boas noticias para Galicia son malas noticias para o Partido Popular, e iso a cidadanía, señor Negreira, desde logo, nós cremos que non o entende. Crems de verdade que non o entende.

Afortunadamente, hai agora un ano houbo un cambio de goberno nesta Comunidade Autónoma. Houbo un pacto de goberno, un acordo de goberno asinado entre as dúas forzas que apoian este Goberno, e desde logo aí si se falou de infraestruturas. Falouse fundamentalmente da necesidade de facer previamente ao deseño das infraestruturas un plan de ordenación territorial de Galicia. Non é posible construír infraestruturas de forma eficiente e racional cando non hai unha ordenación territorial previa a esa construción, e vostedes debían de sabelo. E despois diso, efectivamente, licitouse o Plano de infraestruturas de transporte de Galicia xa o día 23 de xaneiro, e adjudicouse a súa realización o día 11 de maio. Nas condicións desta licitación aparecen as tres variables fundamentais que aparecían no propio programa do Partido Socialista e no acordo de goberno: mellorar a accesibilidade aos mercados tanto peninsulares españois coma portugueses e do norte de Europa; favorecer a cohesión social garantindo que o cen por cento da poboación estea a menos de cinco minutos dunha vía de alta capacidade; e reducir as externalizacións negativas do transporte incrementando a súa calidade e a seguridade. Insisto en que os compromisos se van cumprindo. O Plan de infraestruturas de transporte da Xunta de Galicia está aí, e da mesma maneira ocorre co Goberno central. Os presupostos do ano 2006 foron os mellores pre-

supostos centrais na historia de Galicia, e, desde logo, o compromiso explícito de manter ese esforzo investidor en torno a un 8%, manifestado polo presidente Zapatero e manifestado aínda antonte polo ministro de Economía, son garantías e compromisos que nunca houbo no Goberno do Partido Popular. Os presupostos de Fomento incrementáronse do 2004 ao 2006 un 168%, e do 2005 ao 2006 un 71% en todas as provincias, nalgunhas delas case un 100%, e ademais Galicia foi a comunidade autónoma que máis incrementou a súa participación no conxunto dos presupostos do Estado entre o 2004 e o 2006, con 1,6 puntos. Por certo, a segunda comunidade autónoma foi a Comunidade de Valencia, dígoos para que non utilicen o argumento de que os investimentos se fan exclusivamente con criterios partidistas, con criterios de gobernos afíns. Galicia e a Comunidade Valenciana foron as dúas comunidades que máis incrementaron o peso no presuposto de Fomento entre o 2004 e o 2006.

E por certo, en relación cunha cuestión continuamente repetida polo señor Negreira aquí, nin somos nin imos ser os últimos en case nada, porque na maior parte das comunidades autónomas de España neste momento, excepto en Andalucía e en Cataluña, non se iniciaron as obras físicas de construción do AVE. En Asturias estase facendo un tramo intermedio, en todo caso, non vou ...

Desde logo, a vontade dos gobernos de Santiago e de Madrid é cumprir os compromisos electorais, e por esta razón consideramos que non é necesaria unha comisión que formaba parte dun escenario político diferente, cun goberno diferente en Galicia, e a proba de que o recoñecemos así é que aprobamos esa comisión cando nós xa estabamos gobernando en Madrid. Gustaríame saber o comportamento do Partido Popular se este –afortunadamente non é así– seguira a gobernar no Goberno do Estado. En dez meses, este goberno puxo de manifesto que os compromisos electorais se cumpren. Desde logo, o contrario do que vostedes fixeron nos últimos dezaseis anos.

Grazas.

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Losada.

Para a rolda de peche ten a palabra o señor Negreira Souto.

O señor NEGREIRA SOUTO: Grazas, señora presidenta.

O deputado que lle vai falar é o señor Negreira. En todo caso, moi rapidamente. Respecto do Bloque Nacionalista Galego, di vostede ¿que era o plan Galicia? Pois vostede terá que preguntar, o seu grupo votou en numerosas ocasións sobre o plan Galicia: para a constitución da comisión do Plan Galicia, votou os prazos do Plan Galicia, etc. ¿É que vostede votou algo que non existía? ¿É que vostede non ten conciencia do que vota, ou o seu grupo? Supoño que si. Mire vostede, o anfitrión do Consello de Ministros foi o Partido Socialista Obreiro Español a través do señor Vázquez, é dicir, os seus socios actuais. Pregunte. E, por certo, licítáronse co Partido Popular 2.000 millóns de euros –e aí están as hemerotecas para podelo contrastar–, fronte á xestión que vostedes levan.

Señor portavoz do PSOE, home, vostedes sigan mirando para atrás sen darlles futuro aos cidadáns. E crer, sigan crendo que gobernar consiste basicamente en machacar a oposición; sigan crendo niso. A verdade é que, se seguen mirando vostedes para atrás, vanse converter en verdadeiras estatuas de sal. Eu, a verdade, creo que teñen xa no corpo a síndrome dos perdedores, porque son os únicos que falan do pasado; e vostedes seguen, erre que erre. Sigán así, e non sementen alarmas co *Prestige*. Vostede, despois do informe que hoxe se coñeceu no Congreso, é o último mohicano no tema do *Prestige*.

A verdade é que, despois do que hoxe se falou aquí a propósito do non apoio que anunciaron os grupos na comisión non permanente, só me queda dicirlles que vostedes, primeiro, son inconsistentes. Agora din non ao que hai moi pouco tempo era agora si. Ou sexa, é totalmente inconsistente a posición do Bloque nacionalista Galego. Non sei se ten que ver co cambio de deputados que houbo. Non sei se ten que ver, digamos, con que practicamente “varreron” todo o grupo parlamentario que existía na lexislatura pasada. Non sei se algo ten que ver con iso. De transparencia, desde logo, nada de nada. Non queren ser transparentes, xa o dixeron cando se aprobaron os presupostos xerais da Comunidade Autónoma. Elimínouse toda referencia ao Plan Galicia, e desde logo agora non se queren sentar a falar do que antes lles preocupaba.

E terceiro, desde logo onte tiveron malas noticias. Todo iso do que se veu presumindo aquí durante meses, que se o

acordo de goberno do PSOE e do Bloque fixaba o 8% do investimento, que se ese gran documento que firmaron hai pouco de sete “puntiños”, no que tamén aparece o do investimento do Estado. Onte o señor Solbes, que creo que é o vicepresidente económico do Goberno central e ministro de Economía e Facenda, dinamitou conceptualmente o que vostedes están a falar. Dixo: non se poden territorializar porcentaxes cada ano; iso non é unha boa técnica presupostaria. Punto un, conceptualmente eliminado. Pero en segundo lugar dixo moi claramente: iso das porcentaxes teñen que ser obxectivos tendenciais e non unha cifra única e fixa. Polo tanto, vostedes sen dúbida están falando no aire, de forma inconsistente, sen saber moi ben onde van. Sigán así, non acepten, desde logo, o que propuxo xa o Partido Popular ao inicio desta lexislatura: facer un pacto de país polas infraestruturas. Non queren aceptar iso, sigán por aí, desde logo eu creo que é unha boa forma de renunciar a que Galicia converxa en materia de infraestruturas co resto do Estado español; é unha boa forma de renunciar a crear emprego nesta comunidade autónoma.

Termino xa, polo tanto, dicindo o que creo que todos sabemos perfectamente, outra cousa é a complicidade do Bloque Nacionalista Galego xunto a dirección do Partido Socialista Obreiro Español aquí e en Madrid. A complicidade polo menos en Galicia, non sei se en Madrid, pero aquí en Galicia o poder une moito; din que o poder une moito, e a moqueta sen dúbida fai esquecer moitísimas cousas. Polo tanto, eu ánimoos, desde logo, a que cambien de postura, porque todos sabemos que o tema das infraestruturas vai mal; todos o sabemos perfectamente, temos noticias diso todos os días, e os datos oficiais de volumes e de obxectivos de licitación así nolo din: no ano 2005 baixou o 50% a licitación pública do Estado.

Moitas grazas.

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Negreira Souto.

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, sobre a modificación do Real decreto 1612/2005, do 30 de decembro, o restablecemento do sistema de cálculo das pensións non contributivas para os españois residentes no exterior e a xeración de efectos económicos das solididades a partir da data da súa presentación

A señora PRESIDENTA: A esta proposición non de lei presentaron emendas os grupos parlamentarios dos Socialistas de Galicia e do BNG, documento 9764.

O Grupo Parlamentario dos Socialistas e Galicia e o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da súa deputada M^a Soledad Soneira Tajés e do seu deputado Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, e a través dos seus portavoces, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de modificación

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a demandar do Goberno do Estado:

1º.- A articulación das medidas que fosen precisas para que os cidadáns españois no exterior reciban unha atención de carácter integral. A asistencia sanitaria e farmacolóxica será gratuíta nos mesmos casos e condicións que os españois do interior.

2º.- A que, no mesmo senso, as axudas asistenciais que perciben os españois que residen no exterior, limitadas actualmente no seu orzamento, adquiran a categoría de pensións de dereito subxectivo, recoñecido por lei nas mesmas condicións que as pensións non contributivas en territorio español.

A señora PRESIDENTA: Para formular a proposición non de lei ten a palabra, polo Grupo Parlamentario Popular, o señor Castelao Bragaña.

O señor CASTELAO BRAGAÑA: Grazas, señora presidenta.

Señoras e señores deputados, o grupo parlamentario que integro vén poñer á consideración das súas señorías a proposición non de lei tendente a modificar o Real Decreto 1612/2005 e a que se aplique o Real Decreto 728/1993.

Antecedentes. As pensións non contributivas créanse por Lei 26/1990. Se pasamos a vista polos seus considerandos, advertiremos que neles non se fai referencia aos españois residentes no exterior. A ampliación a estes nace como consecuencia dunha emenda efectuada polo senador Luís Fraga,

acollida polo grupo do partido gobernante, o PSOE, que contaba coa maioría necesaria para adoptar a decisión que mellor estimase. É de sinalar que estas pensións e a asistencia sanitaria creada polo Partido Popular no ano 1996 son dous dos beneficios máis valorados polos españois residentes no exterior. A extensión desta protección fai que sexa España o único país do mundo que exporta pensións e saúde, e a isto debemos agregar que tamén España é o único país que concede aos seus cidadáns no exterior o exercicio do voto en todos os procesos electorais. Polo tanto, máis aló da existencia ou mellora que se vén reclamando, é de xustiza recoñecer, e así o facemos, o labor levado a cabo polos distintos gobernos.

Pero volvamos á lei 26. Na súa exposición de motivos di: *Asegurar a los ciudadanos, particularmente a quienes se encuentran en estado de necesidad, unas prestaciones mínimas. Estas prestaciones se configuran como derechos subjetivos perfectos, a favor de los beneficiarios, quienes, en cuanto pensionistas de la Seguridad Social, recibirán no sólo una renta económica sino también asistencia médico-farmacéutica y los servicios sociales, obteniendo de esta forma una cobertura integral ante su estado de necesidad.*

En su artículo 7.3 dice: *El Gobierno, en el marco de los sistemas de protección social pública, podrá establecer medidas de protección social a favor de los españoles no residentes en España.*

Vamos ahora al Real decreto 728. En su exposición de motivos dice: La Lei 26 del año 1990 faculta al Gobierno para que establezca medios de protección a favor de los españois no residentes en España. La situación económica por la que atravesan las colectividades españolas en ultramar –especialmente en los países de Iberoamérica– y las carencias en los sistemas públicos de protección social hacen que un gran número de emigrantes ancianos carezca de recursos suficientes para atender las necesidades básicas, por lo que, como reiteradamente ha demandado el Consejo General de la Emigración, resulta urgente e importante atender a su protección. El presente Real decreto tiene por finalidade establecer un mecanismo de protección que garantice en términos de derecho subxectivo un mínimo de subsistencia para los españois de orixe residentes en el extranjero que emigraron de nuestro país y que, habiando alcanzado la edad de jubilación, carecen de recursos; mínimo que vendrá

determinado para cada uno de los países en forma objetiva, tomando como referencia la cuantía de la pensión no contributiva que se establezca anualmente en la Lei de presupuestos generales del Estado. Efectos económicos. Se producirán a partir del día primeiro del mes siguiente.

Vamos ahora al decreto modificadorio, al mentado 1612. Exposición de motivos: “La experiencia acumulada a lo largo de más de doce años” –no sabemos cual es– “acredita una serie de deficiencias” –tampoco las conocemos– “que de alguna manera desvirtúan la finalidade última de estas pensiones, que no es otra que un mínimo de subsistencia. Se considera necesario modificar la base de cálculo al objeto de insertarla en el entorno socioeconómico donde se perciben; que la pensión se acomode a la realidade y a las características de residencia del emigrante. Los indicadores de renta per capita, salario mínimo, salario medio y pensión mínima de carácter contributivo en los respectivos países de residencia ofrecen un razonable punto de partida como elementos configuradores de la base de cálculo. Prevé también la asistencia sanitaria, que, por supuesto, pone a cargo del beneficiario”.

¿Cuales son las principales modificaciones? Primero condiciona el importe de las pensiones al presupuesto. El Real decreto 1612 establece que la base de cálculo de las pensiones se fijará relacionando los fondos que anualmente se consignen en la correspondiente partida presupostaria al Ministerio de Trabajo con los indicadores económicos y de protección social de cada país; mientras que el Real decreto 720 –aquel que quedó en el camino– no condicionaba el importe de las pensiones a los presupuestos, porque en su preámbulo decía que se configuraban como derechos subjetivos. Ahora se quita la garantía, digamos que hai tanto pastel a repartir, y ahí paramos. Será muy difícil tener en cuenta las necesidades reales a presupuestar, pues en el momento se desconocen cuáles serán los importe de los salarios, de las pensiones mínimas y de la renta per capita de cada país, dado que estos indicadores se fijan a comienzos del año. Indicadores para la base de cálculo: Si se toman en cuenta los tres conceptos que recoge el decreto de bases, las pensiones bajan respecto a las existentes hasta la fecha, máxime teniendo en cuenta el límite máximo del 75% de la renta per capita del país que establece la orden que regula el decreto que acabo de mencionar. Por otra parte, el cuarto indicador será siempre negativo, puesto que en esos países la pensión mínima de la Seguridad Social tiene unos niveles que en la

mayoría de los casos no llega ni al mínimo del 50% de la pensión reconocida hasta esa fecha.

Descuentos para el pago de la asistencia sanitaria. Otro punto muy importante es el que establece que de las pensiones se les descontará una cantidad para el pago de la asistencia sanitaria. Debe tenerse en cuenta que, según el real decreto, la cantidad que se detrae del importe de la pensión para pensión sanitaria puede llegar hasta el 80%, puesto que el artículo 4.bis) dice: “La cuantía mínima de la pensión a reconocer, después de descontar la pensión sanitaria, no podrá ser inferior al 20% de la pensión que le correspondería sin ese descuento”. Luego, los efectos económicos los traslada al tercer mes, no como antes, que se pagaban al mes. Lo más grave es que dice que las pensiones que se estaban tramitando, que podían llevar un año, dos, tres o lo que fuere, tendrán efectos económicos a partir del primero de enero del año 2006.

Al desconocimiento de los derechos adquiridos, como señalamos, avasallados por el decreto, debemos sumar los graves perjuicios económicos para muchos españoles residentes en el exterior, de ellos la mayoría gallegos, que vieron reducidas sus pensiones entre un 20% y un 30%, produciéndose con esto una situación que podemos calificar sin exageración alguna de dramática. Vean las declaraciones efectuadas por los gallegos de Buenos Aires en *La Voz de Galicia* del lunes día 5 del corriente mes. Se justifica, por lo tanto, dejar sin efecto las modificaciones. Y no se nos dirá, como de costumbre, que venimos a cuestionar, a entorpecer la labor del Gobierno, en definitiva, a hacer política partidista, pues en este caso concreto estamos pidiendo modificar el Real decreto 1612 y que se vuelva a la reglamentación efectuada por el 728, ambos del Gobierno del Partido Socialista. Baste señalar que el Real decreto 728 lo aplicó el Partido Socialista cuatro años y el Partido Popular ocho.

Confesamos que no acabamos de comprender la razón del cambio efectuado, y mucho menos si tenemos en cuenta que el PSOE es quien modifica su propio proceder con un resultado a todas luces perjudicial para los españoles. Seguramente muy pocas veces o casi nunca podremos afirmar en esta tribuna semejante cuestión, por lo que nos cuesta mucho pensar que no vamos a contar con el respaldo de quienes dictaron el Decreto 728. Y no nos vale –lo decimos por anticipado– que se nos diga que se regularizó la tramitación de las

pensiones, que se aumentó el presupuesto asignado, que también hay un número mayor de beneficiarios. Estos aspectos no fueron jamás motivo de tratamiento por el Decreto 728.

Por supuesto, reiteramos nuestros reclamos, y hay cosas que nos preocupan mucho, como, por ejemplo, el Estatuto de los Ciudadanos Españoles en el Exterior. Decía el otro día el señor presidente en su informe al Estado de la Nación: “Los españoles en el extranjero han visto asegurado su derecho a las pensiones y a la asistencia sanitaria”. ¡Vaya seguro con disposiciones como estas! Y después dice también el estatuto: “Garantizar el derecho en situación de necesidad de acuerdo con la realidad socioeconómica del país de residencia”. ¡Otra vez más lo mismo: la realidad socioeconómica del país de residencia. A los españoles del exterior en estado de necesidad se les concederán las pensiones cuando cumplan los requisitos. Pero el *montante* en nada se relacionará con la pensión de España sino que se ajustará a la realidad socioeconómica del país a donde el destino lo llevó, y deberán vivir tan mal como puedan llegar a vivir los ciudadanos de ese país, sin relación a como se desenvuelve la vida en España.

Y concluimos. Un Gobierno socialista se atreve a rebajar las pensiones, las más bajas, que son las no contributivas, y lo hizo con los españoles más necesitados, *espallados* por el mundo, que ya cobraban pensiones reducidas en función de un coeficiente que relacionaba el nivel de renta de cada país de residencia y el de España. *Esa é a realidade, esa é a única verdade, o demais, como di o tango na miña terra: “é puro conto”*.

Señorías, de antemán agradecemoslles o apoio que teñan a ben darlle á iniciativa.

Moitas grazas. (Aplausos.)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Castelao Bragaña.

Intervención dos grupos emendantes. *(Pausa.)*

Comezaremos polo Bloque Nacionalista Galego.

Ten a palabra o señor Tabarés Pérez-Piñeiro.

O señor TABARÉS PÉREZ-PIÑEIRO: Señora presidenta, señorías, boas tardes a todas.

A iniciativa presentada polo Grupo Popular refírese ás pensións asistenciais por ancianidade; isto é, son prestacións de carácter económico dirixidas aos galegos, aos españois tamén, do exterior, de máis de 65 anos e en situación de necesidade. Estas prestacións económicas están reguladas nun decreto do ano 1993 ao abeiro dunha lei do ano 1990, da Lei 26/1990. A min gustaríame –neste ánimo de colaboración– dicirlle que esta lei está derogada desde hai tempo, e iso pode comprobalo nas bases de datos ou mesmo esperando ao programa *Cuéntame*, porque hai doce anos aproximadamente que esa Lei 26/1990 está derogada. Agora falamos do Real decreto legislativo 1/1994. En calquera caso, estamos a falar de pensións asistenciais por ancianidade, é dicir, para persoas en situación de emerxencia. E eu creo que nesta materia, e por riba de calquera loita partidista, hai un tema de enorme gravidade que hai que clarexar de vez: que é a non tramitación de solicitudes feitas, presentadas por estas persoas en situación de necesidade; concretando, se, efectivamente, cando houbo o cambio de goberno no Estado español, había no caixón milleiros de solicitudes ou non.

Eu non vou entrar en análises, en valoracións de se uns teñen razón ou outros teñen razón, eu vou ir aos datos obxectivos que, cando menos, nos din o que os xuristas chamarían indicios racionais de criminalidade –diría eu neste caso–. Polo tanto, os datos obxectivos son que desde o ano 1996 ao ano 2004 aumentou o número de beneficiarios deste tipo de prestacións en 2.714 persoas; en oito anos, *corralito* por medio, crise gravísima en Arxentina, onde está o máis importante continxente destes beneficiarios. Nestas prestacións o número de beneficiarios só aumentou en 2.714. E, mentres, desde o ano 2004 ata o día de hoxe aumentou en 18.000; é dicir, en oito anos, 2.714 e en apenas dous anos 18.000. Eu creo que, cando menos, esa é unha situación... Estamos a falar de persoas, estamos a falar de galegos, en situación de necesidade económica, non estamos a falar de calquera cousa, algo que hai que clarexar que é moi urxente. E non sei por que, seguramente debido ao esquecemento, vostede pasa por riba disto na súa iniciativa. Esperemos que, polo menos, en canto a este punto –e se quere o votamos por separado– aprobe a moción presentada conxuntamente polo Partido Socialista e polo Bloque Nacionalista Galego.

Unha vez clarexados estes extremos, falemos de retroactividade, de corrixir os decretos que queira en materia de retroactividade, mesmo de medidas resarcitorias, mesmo de responsabilidades de toda índole para a persoa que eventualmente, no seu caso, metera no caixón as solicitudes de persoas en situación de necesidade. Iso podémolo falar.

Por outra banda, eu creo que é de xustiza recoñecer –aínda que non lle guste– o esforzo orzamentario neste eido feito polo Goberno español. De 59,5 millóns de euros dedicados a este tipo de pensións pasouse a 100 millóns; é case duplicar.

Despois, eu creo, sobre todo visto e atendido o informe de onte do Valedor do Pobo, que tamén este decreto que se aprobou a finais de ano ten cuestións importantes, como eliminar –non sei se sabe que existía– o problema dos emigrantes retornados en situación de necesidade; é dicir, aqueles de máis de 65 anos que non tiñan cubertas as súas necesidades básicas e que volvían ao seu país. Non tiñan dereito a ningún tipo de prestación, a ningunha, por non reunir os períodos de carencia específica nin de carencia xenérica. Iso corríxese con ese decreto que quere derogar. Explíquello tamén a eles, non ten que ir moi lonxe, están neste país.

Ben, en calquera caso, deixado por sentado este decreto –que creo que na Arxentina chaman “caldeirada”–, nós non estamos de acordo con el en todos os seus extremos, a pesar de lle recoñecer aspectos positivos. Por iso emendamos a súa proposta; niso consisten as emendas. E un dos aspectos polo que queremos emendar é precisamente para converter esas axudas dependentes da dotación orzamentaria en dereitos subxectivos, coherentes co programa deste Goberno de facer dos galegos do exterior suxeitos de dereito, non obxecto de prevendas; suxeitos de dereito. Despois, nós non queremos que esa axuda para persoas en situación de necesidade se reduza a unha simple asistencia económica, a unha simple prestación económica. Por iso queremos unha asistencia integral, por iso queremos equiparala áas pensións non contributivas españolas, para que poidan dispor de asistencia sanitaria e farmacolóxica gratuíta. É por iso a nosa proposta. Para que teñan prestación económica si, pero tamén asistencia sanitaria e farmacolóxica gratuíta, que neste momento non a teñen, tampouco en Arxentina, polo menos os enfermos crónicos, que só teñen dereito a unha medicina por mes, probablemente insuficiente, co que lles

cómpre a esas persoas en situación de necesidade. E, despois, por outro tema, que agora se está a falar –e, por certo, cambiaron notablemente a súa postura, o que tamén lles recoñecemos–, pola nacionalidade dos netos. Pois ben –como leu antes e podería volver a lerse de novo–, a Lei 26/1990 no seu momento e hoxe o Decreto 1/1994 falaban de prestacións para os españois, tamén para os galegos, no exterior. ¿E non lle parece curioso que despois ese decreto que vostede louva o reducira aos españois de orixe? ¿E o resto dos españois e o resto dos galegos non teñen dereito a este tipo de prestacións?, ¿deixámoslos desasistidos? ¿Non sería mellor eliminar esa limitación subxectiva? Iso é o que lle propomos de emenda. Se quere, vote que non. Terá un titular, pero, desde logo, unha axuda para estas persoas non a vai ter.

Ben, seguimos. Nós –eu quero deixarllo bastante claro– conxunturalmente podemos admitir esta redución, este recálculo das prestacións económicas, coa finalidade, primeiro, de estender a atención dun xeito máis integral –non só unha prestación económica senón unha atención integral– e, despois, por outra banda, coa finalidade de poder estendela tamén no ámbito subxectivo de aplicación. Nese sentido, nós podemos admitir que puntual e conxunturalmente este novo cálculo é o que se fai no Decreto 1612/1995, pero non estamos de acordo con iso e esperamos que decontado se volva ao cálculo das prestacións –non ao real decreto, senón ao cálculo das prestacións– do xeito que se facía antes. Desde logo, non entenderíamos que esta necesaria volta cara atrás neste punto concreto puidera ser substituída por unha especie de paga extra a final de ano –sobre todo sería mal entendida nestes períodos–. Iso quero deixarllo ben claro.

E despois quero explicarlle outro extremo que seguramente pola miña torpeza pois, ao mellor, non se desprende claramente da nosa emenda, e é o que se refire ao momento do inicio da eficacia do recoñecemento desta prestación. Nós consideramos que ten que ser no mes seguinte á súa solicitude, pero así está na emenda. Eu creo que iso é debido á discordancia que pode haber nese real decreto, nunha confusión no momento do inicio do *devengo*, da eficacia do recoñecemento, co momento do pago. Eu creo que é positivo que en lugar de ser semestral sexa trimestral. Eu creo que ese é un aspecto positivo. Eu creo que por esa confusión ao mellor no decreto figura como figura. Pero, se vostede le a nosa emenda, verá que nós, no punto segundo, na parte final,

falamos da equiparación en canto a condicións coas pensións non contributivas. ¿Vostede sabe como se *devengan* e cando teñen eficacia as pensións non contributivas? Ben, pois imaxino que, se vostede o sabe, estará de acordo coa nosa proposta.

E xa para rematar, hoxe si, de verdade, direi que onte un deputado do Grupo Popular –e cito textualmente– manifestaba que os emigrantes “utilízanse como arma *arroxadiza* con tufo electoral”. Ben, nós, desde o BNG, damos por bo o acto de contrición, entendemos que están pagando a súa penitencia; agora esperamos que teñan unha manifestación de vontade e un propósito de emenda. Aí ten a oportunidade de achegarse ao noso consenso.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Tabarés Pérez-Piñeiro.

Polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia ten a palabra a señora Soneira Tajés.

A señora SONEIRA TAJES: Grazas, señora presidenta.

Señoras deputadas, señores deputados, a verdade é que sorprende un pouco a presentación dalgunhas iniciativas por parte, ademais, de quen ten obrigación de ser un pouquiño máis responsable –sinto ter que dicilo– nestes temas. Porque, evidentemente, no conxunto do Estado hai dous partidos que están chamados a gobernar alternándose, polo menos no curto prazo, con apoios ou sen apoios; pero sempre a política xeral do Estado vai estar en mans de dous partidos, no curto prazo polo menos.

O que se chaman as pensións asistenciais foron creadas no 1993 por un goberno socialista, xa se dixo aquí, o de Felipe González. No período 1993-1996 incorporáronse a estas pensións máis de 30.000 cidadáns españois no exterior, maioritariamente galegos. Evidentemente non por casualidade nin porque houbera un trato de favor, é porque somos a comunidade que exportou máis xente.

No período 1996-2004, con outro goberno –xa se dixo aquí–, recoñecéronse arredor de 2.700 pensións, coincidindo cos anos 2000 e 2001, os do *corralito*, da crise, angustia...

Foron 2.700. No período 2004-2006, tamén xa se dixo aquí, case a día de hoxe, 20.000 persoas máis. Polo tanto, con gobernos socialistas, pensións recoñecidas, desde a súa existencia, a 50.000 cidadáns españois no exterior –a maioría galegos–; e gobernos doutro signo político –alternancia–, menos de 3.000 –quero ser xenerosa–. Coa diferenza, como xa dixen antes, de que ese período de 3.000 persoas coincidiu co momento de máis crise económica producido no país onde temos máis emigrantes, como é o caso da República Arxentina, e, como consecuencia disto, nos países limítrofes que se viron arrastrados polos problemas arxentinos, practicamente toda Sudamérica.

Orzamentariamente, no ano 1993 o Goberno dedicou 10,6 millóns de euros a estas pensións. Este ano, no exercicio deste ano, son 100 millóns de euros exclusivamente para este tipo de axudas aos cidadáns españois no exterior, e, insisto, a inmensa maioría galegos.

Cando aquí se nos di que debemos ser todos iguais, iso defendémolo sempre, evidentemente. Pero non hai ás veces peor inxustiza que tratar os desiguais como iguais. E, señorías, por iso lles vou poñer un par de exemplos. A pensión non contributiva española de en torno a 300 euros supón en Cuba o salario de cinco funcionarios de moi alto rango, de persoas que traballan desde as oito da mañá ata as dúas da tarde, ou ata as catro da tarde; o salario dun pai de familia traballando oito horas ou dunha nai de familia ou dun traballador. As pensións teñen a condición que teñen.

Podemos falar das pensións na República Arxentina, por exemplo, que afectan hoxe a máis de 30.000 cidadáns españois, a inmensa maioría galegos. A pensión media contributiva na República Arxentina está, máis ou menos, en 470 pesos –a contributiva, non estou falando doutras, que as hai moito máis baixas–. Eu creo que, ademais, aquí o deputado que interveu sabe exactamente que a contía das pensións que está pagando España na República Arxentina –por poñer o exemplo do país onde máis incide– ronda os oitocentos, setecentos, seiscientos e pico, porque se completa o nivel de pensión que se está cobrando alí, porque se cobra unha pensión do país de orixe e se completa ata un tope, e vostede sábeo coma min.

Se o poñemos en termos porcentuais, unha cidadá de Camariñas, de Vilagarcía, de Pontevedra, ou un cidadán que

esteá cobrando a pensión non contributiva, está cobrando arredor do 68% da pensión mínima contributiva española. Pero un cidadán, por exemplo, na República Arxentina está cobrando de termo medio o 180% da pensión mínima contributiva do país onde vive; o 180% da pensión que xerou contribuindo continuamente durante a súa vida laboral nese país. Nós non queremos tratar os cidadáns no exterior nin os españois no conxunto, e moito menos os galegos, como cidadáns menores de idade. Queremos que sexan exactamente iguais. Eu creo que isto, ademais, o señor Castelao Bragaña teno recoñecido. Porque o día 16 de marzo de 2001, na súa comparecencia na Comisión de Emigración na súa calidade de presidente do Consejo General de la Emigración, dicía: *“El Consejo General de la Emigración viene requiriendo que no haya coeficientes, que se iguale el uno a uno con España. Esto también sería un tema. Yo les transmito qué es lo que el Consejo piensa. Pero personalmente el presidente no está de acuerdo con eso, porque me parece que también lleva a una injusticia. No es lo mismo darle el uno a uno a una persona que vive en Buenos Aires, donde la vida es muy cara, que darle el uno a uno a una persona que vive en Cuba. El de Cuba pasaría a vivir como un ministro y el de Argentina seguiría viviendo muy mal. Yo sostengo que debemos ser realistas y tratar de que, con lo que damos, todos se coloquen en un pie de igualdad. Yo creo que esa es la mejor justicia”*.

Iso pensábase naquel momento e algúns compartímo-lo. Polo tanto, para ser iguais debemos partir de situacións equiparables, porque, se non, estamos cometendo inxustizas.

O decreto. Non vou entrar máis aquí no que dixo o señor Tabarés porque me parece que o explicou moi ben. Eu quero ir ao positivo. Aquí temos debatido que posiblemente á volta de dez anos, quince anos, non queden españois de orixe, sobre todo nos países das primeiras *oleadas* migratorias. O decreto –tamén o dicía o señor Tabarés– recolle só as axudas aos españois que naceron en España. Pero nós temos moitísimos españois que naceron fóra de España, a maioría galegos. ¿Que facemos? ¿Dámoslles unha solución global, incorporamos a eses fillos, a eses netos, o tremendo potencial que para Galicia supoñen? Teno expresado o presidente da Xunta na súa última viaxe: Galicia necesita deles, necesita incorporalos como capacidade de influír nas sociedades, na economía, no tecido social de todos eses países. Somos dos poucos países do mundo que podemos ter a posibilidade

de proxectarnos fóra das nosas fronteiras precisamente a través daquilo que é máis importante, que é o capital humano que temos aí. E por iso nós presentamos unha emenda que vai moito máis alá, porque, a partir de que aprobemos o estatuto dos cidadáns españois no exterior, acabouse este decreto –este e outros–, haberá que ir a regular mediante leis o seu desenvolvemento.

¿E que lle dicimos? Dímoslle ao Estado que articule as medidas que sexan precisas para que os cidadáns españois no exterior reciban unha atención de carácter integral. Porque agora estamos falando de pensións para colectivos en países nos que lles vai mal. ¿Pero cando lles vai ben? Os emigrantes en Suíza, que son tamén galegos e son emigrantes, non precisan na súa inmensa maioría as pensións asistenciais, porque llas cobre o sistema que garante a súa calidade de vida. Pero, ao mellor, necesitan máis atención cultural, máis atención no idioma, nos dous idiomas. Porque aspiran a volver a España. E como se fala dos de Suíza, podemos falar de que a República Arxentina, por poñer un caso, ou Uruguai, cando volvan ser os países puxantes que xa foron, ao mellor non teremos que falar disto, teremos que falar de cal vai ser a nosa relación cos fillos e cos netos, que os queremos incorporar, que son un activo importante para este país.

A segunda díxoa o señor Tabarés e díxoa moi ben. Nós queremos que se recoñeza como un dereito subxectivo este tipo de prestacións, que non estean sometidas a unha limitación orzamentaria. E non vou dicir nin unha máis.

E despois, ao final, pois queremos que o Estado nos explique por qué durante os momentos de máis crise se meteron nun *estante*, só na Consejería Laboral de Buenos Aires, máis de 11.000 expedientes, e no conxunto do exterior case 17.000. ¿Por que? Sinxelamente porque se lle disparaba o orzamento e non había ningunha vontade de modificalo. O mellor foi coller as vidas das persoas –que iso é o que son os expedientes– almacenalas aí, e deixa, que xa pasará. Houbo que corrixilo, houbo que discutir e pelexar por orzamentos suficientes para que todas estas persoas viran recoñecidos os seus dereitos. E a diferenza é que en escasamente dous anos hai 20.000 perceptores de pensións máis. E no caso concreto de Arxentina, ademais, cun plan de saúde que agora mesmo ten incorporadas a case 20.000 persoas; con catorce obras sociais incorpora-

das e cunha carta de servizos que noutros países non teñen, é verdade. E a realidade tamén é que hoxe en Venezuela se acaba de constituír unha fundación sanitaria para dar resposta aos maiores de 65 anos que neste país carecen de atención sanitaria.

A realidade é a que é, e os compromisos exprésanse nos orzamentos. De 59 a 100, de 2.700 beneficiarios en oito anos a 50.000 beneficiarios en dous períodos de gobernos socialistas.

Eu creo que lle fariamos un gran favor ao colectivo de emigrantes fóra se vostedes aceptaran a nosa emenda, porque pensa no conxunto e pensa no futuro; e non debemos quedar atrás por un prurito en cuestións de curto alcance.

Nada máis, señora presidenta. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señora Soneira Tajés.

Ten a palabra o señor Castelao Bragaña para a súa rolda de posicionamento sobre as emendas.

O señor CASTELAO BRAGAÑA: Grazas, presidenta.

Co seu permiso, que, por favor, lle pido, no uso das facultades contidas no Regulamento do Parlamento, vou facer a parte da miña intervención en castelán, no que desde que marchei de Galicia me vin precisado a falar ao longo de máis de 52 anos que levo na Arxentina, recoñecendo que lle debo a esa lingua, a ese país, case todo do pouco que son, e aproveito para agradecer.

Voy a comenzar con usted, señor Tabarés. Yo acepté la Ley 26 porque el propio decreto, el 728, comienza diciendo “la ley 26”. Yo no lo inventé. Por favor, léalo.

Segundo. Aumento de las pensiones. Esto se lo contesto a los dos. Realmente lo de 2.700 no lo entiendo. Simplemente le voy a decir, señora, de acuerdo a los datos que tengo yo –y va para los dos–, que en el año 2002, sin ir más lejos, había 28.131 pensiones; en el 2003, 34.413 y en el 2004, 34.137. Me olvidé las matemáticas. Claro, hay una que me acuerdo: 38 es más que 37 y eso marcará mi resultado. ¡Vaya si lo se!

Continúo. Presupuesto. ¡Como no lo voy a valorar, señora! ¡Claro que valoro el aumento del presupuesto! ¡Claro que valoro que se le aumente a la gente, a los pensionistas! ¡Vaya si lo valoro, y lo agradezco, y lo dije! Y además ¿en cuántas ...-?. ¿Usted leyó lo que declaré en la comisión? Eso es lo que pienso. Yo pienso aplicar un coeficiente que usted lo ha explicado a medias. Porque lo que estaba diciendo el decreto ¿que era? Regulaba lo que se pagaba en función de lo que se pagaba aquí más una canasta que se ...- allí. ¿Cuál es la igualdad? Que un español en Cuba o en Buenos Aires adquiera con lo que se le paga la misma cantidad de productos que se adquiere en España. Esa es la igualdad, y en esa estoy siempre.

Muy bien. Ahora para usted, señor Iago Tabarés. Yo no he dicho que pidiera la derogación del Decreto 1600, el último, todo. ¡No! He pedido tres puntos. Yo bien que acepto, y lo hemos pedido en el Consejo General de Emigración, que se le pague a los españoles cuando llegan aquí. Yo no he pedido la derogación de eso, eso me lo atribuye usted. Yo pedí la derogación de tres puntos: base de cálculo, que se paguen a partir del mes y que no se le deje de pagar a la gente que presentó la solicitud. No me atribuya usted lo que yo no he dicho.

Vamos a continuar. Señora –y además me satisface mucho– a usted la escuché decir por el mes de diciembre, tratándonos de bomberos pirómanos, que nosotros mentíamos, que las pensiones no se iban rebajar, que todo era un invento del Partido Popular. Señora, no lo digo yo. Lo digo porque a lo mejor usted se ha olvidado. ¿Usted conoce esta foto, verdad? ¿Usted la conoce? Que la norma equipara a los ciudadanos españoles del exterior con los que vivan en el territorio nacional, eso lo ha dicho usted, una experta, señora... ¿Que es lo que equipara? Le marca otro coeficiente y la sanidad encima la tenían que pagar. ¿Esa es la equiparación? ¡Ay, por Dios, señora Soneira! Que lo diga otro, todavía; pero usted, que anduvo por el mundo... ¿Sabe qué llegué a pensar? Que es el nuevo Robin Hood de este tema. Antes les sacaban a los ricos para darle a los pobres, ahora directamente le sacan a los pobres. ¡Por Dios, señora!

Mire, acá hay una cosa muy clara. Yo estoy dispuesto a hacer todas las transacciones que ustedes quieran, solo hay una que no puedo hacerle. ¿Sabe por qué? Porque yo, cuando termine este pleno, tengo que volver a Buenos Aires.

Usted irá a Camariñas y no tendrá que dar explicaciones a nadie y yo tendré que mirar a los ojos a aquella gente a la que le ha rebajado la pensión un gobierno socialista, ¡un gobierno socialista! (*Aplausos.*) (*Interrupción.*) Y fíjese qué curioso: le han bajado a los que menos cobran, que eso es lo más triste. Yo no puedo creerlo, realmente no puedo admitirlo, y sobre esa base no podemos transaccionar nada. Y no mueva la cabeza, señora, que esa es la realidad. Vaya usted a Buenos Aires. Y a estos señores, a estos... ¿Ve usted lo que dice? ¿Lo lee usted? ¿A lo lejos? Explique a estos gallegos, dígales usted a estos gallegos que... para arreglar a los demás. Pero, mire, yo voy a aceptar hasta por un momento su propuesta, ¡fíjese que curioso! ¡Fíjese, como un señor, un tonto –que puede haber en todo pueblo–, en Camariñas se *cajoneó* unos expedientes! ¡Vaya!, usted ahora ya dice que no son más de 17.000, ya dice 11.000. Siempre dijo 17. Ese primer día que dice 11. Y se tragó en el cajón... Perdón, señora, acá usted dice 17, no lo inventé yo. Hoy dijo 11 acá. Hoy dijo 11 acá, señora... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Pero usted decía 17 en Argentina, hoy dijo 11.

A señora PRESIDENTA: Por favor, por favor...

O señor CASTELAO BRAGAÑA: El señor Caldera, cuando fue a Buenos Aires dijo, 11.

A señora PRESIDENTA: Pero, señor Santalices, señor Santalices...

O señor CASTELAO BRAGAÑA: Y quiero terminar...

A señora PRESIDENTA: Perdoe un segundo. Señor Santalices, por favor, *este no es su tema*.

O señor CASTELAO BRAGAÑA: Supóngase usted que un señor en Camariñas se dejó los expedientes de la pensión en el cajón, porque era un mal funcionario. Usted los descubrió, y entonces le dice al señor Touriño: Oiga mire, descubrí unos expedientes. ¿Que hace el señor Touriño? Pues les bajamos la pensión a todos los gallegos, para cubrir a los que quedaron en el cajón. ¡Por Dios, señora! A nadie se le ocurre eso. ¿Usted sabe por que se bajaron las pensiones? ¿Sabe por que? Porque los gallegos, los españoles que estamos en el exterior, lo único que nos late es esto. Y esto aquí no se escucha. Estamos muy lejos, señora, estamos muy lejos.

Dice un refrán de cuando era chico, de mi aldea: “Santa Rita, lo que se da no se quita”, señora.

Muchas gracias. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Castelao Bragaña.

Pero a rolda é para que se posicionara sobre a emenda, así que faga o favor de posicionarse en menos de 30 segundos.

O señor CASTELAO BRAGAÑA: La primera enmienda, que la valoro totalmente y estoy de acuerdo con ella, no la puedo aceptar, porque es el tema que acá no tiene por qué participar de el. Es lo mismo que si me introdujera nacionalidad. Sí, sí. Bueno, lo lamento. Pero le digo: es muy buena, señora, la aplaudo.

En cuanto a las otras dos le ofrezco una transacción, no tengo ningún inconveniente, si lo conversamos. La última también la aceptaría. Yo no tengo problema en que se investigue todo lo que se quiera, lo aplaudo.

A señora PRESIDENTA: Suspendemos un minuto o Pleno, se os voceiros queren.

O señor CASTELAO BRAGAÑA: Gracias, presidenta.

A señora PRESIDENTA: Grazas.

(Suspéndese a sesión uns minutos para transaccionar.)

A señora PRESIDENTA: Retómase a sesión. Déanlle voz, por favor, ao señor Castelao Bragaña.

O señor CASTELAO BRAGAÑA: Gracias, presidenta.

Agradeciendo la buena voluntad de los señores portavoces de los grupos parlamentarios, lamento decirle que no ha habido acuerdo, y le pido disculpas a usted por el tiempo que hemos consumido.

Muchas gracias.

A señora PRESIDENTA: Desculpas, ningunha.

Pasamos a votar as proposicións non de lei. Prégolles ás súas señorías que tomen asento nos seus escanos –incluído o señor Fervenza, se é posible– porque imos pasar a votar.

Votamos en primeiro lugar un texto transaccionado da proposición non de lei 1437, cunha emenda.

(Votación.) (Pausa.)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 72.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada por unanimidade esta proposición non de lei.

Votamos agora o documento 3574, que non tiña emendas. Votamos, polo tanto, o texto publicado.

(Votación.) (Pausa.)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada.

E hai que incorporar como voto afirmativo o do señor Sueiro Pastoriza.

Finalmente, votamos o documento 7776, do Grupo Parlamentario Popular, ao que se lle presentaron emendas e non foron aceptadas. Polo tanto, vótase o texto literal.

(Votación.) (Pausa.)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 34; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

Interpelación do G.P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Ángel Bernardo Tahoces, sobre os socios fundadores e as súas achegas ao capital fundacional do metadistrito vigués, as actividades que vai levar a cabo esta fundación e a súa compatibilización e coordinación coa Axencia de Desenvolvemento Industrial

A señora PRESIDENTA: Para formular a interpelación ten a palabra o señor Bernardo Tahoces.

O señor BERNARDO TAHOCES: Moi boas tardes a todos.

Señor conselleiro, o pasado 23 de marzo vostede, no Club Financeiro de Vigo, nunhas xornadas sobre instrumentos da Xunta de Galicia para o apoio financeiro ás empresas, fixo unha afirmación: que o metadistrito botaría a andar antes do día 30 de abril, cousa que non foi así.

Desde logo, o obxecto desta iniciativa non é debater o cumprimento ou o non cumprimento das datas, o obxecto desta iniciativa, como pode vostede imaxinar claramente, é a concepción que vostede ten precisamente deste metadistrito.

Vostede, nese club financeiro, nesas xornadas, xa avanzou que para vostede o metadistrito é unha plataforma de innovación e de desenvolvemento empresarial. Loxicamente, nós presentamos a correspondente pregunta sobre que entende vostede por plataforma de innovación e desenvolvemento empresarial. E teño que recoñecer que nun tempo *record* vostede contestou, o que lle agradezo profundamente, e contestou no seguinte senso. Para vostede esta plataforma de innovación e de desenvolvemento empresarial vai ser unha fundación concibida como un instrumento de dereito privado capaz de aglutinar redes de coñecemento, de innovación e de competitividade. Nesa resposta tamén fixo a afirmación de que nesa fundación non habería cadros técnicos sofisticados nin tampouco recursos humanos altamente especializados. Pola contra, dixo que, á fronte desa fundación, habería un xerente de perfil empresarial e con experiencia claramente acreditada.

Señor conselleiro, por respecto, como é lóxico, non vou cualificar esta idea, porque todas as señorías aquí presentes teñen na súa mente o cualificativo aplicable a ela. Pero, mire, vostede estará comigo en que o obxecto central da Estratexia de Lisboa non é outro que conseguir que a econo-

mía europea baseada no coñecemento sexa a economía máis dinámica e competitiva do mundo. Evidentemente, a pregunta que xorde é: ¿Cal vai ser o instrumento, a ferramenta, para conseguir ese obxectivo tan importante? No momento presente parece que esta ferramenta xa está consolidada, xa ten corpo; é o que se dá en denominar a “triple hélice”, o traballo coordinado entre empresas universidade e Administración pública. Pero, acto seguido, xorde unha pregunta: ¿en que ámbitos actuará esta triple hélice –tanto ámbitos xeográficos como sectoriais–? E a esta pregunta dálle resposta un ditame do Consello Económico e Social Europeo, que coído que vostede coñecerá, aprobado en abril do 2005, que ten por título “Os distritos industriais e as novas redes do coñecemento”. Como vostede saberá, señor conselleiro, un distrito industrial non é outra cousa que un sistema produtivo local caracterizado por unha gran concentración de empresas industriais, xeralmente pemes, cun alto grao de especialización produtiva. O distrito industrial, polo tanto, pretende o establecemento dunha serie de redes de coñecemento que lles permitan ás empresas interactuar entre si cun obxectivo claro: mellorar a calidade dos produtos no mercado e conseguir a internacionalización destes.

Señor conselleiro, en Galicia temos exemplos de distritos industriais, do que poderían ser distritos industriais, por exemplo, Ferrol. Ferrol podería ser claramente o distrito industrial do naval en Galicia; ou Ourense podería ser o distrito industrial do téxtil. Teño que lembrarlle, señor conselleiro, algo que vostede coñece perfectamente. Nas novas perspectivas financeiras 2007-2013 hai algo claro. O núcleo fundamental das axudas industriais non vai estar vinculado a políticas industriais concretas nin a actuacións sectoriais, vai estar vinculado ao territorio, porque o que se pretende é o éxito, a nivel mundial, do “*made in*” –entre aspas–.

Polo tanto, señor conselleiro, ante este panorama é conveniente poñerse mans á obra de inmediato, e vai permitirme que lle faga unha pequena recomendación: que este traballo o faga coordinadamente coa Consellería de Innovación e Industria. Pero vostede non fala de distritos industriais, vostede fala dun metadistrito, ao mellor, na última terminoloxía, unha plataforma de innovación e desenvolvemento empresarial. Vostede recoñecerá, porque é de xustiza, que esta é unha idea fraguada no sector de automoción vigués. O sector de automoción vigués pretende crear un sistema produtivo local conducente a conseguir o establecemento de

redes de coñecemento entre as distintas empresas dos distintos sectores, xa non para conseguir agora unha mellora na calidade dos produtos senón para conseguir a excelencia empresarial e a excelencia dos sectores. Como vostede sabe, ese ditame precisamente da comisión do Consello Económico e Social Europeo outorga tres características fundamentais: a multisectorialidade, o obxecto, que é precisamente conseguir a excelencia, e o liderado. É necesario que un sector lidere efectivamente este proxecto. En Galicia estas circunstancias danse claramente en Vigo, porque en Vigo temos unha serie de sectores maduros: temos o sector da automoción, temos o sector naval, o sector pesqueiro, o sector conserveiro, o sector do granito e incluso o sector téxtil. Pero é que ademais en Vigo temos un sector líder, que é o sector da automoción. E un sector que pode conseguir o liderado porque este sector, como ben coñece, xa conseguiu a excelencia empresarial, e incluso conseguiu a excelencia do sector. Mire, do conxunto global de todas as exportacións galegas, como vostede sabe, o sector da automoción representa o 47%. O sector da automoción, anualmente, factura 8.000 millóns de euros, o que representa máis menos o 20% do PIB galego. Nos últimos seis anos, o sector da automoción incrementou o seu emprego nun 45% ou 46% e incrementou a súa facturación nun 67%.

Polo tanto, señor conselleiro, despois de todo o dito, sería conveniente poñermos todos mans á obra para crear distritos industriais alí onde fose posible, e crear metradistritos tamén onde fose efectivamente posible. Pero seguramente a súa idea non é esa, a súa idea é crear un metadistrito de carácter global, o metadistrito de Galicia; seguramente esa será a súa idea. E eu coido, señor conselleiro, que iso é un auténtico erro. Porque mire, as redes de coñecemento, as redes de innovación, deben de entretecerse de abaixo arriba. Esas redes deben de entretecerse empezando polos sectores; á súa vez, estas redes deben conectarse con redes de coñecemento doutros sectores, e, á súa vez, conectarse con redes de nivel estatal e de nivel internacional.

Como consecuencia, señor conselleiro, vou facerlle tres preguntas moi concretas e eu espero unha resposta precisa pola súa parte. Realmente, este metadistrito ou plataforma de innovación e desenvolvemento empresarial ¿cal vai ser o seu nome?

Segundo tema. ¿Que membros van estar presentes nesta futura fundación? Rógolle que non me responda a adminis-

tración, as institucións financeiras, as universidades e as empresas. Rógolle que concrete un pouco máis.

E por último, para finalizar, pídolle que me informe sobre o grao de compatibilidade que vai ter esta idea coa Axencia de Desenvolvemento Industrial, tantas veces anunciada polo conselleiro de Innovación e que nestes momentos...

A señora PRESIDENTA (Paz Franco): Moitas grazas, señor Berardo Tahoces. Pídolle que vaia rematando.

O señor BERNARDO TAHOCES: Agora mesmo, señora presidenta, agora mesmo.

Repito. Nestes momentos esta tan mencionada Axencia de Desenvolvemento Industrial non ten ningunha.

Moitas grazas, señora presidenta.

A señora PRESIDENTA (Paz Franco): Moitas grazas, señor Bernardo Tahoces.

Ten agora a palabra, para contestar a interpelación, o conselleiro de Economía e Facenda.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA E FACENDA (Fernández Antonio): Moitas grazas, presidenta.

Boas tardes, señorías.

En primeiro lugar, teño que dicir que agradezo esta iniciativa, xa que se trata dun tema de gran interese e dáme a oportunidade de falar da nosa política económica e dos instrumentos para desenvolve-la. Permítame, pois, contextualizar o que é a esencia da plataforma dentro do seu ámbito de partida.

Desde a Consellería de Economía e Facenda vimos defendendo reiteradamente a necesidade de actuar sobre tres eixos, que son os do capital humano, o capital tecnolóxico e o capital físico. A política económica dos próximos anos terá eses eixos como elementos centrais, como tamén os eixos do marco estratéxico de converxencia económica de Galicia, Mecega, que estamos a elaborar.

As prioridades da Unión Europea, as prioridades da Axencia de Lisboa que citou a súa señoría, as prioridades

das sociedades desenvolvidas e as prioridades de Galicia están ligadas ao desenvolvemento tecnolóxico, á formación, á educación, ao impulso de infraestruturas de comunicación, de solo industrial e medioambientais. Por iso os pasos que demos nese sentido deben fundamentarse en instrumentos sólidos para o seu desenvolvemento e tamén deben integrarse nunha estratexia global, que abarque o conxunto dos axentes económicos e sociais e permita o aproveitamento do potencial que ofrece a cooperación en todos os niveis.

O Mecega que estamos elaborando recollerá, como terán oportunidade de comprobar no vindeiro mes, os piares da estratexia de crecemento e orientación dos fondos europeos. Fondos que, como lembrou a comisaria de política rexional na súa recente visita a Galicia, deben de reorientarse cara ás prioridades de mellora do capital humano, do desenvolvemento tecnolóxico e de innovación, e das redes de cooperación no ámbito territorial, empresarial e de investigación. Nesa liña camiñarán o Mecega, os orzamentos e todos os instrumentos que sirvan ao obxectivo de aumentar a produtividade, a competitividade e a maior internacionalización da nosa economía. Son elementos de profundo contido para acadar o que é o logro do principal obxectivo e desafío para Galicia, o impulso do crecemento, equilibrado e sostible, para a consecución da converxencia coas rexións máis avanzadas de España e de Europa.

Esta tarefa é de gran calado e require, polo tanto, da participación activa das empresas, as institucións e os axentes sociais. É indubidable que no contexto das políticas de promoción da modernización, do incremento da produtividade, da mellora da competitividade e do tecido productivo hai un amplo espazo para a cooperación público/privado.

As políticas que nese terreo está a desenvolver este Goberno nótrense das importantes achegas feitas durante a pasada década, tanto en Europa como en Estados Unidos, no eido do desenvolvemento económico espacial e rexional. E nesta mesma liña quero facer referencia especial á importancia que desde as institucións europeas se outorga ás políticas de distritos e metadistritos industriais, tal e como comentou a súa señoría, e que aparecen reflectidas no ditame do Comité Económico e Social Europeo publicado no mes de outubro do ano 2005.

As liñas de acción que estamos a impulsar artéllanse en torno á unidade conceptual do *cluster* sectorial como ele-

mento básico de análise e formulación de políticas. Existe un amplo acervo de coñecemento sobre os *cluster* e a súa relevancia neste contexto. Refírome ao *cluster* entendido como o conxunto de empresas e institucións que polas especiais relacións de cooperación que nelas se establecen constitúen o marco privilexiado para a intensificación do desenvolvemento tecnolóxico, a innovación e o incremento da produtividade. Un conxunto de empresas, polo tanto, que compiten, pero que tamén —e moi especialmente— cooperan. E non compiten á baixa, en prezos ou en custos laborais, senón na constante mellora dos produtos e dos procesos, do nivel tecnolóxico e da incorporación de innovacións.

As especiais complementariedades entre empresas na xeración de valor que dan sentido ao desenvolvemento exitoso dos *cluster* poden operar ben dun xeito horizontal ou ben dun xeito vertical. Desde a perspectiva territorial, é claro que esta iniciativa da Xunta está pensada en termos de toda Galicia. Reflexionaremos, polo tanto, a partir das experiencias de cooperación de empresarios galegos en diferentes ámbitos xeográficos, sen que estes teñan que estar necesariamente delimitados a priori. Experiencias que nalgúns casos teñen acadados niveis de desenvolvemento e sofisticación notables, e que noutros casos están aínda a desenvolverse plenamente.

Partindo das reflexións anteriores, podemos ver o noso tecido productivo, nun senso conceptual, como unha agregación de *clusters* sectoriais cunha máis ou menos definida concreción territorial. En definitiva, estamos a reflexionar sobre o macroeconómico nun senso rexional, manténdonos nunha liña conceptual continua a partir do microeconómico, que é o ámbito no cal teñen lugar os procesos que estamos neste momento a potenciar. Pero a razón que nos trae hoxe aquí é a de fornecer as informacións necesarias ás súas señorías sobre o proxecto concreto dunha plataforma de ámbito galego que promova o crecemento económico e a modernización para a converxencia con Europa. Pois ben, señorías, comprenderán que a proposta que esta consellería se propón facer realidade despréndese, dun xeito claro e inmediato, das anteriores reflexións, mais tamén supón un paso cualitativo mais aló. A idea esencial que inspira o proxecto da plataforma é a de fortalecer e estimular as redes de cooperación entre axentes empresariais e institucións públicas e privadas, pero tamén a de explotar todas as vantaxes da cooperación, as interaccións e o intercambio de experiencias nos diferen-

tes sectores e ámbitos xeográficos da economía do noso país, da economía galega. Todo o anterior, co obxectivo de acelerar o ritmo de desenvolvemento tecnolóxico, a innovación e a internalización do tecido económico galego. A plataforma responderá desde o punto de vista institucional á modalidade dunha fundación privada, ao amparo da lexislación reguladora das fundacións de interese galego. Tal e como xa teño adiantado, os seus obxectivos e actividades esenciais concretaranse no impulso, difusión, coordinación de esforzos, iniciativas e boas prácticas nos seguintes ámbitos: o desenvolvemento tecnolóxico, a extensión e profundamento de novas tecnoloxías do tecido produtivo, e o avance da implantación da sociedade da información.

En segundo lugar, a internacionalización do tecido produtivo tanto no senso da proxección das empresas galegas cara ao exterior como na atracción de investimentos estratégicos.

En terceiro lugar, o fortalecemento das redes de cooperación e intercambio de coñecementos no ámbito empresarial, favorecendo o crecemento da produtividade e a mellora da competitividade das empresas galegas.

O proxecto de plataforma artéllase en torno aos seguintes axentes impulsores, como xa adiantou a súa señoría: as empresas e as entidades financeiras, as universidades e centros de investigación, e a Administración pública. Todas as institucións mencionadas terán, loxicamente, unha participación estable, que se materializará a través da súa presenza nos órganos de goberno da futura fundación.

Señorías, creo firmemente que o proxecto da plataforma ten un enorme potencial en orde a contribuír a dar o salto que Galicia necesita para acelerar a súa converxencia económica coas áreas máis avanzadas do noso contorno. Espero que a miña intervención transmitira claramente os planteamentos que inspiran o proxecto que estamos a desenvolver. E, por suposto, quedo á súa disposición para creacións adicionais.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor conselleiro.

¿Grupos parlamentarios para fixar posición? (*Pausa.*)

Polo Grupo Parlamentario do BNG ten a palabra a señora Vega Buxán.

A señora VEGA BUXÁN: Grazas, señora presidenta.

Tal e como temos afirmado moitas veces desde o Bloque Nacionalista Galego, a viabilidade económica do noso país a longo prazo depende da capacidade propia que teñamos para a xeración de riqueza e, polo tanto, da expansión da nosa capacidade produtiva. Para todo iso é preciso priorizar as políticas e a aplicación dos recursos cara a uns fins que revistan unha utilidade social clara, que reforcen directamente a capacidade produtiva e a diversificación do sistema produtivo.

Como saben, o noso grupo parlamentario defende que os recursos públicos non deben concentrarse tan só nas infraestruturas físicas, as tradicionais, senón que deben asumir un destino máis estratéxico directamente comprometido co investimento produtivo e social. A herdanza recibida polo novo Goberno da Xunta presenta algúns puntos fortes singulares: certas empresas dinámicas e ben posicionadas nos seus respectivos mercados. Mais é certo que en termos xerais temos que constatar unha feble base industrial especializada en actividades de carácter maduro e tradicional con empresas infradimensionadas, con escasa capacidade innovadora e febles redes comerciais. As escasas economías de escala, a reducida diversificación que impide o aproveitamento de economías externas e a cativa capacidade de innovación son factores que limitan a competitividade en todos os sectores. Os gobernos anteriores –con perdón– non foron capaces de artellar unha política industrial e tecnolóxica que posibilitase a adaptación do noso tecido empresarial ao cambio estrutural que está tendo lugar na economía mundial e tamén europea nos últimos tempos.

Para o noso grupo parlamentario resulta prioritario difundir unha nova cultura empresarial virada cara á innovación e á competitividade. Consideramos moi necesaria a propia autoorganización das empresas en estruturas que faciliten a fluidez da información, a reflexión colectiva, o intercambio de experiencias, a cooperación e a creación de equipos de asesoramento estratéxico para todas elas. Pensamos que a competencia principal entre as empresas industriais galegas non está a nivel local senón nos mercados exteriores. Por iso é preciso crear as condicións que lles permitan

ás nosas empresas integrarse nunha estratexia cooperativa que fortaleza o seu posicionamento estratéxico nos mercados globais.

Apostamos pola potenciación de plataformas tecnolóxicas e de conglomerados empresariais de actividades afíns, porque entendemos que a maior parte do coñecemento tecnolóxico é específico e tácito —é dicir, difícil de codificar—, e a súa difusión require da potenciación das relacións e da confianza entre empresas xeograficamente próximas. Asumir este feito por parte da Administración require un esforzo persistente e continuo por liderar —a Administración— e coordinar o esforzo conxunto dos axentes económicos na procura de maior colaboración en actividades como as de produción en I+D+I e en comercialización. Para nós é fundamental, en materia de complexos industriais, fomentar a participación dos axentes afectados co obxectivo de enxergar medidas que estean mellor adaptadas ás necesidades reais das empresas, evitando unha planificación de arriba a abaixo desvinculada dos requirimentos operativos do *entramado* produtivo.

Entendemos que as medidas prioritarias na promoción dos complexos industriais deben estruturarse a partir de tres piares básicos: primeiro, acadar a masa crítica suficiente para que se detecten os beneficios do seu funcionamento; segundo, complementar algunhas funcións do empresariado cando este por si só non sexa capaz de desenvolver as súas funcións; e, terceiro, promover a cooperación que permita construír a necesaria confianza entre os participantes no conglomerado empresarial.

Señor conselleiro, agardamos que a súa consellería, en cooperación con outras áreas do Goberno galego, leve adiante estes criterios de actuación para sermos capaces de colocar o tecido empresarial e o conxunto da nosa economía na posición que esixen os novos retos do noso tempo: unha economía avanzada, innovadora, creadora de emprego e de riqueza, socialmente cohesionada e sustentábel.

Nada máis e moitas grazas.

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señora Vega Buxán.

Polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia ten a palabra o señor Fernández Leiceaga.

O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: Grazas, señora presidenta.

Señores deputados, a verdade é que teño que confesar a miña simpatía pola música de fondo da intervención do portavoz do PP, na medida en que fai moito énfase na importancia que teñen os distritos industriais, cuestión que eu comparto. Paréceme que esta énfase é para nós especialmente interesante na medida en que pon de relevo a importancia da cooperación, a importancia incluso das institucións e da cultura das comunidades por conseguir un sistema produtivo, eficaz e sólido. Ata aquí, por tanto, non podo máis que felicitar esta forma de entrar na cuestión. Ao final, a palabra clave é a palabra produtividade ou, se queremos utilizar unha terminoloxía máis próxima á análise dos *clusters* de Michael Porter, as vantaxes competitivas, porque os distritos industriais acaban tendo vantaxes competitivas, é dicir, as empresas que participan nesta forma específica de organización industrial.

Por facer referencia ao inicio de toda esta liña de traballo, Marshall —un destacado economista británico— dicíanos que a clave estaba nas economías que eran externas a cada unha das empresas, pero que, con todo, eran internas á industria. Esta era a clave dos distritos. Se temos empresas que están próximas entre si, que son contiguas, que pertencen á mesma rama de actividade, non necesariamente á mesma produción pero que comparten entre si cantidade de relacións, pois ocorre que este conxunto ten unhas características parecidas ás da gran empresa. Pode haber economías de escala externas á empresa, pero internas á industria, economías de especialización, pode existir unha atmosfera industrial —tan querida polo propio Marshall— que permita a difusión das innovacións incrementais que se producen en cada unha destas empresas, pode haber —en termos doutro economista francés máis recente, Aydalot— un medio innovador que facilite que este conxunto sexa cada vez máis eficiente. Este é o efecto distrito, a vantaxe que teñen os distritos. Neste sentido, xa digo, de entrada, unha certa simpatía pola intervención do portavoz do Grupo Popular.

A consolidación dos distritos é, ademais, indispensable, desde o noso punto de vista. Debemos facer todo o posible para que os *clusters*, ou os distritos —que ao final son conceptos moi próximos—, poidan ter en Galicia un futuro máis sólido do que teñen na actualidade. Pode facerse de formas moi distintas e con algunhas delas, ademais —e aquí vou falar

do pasado, pero vou falar ben—, nalgúns sectores hai que recoñecer que algún esforzo fixo a anterior Administración. Eu creo que teñen tanta prevención para falar do pasado no Grupo Popular que nin sequera cando poden presumir dalgunha cousa se atreven a facelo. Somos nós os que temos que falar do pasado para criticalo ou para dicir que está ben. Pois aquí algunhas cousas, efectivamente, se fixeron nalgúns sectores, e citaba o caso do automóbil como *cluster* que funciona adecuadamente, onde hai un centro tecnolóxico no contorno de Vigo que ten unha relativa importancia. Pois é verdade, isto hai que proseguilo, hai que levalo a outros sectores, hai que conseguir que outras capas do tecido produtivo galego poidan beneficiarse deste tipo de actuacións. Hai que aprender das experiencias doutros países, ben sexa de Dinamarca, que nos anos noventa puxo en práctica incentivos financeiros a partir dunha organización centralizada de carácter tecnolóxico que funcionaba adecuadamente e que permitiu modernizar ese sistema produtivo baseado en pequenas empresas que tiñan dificultades para competir, que tiñan dificultades para internacionalizarse e para incorporar tecnoloxía, ou da Emilia Romana, que desde moito antes viña impulsando sistemas de consorcios para ofrecer servizos profesionais a unha infinidade de empresas de forma centralizada, que, cada unha delas por separado non tería oportunidade de acceder a estes servizos.

Pero, ¿sabe o que pasa con este tema en Galicia? Que non somos Emilia Romana, que non somos nin tan sequera a Comunidade Autónoma de Valencia. O Ministerio de Industria rematou no ano 2004 a elaboración dun traballo de fondo estatístico moi relevante en relación cos distritos industriais, e detectou en Galicia nove distritos industriais, dun total de case noventa sistemas locais de traballo. Pero destes nove distritos industriais resulta que hai catro que están no contorno da ría de Arousa, especializados na industria mar- alimentaria; hai tres de carácter téxtil en Ordes, en Vimianzo e en Lalín; e hai outros dous máis pequenos en Curtis, por exemplo, de materiais de construción, e un último distrito moi pequeno que non merece nin sequera a pena citalo. A fórmula distrito ten en Galicia unha presenza moi débil e cuantitativamente moi pequena. Todos estes distritos son 10.000 persoas. Efectivamente, non estamos falando dos *clusters*, porque, tal e como están concibidos en Galicia, os *clusters* son algo lixeiramente diferente. Hai máis realidade industrial en Galicia, temos os sistemas locais de grande empresa, citábase antes o naval, que iso é o que é, ou o auto-

móbil, en Vigo, que é un sistema local de gran empresa; temos en San Cibrán incluso outro sistema local de gran empresa, que non son distritos, porque non hai a predominancia das pequenas e medianas empresas, que é o que caracteriza xustamente os distritos industriais; e temos despois os *clusters*, que son agrupacións de empresas sectorialmente homoxéneas que poden colaborar e cooperar, pero que, en todo caso, non o fan sobre a concentración xeográfica. Porque o *cluster* da acuicultura ou incluso o *cluster* do naval ou o *cluster* da madeira non participan desa característica que teñen sempre os distritos.

Por tanto, temos unha realidade que se nos impón e que nos obriga a falar dalgún outro instrumento de política industrial sen abandonar o primeiro. Pero temos outra cuestión tamén relevante, que son os cambios máis globais. Hai unha transformación do paradigma tecnolóxico e organizativo da industria nos últimos vinte e cinco anos, hai un imperativo relacionado coa internacionalización da produción, coa globalización, de maneira que as vantaxes competitivas tradicionais de pequenas e medianas empresas son erosionadas por esta competencia externa, e hai que responder a este reto, e, sobre todo, hai que responder ao reto de colocar a innovación e as vantaxes derivadas da innovación continua no corazón mesmo do comportamento das pequenas e medianas empresas. A todos estes retos hai que darlles unha resposta. E a verdade é que aquí, en termos europeos, no que se está reflexionando en Europa, o ano pasado o Consello Económico e Social Europeo fala xustamente dos metadistritos como unha posible resposta, e unha resposta que parece particularmente adecuada a Galicia. Os metadistritos pasan dunha versión do territorio en termos puramente de proximidade ou contigüidade a unha visión do territorio en rede. O que se comparten son estratexias e valores, pero a propia tecnoloxía permítenos facelo segundo unha base territorial máis ampla, que neste caso é a nosa comunidade autónoma. E, sobre todo, os metadistritos colocan no corazón das preocupacións do sistema produtivo a innovación, a economía do coñecemento, cun enfoque proactivo de anticiparse ao que vai pasar e cun enfoque multisectorial e, por tanto, máis complexo en termos puramente produtivos.

Isto pódese facer en Galicia. Temos un sennúmero de laboratorios de investigación, temos tres universidades, temos grandes empresas que tamén innovan e investigan, aínda que sabemos que un dos problemas centrais do noso

tecido produtivo é a escasa capacidade de innovación global. A presenza pública, sen dúbida, está perfectamente xustificada polas propias características dun ben ou dun servizo como é a tecnoloxía, onde atopamos sempre fallos de mercado que a presenza pública pode colmar.

A verdade é que, se vemos o que se fai en Europa, cales son as esixencias derivadas do marco estratéxico que nos vai permitir usar os 3.400 millóns de euros de fondos estruturais, se vemos, ademais, que existen entidades financeiras, grandes empresas e outros axentes económicos relevantes, que é esa triple hélice á que facía referencia o portavoz do Partido Popular, que permite constituír unha plataforma intelixente do tipo que expuxo o conselleiro, nós consideramos que esta pode ser unha fórmula adecuada para complementar as xa existentes que permita facer avanzar a Galicia no camiño da converxencia. Trátase, en termos deportivos, de facer un equipo compensado, que defenda o que existe e que lle permita mellorar, madurar, que permita, por tanto, ter unha boa defensa, pero, sobre todo, que permita facer que a innovación sexa unha característica destacada do noso tecido produtivo. Que teña, por tanto, un ataque creativo e intelixente.

Isto é do que se trata, e a súa fórmula vai facer que non compita con estruturas xa existentes; porque terán que recoñecer comigo –e non vou falar do pasado, non se trata diso– que non existe hoxe ningunha fórmula onde os actores principais no ámbito produtivo, tecnolóxico e público estean presentes e colaborando para conseguir os obxectivos que nos dicía antes o conselleiro.

Por iso, desde o noso punto de vista, esta pode ser unha boa iniciativa; esperemos que rapidamente se poida levar adiante.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Fernández Leiceaga.

Rolda de réplica para o señor Bernardo Tahoces, autor da iniciativa.

Ten vostede a palabra.

O señor BERNARDO TAHOCES: Grazas, señora presidenta.

Señorías.

Señor Leiceaga, estou totalmente de acordo con vostede: os distritos industriais na base, o soporte. Pero o que non está de acordo nin con vostede nin comigo é o señor conselleiro. O señor conselleiro non cre nos distritos industriais nin cre nos metadistritos. Cre nunha fundación que vai ter on ámbito da comunidade autónoma.

Aquí hai unha idea clara, señor conselleiro, unha idea que aparece no sector da automoción viguesa, a idea de crear un sistema produtivo local –repítolle– onde se poidan crear redes de coñecemento e innovación entre distintos sectores co obxecto de conseguir a excelencia.

Señor conselleiro, hai tres características que se teñen que cumprir: a multisectorialidade, o liderado e o obxectivo. Iso en Galicia dáse en Vigo. E, por tanto, se vostede quere crear unha plataforma sólida, consistente, ten que empezar de abaixo cara a arriba. Vostede non pode desprezar o pequeno, afronte os grandes retos da nosa economía deste xeito, desta forma piramidal de abaixo a arriba.

Os grandes retos industriais do noso país vostede sabe que son tres fundamentalmente: a carencia de solo industrial, a necesidade dun maior investimento en I+D+I e tratar de competir a ameaza dos países do leste. Vostedes teñen que centrar os seus esforzos precisamente para afrontar estes retos abandonando ideas megalíticas. Repítolle, señor conselleiro, as redes do coñecemento, as redes da innovación, créenas xa onde sexan viables e efectivas. Non constrúan a casa polo tellado e, sobre todo, non burocraticen a realidade industrial. As redes de cooperación e de colaboración empresarial non se fan con fundacións, nin se fan con administracións públicas paralelas. As redes de coñecemento e de innovación créanse a través de alianzas estratéxicas, e a infraestrutura que debe de ser utilizada para desenvolver esas alianzas estratéxicas non pode ser unha infraestrutura pública, debe ser a propia infraestrutura das organizacións empresariais e das organizacións sindicais. Nestes temas o político non pode ser o protagonista. O protagonista ten que ser o empresario e os traballadores. As infraestruturas –volvo repetir– non poden ser as infraestruturas políticas, deben ser as infraestruturas das organizacións empresariais, das organizacións sindicais. O alento, a axuda, o fomento a estas ideas, efectivamente, correspóndelle ao político, correspóndelle á Administración pública.

Señor conselleiro, vostede non é valente á hora de afrontar este tema. Mire, se vostede me responde a unha pregunta clara, esta moción, esta iniciativa parlamentaria, terminará nestes intre. Mire, ¿vostede neste país vai crear distritos industriais? ¿Vostede neste país vai crear o metadistrito de Vigo? Se verdadeiramente responde afirmativamente a isto –repito–, esta iniciativa non seguirá adiante. Pero se responde negativamente, ou non responde, simplemente, a moción que será consecuencia desta iniciativa propondrá unha nova estrutura, unha nova vertebración industrial, efectivamente, para Galicia.

Señor conselleiro, mire vostede, debe de afrontar a realidade con maior valentía. Dígollo con todo o respecto. Vostede non pode adoptar unha posición de *tibieza* por non enfrontarse ao señor Riera ou ben, efectivamente, por tratar de evitar unha invasión competencial doutra consellería. Vostede ten que coordinar os seus esforzos coa Consellería de Innovación para tratar, efectivamente, de crear unha estruturación industrial de Galicia absolutamente competitiva.

Señor conselleiro, remato xa dicíndolle que ideas deste tipo, como a da fundación esta que nos propón, ideas como o establecemento de novos impostos para as industrias, aceptar plans estatais como o plan do carbón ou o plan do fomento das enerxías renovables..., e, sobre todo, levamos un ano, señor conselleiro, sen que estea aprobado o plan galego de I+D+I de Galicia, levamos un ano. Todas estas cousas, como non se corríxan axiña, señor conselleiro, de verdade que imos desembocar nunha desfeita industrial neste país, dígollo de verdade.

Por tanto, señor conselleiro, reaccione, coordínese de inmediato coa Consellería de Innovación, porque, de non facelo, este converterase no goberno do progreso no retroceso.

Máis nada e moitas grazas, señora presidenta. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Bernardo Tahoces.

Ten a palabra o señor conselleiro de Economía e Facenda para a súa rolda de peche.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA E FACENDA (Fernández Antonio): Moitas grazas, presidenta.

Aquí parece que estamos de acordo nalgunhas cousas, pero, desde logo, e desgraciadamente, non nas actitudes.

Mire vostede, a rapidez, as ideas sen concretar, sen plasmar na realidade, é a desgraza dos últimos anos. Vostede citou algúns dos problemas que ten a economía galega: embotellamentos complicados, a falta de solo industrial, é unha triste herdanza que temos en Galicia; a falta de avances en innovación, en desenvolvemento tecnolóxico, é unha triste herdanza que temos en Galicia.

O tema dos países do leste véxoo basicamente como unha oportunidade que temos que saber tratar, como outras moitas cousas. Eu non vexo que teñamos que poñer o acento nesas ameazas, temos que ver as oportunidades. Está habendo importantes empresas que están vendendo os seus produtos e coordinando tamén certas actuacións cos países emerxentes de Europa.

A segunda idea –e unha actitude que non comparto tampouco– é buscar os enfrontamentos. É triste. Vigo contra Galicia. ¡Por favor! Non se trata de fomentar a fragmentación de Galicia, trátase de potenciar, de crer en Galicia como país. E non hai contradición entre Vigo e Galicia, perdóeme vostede; non hai ningunha contradición. E tampouco hai ningunha contradición entre líderes empresariais de diferentes sectores e o Goberno actual de Galicia. Todo o contrario, estamos traballando man a man, e están comprometidos en diferentes ideas. Unha delas é na plataforma da que estamos falando. E, por suposto, xa non vou falar da coordinación dentro da Xunta de Galicia, que loxicamente é total e absoluta.

Polo tanto, non hai enfrontamentos, que nin existen nin van vostedes conseguilos. E lentitude é oito ou nove anos para crear solo industrial en Galicia, iso é lentitude. E grazas a que neste momento a Xunta ten un dinamismo e unha actividade que está traducíndose en importantes incrementos de actividade industrial e económica, nestas datas no ano pasado estabamos cun índice de produción industrial negativo e neste ano estamos liderando o índice de crecemento industrial en España.

Pero tamén hai un matiz na claridade de ideas. Mire vostede, está vostede falando do ditame do Comité Económico

e Social Europeo, publicado no Diario Oficial da Unión Europea o 14 de outubro. E di, e leo: “Conforme a este enfoque de metadistritos, el sector privado debería ser el motor de las iniciativas, mientras que el sector público debería desarrollar un papel facilitador y catalizador”. Iso estamos facendo. A plataforma é unha fundación privada.

Nós cremos no liderado dos empresarios e das empresas, e queremos ter este papel facilitador. E a plataforma ten un ámbito máis amplo, porque é un ámbito que o que quere é precisamente aglutinar e potenciar as actividades. Ademais, ten diferentes áreas previstas de actuación, como son a área de investigación e coñecemento; a área de captación de novos proxectos de investimento en Galicia, a área de internacionalización, a área de *clústers* de *clústers* e a área de emprendemento. Polo tanto, é unha plataforma galega con ese ámbito que potenciará a cooperación en diferentes ámbitos territoriais, en Vigo e noutras áreas territoriais. E non hai contradición.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor conselleiro.

Pasamos agora a substanciar as preguntas. Tal e como anunciei pola mañá, pospúxose a segunda interpelación.

Alteración da orde do día

A señora PRESIDENTA: Pasamos agora ás preguntas orais en Pleno aos membros do Goberno. Se as súas señorías non teñen ningún inconveniente, imos substanciar as tres que ten o vicepresidente de xeito continuado. (*Asentimento.*)

Pregunta de D.^a Modesta Riobó Dios, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre o protocolo de colaboración para o desenvolvemento da Lei de dependencia asinado entre o Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais e o Vicepresidente da Xunta de Galicia

A señora PRESIDENTA: Para formular a pregunta ten a palabra dona Modesta Riobó Dios.

A señora RIOBÓ DIOS: Grazas, señora presidenta.

Bos tardes, señorías.

Señor vicepresidente, os índices de envellecemento da nosa poboación veñen crescendo ininterrompidamente desde as últimas décadas. As persoas maiores supoñen aproximadamente un terzo da nosa poboación, polo que temos os índices de envellecemento máis altos do Estado. Tamén duasetecentas mil persoas no noso país teñen algún tipo de discapacidade, e igualmente moitas destas persoas viven en núcleos rurais moi dispersos, o que dificulta enormemente o seu acceso ás prestacións sociais.

A pesar de todo isto, as políticas sociais que se desenvolveron ata o de agora non serviron para cubrir as necesidades máis elementais dos colectivos máis desfavorecidos da nosa sociedade.

Para o Bloque Nacionalista Galego é necesario que se deixen atrás as políticas asistencialistas e caritativas do anterior Goberno e que apostemos por un novo modelo de recoñecemento de dereitos sociais; un novo modelo que dea cobertura ás importantes carencias que hoxe temos en materia de servizos sociais; un novo modelo que garanta a igualdade e a integración social. De aí a importancia da futura Lei de promoción da autonomía persoal e da atención ás persoas en situación de dependencia. Pero tamén sabemos que o seu desenvolvemento vai pór de manifesto a situación de desigualdade de Galiza respecto doutras comunidades do Estado; desigualdade que ten que ver co importante déficit que en materia de equipamentos e servizos sociais presenta a nosa comunidade, e debido tamén ás singularidades propias do envellecemento e da dispersión da nosa poboación, que suporán maiores custos de xestión para a súa aplicación.

A pesar de que o Goberno anterior contaba con gobernos amigos, o certo é que nunca existiu un compromiso para que as políticas sociais respondesen ás nosas necesidades e garantisen a igualdade de oportunidades. En cambio, hoxe estamos a ver ese compromiso por parte da Vicepresidencia da Xunta de Galiza, e estamos a ver tamén como desde a Vicepresidencia da Xunta de Galiza se negocia nun plano de igualdade co Estado e se acadan importantes acordos, como é o protocolo de colaboración para o desenvolvemento da Lei de dependencia asinado polo vicepresidente e o ministro de Traballo e Asuntos Sociais.

Señor vicepresidente, nese sentido vai a nosa pregunta. Queremos saber cal é a súa valoración sobre a incidencia

que pode ter o protocolo asinado no cobro da débeda histórica que Galiza ten en materia de servizos sociais.

Moitas grazas.

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Ten a palabra, para responder, o señor vicepresidente da Xunta de Galicia.

O señor VICEPRESIDENTE DA IGUALDADE E DO BENESTAR (Quintana González): Grazas, presidenta.

Deputada, primeiro quixera salientar a valoración positiva que o Goberno galego fai a respecto do espírito, da filosofía e da intención da Lei de dependencia que neste momento se está a tramitar no Estado e que promove o Goberno do Estado. Coincidimos coa súa filosofía, e coincidimos, sobre todo, co obxectivo de conseguir acabar por completar a estrutura do Estado de benestar. Pensamos que é necesario pasar duns asuntos sociais entendidos desde unha perspectiva paternalista e asistencial a uns asuntos sociais entendidos como un dereito dos cidadáns, e un dereito ao que hai que darlle resposta.

Pensamos, polo tanto, que a Lei de dependencia pode ser un paso moi importante, mais non podiamos esquecer que as competencias exclusivas nas materias que se van legislar agora con carácter básico corresponden a Galiza, corresponden ás comunidades autónomas. Era, polo tanto, necesario, utilizar unha vez máis o criterio da cooperación, da cooperación intelixente, para, desde unha perspectiva firme e esixente, poder chegar a acordos que serviran para que Galiza participara na redacción da lei e para que a lei, finalmente, se acomodara tamén aos intereses de Galiza.

Penso que temos dado un paso moi importante nesa liña coa sinatura do protocolo. A sinatura do protocolo serve para que a Lei de dependencia teña a súa versión galega. Serve, sobre todo, para darlles solución a tres aspectos que nós considerabamos desde o Goberno galego importantes para ter en conta: o primeiro deles, a necesidade de aproveitar a oportunidade para dar un paso adiante no pagamento dunha débeda histórica que nós pensamos que existe tamén en materia de benestar en Galiza; un paso adiante tamén —e esta sería a segunda cuestión— para conseguirmos que na lei se recoñe-

cera a competencia exclusiva de Galiza á hora de definir a carta de servizos aos que a Lei de dependencia debe de facer referencia; e unha terceira cuestión, conseguir que a lei trouxera consigo un modelo de financiamento xusto para o noso país, de xeito que o recoñecemento dos novos dereitos non acabara sendo o recoñecemento de problemas reforzados.

Era necesario, polo tanto, que se establecera un acordo polo cal, no reparto orzamentario que corresponda á Lei de dependencia, a suma resultante tocante a Galiza teña en conta, á hora do criterio de distribución, aspectos tan importantes como a dispersión ou o envellecemento da poboación.

Pensamos, polo tanto, que é positivo o paso dado adiante tanto pola cantidade coma pola cualidade; polo que significa de participación de Galiza nunha lei tan importante como esta, e polo método seguido, de relación bilateral e de cooperación construtiva, para chegar a acordos, e, neste caso, felizmente, así puido ser.

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Rolda de réplica para a señora Riobó.

A señora RIOBÓ DIOS: Moitas grazas, señora presidenta.

Máis que réplica o que queremos é agradecer ao vicepresidente da Xunta de Galiza a súa información, a información que está a ofrecernos neste Parlamento.

Para nós é motivo de satisfacción comprobar como por primeira vez as políticas sociais alcanzan unha especial relevancia dentro da política xeral. Por primeira vez tamén se recoñece un financiamento específico para Galiza, un financiamento específico para a implantación da Lei de dependencia. Isto vai supor a súa posta en marcha en igualdade de oportunidades en relación co resto do Estado, porque se van ter en conta as especificidades do noso país, establecéndose, polo tanto, un tratamento diferenciado, específico. Tamén é motivo de satisfacción para nós que este especial tratamento sexa froito dunha negociación bilateral entre o Goberno galego e o do Estado, entre a Vicepresidencia da Xunta de Galiza e o Ministerio de Traballo.

Desde logo, tamén é unha satisfacción para nós comprobar como Galiza dispón de competencias exclusivas para

definir e establecer un catálogo de servizos que dea reposta ás necesidades de atención das persoas en situación de dependencia. Somos partícipes, polo tanto, dun compromiso que vén paliar a carencia tan importante que padeciamos en equipamentos sociais e afianza, así mesmo, un financiamento xusto no desenvolvemento da Lei de dependencia.

Señor vicepresidente, queremos amosarlle a nosa satisfacción polo acordo asinado, polo que ese acordo significa para a dignificación de Galiza e polo que significa en aumento de igualdade de oportunidades para todas as galegas e todos os galegos.

Nada máis e moitas grazas.

A señora PRESIDENTA: Ten a palabra o señor vicepresidente da Xunta de Galicia.

O señor VICEPRESIDENTE DA IGUALDADE E DO BENESTAR (Quintana González): Grazas, señora presidenta.

Señora deputada, ademais de salientar a importancia da Lei de dependencia, a importancia que vai ter a aplicación da Lei de dependencia en Galicia e a importancia que vai ter que poidamos facelo desde a perspectiva galega e, polo tanto, cun acordo que ten en conta as características específicas do noso país, paréceme tamén importante salientar a metodoloxía establecida polo Goberno galego para poder chegar a este tipo de acordos co Goberno central. Penso que é importante e que non debe de pasar desapercibido. Fundamentalmente, as relacións entre os dous gobernos, entre as dúas administracións, autonómica e a do Estado, pódense establecer por dous criterios posibles: un, polo criterio dos amigos-inimigos. Esa sería a relación pola cal, en función de que poidamos ser máis amigos ou menos de quen goberna neste momento en Madrid, poderemos sacar acordos máis ou menos beneficiosos que teremos, ademais, que negociar puntualmente cada ano, nunha sorte de esmola continuada. Ese é un método. Pero ese non é o método que o Goberno galego entende como lóxico, razoable nin efectivo. Consideramos que hai outro, que é o da relación institucional con lealdade. Pero, iso si, desde a firmeza, desde a esixencia, e con espírito construtivo. E, sobre todo, e o máis importante, que os acordos aos que se cheguen queden plasmados e por escrito, e a poder ser no ámbito dunha lei, porque, entón, será a lei a que nos ampare a todos. Non será unha cuestión

de vontade política conxuntural, senón que é a lei a que nos ampara a todos e, polo tanto, a que asegura os dereitos de Galiza.

Eu creo que a importancia que ten o acordo acadado e o protocolo asinado non é só a importancia cuantitativa: 60 millóns de euros de máis para poder sufragar a débeda histórica, o novo financiamento que se establece tendo en conta as características de Galiza, a carta de servizos. O máis importante –desde o meu punto de vista–, ao lado diso, que tamén o é, é a metodoloxía escollida. Eu creo que este é o camiño correcto. Penso que, por sorte, van quedando atrás os tempos nos que que nos trataran ben ou mal en Madrid dependía de certas amizades que recordaban máis a unha estrutura caciquil que ao que podería ser unha relación institucional, democrática e moderna.

Creo que estamos, polo tanto, na boa liña. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Pregunta de D. Bieito Lobeira Domínguez e D^a Ana Belén Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a funcionalidade da Rede Galega de Escolas Infantís –galescolas– no proceso de normalización lingüística

A señora PRESIDENTA: Para formular a pregunta ten a palabra o señor Lobeira Domínguez.

O señor LOBEIRA DOMÍNGUEZ: Grazas, señora presidenta.

Na última sesión plenaria deste Parlamento tivemos a oportunidade de coñecer directamente, por parte do vicepresidente do Goberno, a proposta de implantación en Galiza da denominada Rede Galega de Escolas Infantís, popularmente coñecidas como “galescolas”, e do salto cuantitativo e cualitativo que a este respecto tería este servizo en todo o territorio galego. Dicía, naquel momento, hai só quince días, neste Parlamento o vicepresidente Quintana que a materialización práctica desta proposta implicaría a instalación de 99 escolas infantís, aproximadamente 5.500 novas prazas para nenos e nenas, e, por tanto, un incremento do 64% de novas prazas a respecto do que había con anterioridade. A nós isto, obviamente, parécenos moi ben, como é evidente, mais queríamos facer, con todo, fincapé nun ámbito que para nós, para o Bloque Nacionalista Galego, é absolutamente rele-

vante do punto de vista político, que é o ámbito lingüístico, vinculado, polo tanto, á conquista de novos espazos, de novos usos, para a utilización do idioma galego en torno ao que este Parlamento de xeito unánime –aínda que haxa algúns que semella que non teñen memoria– aprobou, insisto, por unanimidade, que é o Plano xeral de normalización da lingua galega. Esta para nós é unha cuestión esencialmente democrática. O galego non é unha peza de museo que haxa que preservar, que haxa que protexer, senón que é o idioma maioritario desta sociedade, e, polo tanto, a situación existente na actualidade con respecto a este idioma maioritario, que usa o 87% da poboación galega de xeito constante ou ocasional, plantéxase en termos de divorcio co que logo acontece no sistema educativo.

Por tanto, o propio Plano xeral de normalización da lingua galega recoñece que a día de hoxe a presenza do galego no ensino infantil é mínima, que non se garante o coñecemento por parte do profesorado en exercicio –de boa parte do profesorado en exercicio–. Di literalmente algo que aprobamos aquí entre todos, aínda que non haxa memoria: que o sistema educativo non consegue dotar o alumnado de competencia oral en galego. Di que as escolas infantís, as garderías, durante todos estes anos serviron como elemento desgaleguizador dos nenos galegofalantes ao entraren en contacto con este sistema educativo, precisamente na etapa 0-3 anos. E neste contexto e con todo o interese que ten para o BNG, preguntámoslle, señor vicepresidente do Goberno: ¿que é o que vai representar no ámbito lingüístico, no ámbito de promoción do noso idioma, no proceso de normalización lingüística, a implantación da Rede Galega de Escolas Infantís, por tanto, das galescolas?

Moitas grazas.

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Lobeira.

Ten a palabra o señor vicepresidente da Xunta de Galicia.

O señor VICEPRESIDENTE DA IGUALDADE E DO BENESTAR (Quintana González): Señora presidenta.

Señor deputado, entendemos a Rede Galega de Escolas Infantís, as galescolas, desde unha perspectiva dobre: desde un proxecto educativo e desde un proxecto como un instrumento tamén para a conciliación da vida persoal e da vida

laboral, polo tanto un instrumento en favor das políticas de igualdade.

Desde esa dobre perspectiva, entendemos que a Rede Galega de Escolas Infantís debe guiarse por tres criterios básicos: o criterio da calidade, o criterio da identidade e o criterio do compromiso co país. Calidade porque eu penso que, sobre todo e ante todo, é fundamental que sexan boas escolas; con máis servizos, con maior oferta educativa e pedagóxica, e, en definitiva con proxectos educativos de calidade. Eu penso que isto é fundamental e o prioritario.

Pensamos, ao mesmo tempo, que teñen que ser proxectos educativos, e así o serán, de identidade, porque queremos que as galescolas eduquen en galego e en Galiza para as galegas e os galegos do século XXI, e para iso non é necesario inventar nada novo, é unicamente necesario aplicar o Plano de normalización lingüística aprobado por unanimidade por este Parlamento en todas e cada unha das súas consideracións. Pensamos, polo tanto, que ese ten que ser o obxectivo, e nace como un instrumento para o cumprimento dun plan que foi aprobado por este Parlamento, repito, por unanimidade. Ademais é un proxecto de compromiso co país, porque quere tamén ser un instrumento reequilibrador. Hai que ter en conta, por exemplo, que a execución do proxecto de construción de galescolas presentado para o ano 2006 e 2007 vai significar que provincias como Lugo e Ourense, que están sempre á cola de todo, pois polo menos nesta materia se coloquen á cabeza do Estado español como provincias en número de prazas de escola infantil por habitante de cero a tres anos. Pensamos, polo tanto, tamén, que son un instrumento de reequilibrio e un instrumento de compromiso co país, e creo que en materia lingüística, como xa dixen antes, o obxectivo non pode ser outro máis que o cumprimento do Plano de normalización lingüística.

Tense falado moito nos últimos tempos da posibilidade de que o novo Estatuto de Galiza estableza non só o dereito dos galegos a falar o seu idioma, a utilizar o seu idioma, senón o deber de coñecelo. Se finalmente o Estatuto así o recolle nestes termos, e eu espero que así o faga, por suposto, e que o faga por unanimidade das forzas políticas, sen dúbida as galescolas tamén serán un instrumento nese camiño. E é bo –e aproveito para dicilo e clarificalo– porque cando estamos a falar de deber de coñecer o galego estamos falando exactamente diso, de deber de coñecelo, e non

–como maliciosamente algunha vez se intenta manipular– de deber de usalo. Cada un falará no que queira, porque esa é unha liberdade individual que non se pode coartar. Como é lóxico, eu aspirarei, como vicepresidente da Xunta ou como galego de a pé, a que todo o mundo fale en galego, pero é unha aspiración que teño, a ninguén se lle poderá obrigar nunca a falar en algo que non queira, o que si podemos e debemos é instaurar o deber de coñecelo, que é diferente, porque non é posíbel aplicar o dereito a usalo se non existe o deber de coñecelo. Esa é tamén unha contribución que as galescolas queren facer dentro deste panorama.

Moitas grazas.

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Señor Lobeira, a súa rolda de réplica.

O señor LOBEIRA DOMÍNGUEZ: Señora presidenta, señor vicepresidente do Goberno, como é obvio alegrámonos desde o Bloque Nacionalista Galego desta resposta que vén inclusive a botar abaixo os peores prexuízos que tiñan algúns en relación co que significa dereito de uso, deber de coñecemento, como en calquera país normal calquera lingua normal; polo tanto, un status xurídico-político de normalidade. De feito, é certo que esta proposta, a das galescolas, provocou en determinados ámbitos políticos non aplausos senón críticas, curiosamente. Cando se está a falar de incrementar en máis de 5.500 prazas para nenos e nenas no ensino infantil, encontrámonos con que houbo quen lle chamou ás galescolas precisamente “bloquescolas”, reproducindo eses prexuízos que lamentablemente aínda ten unha parte da sociedade galega, minoritaria, e que proceden desa tradición de historia castigada que arrastra o noso país.

Hai unha cuestión, señor vicepresidente do Goberno, que nos interesa especialmente, e é, após deste anuncio que vostede acaba de realizar, coñecer as previsións e criterios de implantación da Rede Galega de Escolas Infantís, das galescolas. Vostede dixo que ían ser 99 galescolas, o que nos gustaría é que fose un servizo realmente nacional, isto é, en termos de igualdade de dereitos en todo o territorio galego, con independencia, polo tanto, da localización xeográfica ou mesmo da cor política dos concellos do noso país. Este ten que ser un servizo nacional, e, polo tanto, ten que ir dirixido a todos os nenos e nenas do noso país.

Remato, fóra desta consideración, cun recoñecemento necesario, e é o seguinte: por primeira vez na historia de Galiza hai un goberno que recoñece un dereito tan elemental e tan inalienábel como que un pai e unha nai poidan escolarizar os seus fillos en galego, cousa que ata este momento non se podía exercer, e que ademais se tome en serio esa política normalizadora. Polo tanto, parabéns.

Grazas, señora presidenta.

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Rolda de peche para o señor vicepresidente.

O señor VICEPRESIDENTE DA IGUALDADE E DO BENESTAR SOCIAL (Quintana González): Grazas, señora presidenta.

Señor deputado, a Rede Galega de Escolas Infantís intenta incrementarse a través do Consorcio Galego para as Políticas de Igualdade e de Benestar, consorcio que conforman a Xunta de Galiza e os concellos galegos. Con isto preténdense dúas cousas. Unha, que o consorcio, cun mecanismo de colaboración entre a Xunta e os concellos, poida construír a rede, e, ao mesmo tempo, que esas escolas infantís poidan ser xestionadas polos concellos e a Xunta de Galiza conxuntamente a través do consorcio. E son moi importantes estas dúas cuestións. O problema das escolas infantís non é só construílas, senón xestionalas despois. E moitos concellos atopábanse con auténticos problemas para xestionar despois unha escola infantil unha vez construída. Queremos, polo tanto, darlle estabilidade ao sistema e, sobre todo, carácter equitativo, igual para todo o mundo, garantindo, polo tanto, un servizo de calidade.

Teño que corrixirme e corrixilo a vostede, xa non van ser 99 galescolas as previstas, van ser 121, por unha razón, porque ás que tiñamos previstas nós hai que sumar outras, que foron escolas infantís feitas na etapa anterior e que, curiosamente, despois de investir importantes cantidades, aínda permanecen pechadas. En moitos casos porque o concello puido facela, puido construíla, pero lle resultou despois imposible xestionala e pola en marcha. Polo tanto, imos tamén ofertar a posibilidade de incluír esas escolas na nova rede, e sobre todos imos facelo cun carácter equitativo e igualitario no aspecto territorial e no aspecto institucional. No aspecto territorial, porque hai que facelo en todo o país,

como un servizo nacional, como un servizo para toda Galicia. Pero tamén no plano institucional, porque é hora de que articulemos mecanismos igualitarios para todos os concellos, independentemente de quen goberna, que se goberna é porque os cidadáns así o elixiron. Por iso haberá habilitada unha porcentaxe de financiamento –que estará arredor do 80%– igual para todos os concellos que queiran construír unha escola infantil. Desgraciadamente, iso é o que non sucedía ata agora. Fixéronse, fixeron esas escolas infantís, claro que se fixeron, e eu penso que é bo recoñecelo porque sempre é importante que se fixeran escolas infantís, e imos intentar agora que todas funcionen coordinadamente. Non todas as puideron facer en igualdade de condicións. Por exemplo, o Concello de Boiro fixo unha escola infantil e recibiu unha subvención do 32%, pero o Concello de Boqueixón fixo a mesma escola infantil e recibiu unha subvención do 98%. O de Bergondo recibiu unha subvención do 49%, pero o do Becerreá recibiu a do 98%. Cambre recibiu unha subvención do 38%, pero Cangas recibiu a do 97%. Lugo recibiu unha subvención do 47%, e a deputación de Lugo, que non é o mesmo que o Concello de Lugo, do 100%. Narón recibiu unha subvención do 47%, e en cambio Ordes, recibiu a do 100%. Allariz, que é o meu pobo, recibiu unha subvención do 30%, e Celanova, pobo de estimable cariño pola miña parte e do mesmo número de habitantes, recibiu a do 89%. Eu o que lle aseguro é que isto non vai volver pasar. *(Aplausos)*.

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Voulle pedir, por favor, que se manteñan en silencio. O silencio que reclamo é incluíndo os señores conselleiros.

Pregunta de D. Roberto Castro García e catro deputados máis, do G.P. Popular de Galicia, sobre o criterio do Sr. Vicepresidente da Igualdade e do Benestar respecto da concordancia das súas actuacións coa normativa legal vixente en materia de protección do menor

A señora PRESIDENTA: Para formular a pregunta ten a palabra o señor Castro García.

O señor CASTRO GARCÍA: Moitas grazas, señora presidenta.

Señorías.

Señor vicepresidente da Igualdade e do Benestar, que seica é así como vostede se chama, se hai algo que nos ten que preocupar a todos, por riba de calquera outra consideración, é a defensa da infancia e da xuventude. Neste senso, o anterior Goberno popular sabe vostede que tiña unha conselleira de Familia e Xuventude, polo tanto, estes temas estaban enfocados ao mais alto nivel. Non é agora o mesmo, cousa que nós certamente lamentamos.

Ben, vivimos tempos de propaganda como nunca se viviron, e dun apagón informativo sen precedentes, pero na defensa da familia, da infancia e da adolescencia esta Cámara, vostede sábeo, aprobou a Lei 3/1997, do 9 de xuño. No seu artigo 9 esa lei encargáballe –encárgalle– a un Vicealedor do Pobo a defensa dos dereitos da infancia e da adolescencia. Aínda así, todos –e os gobernos máis, entendo eu– temos que multiplicar os nosos esforzos encamiñados a protexer, a coidar e a defender o mellor de nós mesmos, o noso futuro, as nenas e os nenos do noso país e de todos os países en xeral. E debemos todos, señor vicepresidente, ter o máximo coidado para promover esa defensa fuxindo de tentacións que irían –de darse, que eu non digo que se dean– contra os dereitos da infancia, porque unha cousa é a presenza de políticos de todo signo, señor vicepresidente, en actos nos que poidan estar nenos e nenas, e outra ben diferente é a utilización mediática da infancia.

Polo tanto, señor vicepresidente, eu fágolle esta pregunta: ¿Cre o excelentísimo señor vicepresidente da Igualdade e do Benestar que as súas actuacións como membro do Goberno de Galicia están acordes coa normativa legal vixente en materia de protección do menor?

Esa é pregunta que lle fago, señor vicepresidente da Igualdade do Benestar, e agradézolle moito, por anticipado, a súa resposta.

Grazas, señora presidenta.

A señora PRESIDENTA: Grazas, señor Castro.

Para a resposta ten a palabra o señor vicepresidente.

O señor VICEPRESIDENTE DA IGUALDADE E DO BENESTAR SOCIAL (Quintana González): Grazas, señora presidenta.

Señor deputado, estou a punto, de verdade, de contestar contundente e claramente –a non ser que vostede interpretara isto como un desaire– que comparto todas e cada unha das cuestións que vostede acaba de dicir. Faimos unha pregunta á que só lle podo contestar que si. Vostede me explicará se hai algunha outra cuestión, que seguro que a hai, desvele certa intriga. Non quixera en ningún caso frivolar sobre un tema que, como vostede ben di, é un tema serio, importante, pero francamente non me queda outra opción, escoitado o que vostede dixo, que darlle toda a razón; e sobre o que me pregunta, se estamos dentro da legalidade, pois por suposto que si.

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Señor Castro, ten vostede a palabra para a rolda de réplica.

O señor CASTRO GARCÍA: Moitas grazas, señora presidenta.

O señor vicepresidente non trae hoxe *toquilla*, afortunadamente, pero hai bastante calor.

Mire, señor vicepresidente, temos moita sorte no Grupo Parlamentario Popular en que vostede non use habitualmente o chaleque. E dígolle por que. Porque, se así fose, coa fachenda que utiliza habitualmente, coa prepotencia que o acompaña case sempre, estouparíalle o chaleque e andaríamos os do Grupo Popular recolléndolle os botóns polo chan, señor vicepresidente.

Mire, cecais sen mala fe, pero si bordeando a utilización infantil para confirmar unha determinada imaxe súa que creo que lle fai bastante falta, vostede non está a ser coidadoso coa infancia, e dígolle con toda claridade. Voulle ensinar dúas fotografías, e saiba que lle prometín o anonimato dos rostros dos nenos. Mire, señor vicepresidente, ¿coñéceas vostede, verdade? Moi ben, pois procure que esas fotos anónimas que eu fixen e que vostede non, tendo posibilidades, non se produzan máis veces. Todos temos que respectar a Convención Internacional dos Dereitos do Neno, como sabe moi ben, da infancia. Sei que vostede talvez non analizou o alcance desas súas presenza públicas con nenos e nenas, estou convencido. Anímoo cordialmente e con moito respecto, señor vicepresidente, á reflexión, e, aínda que publicamente non o faga, eu sei que me dará a razón.

Mire, señor vicepresidente, vostede sabe que temos uns magníficos profesores e unhas magníficas profesoras. Eu creo que vostede non debe interferir no seu traballo, vostede non está titulado para iso... (*Murmurios.*) Sabe ao que me estou a referir. Polo tanto, rógolle que procure, na medida do posible, ter coidado con esas cousas, aínda que o fagan outros. Vostede é máis importante ca eles, moito máis importante, e, polo tanto, ten que dar exemplo, como o dá noutras cousas. Ás veces sen mala fe, señor vicepresidente –volvo insistir niso–, caemos nese aspecto de ser populistas ao máis puro estilo chavista, e non pode ser; nalgúns temas non pode ser. Polo tanto, eu creo que por aí, señor vicepresidente, non vai acadar esa ducia polo menos de doutoramentos *honoris causa* que vostede aspira a acadar proximamente; por esa vía non os vai acadar. Polo tanto, rógolle prudencia nese aspecto, señor vicepresidente.

Moitas grazas, señora presidenta. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Roberto Castro.

Señor vicepresidente, ten vostede a palabra.

O señor VICEPRESIDENTE DA IGUALDADE E DO BENESTAR (Quintana González): Grazas, señora presidenta.

Señor deputado, recollo no seu mellor sentido as recomendacións que me fai, e recólloas, ademais, desde a consideración que me ten que merecer calquera intervención que un deputado faga nesta Cámara, pero penso realmente que vostede fai unha interpretación dos feitos aos que se refire dificilmente entendible para explicar e para non eludir o tema das fotos ás que vostede fai referencia nunha escola infantil de Oroso, na que os pais, os profesores e o concello me invitaron a asistir insistentemente para que, como conmemoración do Día das Letras Galegas –despois de pasar por alí diferentes responsables políticos, institucionais e empresarios–, lles lera un conto aos nenos, igual que fixeron outros. Penso que facer diso o exercicio de intriga que vostede fixo aquí na Cámara durante todos estes minutos non creo, sinceramente, que sexa un bo exercicio de respecto pola infancia. Porque se alguén utilizou aquí, ou intentou utilizar, como argumento político unha foto coa infancia foi vostede. Eu fun alí respondendo a unha amable invitación –repite– dos pais, dos profesores e do concello, que, por

certo, non é do Bloque Nacionalista Galego. E, por certo, teño outras moitas invitacións que non son capaz de atender debidamente porque a axenda da Vicepresidencia non mo permite.

Eu esperaba, a verdade, que a súa pregunta a respecto da política sobre menores versara sobre iso, sobre o que facemos e non facemos sobre menores, e niso incluso lle daría a razón, porque seguro –como non podía ser doutro xeito, desde a oposición– que vostede tería unha actitude crítica a respecto da nosa política de menores, que é o que lle corresponde. E eu tiña pensado darlle a razón porque penso que hai moitas cousas máis que se poden facer en política de menores. Tamén aproveitaría para dicirlle –se mo preguntase– que este Goberno aumentou neste ano o 151% do orzamento dedicado á política de menores; que este Goberno, por exemplo, por primeira vez en moito tempo, iniciou a política tendente a separar os centros de protección dos de reforma, que no anterior Goberno non estaban, co que iso ocasionou de problemas e mesmo de denuncias xudiciais. Fixemos un esforzo en materia de menores e de infancia, como ao que antes facía referencia, coa construción da Rede Galega de Escolas Infantís, coas “galescolas”. E fixemos unha política de menores da que nos podemos sentir moderadamente satisfeitos, pero orgullosos, aínda que, desde logo, é mellorable, e mellorable para o futuro.

Eu lamento que vostede trouxera aquí como argumento, con certa dose de intriga, unha foto que de verdade penso que serve para contradicir o seu argumento básico: non utilice os nenos como argumento político. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor vicepresidente.

Pregunta de D. Abel Fermín Losada Álvarez, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre os resultados previstos polo Goberno galego da posta en funcionamento do Xurado de Expropiación de Galicia

A señora PRESIDENTA: Para formular a pregunta ten a palabra o señor Losada Álvarez.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Moitas grazas, señora presidenta.

Señora conselleira, atopámonos hoxe ante un tema que fala da calidade do sistema democrático. O atraso nos pagos por parte do anterior Goberno do Partido Popular foi o froito dunha política arrogante e opaca, unha política chea de fotos con nenos e con vellos, chea de páxinas pagadas nos periódicos; esa foi a política que ocupou os últimos dezaseis anos de historia deste país. Os cidadáns víronse envoltos en prácticas prepotentes froito dun debilitamento dos instrumentos de control nos que os auditores se autoauditaban, ademais dunha extensiva patrimonialización das institucións, un decaemento da transparencia e a creación dunha poderosa rede clientelar. Era a mellor mostra de que o poder se exercitaba de costas aos cidadáns, sen ter en conta e sen poñer en primeiro termo os intereses destes. Polo tanto, para os socialistas calquera medida que tentara corrixir estes problemas formaba parte da nosa idea de calidade democrática.

Así, os socialistas galegos, o novo Goberno do cambio, no noso programa e no acordo de goberno firmado co Bloque Nacionalista Galego, propuxémonos recuperar a transparencia na vida pública e dispor dun sistema de diálogo institucional no que os cidadáns e os seus dereitos foran o elemento central da acción política. Apostabamos por todo iso, por un sistema de administración e de goberno que superara as vellas fórmulas xerárquicas e que puidera acadar un escenario de boas prácticas administrativas e de goberno que foran o limiar dunha nova ética da vida pública. A Lei de transparencia, aprobada neste mesmo Pleno, móstrao. Porque os cidadáns teñen que sentirse partícipes desta vida pública, teñen que sentir que os poderes públicos os tratan ben, que non os maltratan. Por iso defendemos antes e defendemos agora unha Xunta e unhas institucións máis próximas aos cidadáns.

Nesta sociedade moderna e progresista a democracia desenvólvese ampliando as liberdades individuais dos cidadáns e mellorando a súa participación nas decisións colectivas. As débedas prolongadas e indebidas da Administración aos cidadáns son a mellor mostra do que non debe ser a acción política. E hoxe nós estamos a falar aquí dese maltrato aos cidadáns, e o maltrato é claramente oposto a unha participación cidadá de calidade.

Por esa razón, conselleira, celebramos que a Consellería de Política Territorial puxera en funcionamento nun prazo tan breve o Xurado de Expropiación de Galicia, un órgano

colexiado, especializado nestes procedementos, para a fixación dun xusto prezo, e, polo tanto, para a defensa dos cidadáns. E, polo exposto, formulámoslle a seguinte pregunta: ¿que resultados agarda o Goberno de Galicia da posta en funcionamento deste Xurado de Expropiación?

Moitas grazas.

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Losada.

Para responder, ten a palabra a señora conselleira de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes.

A señora CONSELLEIRA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES (Caride Estévez): Señora presidenta, señorías.

A verdade, señor Losada, é que, como ben sabe, unha das lamentables sorpresas que atopamos cando chegamos á consellería foi darnos conta de que recibiamos unha herdanza consistente nun pago que non se producira das expropiacións, e o que é máis grave, das expropiacións anteriores ao ano 1998. Tratábase de 1.511 expedientes que afectaban a 3.256 fincas ou parcelas expropiadas con anterioridade a este ano. Foron cidadáns desatendidos porque outras necesidades se colocaron en primeiro termo. Cando nós chegamos á Consellería de Política Territorial tratamos de solucionar esta débeda, e aboamos a finais do ano pasado máis de 14 millóns de euros precisamente para cubrir esta débeda que existía cos cidadáns de Galicia desde había máis de oito anos.

A verdade é que outras comunidades autónomas xa moito antes intentaron crear unha institución que puxera ao servizo dos cidadáns un órgano para a determinación do xusto prezo moito máis áxil, pero nós, a pesar de estar prevista no noso Estatuto de autonomía, non a creamos. Así temos, por exemplo, que comunidades como o País Vasco teñen, desde o ano 1986, un xurado da comunidade de expropiacións; Cataluña, desde o ano 1995; Madrid, desde 1995; Castela-A Mancha, desde 1998; Castela-León, desde 1999; Canarias, desde 1999; e Asturias, desde 2004. Porén, en Galicia, despois de todos estes anos de Estatuto de autonomía, non tivemos ata o ano 2006 o Xurado de Expropiación de Galicia; unha realidade concretada o 14 de febreiro deste mesmo ano e que xa está traballando a pleno rende-

mento. Hoxe, por tanto, podemos estar satisfeitos, non só de lograr esta vella aspiración autonómica, senón tamén de lle dar unha resposta a unha clamorosa demanda social de maior eficacia administrativa e de maior garantía xurídica para a cidadanía.

A día de hoxe, o Xurado de Expropiación leva resoltos 143 expedientes. Todos estes expedientes foron resoltos, ademais, en prazo; é dicir, dentro dos tres meses da súa recepción como expedientes completos. Anteriormente, ¿que tiñamos nos xurados provinciais? O que tiñamos era que, polo menos como media, estaban os expedientes tres anos esperando pola determinación do xusto prezo, o que producía unha inxustiza e unha indefensión dos cidadáns, sobre todo daqueles cidadáns máis débiles, dos cidadáns de menor renda. Esta axilidade na tramitación e na resolución está permitindo pechar a valoración, tanto de expedientes novos como de expedientes que acumulaban importantes atrasos e que non foran enviados aos xurados provinciais precisamente por este motivo. En concreto, o 67% dos expedientes que no día de hoxe foron remitidos ao Xurado de Expropiación de Galicia proceden de expedientes antigos, moito máis aló do último ano, que esperabamos que fose exactamente a contía de tempo que nos permitise ter os expedientes completos para o seu envío ao xurado.

Se me permite o señor Losada, continúolle a explicación na miña rolda de resposta.

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señora conselleira.

Señor Losada, ten vostede a palabra para a rolda de réplica.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Moitas grazas, señora presidenta.

Quero comezar por felicitar ao Goberno de Galicia na persoa da conselleira de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes. Si, si. Os socialistas galegos propuxémosos devolverlles a voz aos cidadáns cando decidisemos desde a Xunta de Galicia. Desexabamos intensificar a democracia facéndoa máis participativa, de xeito que todos fosemos corresponsables das actuacións das administracións públicas, e alegrámonos, por fin, de que a Consellería de Política Territorial poña termo a un longo atraso no pagamento de expropiacións; un tema que afecta directamente a un dereito inalie-

nable dos cidadáns, xa que algunhas destas expropiacións –como sinalou a conselleira– se corresponden con obras de estradas cuxas declaracións de utilidade pública son anteriores a decembro de 1998 –practicamente aínda non comezara o proxecto da Cidade da Cultura, aínda non había un novo centro de gasto–. Estamos falando, desde logo, de hai máis de oito anos. E alegrámonos tamén de que non se limiten os dereitos lexítimos dos cidadáns, pervertendo a lei, utilizando no 90% dos casos procedementos de urxente ocupación, cando se trata dunha figura que debería de ser de uso excepcional. De feito, o anterior Goberno da Xunta fixo nisto, como noutras moitas cousas, do excepcional o habitual.

E, desde logo, non deixa de sorprendernos que o Partido Popular, que a dereita, á que se lle enche sempre a boca co sagrado dereito de propiedade, o invoque para defender os seus intereses e o ignore cando se trata dos intereses alleos. Como dicía o Conde de Romanones, aínda que a frase non é textual: defender o dereito de propiedade, pero a propiedade de cada un, como todos sabemos.

Celebramos que a Consellería de Política Territorial puxera con rapidez en funcionamento o Xurado de Expropiación de Galicia, e, polo tanto, todo o que sexa mellorar as relacións e a prestación de servizos entre as administracións e os cidadáns será, desde logo, apoiada e reforzada desde este grupo parlamentario.

Moitas grazas.

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Señora conselleira, ten vostede a palabra.

A señora CONSELLEIRA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES (Caride Estévez): Moitas grazas, señoría.

Como lle dicía, en Galicia tivemos que esperar ata o pasado 14 de febreiro para constituír o Xurado de Expropiación, un órgano colexiado e permanente para a fixación do xusto prezo nas expropiacións como resposta a unha demanda social dunha maior eficacia administrativa.

E creo que ten vostede razón, que en moitos casos sobran urxencias e faltaba traballo de campo, diálogo, mutuos

acordos, trato individualizado no estudo das alegacións, control das asistencias técnicas, responsabilidade e atrasos na tramitación, nas resolucións e nos pagos. O Xurado de Expropiacións de Galicia nace con plena autonomía funcional e sen estar sometido ás instrucións xerárquicas e ao camiño que percorra movido pola súa responsabilidade; seguro que marcará o nivel de independencia, prestixio e confianza que a sociedade espera. A verdade é que esta é unha institución independente, que traballa con rigor, con criterios obxectivos, con profesionalidade técnica –máis técnica que nunca–, á hora de fixar os prezos das expropiacións. É un xurado que está ao servizo dos cidadáns e que deixa fóra de toda dúbida a súa utilidade e credibilidade para conseguir o pago de indemnizacións máis xustas e en menos tempo. Cremos firmemente que este esforzo contribúe a reforzar o sistema de garantías, dereitos e facultades establecidas pola lei e que ata a nosa chegada eran sistematicamente incumpridos. Por iso nos resultan cando menos estrañas as inxerencias do Valedor do Pobo de hai unhas semanas, nas que explicaba o seu temor de que os prezos fixados polo Xurado de Expropiación de Galicia non foran xustos. Non sabemos con base en que argumentos ou criterios está a sustentar o valedor tales afirmacións. Cando as fixo, só había catro expedientes resoltos e notificados. Por tanto, parece que máis ben responden a simples especulacións subxectivas ou a algún prexuízo infundado, o cal é preocupante por vir de quen vén.

En calquera caso, a forma de funcionamento do Xurado de Expropiación de Galicia non é perfecta. Os funcionarios que están alí traballando están traballando arreo, teñen moito traballo por diante e, indubidablemente, é un servizo que pode ser mellorado, e certamente estamos no camiño de tratar de melloralo para mellorar o noso servizo aos cidadáns. Pero, iso si, ata o día de hoxe estamos respondendo en tempo e prazo cando os expedientes están completos e queremos garantirlles aos cidadáns que se está velando por ofrecerlles o xusto prezo. Tales datos serán, ademais, obxectivados e postos á disposición dos cidadáns.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señora conselleira.

Pregunta de D. Modesto Pose Mesura, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as medidas previstas pola Conse-

llería de Sanidade para corrixir o gasto sanitario aproveitando a capacidade de compra corporativa do Sergas

A señora PRESIDENTA: Para formular a pregunta ten a palabra o señor Pose Mesura.

O señor POSE MESURA: Si, grazas, presidenta.

Señora conselleira, para calquera goberno responsable, obviamente, o incremento continuo do gasto sanitario é un problema, e é un problema que ten que ser un motivo de preocupación.

A miúdo facemos debates sobre o financiamento sanitario en relación sempre co incremento do financiamento sanitario. Todos pedimos e queremos que se financien máis prestacións, pero poucas veces temos debates de como ser máis eficientes no manexo dos recursos dos cidadáns.

Nun informe recente descubríase que a débeda pública encuberta era de arredor duns 400 millóns de euros, débeda non contabilizada. Unha parte importante desa débeda non contabilizada era, sen dúbida, debida ao gasto sanitario. O Consello de Contas reiteradamente nos ten chamado a atención sobre a dispersión do gasto en sanidade, sobre a falta de transparencia e sobre a ineficiencia no control do gasto.

Os procedementos de compras de farmacia, de produtos sanitarios, de produtos non sanitarios e de servizos no Sergas están ou estiveron ata o de agora atomizados en centros de gastos múltiples. Parece evidente a priori, para calquera cidadán responsable e supoño que para todos os expertos, que non estivemos aproveitando a capacidade de compra corporativa que podía ter o Sergas. Así que esta pregunta non vai nin máis nin menos que en relación a qué está facendo o Goberno galego, qué está facendo a Consellería de Sanidade sobre ser máis eficientes na utilización dos recursos de todos, e, en particular, sobre qué medidas ten posto en marcha para remediar esta situación.

Moitas grazas.

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Para responder ten a palabra a señora conselleira de Sanidade.

A señora CONSELLEIRA DE SANIDADE (Rubio Vudal): Grazas, señora presidenta.

Efectivamente, señor Pose, nós cremos que é preciso aplicar novas formas de xestión, acordos, ademais, cos principios de transparencia e eficacia que o actual Goberno de Galicia quere aplicar; formas que incorporen a cooperación organizativa e as tecnoloxías da información tamén para acadar a máxima eficiencia na utilización dos recursos públicos que están dispoñibles, e actuacións con publicidade, con concorrencia, para que a cidadanía saiba que facemos o máximo posible cos recursos que pon nas nosas mans.

E, por iso, con base nas directrices sanitarias de planificación da sanidade galega, iniciamos a optimización da capacidade de compra do Servizo Galego de Saúde. Pero a situación económico-financeira coa que nos atopamos, cun alto endebedamento e cun orzamento por debaixo do gasto real, non o facía nada fácil, dada a escasa disposición de crédito. Por tanto, o primeiro que fixemos foi sanear as contas e reducir a débeda dos provedores nun 75%. E logo, co apoio de todo o Goberno, dispuxemos dun orzamento realista con máis de 3.000 millóns de euros e abordamos unha mellor xestión destes orzamentos. Así naceu *integra.com*, un sistema de compras integradas do Servizo Galego de Saúde para os próximos catro anos. Este sistema supón un cambio na cultura da nosa organización, xa que incorpora a compra colaborativa e tamén a xestión descentralizada, aplicando as novas tecnoloxías. Así, fronte ás formas centralizadas tipo central de compras, agora mantense a autonomía dos centros baixo o principio de integración nas compras. Créase un proceso de planificación anual das compras integradas. Nel todos os centros do Sergas desenvolverán o seu propio plan de compras dun xeito coordinado, coa cooperación entre centros, a participación dos profesionais e mellorando a eficiencia no gasto. Evitarase a multiplicación de concursos na compra dun produto e aproveitaranse mellor os recursos humanos e organizativos do propio sistema. Este sistema incorporará todas as áreas de compra do Servizo Galego de Saúde: farmacia, produtos sanitarios, produtos non sanitarios e subministracións de servizos. En definitiva, con este novo programa imos acrecentar a eficiencia e o poder de compra do Servizo Galego de Saúde, mellorando os prezos e homoxeneizando a calidade dos bens e dos servizos da sanidade pública galega.

Moitas grazas.

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Rolda de réplica, señor Pose Mesura.

O señor POSE MESURA: Grazas, señora conselleira.

Efectivamente, parece mentira que tardamos tanto tempo en darnos conta dunha cousa tan lóxica e de tanto sentido común. Se o Sergas e multitude de centros de gastos compran o mesmo, os mesmos produtos, en todos os hospitais e en todos os centros de atención primaria, pois non fai falta ser moi *avisado* para ver que aí hai unha capacidade de aforro importante simplemente con ordenar os recursos.

Alégrame, polo tanto –sen pretender arrancar os aplausos do PP con estas alegrías, que non procede–, saber que se está ante unha xestión importante, porque estamos falando dun gasto neste tipo de compras de pouco menos dos 800 millóns de euros, uns 740 ou 750, non recordo ben de memoria.

Polo tanto, intúo –se mo pode dicir na resposta agradeceríallo– (*Murmurios.*) que hai unha capacidade de aforro importante. (*Risos.*) E eu creo que estou falando dunha cousa seria para todos os galegos.

En fin, que nos produtos sanitarios, que nos produtos de compras de laranxas, etc., de todos os hospitais de Galicia se poidan aforrar uns millóns de euros non me parece unha cousa para tomar a broma. Polo tanto, señora conselleira, así como outras veces, cando algo se faga mal, teremos que poñer o noso matiz, agora hai que dicir que eu creo que este é un bo camiño, e espero que para o ano que vén dea os resultados exactos do aforro que significa poñer este plan *integra.com*, de compras, en marcha.

Moitas grazas.

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Ten a palabra a señora conselleira de Sanidade.

A señora CONSELLEIRA DE SANIDADE (Rubio Vidal): Moitas grazas, señora presidenta.

Evidentemente, non é un tema para tomar a broma, quizais outros o fixeran durante dezaseis anos, pero nós co que nos atopamos foi cunha situación de débeda importante que tivemos que sanear. Polo tanto, a situación non era ningunha broma.

Pero é que, ademais, para isto contamos coa colaboración dos profesionais, tanto asistenciais...

A señora PRESIDENTA: Perdoe un segundo, señora conselleira.

A señora CONSELLEIRA DE SANIDADE (Rubio Vidal):... como de xestión, que estiveron a facer un gran esforzo e que estou segura...

A señora PRESIDENTA: Señora conselleira, perdoe un segundo.

Señor Calvo, abstéñase absolutamente de semellante actitude. Se non, vereime obrigada a tomar algunha decisión. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Vostede non pode poñer un cartel detrás da señora conselleira. Se o volve facer, chámoo á orde.

Señora conselleira, siga vostede.

A señora CONSELLEIRA DE SANIDADE (Rubio Vidal): Moitas grazas, señora presidenta.

Evidentemente, como dicía, tivemos a colaboración dos profesionais asistenciais e de xestión, que están a facer un gran esforzo. Parece que, evidentemente, a oposición fai broma diso, pero todos os profesionais fixeron un gran esforzo para elaborar unha guía de aplicación para desenvolver este sistema de compras, e conta cun cronograma, cuns obxectivos e cunha avaliación. E prevese un ritmo anual de incorporación de familias de bens e servizos que se vaia incrementando ano a ano.

Direille que partimos dunha situación que non era de broma e que reflectía moi pouca planificación, xa que o 68% das compras se facían como compras menores, é dicir, sen ningún tipo de publicidade nin concorrència; cousa que incluso denunciaron aquí cando fixemos un concurso públi-

co con toda concorrancia e con toda publicidade. Así, no ano 2005 tan só un 6,7% das compras se fixo cun procedemento centralizado, aínda que o gasto en bens, servizos e equipamentos ascendeu a 740 millóns de euros. O obxectivo do 2006 é incorporar ao sistema un 15% máis, acadando o 21% do total das compras, e conquistar o 35% no 2007, o 44% no 2008 e o 50% no ano 2009. No 2006 dispomos do primeiro plan de compras integradas, que supón 120 millóns de euros e afecta a 27 familias de bens e servizos. Nel incorporamos áreas que nunca tiveron accións de integración, como son a farmacia, os produtos non sanitarios ou os servizos. E queremos acomodar este sistema aos procesos de xestión orzamentaria do Sergas, por iso os plans de compras sucesivos se elaborarán no mes de abril e se aprobarán en setembro. Esta xestión non incrementa tampouco os recursos humanos, pero supón a mobilización dun importante número de persoas e unidades organizativas e por iso contarán tamén cun plan de formación.

E para rematar direille, señor Pose, que a compra integrada do Servizo Galego de Saúde suporá na perspectiva económica unha redución de prezos de practicamente un 8% con seguridade, se ben seguramente se incrementará. Por tanto, poderemos contar con máis cos mesmos recursos e teremos maior eficiencia.

Respecto do procedemento, máis do 54% do gasto farase con publicidade, fronte a un 29% que tiñamos no 2005; por tanto, maior transparencia. Na perspectiva do mercado, teremos maior homoxeneidade de produtos e servizos; por tanto, máis seguridade e calidade en todos eles. E na perspectiva interna tamén teremos máis planificación e coordinación e, por tanto, maior produtividade. En definitiva, maior eficiencia dos recursos da sanidade galega co fin de prestar un mellor servizo á cidadanía. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señora conselleira.

Pregunta de D.^a María del Carmen Acuña do Campo, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as previsións da Consellería de Sanidade para a área sanitaria de Valdeorras

A señora PRESIDENTA: Para formular a pregunta ten a palabra a señora Acuña do Campo.

A señora ACUÑA DO CAMPO: Grazas, presidenta.

Conselleira, señorías, a mala xestión do anterior Goberno da Xunta de Galicia (*Murmurios.*), a súa falta de planificación e outras moitas negligencias que non imos enumerar aquí motivaron os graves problemas aos que hoxe nos enfrentamos na comarca de Valdeorras e que xustifican a nosa pregunta á señora conselleira de Sanidade, problemas que levaron aos veciños e ás veciñas da comarca a manifestarse en días pasados, facendo público un comunicado que dicía textualmente: “É ben sabido que a situación sanitaria nas nosas comarcas é moi deficiente e que non atende ás nosas necesidades. Esta situación vén de atrás, xa que desde hai máis de cinco anos se foi deixando caer a atención pública na sanidade. E iso levámolo vivindo e padecendo todos desde hai moito tempo e maiormente en comarcas como as nosas, illadas, mal comunicadas, con moita poboación tanto maior como infantil, e estendida en cantidade de aldeas apartadas. Hai que recoñecer que por primeira vez en moitos anos a Administración amosou unha actitude de diálogo e manifestou o seu total acordo coas peticións que lle presentamos”.

Así se manifestaba a plataforma. Pídelles desculpas aos señores e señoras do Partido Popular por falar do seu pasado (*Murmurios.*), aínda que, como ven, non é só esta deputada a que responsabiliza á xestión levada a cabo polo seu partido da deterioración da sanidade pública galega, senón que é tamén un clamor popular.

Mais as carencias herdadas son de tal natureza que xeran desconfianza na poboación sobre o futuro que pode correr esta área sanitaria; preocupación alimentada, ademais, por rumores insistentes e interesados que andan a dicir que se pensa desmantelar e mesmo pechar o hospital Comarcal do Barco, por certo, o máis afastado de toda Galicia do seu hospital de referencia. Os rumores son insistentes e interesados e andan a dicir que se está a tratar de desmantelar e de suprimir a área sanitaria de Valdeorras, e teñen aos veciños e ás veciñas moi inquietos e inquietas e moi pesimistas ante o futuro sanitario daquela comarca, como viña a reflectir o texto do manifesto que aquí vertemos hoxe.

O secretario xeral da consellería e o director xeral de Asistencia Sanitaria amosáronlle á comarca estes días o seu indiscutible apoio, pero pedimos que sexa a conselleira de Sanidade a que desde esta Cámara nos dea unha resposta á seguinte pregunta do Grupo Parlamentario Socialista, que

virá, sen dúbida, ratificar ese apoio e ese interese: ¿cal é a previsión da Consellería de Sanidade, dentro da súa planificación para a área sanitaria de Valdeorras?

Grazas, presidenta. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señora Acuña do Campo.

Para a resposta ten a palabra a señora conselleira de Sanidade.

A señora CONSELLEIRA DE SANIDADE (Rubio Vidal): Moitas grazas, señora presidenta.

Efectivamente, señora Acuña, coincido con vostede en que durante demasiado tempo a sanidade galega careceu dunha verdadeira planificación e ordenación con criterios de país; uns criterios necesarios para equilibrar desigualdades territoriais e a accesibilidade ao sistema sanitario nun contexto de progresión das demandas e dunha universalización das prestacións sanitarias. Lamentablemente non foi así, e foise producindo unha deterioración que afectou a amplas zonas de Galicia, e especialmente ao Barco de Valdeorras. Por iso, desde o primeiro momento, comprometémonos a planificar as actuacións en todos os niveis asistenciais para atender as demandas da poboación.

Pero hoxe quero referirme ao compromiso desta Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde coa mellora asistencial do Barco de Valdeorras. E fágoo con toda firmeza para trasladarlle a vostede e a toda a poboación do Barco a certeza de que a área sanitaria de Valdeorras non vai desaparecer, como din algúns que pretenden tensionar os seus conveciños. Pola contra, o noso desexo é estabilizar o cadro de persoal dos profesionais do hospital do Barco e mellorar a súa dotación.

Eu comprendo a preocupación das persoas e das familias que levan soportando durante tanto tempo esta situación, aínda que lle faga risa a algún deputado do Partido Popular que está a rir agora mesmo; pero, evidentemente, a preocupación destas familias foi moi importante, e tivémola en conta en todo momento nesta consellería. E por iso tamén lles pido confianza e tranquilidade, pois estamos actuando non só no presente, no medio prazo senón tamén

no longo prazo. Así, ante a situación herdada de déficits de profesionais, adoptamos medidas organizativas e asistenciais para atallar os seus efectos nos hospitais desta comarca. Por iso decidimos centralizar as contratacións das especialidades que máis dificultades teñen na súa cobertura para priorizar as zonas necesitadas de persoal, como é o caso de Valdeorras. E tamén se farán concursos de traslados bienais que posibiliten cubrir as vacantes sen prexudicar a proxección que todos os profesionais sanitarios queren ter.

Polo tanto, estas decisións, xunto coas melloras dotacionais xa en marcha, non só non nos fan prever o peche do hospital senón todo o contrario: o pulo da actividade e a consolidación do Hospital Comarcal de Valdeorras.

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señora conselleira.

Ten a palabra a señora Acuña do Campo para a réplica.

A señora ACUÑA DO CAMPO: Grazas, presidenta.

Xa moi brevemente. En primeiro lugar, quero agradecer a sensibilidade desta Cámara ao incluír na orde do día unha pregunta sobre un problema de índole comarcal, pero, sen dúbida, sobre un dereito fundamental para as persoas: o dereito a unha sanidade pública digna para Valdeorras e en condicións de igualdade co resto das galegas e dos galegos.

En segundo lugar, quero agradecerlle á conselleira, como deputada socialista, a súa resposta dilixente e concisa que vén confirmar que a xestión da consellería está cumprindo cos compromisos do noso programa electoral; os socialistas prometiamos a potenciación dos hospitais comarcais. Pero, sobre todo, quero darlle as grazas á señora conselleira, como veciña de Valdeorras e usuaria dos servizos sanitarios públicos, polo contido da súa resposta, pola tranquilidade que transmiten as súas palabras en canto ao futuro do hospital comarcal e tamén polas melloras previstas para toda a área sanitaria. Despois de oíla, señora conselleira, queda claro para os veciños e veciñas de Valdeorras que non vai pechar o hospital do Barco e que incluso poderemos facer uso das novas prestacións de que disporá en breve a nosa área sanitaria.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señora Acuña.

Ten a palabra a señora conselleira, para a rolda de peche.

A señora CONSELLEIRA DE SANIDADE (Rubio Vidal): Efectivamente, señora deputada, moitas destas melloras xa son unha realidade, froito do traballo de todos os profesionais. Así, hoxe xa se incorporou un novo anestésista, e confiamos facer novas contratacións nos vindeiros meses. Mellorouse tamén a atención aos pacientes con problemas de corazón, coa presenza dun cardiólogo consultor no Servizo de Medicina Interna que fará as probas de monitorización do ritmo cardíaco, evitando así o traslado dos pacientes ao hospital de Ourense. Tamén se mellorou a asistencia de diálise ou a visita semanal dun nefrólogo que vai tamén do hospital de Ourense. E mañá mesmo tamén se inicia a administración de quimioterapia no Hospital de día de Valdeorras, con novas contratacións de persoal adicado a ese servizo, que fará que eses pacientes que terían que facer o desprazamento para tratamentos de quimioterapia, que son penosos e duran moito tempo, non teñan que facer estes desprazamentos e poidan ter a administración de quimioterapia no hospital comarcal.

Tamén desexo destacar a implicación de todos os profesionais do Barco e felicitalos por toda a súa profesionalidade; unha profesionalidade que mantivo a actividade do hospital comarcal nuns niveis aceptables a pesar das dificultades con que tiveron que facer o seu traballo. Saiban que contan con todo o noso apoio e que desde xuño dispoñen tamén dunha unidade de saúde laboral composta por un médico e unha enfermeira, que estarán encargados da detección e prevención dos riscos laborais dos traballadores desta área. Tamén terán todo o apoio tecnolóxico necesario para o pleno rendemento do seu labor. Así, en breve, o hospital de Valdeorras vai dispor nos próximos meses dunha resonancia magnética móbil para que non teñan que trasladarse a facer unha resonancia ao hospital de Ourense.

E, ademais, tamén o Plan de equipamento tecnolóxico 2006-2009 que se está a facer desde o Servizo Galego de Saúde contempla a renovación e a ampliación do equipamento do hospital, con novas salas de radioloxía, a mellora da dotación radiolóxica e un novo TAC.

Polo tanto, todo isto vai beneficiar o labor diario dos profesionais e da súa asistencia sanitaria.

Este é, señoría, o obxectivo que impulsa o noso traballo diario: a mellora dos servizos sanitarios galegos, a incentivación dos profesionais e a satisfacción dos usuarios e das usuarias galegas, e concretamente os da comarca de Valdeorras.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señora conselleira.

Modificación da orde do día

Pregunta de D. Antonio Rodríguez Miranda e tres deputados máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre as causas do despedimento dos traballadores responsables dos centros comarcais da Xunta de Galicia

A señora PRESIDENTA: Ten a palabra o señor Rodríguez Miranda para formular a pregunta.

O señor RODRÍGUEZ MIRANDA: Grazas, señora presidenta.

Case vou ter que pedir desculpas por anticipado, porque despois de tantas loas, de tantas flores, deste mundo idílico, vimos aquí os teimudos, os malvados do PP, e imos romper con todo este ambiente, pero ¡que lle imos facer! (*Aplausos.*), é a crúa realidade da oposición.

(*Un señor deputado:* ¡Que se besen! ¡Que se besen!)

O señor RODRÍGUEZ MIRANDA: Imos falar, señor conselleiro, da situación de certos traballadores nos centros comarcais. E eu creo que non vén para nada de máis recordar que os centros comarcais en Galicia, que se puxeron en marcha no seu momento pola Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural, son un grande escaparate da comarca que pretende reafirmar e materializar a identidade comarcal, constituíndo un punto de encontro entre os distintos departamentos da Xunta de Galicia e a poboación das diferentes comarcas. Atraen e informan os visitantes, dinamizan os seus recursos desde unha óptica global, apoian as Peme e microempresas, informan e asesoran a poboación da comarca, difunden as novas tecnoloxías, expoñen os produtos locais e, ata o de agora, tamén colaboran no seu funcionamento coas propias fundacións comarcais; polo menos ata o de agora. Nestes centros comarcais prestan servizos

unha serie de traballadores, contratados nuns casos pola propia Sociedade para o Desenvolvemento Comarcal de Galicia e noutros por unha empresa privada que a sociedade pública contratou para que xestionase este servizo.

Ata hai poucos días esa empresa era Ferroser, unha empresa creo que coñecida, de ampla experiencia na prestación destes servizos, pero, rematado o seu período de contrato, non se lle renova e convócase un novo concurso, perfectamente lexítimo e non imos dicir nada ao respecto. Pero o resultado deste novo concurso para xestionar determinados centros de Galicia, concretamente o do Deza, o do Salnés, o da Ulloa, o do Carballiño, o do Ribeiro e o de Celanova, é que nun primeiro momento se lle adxudica o novo contrato a unha empresa chamada Cristín, S.L., –curioso nome–, unha empresa que non ten ningún tipo de experiencia na prestación deste tipo de servizos e cuxa actividade, segundo se pode desprender do rexistro mercantil, é a asesoría fiscal e contable; unha empresa que ten catro traballadores e que tivo unha facturación no último ano de 161.000 euros; claro que se vai duplicar, porque agora xa lle adxudicaron contratos por valor de 300.000 euros, duplicando así o que facturou en todo o ano pasado. O normal neste tipo de concursos é que no prego de condicións se esixa a subrogación dos traballadores existentes, é dicir, que a nova empresa adxudicataria se teña que facer cargo dos traballadores que viñan prestando os servizos. ¿Para que? Pois, evidentemente, para cumprir tres obxectivos: primeiro, garantirlles a estabilidade laboral aos traballadores; segundo...

A señora PRESIDENTA (Paz Franco): Moitas grazas, señor Rodríguez Miranda.

O señor RODRÍGUEZ MIRANDA:... –remato, señora presidenta– para prestar o servizo por traballadores con ampla experiencia e cualificación; e terceiro, para manter traballadores coñecedores da comarca e das actividades de desenvolvemento.

A señora PRESIDENTA (Paz Franco): Grazas, señor Rodríguez Miranda.

O señor RODRÍGUEZ MIRANDA: Con todo, non se produce a subrogación ¿por que, señor conselleiro?

A señora PRESIDENTA (Paz Franco): Señor Rodríguez Miranda, xa non está no uso da palabra.

O señor RODRÍGUEZ MIRANDA: Iso é o que lle preguntamos. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Paz Franco): Ten a palabra o señor conselleiro do Medio Rural.

O señor CONSELLEIRO DO MEDIO RURAL (Suárez Canal): O que vostedes preguntan non é iso. Aquí preguntan iso, no escrito non preguntan iso. No escrito vostedes preguntan por que despedimos a un grupo de traballadores tan numeroso. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Si, ben, en calquera caso voulle contestar a todas as cousas. Primeiro, nin despedimento, nin numeroso. Vostede sabe perfectamente que no prego de prescricións técnicas da convocatoria pública para a contratación dun servizo de atención ao público e organización de actividades nos centros comarcais da Ulloa e do Ribeiro –por certo, os centros comarcais non os creou a Consellería de Política Agroalimentaria, senón que a maior parte deles foron orixinarios na Secretaría Xeral para o Desenvolvemento Comarcal, pero esa é unha anécdota irrelevante–, nunha das cláusulas, na cláusula 2.6 apartado d), de persoal, dise: “Non poderá considerarse relación laboral contractual ou de ningunha natureza entre o persoal que a empresa adxudicataria destine á execución do proxecto e a Sociedade Anónima para o Desenvolvemento Comarcal de Galicia. A empresa adxudicataria deberá informar debidamente ao seu persoal desta circunstancia, facendo constar nos contratos do persoal que realiza o servizo que ao remate da adxudicación non se producirá traspaso polo feito de asumir directamente a prestación de servizo a Sociedade Anónima para o Desenvolvemento Comarcal de Galicia ao adxudicar isto a outra empresa.”

Estamos pois, ante unha das múltiples asistencias técnicas que contrataba na anterior administración o Goberno, e, cando nós chegamos, a causa de cambiar a orientación deses centros, de cambiar o perfil das persoas e de cambiar o tipo de traballo, contratamos unha nova asistencia técnica para exercer esa función. Polo tanto, nós non temos relación laboral ningunha con estes traballadores e non temos ningunha obrigação con eles. Nin sequera a subrogación á que vostede fai mención podería considerarse neste caso, porque o perfil do traballo que van desenvolver é netamente distinto do que desenvolvían os anteriores. Na titulación e no obxecto do traballo, se vostede le en detalle o prego, verá que hai contidos diferentes que motivan unha orientación distinta do traballo.

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Rolda de réplica para o señor Miranda.

O señor RODRÍGUEZ MIRANDA: Grazas, señora presidenta.

Señor conselleiro, é certo que vostede persoalmente, durante moitos anos –durante dezaseis anos podemos dicir, iso que tanto lles gusta a vostedes–, criticou as asistencias técnicas falando de *chiringuitos*, de coladeiras, etc., pero despois dun ano non tomaron ningún tipo de medidas e non dubidan en utilizar o mesmo sistema que tanto criticaban; facer o contrario do que se di chámase, señor conselleiro, fariseísmo e hipocrísia.

En segundo lugar, fano sen respectar en absoluto a estabilidade dos traballadores. Iso de cambio de orientación é falso, señor conselleiro, os traballadores van seguir facendo o mesmo tipo de traballo que viñan facendo ata o de agora. Engaden unha serie de titulacións preferentes que logo non cumpren, e logo xa lle direi por que non cumpren. Polo tanto, o único que interesa neste caso é apartar a uns traballadores porque, efectivamente, entraron nun momento en que gobernaba o Partido Popular, pero foron seleccionados correctamente. Eran técnicos, eran administrativos, eran xente de atención ao público, señor conselleiro, non eran políticos, pero, por se acaso, había que apartalos, non fora a ser. Iso chámase, señor conselleiro, sectarismo. E, en terceiro lugar, resérvase a validación da selección á consellería. Iso pode ter un aspecto positivo, controlar que efectivamente entren persoas capaces; pero tamén pode ter, señor conselleiro, vostede sábeo ben, e así o demostran as persoas que xa entraron nestes postos de traballo, que nos interesa pór a quen queremos pór, e iso chámase, señor conselleiro, caciquismo. Pero ademais esta forma de actuar, señor conselleiro, non debería ser propia dun goberno que se cualifica de dialogante e de plural, que presume de defender os intereses dos traballadores. Pero é ben certo, dime de que presumes e direiche de que careces. Din vostedes que seleccionan de acordo cos principios de capacidade, publicidade e mérito. Eu voulle dicir, señor conselleiro, que o mérito de toda esta xente que entrou é ser coleccionista de bandeiras de Galicia cunha estrela vermella pintada; ese é o seu mérito. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Rolda de peche para o señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DO MEDIO RURAL (Suárez Canal):
Si, señora presidenta.

En primeiro lugar, as asistencias técnicas, cando se abusa delas e se pervirte o seu uso, efectivamente se convierten nun procedemento discrecional de contratar persoal, de contratar servizos, e iso foi o que fixo o Partido Popular. Está claro que nós nunca dixemos que o procedemento de seleccionar asistencias técnicas e de recorrer a ese procedemento por parte da Administración pública fose un procedemento irregular e ilegal; o abuso e o mecanismo que fixo o Partido Popular respecto das asistencias técnicas é o que é realmente perverso.

Estou nunha consellería na que temos neste momento máis de 500 persoas contratadas por ese procedemento; contratadas polo erario público por ese procedemento. E cun conflito de xestión diso –que vostede non sei se o coñece– que é de auténticas proporcións, porque, cada un que botamos, reclama laboralidade e queda; polo tanto, é un procedemento encuberto de meter xente na Administración pública, máis de 500 na consellería que nós xestionamos. ¿Que fixemos neste caso? Precisamente, no momento en que temos un novo deseño, esta asistencia técnica non continúa. E non se preocupe que irá habendo, e xa hai, resultados no tema das asistencias técnicas, resultados cuantitativos e cualitativos de cousas que estamos cambiando en asistencias técnicas para incorporalas á RPT, e outras que efectivamente modificamos ou incluso prescindimos delas. Xa hai resultados cuantitativos e cualitativos. Neste caso concreto decidimos unha nova contratación: cambiando o perfil das persoas, cambiando o obxectivo que van desenvolver, e obrigándolle á empresa a algo ao que non se lle obrigaba no pasado. Cláusula D: “A empresa adxudicataria estará obrigada a establecer un sistema de selección de persoal que contemple” –fíxense vostedes– “os criterios de publicidade mediante anuncio en dous xornais de tirada galega e os principios constitucionais de liberdade de concorrencia, capacidade e mérito dos candidatos”. Iso antes no se facía, e eu non quero entrar aquí a dicirlle o traballo que facían algunhas desas persoas –algunhas, non digo todas, algunhas–, porque creo que non é o obxecto da pregunta, pero non o utilice porque podo darlle datos que o porían a vostede colorado; non só do traballo que desenvolven senón do procedemento de

selección. E quero ser respectuoso, pero non vaia por ese camiño porque, efectivamente, os datos que podemos poñer son demasiado contundentes e elocuentes, e non queremos baixar a ese territorio. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor conselleiro.

Interpelación de D. Roberto Castro García e tres deputados máis, do G.P. Popular de Galicia, sobre o atraso no pagamento aos agricultores e gandeiros das axudas correspondentes á PAC e as súas causas, as accións levadas a cabo para resolver este problema e os datos ao respecto

A señora PRESIDENTA: Para formular esta interpelación, ten a palabra o señor Castro García.

O señor CASTRO GARCÍA: Moitas grazas, señora presidenta.

Señorías.

Señor Suárez, sinto que xa se vai acabando a dose de incenso, sinto que se vai acabando o xabazón. Aínda queda algo, señor Suárez, as miñas colegas de debate daránllo a vostede puntualmente para esgotar a dose que queda xa. Pero si quedo máis tranquilo, porque sei que o autobombo o vai poñer vostede. Polo tanto, satisfeito e tranquilo e sen ningún remordemento de conciencia.

Ben, no limiar do acordo de goberno afirman vostedes que é un reto o deseño dun goberno eficaz e rigoroso; diso presumen. Mais adiante, ao falar do desenvolvemento rural e a política agroalimentaria, vostedes din —e textualmente leo—: Comprometerse na mellora do tecido socioeconómico e das condicións de vida dos habitantes do rural. Estas verbas están escritas no acordo, e xa sabe vostede o que di o dito latino, señor Suárez, e vostede, aínda que é ciencias, enténdeo perfectamente: *Verba volant, scripta manent*, pero estas palabras tan bensoantes, recollidas no acordo de goberno, parecen perder importancia a medida que pasa o tempo. Dá toda a impresión de que o único que le o acordo de goberno son eu e algúns colegas, a maior parte deles do Grupo Parlamentario Popular; os demais quéréno para ter pero xa non para ler, e menos para cumprir.

A xestión dos asuntos públicos deixa moito que desexar, señor Suárez, fundamentalmente nos sectores máis humildes, máis necesitados, da poboación. Falouse esta mañá de vivenda, e eu creo que por aí apuntan os tiros, entre outros aspectos.

Imos cara ao primeiro ano de Goberno en Galicia e a dura realidade está a espertar a aqueles que se deitaron a soñar nos primeiros días de agosto de 2005. Aqueles que logo dunha longa travesía se achegaron aritmeticamente á moqueta. E se ben agnósticos ou ateos uns e outros, que iso é o que menos importa, é o certo que o acordo de goberno fíxo o milagre; o milagre de transformar a moitos en rendidos devotos de San Caetano, ¡vivir para ver!

Falamos nesta interpelación, señor Suárez, da importancia dos avances da nosa agricultura e gandería coa entrada de España na Unión Europea, unha presenza sempre criticada polo Bloque Nacionalista Galego, como todos sabemos perfectamente, e os Diarios de Sesións non os deixarán mentir a ninguén. Esa pertenza significou a percepción de recursos económicos importantes que nos puxeron en pé de igualdade con outras rexións de España e mesmo de Europa, e así hai que recoñecelo. Estamos preto de acadar a media da renda europea, momento no que teremos que abandonar o clube das rexións, obxectivo 1. Xa ve o señor Suárez que falamos de asuntos importantes. A vostede que lle gusta tanto pontificar sobre moitas materias, estamos a falar de cousas importantes, señor Suárez, creo que niso estaremos de acordo.

Cando iso suceda deixaremos de percibir unha boa parte dos euros que hoxe recibimos, dado que outras rexións estarán na situación que nós estivemos no ano 1986 e sucesivos. Por iso é tan importante aproveitar as circunstancias que nos ofrece a política agraria común tan deostada polo nacionalismo en todos estes anos, e pensamos que foi e está a ser útil para o medio rural de Galicia. ¿Como, se non, cambiaría a realidade do país? ¿Como, se non se modificou a situación das explotacións galegas da nosa terra? Por iso pensamos que é importante facer todas as xestións que a cadaquén lle corresponden, co fin de que os labregos e gandeiros perciban puntualmente as axudas.

¿De que estamos a falar? Pois, para entendernos, de tres primas gandeiras enmarcadas na política agraria común.

¿Cales son? Prima por vaca nutriz, prima especial de vacún e prima por sacrificio de xatos e bovinos adultos. Estas primas foron solicitadas polos gandeiros entre xaneiro e abril do 2005, corresponden á campaña PAC 2005, cando gobernaba o Partido Popular en Galicia, ese tan deostado por vostedes neste sentido.

A data tope para o seu pagamento vén fixada pola lexislación comunitaria, 30 de xuño de 2006. Agora ben, a lexislación contempla a posibilidade de pagar un anticipo das tres primas, cousa que podería estar feita desde o 1 de decembro de 2005. Recórdolles que xa non gobernaba o deostado Partido Popular por esas datas. O anticipo podería achegarse ao 40% do total das axudas. ¿E canto importaban as axudas do ano anterior, para facernos unha idea aproximada, para que as súas señorías se fagan esa idea na campaña do 2004 pagada no 2005? Pois as primas por vaca nutriz, 40 millóns de euros. e un anticipo de trece millóns. A prima especial vacún, 12.500.000 de euros; anticipo, máis de 6 millóns de euros. Primas por sacrificio de bovinos, 17 millóns de euros e un anticipo de 10 millóns de euros; e non creo que no 2005-2006 sexan inferiores ao anterior. ¿Por que traemos hoxe esta interpelación dirixida ao señor conselleiro de Medio Rural? Porque o Goberno afirma defender os intereses de galegos e galegas e esta defensa tamén afecta á percepción, en tempo e forma, dos recursos que a Galiza lle corresponden procedentes de Europa. E nisto o Goberno de Galicia non foi a mellor xestión que fixo, como cabía esperar do pacto de Goberno do que temos falado. Ben ao contrario, estanse a atrasar pagos, o que outros anos non ocorría, pagos que noutras comunidades si percibiron e nós non. Esa deficiente xestión que denunciámos implica un atraso importante. Os gandeiros poderían ter no seu peto –e isto son palabras maiores– o 40% das axudas xa desde decembro de 2005, e non as teñen, señorías. É máis, se o 30 de xuño non están pagadas todas as axudas, podería haber unha sanción económica a Galicia por parte da Unión Europea; é dicir, unha multa. É dicir, que xa sería o que nos facía falta, por riba de burros, apaleados.

A pregunta é ¿recoñece o Goberno este atraso? ¿Asume o señor Suárez que o Goberno podería ter pagado os anticipos, pagados noutros anos con gobernos populares, e que neste ano de bigoberno non se pagaron? ¿Cal é a causa dese atraso? ¿Que accións hai en marcha, por parte do Goberno, para resolver o problema? ¿Cal é o número de axudas por

provincias? ¿Produciuse o primeiro pago, si ou non, señor Suárez, a día 21 de xuño, a nove días de rematar o prazo, cando se puideron pagar desde o primeiro de decembro de 2005? ¿Cantos gandeiros están pendentes de cobro? ¿Cal é o importe? ¿Hai reclamacións, si ou non,? ¿Cre vostede, señor Suárez, que este é un exemplo do bo facer dun goberno que na propaganda era a solución a todos e cada un –e moitos máis– dos problemas de Galicia?

Máis nada, señora presidenta, e moitas grazas.

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Castro García.

Para responder, ten a palabra o señor conselleiro do Medio Rural.

O señor CONSELLEIRO DO MEDIO RURAL (Suárez Canal): Grazas, señora presidenta.

Señoras e señores deputados, co inicio da interpelación do señor Castro xa pensei que íamos asistir á mesma partitura máis cargada de bombo desta vez, pero vexo que se circunscibiu ao texto basicamente na segunda parte da súa intervención, polo tanto, imos entrar en materia contestándolle as preguntas. A contestación xeral é de que non hai atraso de forma xenérica, pero imos entrar nos matices, porque como xa temos dito moitas veces e dicía Valéry, a verdade está normalmente nos matices.

Vostede me pide os datos de todas as axudas da PAC. Da PAC en Galicia se perciben en total 55.846 axudas –hai produtores que perciben mais dunha–, agrupadas basicamente en catro epígrafes: primas ao vacún de carne, primas de ovino cabrún, prima láctea con pago adicional e pagos por superficies cultivos herbáceos. Tanto no vacún de carne como no ovino e cabrún a prima se desglosa en varios aspectos: prima base, extensificación, pagos adicionais e nos sacrificios de xatos, adultos, etc. O mesmo ocorre no cabrún.

O panorama xeral é o seguinte. A maioría destas axudas citadas non só non se pagaron nos prazos nos que o viña facendo a Administración anterior senón que se acurtaron ou axilizaron. Concretamente, nos pagos por superficies seguiuuse o mesmo calendario que nas dúas campañas anteriores. O primeiro pago, 95% da axuda, realizouse en decembro de 2005; o segundo pago, o pago complementario,

unha vez coñecidos os coeficientes de axuste a nivel estatal, vaise efectuar na última semana de xuño de 2006, como se facía habitualmente. Prima láctea e pagos adicionais: para estas axudas, ao igual que para as restantes, a normativa europea establece que se pagarán entre o 1 de decembro e o 30 de xuño do ano seguinte. Pois ben, no caso de Galiza, para as primas de 2005 logrouse adiantar ese pago a outubro de 2005, e ademais o convenio que a Consellería do Medio Rural estableceu con case todas as entidades financeiras que operan no noso país permitiu que os gandeiros que compraran cota no mercado libre ou a percibiran polo plan de reestruturación de 2005 puideran cobrar xa esa prima en setembro do 2005. Primas de ovino e cabrún: o primeiro prazo destas primas, o 95% da axuda total, foi pagado este ano en novembro do 2005, un mes antes que o ano anterior, que se fixera en decembro do 2004. O segundo prazo, o pago complementario, vaise efectuar –ao igual que en anos anteriores– na última semana de xuño de 2006. Ao igual que nos pagos das superficies, este pago final non se pode facer antes, nin agora nin antes, porque dependemos duns coeficientes de axuste orzamentario a nivel de Estado que aínda foron comunicados ao FOGGA na primeira e na segunda semana de xuño.

Vaiamos ás incidencias das que vostede falaba como atrasos. As primeiras que podemos residenciar como atrasos respecto de campañas anteriores déronse nas primas de vacún de carne –ás que vostede se refería– e para unha minoría, menos do 10% dos perceptores de axudas por superficies, explicándose polos motivos que se sinalan a continuación. Perceptores de axudas de superficie, uns 2.600, menos do 10% do total; no mes de decembro do 2005, data habitual do pago nas campañas anteriores, pagouse o primeiro prazo da axuda a 26.806 agricultores, por un importe de catorce millóns e pico de euros, quedaron pendentes uns 2.600 produtores que, por distintos motivos, non tiñan nesa data o expediente completo. A causa fundamental derivase da posta en marcha no ano 2005, por primeira vez, do novo sistema de identificación xeográfica de parcelas, o SIGPAC no que estaban definidos e referenciados indicativamente os usos da terra para efectos das axudas da PAC. As diferenzas entre eses usos e a realidade nalgúns casos deu lugar á presentación de alegacións ou solicitudes de reclamación que afectaron a 23.738 parcelas, cuxa resolución foi necesario xestionar previamente á realización dos pagos dos expedientes afectados, algo obrigado pola normativa comu-

nitaria. Unha vez resoltas esas alegacións, proceso de enorme complexidade dada a estrutura agraria do noso país –que vostede coñece perfectamente–, a finais de maio de 2006 púidose pagar a axuda aos 2.575 agricultores.

É importante destacar que os problemas que afectaron no pago de superficies a 2.600 agricultores se poderían ter evitado en gran medida –e aí, efectivamente, cada un ten que asumir as súas responsabilidades de xestión–, se os anteriores responsables da consellería tiveran organizado mellor o proceso de elaboración do SIGPAC de Galicia, de tal modo que este non rexistrara un volume tan elevado de erros ou imprecisións, aparecendo vacas onde hai árbores ou árbores onde hai vacas. De feito, a nova Consellería do Medio Rural, a través do FOGGA, ten xa en marcha un proceso de actualización do SIGPAC que vai completar nos dous próximos anos, no que ademais de actualizar os datos se vai ofrecer unha información de moita maior calidade ao aumentar o nivel de detalle das ortofotos que lle serven de base. Iso requiriu unha negociación nos pasados meses co FEGA e o Instituto Xeográfico Nacional para que en Galiza as ortofotos teñan un detalle superior ao previsto para o conxunto do Estado, 25 centímetros por píxel, en vez dos 50 centímetros por píxel. Se fixéramos isto antes, non se necesitaría atender 23.738 reclamacións. En definitiva, neste caso do pago por superficies a xestión deficiente da posta en marcha do SIGPAC provocou este atraso.

Primas de vacún de carne, ás que vostedes se referiu: vacas nutrices, xatos e sacrificio; existen ademais pagos adicionais. Neste sector a obriga de realizar os controis e de aplicar as reducións e exclusións de animais en conxunto para todas as primas de gando vacún establecida pola normativa comunitaria, obriga a que o pago das axudas teña que efectuarse cara ao final do período xeral previsto pola normativa europea –vostede dicía do 1 de decembro ao 30 de xuño do ano seguinte–, non sendo posible, como no ovino, cabrún ou superficies, efectuar un primeiro pago en decembro, non se fixera nunca. O que si se viña facendo, ao que vostede aludiu, era conceder un anticipo, pero non en decembro, señor Roberto Castro, senón en abril; non en decembro, porque, entre outras cousas, se poden solicitar as primas ata o 15 de xaneiro; no que se pagaba unha parte da prima básica de cada unha destas axudas ante un máximo do 40% do importe global. Este anticipo pagábase en abril, non era posible facelo antes dado que algunhas das axudas teñen

mesmo prazo de solicitude aberto ata o 15 de xaneiro. E é certo que este ano, a diferenza de campañas precedentes, non se abonaron os anticipos de abril ás primas de gando vacún, que é cando tocaría –insisto, abril de 2006–, optando por realizar todos eses pagos xuntos nun único pago. Concretamente o FOGGA xa ten listos todos os trámites previstos e esas cantidades van ser ingresadas na súa totalidade nas contas bancarias dos produtores mañá mesmo, o xoves 22 de xuño.

¿Por que tivemos que proceder así coas primas de gando vacún e non facer os anticipos no mes de xullo? Foron esencialmente dúas as razóns, que tamén teñen que ver –como vostede dicía– coa xestión, pero non coa deste Goberno senón coa xestión anterior. A posta en funcionamento do SIGPAC tamén afectou a algunhas das primas destes produtores, porque, efectivamente, as referidas á superficie forraixeira das explotacións tiñan necesidade de contar con soporte do SIGPAC, e, nese sentido, valen as mesmas consideracións que fixemos para o cargo anterior.

Despois hai outro dato que non se lle escapa a ninguén. Neste momento, neste ano, entra en vigor a política agraria común co pago único –non a política agraria común, o pago único–, en aplicación da reforma que se fixo no ano 2003. Nese sentido, efectivamente, no FOGA valorouse como prioritario atender a resolver todo o que significa que iso estea perfectamente ben resolto xa neste ano, porque estamos falando, efectivamente, dun horizonte de sete anos. Agora, o que é curioso é que ademais se produciron atrasos. O pago único tiña que ter moitas xestións feitas a 25 de agosto, non creo que sexa responsabilidade da Administración actual que non estiveran feitos eses atrasos. O propio Estado tiña un prazo para rematar o 15 de marzo, e porque non se puido xestionar prorrogouse primeiro ata abril e despois ata o 15 de maio. Nese sentido, temos que dicir que seguramente, se se tiveran feitas as xestións pertinentes para activar todo o que ten que ver co pago único da política agraria común, seguramente poderíamos ter resolto o anticipo. En calquera caso, nesa situación preferimos optar por resolver acoidamente, e con todo o persoal dispoñible, todos os problemas que xeraba a posta en marcha do pago único e atrasar o anticipo aos produtores de gando vacún ata o mes de xuño. Estas circunstancias, en calquera caso, foron comunicadas a todas as organizacións de produtores, aos cooperativistas, e entenderon claramente que nesas circunstancias de

xestión, e este ano de xeito excepcional, se producise este atraso.

Como ve, señor Roberto Castro, no que dependeu de nós, de atraso basicamente nada, incluso se anticiparon as cousas. Agora, teño que recoñecerlle que en dous aspectos, no 10% do pago de superficies e no anticipo que outros anos se fixo en abril, produto de todo o que lle teño explicado, se produciu efectivamente unha demora que nestes momentos está totalmente resolta.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor conselleiro.

Grupos parlamentarios que queiran intervir. *(Pausa.)*

Polo Grupo Parlamentario do BNG, a señora Paz Franco ten a palabra.

A señora PAZ FRANCO: Grazas, señora presidenta.

Boas tardes, señoras deputadas, señores deputados e señor conselleiro.

Cando un le esta interpelación do señor Castro, a verdade é que leva un susto de morte nada máis ver a xustificación de urxencia, porque fala de atrasos inxustificadas nas axudas da PAC, e parece, así de entrada, que hai un atraso en todas as axudas da PAC. Despois, cando se empeza a mirar a información que hai dispoñíbel para todo o mundo, resulta que hai un certo atraso nalgún dos grandes bloques de axudas da PAC. Dá a impresión de que ou é alarmismo ou é descoñecemento, e como unha das principais obrigas ou dereitos que teñen os cidadáns é que sexamos rigorosos no noso traballo, se quere, deixareille os meus apuntamentos acerca de toda a normativa que rexe para as axudas da PAC.

Pero, falando das axudas da PAC, non deixa de ser curioso que vostede presente unha interpelación tan alarmista, xa que polos datos que nos acaba de dar o señor conselleiro esta é simplemente polo atraso dun par de meses no pago de axudas, e tampouco é do pago de axudas, senón simplemente que non se pagou en abril un anticipo. Sen querer eu restarlle importancia a este asunto tampouco, a min gustaríame preguntarlle unha cousa, señor Castro. Se por isto presentou

vostede unha interpelación, ¿que fixo vostede cando no ano 2004 o anterior Goberno se esqueceu de reclamar 2,8 millóns de euros que perdía ao ano tamén en axudas da PAC, e concretamente nos pagamentos adicionais da prima láctea? Supoño que daquela vostede presentou unha moción de censura, o que pasa é que eu non lin os xornais.

Moitas grazas e boas tardes. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señora Paz Franco.

Polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a señora Soneira Tajés ten a palabra.

A señora SONEIRA TAJES: Moitas grazas, señora presidenta.

Señorías, a verdade é que nestes momentos, señor conselleiro, e creo que deixou vostede ao señor Castro absolutamente impactado. Vostede vén recoñecer aquí que cometeu un erro. Nunha xestión recoñece que hai atrasos en dúas cuestións pequeniñas. Isto non pasou na vida neste Parlamento. Ningún conselleiro, nunca, ata a chegada deste Goberno, asumiu que tiña atraso, aínda que só fora no tema de herbáceos, de menos do 10%. Por certo, señor conselleiro, ata niso foi vostede modesto, porque vostede non explicou aquí que a Unión está esixindo comprobación *in situ*, e, claro, se non temos os instrumentos técnicos hai que ir alí, a pé de leira. Pero é que ademais resulta que neste ano esixe ademais parámetros medioambientais, o que facía incluso que neste campo concreto a inspección fora máis prolixa e, evidentemente, dera un pouquiño máis de traballo.

É verdade que nestes casos, incluso en porcentaxes tan pequenas, aquelas persoas que están esperando polo pago das subvencións da política agraria común poden pasar momentos complicados. Hai persoas que están xusto no límite da rendibilidade da súa explotación, e ao mellor teñen asumidos incluso compromisos financeiros que pensan abalos con estes pagos. É verdade que a situación persoal de cada un pode chegar a ser, aínda que sexa en porcentaxes tan pequenas, preocupante, pero diso a converter casos particulares e porcentaxes que non deixan de ser nalgún caso anecdóticas nunha especie de chamada de alarma de que este Goberno deixa de aboar as subvencións da política agraria común, pois ata aí vai un treito.

O noso grupo tampouco vai esgotar o tempo. Eu espero que non se presente a moción, pero, se se presenta, aí plantexaremos tamén. En fin, empezamos onte, eu sigo obsesionada en saber cal é a política agraria do Partido Popular, a proposta que fai, a política gandeira, a política de medio rural... Xa sabemos, polo que se nos dixo onte aquí, que teñen unha deputada ou unha senadora en Madrid que defende só os intereses de menos do 20% das explotacións que hai en Galicia. Espero que na moción, se a debatemos, ou noutro debate, nos conten por fin cal é a política agraria do Partido Popular de cara ao futuro.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señora Soneira.

Rolda de réplica do señor Castro García.

O señor CASTRO GARCÍA: Señora presidenta, moitas grazas.

Escoitar ao señor Suárez é unha marabilla, porque cando chega aquí e manexa os folios, empézalle a dar lustre... É como Aladino, frota a lámpada *y sale el genio*. É unha gloria escoitalo, señor Suárez. Debo dicirlle que o atraso é real, e vostede recoñeceu que é real.

¿O anticipo en abril? Moi ben, pero estamos en xuño, 21 de xuño, ¡Oia! É un atraso que discrimina a Galicia respecto doutras comunidades autónomas. E vostede culpa ao SIG-PAC, ao Partido Popular, á normativa, ao Estado, a calquera menos recoñecer que ¡home!, creo que algo de razón tiñamos cando dicíamos que algo de atraso hai, señor Suárez. Pero aínda aceptándolle —que non hai por que— desde abril, estamos en xuño, a 21 de xuño, señor Suárez. Polo tanto, hai atraso. Recoñece vostede que hai atraso e eu agradézolle que vostede recoñeza que hai atraso. Pero, mire, está motivado polos cambios feitos por vostede nos servizos provinciais da consellería, señor Suárez. Si, si, non se sorprenda. A responsabilidade é súa, señor Suárez.

A vostedes chegoulles o apuro, puxéronse a contratar persoal de Tragsa, a deostada Tragsa, a criticada Tragsa, o *chiringuito* Tragsa, a tantas veces posta na picota Tragsa... E, como diría o meu compañeiro e ilustre amigo de mesa, don Jaime Pita, ¡manda chover na Habana!

A posta en marcha da aplicación do réxime de pago único de febreiro a abril de 2006 non pode, señor Suárez, nin debe ser a escusa para xustificar o atraso. Non debe, señor Suárez, creo eu, Vostede pódese amparar en moitas cousas, pero non debe ampararse niso.

A provincia máis afectada, sábeo vostede ben, é Lugo, o servizo provincial do Foga, unha provincia que absorbe máis do 50% desas axudas.

Como lle dixen, as primas foron a máis, evidentemente; afortunadamente, á alza, e, polo tanto, son máis aínda das que eu lle dixen hai un momentíño.

No que atinxe á prima especial bovinos machos, na campaña de 2005, por exemplo, o MAPA acordou non aplicar-lles o factor de redución nacional de España –nacional de España, explícome ben– aos produtores que ceben menos de dez xatos ou un número inferior á metade das vacas nutrices, máximo de vinte xatos. Foi un brinde ao sol en ano electoral galego, foi a última campaña de aplicación desta prima e significou un electoralismo tal como o electoralismo que significou o Plan de reestruturación lácteo do ano 2005.

A día de hoxe, señor Suárez, a día de hoxe –sigo, sigo, e imos seguir moito máis, non vai acabarse aquí a cousa por moito que vostede o pretenda–, as contas bancarias de gandeiros galegos non percibiron incremento por este concepto, e son bastantes, como vostede mesmo recoñece, señor Suárez. Así pois, denunciámos pasividade, denunciámos negligencia, denunciámos indolencia do Goberno de Galicia, que é agora o que ten que facer os deberes, señor Suárez. Déixese de mirar cara a atrás, que son vostedes agora os que teñen que levar adiante a xestión; por certo, mala xestión cando estas cousas suceden, señor Suárez.

Discriminacións dos gandeiros de Galicia respecto doutras comunidades autónomas gobernadas polo PP nuns casos e polo PSOE noutras. Perfectamente, *más de lo mismo*. Van ser pagadas. Ben, moi ben. ¡Xa só faltaba que non o fosen, home! E van ser pagadas mañá. ¡Que oportuna foi esta interpelación, señorías! ¡Moi oportuna!

A señora Paz pregúntame que facía eu no ano 1994. Pois mire, chamar ao Bloque por teléfono, de inmediato. O europeísta Bloque que nos aconselle, que nos asesore, que nos

dea unhas ideas sobre europeísmo; ese que usaba bandeiras do Bloque Nacionalista Galego para tapar as vacas marelas galegas. Hai fotografías, hai hemeroteca non falo de memoria, e o señor Suárez sabe a que me estou a referir, e non se refire a el precisamente.

Señora Soneira, se hai que cumprir tantos trámites, e eu recoñezo que os hai que cumprir, ¿por que entón é máis listo o goberno do señor presidente de Estremadura, con infarto incluído? ¿Por que é máis listo que estes outros? ¡Seus, eh, seus! ¿Por que é máis listo o Goberno de Castela-León que este Goberno –bigoberno–? Pois estaba na mesma situación, supoño eu, ¿verdade? Uns e outros, de distinta color. Pero, para que vexan que non hai discriminación, Castela-León e Estremadura, e percibiron o anticipo. ¿Por que aquí non? Aquí optouse por outra cuestión. Paréceme ben, é un criterio como outro; agora terá que recoñecer vostede –que xa o recoñeceu– que houbo un atraso no anticipo. Eu era o que quería saber, e era o que quería que vostede confesara desde esta tribuna.

Así que moitísimas grazas, señor Suárez, por recoñecer o que eu lle preguntaba.

Grazas, señora presidenta. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Castro García.

Señor conselleiro, ten a palabra para a súa rolda de peche.

O señor CONSELLEIRO DO MEDIO RURAL (Suárez Canal): Brevemente. Agradecerei a brevidade. Saben, ademais, que, produto do reaxuste, necesito..., xa vou con atraso a unha cuestión que tiña comprometida tamén con anterioridade a este pleno, e, polo tanto, imos rematar con brevidade.

Señor Roberto Castro, vostede non atendeu á miña intervención. Só se atendera minimamente se daría conta de que na maior parte das axudas da PAC, nas que dependeu a xestión exclusivamente de nós, adiantamos os prazos, incluso ata lle xestionamos a moitos labregos que a prima láctea a percibiran en setembro e en outubro a través dunha axencia bancaria. Non, non, os da prima láctea, non, os do ovino cabrún non; eses xa cobraron o que tiñan que cobrar. ¿Enten-

de? Entón, o problema é que, se atendera, sabería que o que dependeu de nós estivo en tempo e forma, e incluso antes.

E acepto, efectivamente, que en dúas cousas houbo atraso. Houbo atraso, entre outras cousas, porque, efectivamente, aquí hai unha complexidade –fíxese, voulle facer un aceno á administración anterior– da estrutura da propiedade como en ningún outro territorio. E, efectivamente, a posta en marcha por primeira vez do SIGPAC seguramente se fixo cun mecanismo de ortofoto de 50 centímetros por píxel, cando deberíamos de telo feito doutra maneira. ¿Por que? Porque, ao mellor, se pensaba que era suficiente. E iso motivou 26.000 reclamacións nos cultivos herbáceos, nas primas de vacún tamén motivou reclamacións, porque necesitan adxuntar a superficie forraxeira e necesitan tamén o SIGPAC, e motivou, efectivamente, tamén un significado atraso de xestión. Se a administración anterior tiña que facer unha serie de cousas respecto da política agraria común e o pago único a 25 de agosto e non estaban feitas, comprenderá vostede que iso significa que nós temos que cargar coa xestión de dúas cousas: o atraso da anterior administración nese tema e os pagos dos anticipos. E nesa situación, efectivamente, optamos clarisimamente por resolver os problemas do pago único. Optamos por iso. Pero o que hai que recoñecer, señor Roberto Castro é que, en todo caso, xa sendo benévolo, podemos admitir responsabilidades compartidas. Porque na xestión do SIGPAC e na xestión da política agraria común hai herdanzas que nós temos que xestionar, e non estaban ben feitos os deberes, e iso acaba provocando atrasos. Pero imos ao ovino cabrún,

imos á prima láctea e imos a outras cousas, que non teñen esas necesidades, e acaban producíndose mesmo anticipos. Esa é a realidade da xestión.

E, entón, eu voulle dar unha recomendación que creo que é importante que vostede teña en conta. Sabe, ademais, que eu durante moito tempo fun deputado da oposición e vin moitas veces, moitas veces, que nesta Cámara había xente que facía oposición guiándose polos periódicos, polos medios de comunicación. Efectivamente, esa era unha maneira de facer oposición que vostede está seguramente copiando nesta situación. E téñolle que advertir que, efectivamente, se produciu un cambio, incluso na realidade mediática deste país, porque cousas que antes non saían, agora, aínda que en moitos casos non sexan relevantes para o conxunto da valoración dunha xestión, saen, e iso é moi positivo. Pero para un deputado que ten que facer oposición é moi relevante non guiarse só polos datos dos periódicos, senón analizar no conxunto a xestión e ver onde están as deficiencias e ver onde están as eficiencias, que foi o que eu lle intentei poñer enriba da mesa.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor conselleiro.

Esgotada a orde do día, remata a sesión.

Remata a sesión ás oito e corenta e cinco minutos da tarde.

**RELACIÓN DE DEPUTADOS E DEPUTADAS PROCLAMADOS ELECTOS
POR CADA CIRCUNSCRICIÓN****PROVINCIA DA CORUÑA****Polo Partido Popular (PP):**

- 1.- Ángel Bernardo Tahoces
- 2.- Diego Calvo Pouso
- 3.- José Manuel Castelao Bragaña
- 4.- María Marta Cerdido Pintos
- 5.- Carlos Negreira Souto
- 6.- Beatriz Mato Otero
- 7.- José Antonio Orza Fernández
- 8.- Jaime Alberto Pita Varela
- 9.- Manuel Santos Ruíz Rivas
- 10.- Alberto Sueiro Pastoriza
- 11.- José Antonio Santiso Miramontes

Polo Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE (PSdeG-PSOE):

- 1.- María del Mar Barcón Sanchez
- 2.- Francisco Cerviño González
- 3.- Xoaquín María Fernández Leiceaga
- 4.- José Manuel Lage Tuñas
- 5.- José Luís Méndez Romeu
- 6.- Beatriz Sestayo Doce
- 7.- María Soledad Soneira Tajés
- 8.- Luís María Tojo Ramallo

Polo Bloque Nacionalista Galego (BNG):

- 1.- Carlos Ignacio Aymerich Cano
- 2.- Carlos Fernando Blanco Parga
- 3.- Ana Belén Pontón Mondelo
- 4.- Anxo Manuel Quintana González
- 5.- Pablo González Mariñas

PROVINCIA DE LUGO**Polo Partido Popular (PP):**

- 1.- Agustín Baamonde Díaz
- 2.- José Manuel Balseiro Orol
- 3.- José Manuel Barreiro Fernández
- 4.- Jaime Castiñeira Broz
- 5.- Susana López Abella
- 6.- Manuela López Besteiro
- 7.- Dámaso López Rodríguez
- 9.- Carmen Janet Salgado Núñez

Polo Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE (PSdeG-PSOE):

- 1.- María de la Concepción Burgo López
- 2.- Margarita Pérez Herraiz
- 3.- Ismael Rego González
- 4.- José Tomé Roca
- 5.- Ricardo Jacinto Varela Sánchez

Polo Bloque Nacionalista Galego (BNG):

- 1.- María Xosé Vega Buxán
- 2.- Manuel Parga Núñez

(Continúa)

POVINCIA DE OURENSE

Polo Partido Popular (PP):

- 1.- José Manuel Baltar Blanco
- 2.- Roberto Castro García
- 3.- María Amparo González Méndez
- 4.- Aurelio Domingo Miras Portugal
- 5.- Maximino Rodríguez Fernández
- 6.- Antonio Rodríguez Miranda
- 7.- Miguel Ángel Santalices Vieira
- 8.- María Luisa Valladares Rodríguez

Polo Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE (PSdeG-PSOE):

- 1.- María del Carmen Acuña do Campo
- 2.- Pablo Xabier López Vidal
- 3.- Laura Carmen Seara Sobrado
- 4.- Manuel Vázquez Fernández

Polo Bloque Nacionalista Galego (BNG):

- 1.- María Tereixa Paz Franco
- 2.- Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

POVINCIA DE PONTEVEDRA

Polo Partido Popular (PP):

- 1.- José Cuiña Crespo
- 2.- José Ferverza Costas
- 3.- Alejandro Gómez Alonso
- 4.- Enrique César López Veiga
- 5.- Ignacio Javier López-Chaves Castro
- 6.- Alberto Nuñez Feijoo
- 7.- Xesús Palmou Lorenzo
- 8.- César Augusto Pérez Ares
- 9.- Marta Rodríguez Arias
- 10.- Pilar Rojo Noguera

Polo Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE (PSdeG-PSOE):

- 1.- María del Carmen Cajide Hervés
- 2.- Carmen Gallego Calvar
- 3.- José Manuel Gallego Lomba
- 4.- Abel Fermín Losada Álvarez
- 5.- Guillermo Antonio Meijón Couselo
- 6.- Emilio Pérez Touriño
- 7.- Modesto Pose Mesura
- 8.- Dolores Villarino Santiago

Polo Bloque Nacionalista Galego (BNG):

- 1.- Bieito Lobeira Domínguez
- 2.- María Carme da Silva Méndez
- 3.- Xosé Ramón Paz Antón
- 4.- María Modesta Riobó Dios

RELACIÓN DE DEPUTADAS E DEPUTADOS PROCLAMADOS ELECTOS POR ORDE ALFABÉTICA

1.- Acuña do Campo, María del Carmen	(PS deG-PSOE)
2.- Aymerich Cano, Carlos Ignacio	(BNG)
3.- Baamonde Díaz, Agustín	(PP)
4.- Balseiro Orol, José Manuel	(PP)
5.- Baltar Blanco, José Manuel	(PP)
6.- Barcón Sánchez, María del Mar	(PS deG-PSOE)
7.- Barreiro Fernández, José Manuel	(PP)
8.- BernardoTahoces, Angel	(PP)
9.- Blanco Parga, Carlos Fernando	(BNG)
10.- Burgo López, María de la Concepción	(PS deG-PSOE)
11.- Cajide Hervés, María del Carmen	(PS deG-PSOE)
12.- Calvo Pouso, Diego	(PP)
13.- Castelao Bragaña, José Manuel	(PP)
14.- Castiñeira Broz, Jaime	(PP)
15.- Castro García, Roberto	(PP)
16.- Cerdido Pintos, María Marta	(PP)
17.- Cerviño González, Francisco	(PS deG-PSOE)
18.- Cuiña Crespo, Xosé	(PP)
19.- da Silva Méndez, María Carme	(BNG)
20.- Fernández Leiceaga, Xoaquín María	(PS deG-PSOE)
21.- Fervenza Costas, José	(PP)
22.- Gallego Calvar, Carmen	(PSdeG-PSOE)
23.- Gallego Lomba, José Manuel	(PSdeG-PSOE)
24.- Gómez Alonso, Alejandro	(PP)
25.- González Mariñas, Pablo	(BNG)
26.- González Méndez, María Amparo	(PP)
27.- Lage Tuñas, José Manuel	(PSdeG-PSOE)
28.- Lobeira Domínguez, Bieito	(BNG)
29.- López Abella, María Susana	(PP)
30.- López Besteiro, Manuela	(PP)
31.- López Rodríguez, Dámaso	(PP)
32.- López Veiga, Enrique César	(PP)
33.- López Vidal, Pablo Xabier	(PSdeG-PSOE)
34.- López-Chaves Castro, Ignacio Javier	(PP)
35.- Losada Álvarez, Abel Fermín	(PSdeG-PSOE)
36.- Mato Otero, Beatriz	(PP)
37.- Meijón Couselo, Guillermo Antonio	(PSdeG-PSOE)
38.- Méndez Romeu, José Luís	(PSdeG-PSOE)
39.- Miras Portugal, Aurelio Domingo	(PP)
40.- Negreira Souto, Carlos	(PP)
41.- Núñez Feijoo, Alberto	(PP)
42.- Orza Fernández, José Antonio	(PP)
43.- Palmou Lorenzo, Xesús	(PP)
44.- Parga Núñez, Manuel	(BNG)
45.- Paz Antón, Xosé Ramón	(BNG)
46.- Paz Franco, María Tereixa	(BNG)
47.- Pérez Ares, César Augusto	(PP)
48.- Pérez Herraiz, Margarita	(PSdeG-PSOE)
49.- Pérez Touriño, Emilio	(PSdeG-PSOE)
50.- Pita Varela, Jaime Alberto	(PP)
51.- Pontón Mondelo, Ana Belén	(BNG)
52.- Pose Mesura, Modesto	(PSdeG-PSOE)
53.- Quintana González, Anxo Manuel	(BNG)
54.- Rego González, Ismael	(PSdeG-PSOE)
55.- Riobó Dios, María Modesta	(BNG)
56.- Rodríguez Arias, Marta	(PP)
57.- Rodríguez Fernández, Maximino	(PP)
58.- Rodríguez Miranda, Antonio	(PP)
59.- Rojo Noguera, Pilar	(PP)
60.- Ruíz Rivas, Manuel Santos	(PP)
61.- Salgado Núñez, Carmen Janet	(PP)
62.- Santalices Vieira, Miguel Ángel	(PP)
63.- Santiso Miramontes, José Antonio	(PP)
64.- Seara Sobrado, Laura Carmen	(PSdeG-PSOE)
65.- Sestayo Doce, Beatriz	(PSdeG-PSOE)
66.- Soneira Tajés, María Soledad	(PSdeG-PSOE)
67.- Sueiro Pastoriza, Alberto	(PP)
68.- Tabares Pérez-Piñeiro, Iago	(BNG)
69.- Tojo Ramallo, Luís María	(PSdeG-PSOE)
70.- Tomé Roca, José	(PSdeG-PSOE)
71.- Valladares Rodríguez, María Luisa	(PP)
72.- Varela Sánchez, Ricardo Jacinto	(PSdeG-PSOE)
73.- Vázquez Fernández, Manuel	(PSdeG-PSOE)
74.- Vega Buxán, María Xosé	(BNG)
75.- Villarino Santiago, Dolores	(PSdeG-PSOE)



DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións: Servicio de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela. Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25